

PEÓN DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS	EVENTUAL	17,6
	FIXO	23,5
	FIXO DESCONTINUO	52,9
	TEMPORAL	5,9
PEÓN DE PESCA	FIXO	30,0
	FIXO DESCONTINUO	40,0
	TEMPORAL	10,0
PRODUTOR DE COGOMELOS E FUNGOS	AUTÓNOMO	100,0
RECOLLEDOR DE FROITOS	AUTÓNOMO	90,9
	FIXO	9,1
RECOLLEDOR DE FUNGOS	AUTÓNOMO	66,7
	FIXO	33,3
RECOLLEDOR DE PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS	AUTÓNOMO	100,0
RESINEIRO	AUTÓNOMO	30,0
	FIXO	70,0
TRABALLADOR FORESTAL	AUTÓNOMO	7,4
	EVENTUAL	7,4
	FIXO	22,2
	FIXO DESCONTINUO	14,8
	TEMPORAL	48,1
VIXILANTE DE ESPAZOS NATURAIS	EVENTUAL	3,6
	FIXO	78,6
	TEMPORAL	17,9
VIXILANTE EN POSTO FIXO	EVENTUAL	33,3
	FIXO	16,7
	FIXO DESCONTINUO	25,0
	TEMPORAL	25,0
VIXILANTE XURADO DE PESCA	FIXO	75,0
	TEMPORAL	25,0
	TEMPORAL	25,0
VIVEIRISTA	EVENTUAL	10,0
	FIXO	80,0
	FIXO DESCONTINUO	10,0

6.2. SEGUNDO NIVEL DE ANÁLISE

Dos tres niveis que compoñen o desenvolvemento do estudo, é neste no que se levou a cabo a análise dos aspectos propios de cada unha das ocupacións seleccionadas con anterioridade.

Coa prospectiva do sector fíxose fincapé en coñecer as tendencias, innovacións e profesiografías, todas elas relacionadas co traballador e coa súa idoneidade para cada unha das ocupacións.

Co estudo da evolución do sistema produtivo, as tendencias e o posicionamento do sector e cos datos e a configuración obtida, puideron analizarse as competencias profesionais para cada unha das ocupacións do estudo emprazadas nas fases das distintas actividades do proceso produtivo sinaladas graficamente nos fluxogramas do primeiro nivel de análise.

O proceso desenvolvido nesta etapa obtívose, á parte de coas fontes documentais que se mostran nos anexos, principalmente coa utilización das seguintes técnicas para a recollida de datos (traballo de campo):

↪.. Entrevista a expertos e a axentes sociais. Entrevista aberta estruturada nun cuestionario-guión elaborado no cal se recolleron todas e cada unha das respostas dos profesionais entrevistados aos seguintes bloques temáticos:

- Principais causas das modificacións dos contidos dos postos de traballo.
- Ocupacións con forte implicación no sector.
- Tarefas actuais e futuras con necesidades de formación, tendencias...
- Progresiva introdución de innovacións.
- Requisitos dos traballadores para desempeñar actividades e as súas capacidades.

↪.. Entrevista a docentes. Aplicada a especialistas en materia de formación para as ocupacións tratadas e así obter con elas unha perspectiva xeral da formación existente e polo tanto daquelas carencias e necesidades formativas que se detectan.

↪.. Enquisa ao posto de traballo. (383) Dirixida ao traballador e ao seu superior, distribuída por ocupacións e por CC.AA. Foron formuladas preguntas categorizadas, tanto abertas como pechadas, para coñecer as funcións, coñecementos, actividades e tarefas propias do posto de traballo e así conseguir con isto poder definir as realizacións profesionais e os criterios de execución asociados a cada ocupación. Os aspectos tratados configuraron o seguinte bloque de preguntas:

- ↪. ¿Que fai?
- ↪. ¿Que debe facer?
- ↪. ¿Como o fai?
- ↪. ¿Como o debe facer?
- ↪. ¿Cando o fai?
- ↪. ¿Con quen o fai?
- ↪. ¿Para que o fai?
- ↪. ¿Para que o debe facer?

Coa aplicación da recollida de información por medio destes cuestionarios o que se pretendeu foi obter datos sobre aspectos tales como:

- Medios e a súa utilización adecuada.
- Materiais e ferramentas necesarias e/ou utilizadas.
- Aplicación correcta de procesos, métodos e procedementos.
- Obtención óptima de produtos e/ou servizos.
- Referencia das capacidades profesionais que se recoñecen como necesarias para un adecuado e correcto desempeño laboral.

Coas enquisas ao posto superior sobre o que se demanda ao traballador dos aspectos anteriormente citados, puidemos contrastar esa información coa recollida de datos aos traballadores, podéndose analizar así as das dúas partes por separado e conxuntamente.

Os datos obtidos mediante estas técnicas foron esenciais para o desenvolvemento deste segundo nivel de análise e, por conseguinte, para a elaboración dos produtos-resultado que o configuran.

A nivel ocupacional formulamos unha hipótese de traballo desde a visión dunha **prospectiva sectorial** para o desenvolvemento do estudo na que se partiu, a nivel interno e externo, das previsións e resultados, tanto esperados como obtidos, a través da evolución do estudo e que serviron para poder analizar e comprobar ese binomio e as consecuencias que se derivaron del.

Dentro deste campo de actuación foi necesario analizar as tendencias sectoriais implicadas:

- .>.. Tendencia económica do sector.
- .>.. Tendencia produtiva tecnolóxica e laboral, relacionándoa coa implantación de innovacións por área de actividade para contemplar e configurar aqueles cambios producidos.

Tendo en conta todo isto, así como as innovacións empresariais e as obrigacións do sector forestal, especificáronse as variacións ocupacionais que son consecuencia dos procesos de actualización hoxe en día e realizáronse en termos de:

- .- Ocupacións en *expansión*
- .- Ocupacións en *recesión*
- .- Ocupacións *externalizadas*
- .- Ocupacións de *novo contido*
- .- Ocupacións *novas*
- .- Ocupacións para *novos espazos profesionais*

É neste momento cando se pasou a analizar verdadeiramente o posto de traballo profesio-grafando e identificando as ocupacións desde dentro do marco correspondente que se seguiu no proceso e se recolle a continuación.

Para estruturar e conformar o ámbito ocupacional do sector forestal, e unha vez recollida toda a información sobre o posicionamento, a situación do mercado laboral, as tendencias, innovacións e necesidades de formación, determinouse o proceso que se debía seguir coas ocupacións que dentro do sector apareceron como máis relevantes para o seu estudo, e que derivaron dos criterios xa establecidos con anterioridade no primeiro nivel de análise.

O proceso metodolóxico consistiu en ir traballando o desenvolvemento de cada unha das ocupacións seleccionadas para así poder determinar as competencias profesionais e o perfil profesional.

Partindo da estrutura dos fluxogramas obtidos conformouse ocupacionalmente o sector con respecto ás súas áreas de traballo e ás fases do proceso.

Este desenvolvemento metodolóxico xa figura ao principio do estudo. Un resumo xenérico para introducir este nivel quedaría como segue:

■.>..OBXECTIVO

Determinar, por medio da análise do traballo de campo (enquisas ao posto de traballo e ao inmediato superior), as competencias profesionais e así poder establecer o perfil profesional necesario para o exercicio das ocupacións seleccionadas.

■.>.. PRODUTO DE ENTRADA

Partiuse daquelas ocupacións seleccionadas no nivel 1 do estudo e a súa correspondencia e localización coa actividade na que se desenvolvía e coa que cada unha delas estaba relacionada.

■.>.. MÉTODO

DESENVOLVEMENTO COMPETENCIAL E PERFIL PROFESIONAL

- **FASE I.-** *Determinación de competencias profesionales.*
- **FASE II.-** *Desenvolvemento profesional da ocupación.*
- **FASE III.-** *Configuración do perfil profesional da ocupación.*

■.>.. PROCESO

↯.. **FASE I.-** *Determinación de competencias profesionales.*

Por cada ocupación o procedemento foi:

- Establecer a competencia xeral.-
 - Capacidades técnicas.
 - Capacidades organizativas.
 - Capacidades de interacción co contorno.
 - Capacidades de resposta a continxencias.

Para ter unha visión do marco de desenvolvemento da competencia colocamos a continuación a configuración do marco do perfil profesional-ocupacional, as relacións e as condicións de traballo, os riscos laborais e as tendencias que obtivemos cando analizamos as competencias.

Toda vez que quedou determinada a competencia xeral de cada ocupación procedeuse a desenvolver os seguintes aspectos ocupacionais:

- .> Determinación das unidades de competencia.
- .> Identificación das realizacións profesionais.
- .> Tratamento de tarefas.
- .> Criterios de execución.

↯.. **FASE II.-** *Desenvolvemento profesional da ocupación.*

O desenvolvemento profesional ha de entenderse como aqueles aspectos que fan referencia a medios, métodos e condicións de traballo, contorno laboral e requisitos necesarios para o desempeño da ocupación, así como todos aqueles ámbitos onde se exerce o desenvolvemento profesional:

- . Métodos/técnicas de traballo.
- . Condicións de traballo.-
 - Condicións ambientais.
 - Quendas.

- Horarios.
- Requisitos e riscos profesionais...
- . Contorno laboral.
- . Tendencias da ocupación.

En función de todo isto púidose revisar a competencia xeral coa intención de introducir aquelas modificacións que se consideraron oportunas nas unidades de competencia e no desenvolvemento profesional, definidos nun principio na ocupación. É aquí onde a prospección ocupacional (hipótese como punto de partida) pode revisarse e modificarse en caso necesario.

➤.. *FASE 3.- Configuración do perfil profesional da ocupación.*

O perfil profesional inclúe as competencias profesionais e o desenvolvemento profesional da ocupación; serve de base para a ordenación da formación profesional ocupacional e para avaliar a elaboración das probas de certificación.

A estrutura interna que configura o perfil profesional quedou establecida do seguinte modo:

- .>.. Marco ocupacional: datos de identificación.
- .>.. Marco competencial: contido da ocupación.
- .>.. Marco de desenvolvemento profesional das competencias: contorno laboral da ocupación. Está conformado polos aspectos referentes a condicións de traballo, métodos, contorno laboral e requisitos necesarios para desempeñar a ocupación.

Este segundo nivel de análise foi revisado por un panel de expertos coa intención de validar o seu desenvolvemento e recoller aquelas contribucións que se consideraron oportunas, incidindo con isto na calidade do estudo.

■.>.. **PRODUTO FINAL.-**

O perfil profesional da ocupación debidamente estruturado e consensuado que vai servir de base para a ordenación da oferta formativa ocupacional e como base tamén para a elaboración das probas de certificación.

6.2.1. PROSPECTIVA DO SECTOR

Desde a perspectiva do sector tivéronse en conta as tendencias das diferentes situacións sectoriais existentes onde se relacionan e poden ser observadas as ocupacións seleccionadas no primeiro nivel de análise da investigación.

■.. **6.2.1.1. TENDENCIA ECONÓMICA DO SECTOR**

É o conxunto de datos que permite describir o comportamento económico do sector. Aparecen expostos e analizados no primeiro nivel do estudo, dentro do produto-resultado, "Evolución económica do sector", no cal aparece exposta, entre outros datos de interese económico, a tendencia económica do sector.

■ .. 6.2.1.2. TENDENCIA PRODUTIVA TECNOLÓXICA E LABORAL

A natureza das innovacións en relación coas ocupacións desenvolvidas neste estudo foron analizadas a través do conxunto de táboas que aparecen a continuación, nas cales se trataron as ditas innovacións por áreas directamente relacionadas coa actividade produtiva. Estas áreas son:

- └ Equipos, instrumentos, materiais e instalacións.
- └ Procedementos, técnicas e métodos de traballo.
- └ Lexislación e normativa.
- └ Calidade.
- └ Medio ambiente.
- └ Riscos laborais.

O cruzamento das tendencias en todas estas áreas permítenos representar un fiel cadro da situación do sector.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Motoserrista</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO MADEIREIRO</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Detectouse a introdución de melloras nas motoserras que as fan máis lixeiras, compactas e potentes, dotándoas ademais de sistemas antivibración máis efectivos, o que redunda nunha maior facilidade de traballo e permite obter mellores rendementos.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron cambios nas técnicas de traballo.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron neste ámbito.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron neste ámbito.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Incidiuse sobre as prácticas seguras no manexo da motosierra, posturas, elementos de seguridade da máquina, distancias de operación, etc. así como nos equipos de protección individual.
- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Conductor operador de colleitadora forestal</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO MADEIREIRO</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Informatización das funcións operacionais dos cabezais de procesamento.
- Aumento na oferta de modelos, coa aparición de variadas configuracións potencia-dimensións que permiten a adaptación ás variadas condicións forestais que se dan en España.
- Sistemas de localización e posicionamento xeográfico global en grandes explotacións, que lle permiten ao operador saber en cada momento onde se atopa con respecto ás zonas de explotación, optimizando deste xeito o tempo empregado en desprazamentos.
- Cabinas de operación con sistemas de aire acondicionado, reforzos estruturais e sistemas de amortecemento máis elaborados, que permiten un traballo máis cómodo e seguro.
- Evolución das plantas motrices cara a unha acusada redución no consumo de combustible, o que comporta unha forte diminución da emisión de gases contaminantes, todo iso combinado cun aumento nas prestacións dos motores.
- Utilización na construción das máquinas de materiais menos contaminantes e reciclables.
- Introducción de pneumáticos de alta flotabilidade que provocan menores compactacións sobre o terreo.
- Introducción de retroarañas como base para as cabezas procesadoras.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- A implantación de sistemas informáticos ás operacións de procesamento da madeira permiten unha optimización das tarefas de explotación.
- Aplicación de técnicas de traballo en equipo, combinación de varias procesadoras traballando na mesma explotación.
- Aplicación de secuencias de operacións nas que se consiga un método de explotación que minimice os riscos de accidentes.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Aplicando precisos sistemas de medición da lonxitude de corte que permitan a produción de toradas perfectamente adaptadas ás esixencias do comprador.
- Sistemas de corte e movemento da árbore que reducen os danos causados nas toradas durante a corta.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Realización dos aproveitamentos baseándose en criterios que aseguren o sostemento dos ecosistemas forestais.
- Usando e manipulando todos aqueles produtos potencialmente nocivos para o medio, seguindo a normativa de manipulación de residuos.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación sistemática da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:

Sector:

Actividade:

Condutor operador de autocargador e skidder

FORESTAL

APROVEITAMENTO MADEIREIRO

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Adaptación dos arrastradores e autocargadores comercializados no noso país a sistemas de madeira curta e marco de plantación estreito, así como a tamaño de explotacións medias. Estas adaptacións das máquinas permitiron que o número de aproveitamentos nos que estas máquinas son rendibles aumente considerablemente.
- Máquinas máis robustas, potentes e mellor acondicionadas que aumentan a produtividade, seguridade e comodidade do operario.
- Aplicación de sistemas de posicionamento que permiten unha optimización das operacións de desprazamento, elemento este fundamental neste tipo de máquinas dada a súa función de transporte.
- Aplicación na construción de materiais reciclables e menos nocivos para o medio ambiente.
- Desenvolvemento de sistemas de transmisión evolucionados que permiten o desprazamento de cargas maiores en condicións orográficas e climatolóxicas difíciles, combinado cun menor esforzo e maior comodidade do operario.
- Introducción de pneumáticos de alta flotabilidade que provocan menores compactacións sobre o terreo.
- Introducción de guindastres máis lixeiros, compactos e potentes, que permiten un aumento da capacidade de elevación e carga da máquina, diminuíndo asemade as súas dimensións exteriores e saíntes, que poderían supor unha limitación en zonas de mobilidade reducida.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Aplicación de secuencias de operacións nas que se consiga un método de explotación que minimice os riscos de accidentes.
- Consideración dos factores de impacto como un elemento máis á hora da elección de itinerarios de saca.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se aprezan cambios significativos na normativa xeral de aproveitamentos.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Realización dos aproveitamentos baseándose en criterios que aseguren o sostemento dos ecosistemas forestais.
- Usando e manipulando todos aqueles produtos potencialmente nocivos para o medio seguindo a normativa de manipulación de residuos.
- Aumento da tendencia no uso da saca suspendida ou semisuspendida contra a saca arrastrada debido ao menor impacto erosivo que supón sobre o solo.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación sistemática da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, tanto operacionalmente como no uso de elementos persoais de seguridade.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Xerente de explotación</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO MADEIREIRO</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Software de xestión: contabilidade, nóminas, facturación...
- Maior variedade de maquinaria, adaptada a distintas condicións topográficas.
- Combinación da tecnoloxía GPS e os sistemas de información xeográfica.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Tendencia ao asociacionismo.
- Optimización das tarefas de aproveitamento.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- proxecto de lei de montes, que substituirá a vixente Lei de montes de 1957, aprobado polo Congreso o 11 de setembro de 2003.
- *Estratexia forestal española*.
- Plan forestal español, do 5 de xuño de 2002.
- Real decreto lei 5/2001, do 2 marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.
- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Lei 40/97, de reforma da Lei 4/89, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- Lei 41/97, de reforma da Lei 4/89, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Normas ISO-9000.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Certificación forestal a través dos sistemas de certificación PEFC e FSC, que teñen como fin garantir a existencia dunha xestión forestal que avale a persistencia dos bosques e o seu uso racional desde o punto de vista medioambiental, social e económico.
- Normas ISO-14000.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Aplicador de praguicida</i>
Sector:	FORESTAL
Actividade:	SILVICULTURA

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Novas substancias fitosanitarias.
- Evolución nas máquinas de aplicación de tratamentos.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Derivados do uso de ferramentas máis eficaces e rápidas.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Normativa de manexo de substancias tóxicas.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Orde PRE/1672/2003, do 19 de xuño, pola que se modifica o Anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal.

- Orde PRE/1114/2003, do 30 de abril, pola que se modifican os Anexos II dos Reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Traballador forestal</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>SILVICULTURA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Detectouse unha forte evolución na ergonomía das máquinas que permitiu un aumento do rendemento, comodidade e seguridade no desempeño das tarefas.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron neste ámbito.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron neste ámbito.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Establecéronse uns criterios de amoreamento de restos en canto a separación entre moreas, formas de amoreamento e tamaño de moreas.
- Comézase a aproveitar os restos, a biomasa, na produción de enerxía.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Melloras na calidade dos equipos de traballo en canto a vestimenta, calzados homologados e dispositivos de seguridade das máquinas.
- Tamén se modifica a organización do traballo para evitar accidentes, a colocación e a distribución dos traballadores durante a realización dos traballos, todo isto integrado dentro da aplicación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Xerente de viveiro</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>PRODUCCIÓN DE PLANTA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Modernización dos equipos informáticos e aplicación de periféricos para obter maior calidade na realización dos traballos.
- Pequena maquinaria agrícola adaptada á produción en viveiro.
- Envases especiais que impiden o envoltamento de raíces e permiten un perfecto repicado destas.
- Uso de semente certificada.
- Uso xeneralizado de substratos máis económicos, estables e con maior calidade sanitaria.

- Implantación de tecnoloxía que permite a elección do tempo de maduración da planta con gran precisión.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Técnicas preventivas no manexo integrado de pragas.
- Patróns de tolerancia ou resistencia ás enfermidades (permiten a súa limpeza).
- Asistencia e colaboración en técnicas de mostraxe para o procesamento de sementes.
- Sistemas de calefacción para incidir directamente nos tempos e a produción.
- Técnicas de rega e de fertilización, en concreto a técnica da "fertirrega", especialmente indicada para as zonas secas nas que a rega localizada se lle incorpora ao fertilizante. A "fertirrega" adaptará este proceso para cada especie ou planta.
- Control informático para programar a produción.
- Modernos métodos de cultivo (ex: para minimizar o uso de pesticidas...) e material vexetal de propagación controlada.
- Introducción da biotecnoloxía, sistema de cultivo "in vitro" para reproducir unha especie ou planta; aínda que non se faga no viveiro pódese encargar (necesítase un laboratorio con medios e persoal cualificado) e vendérselle ao viveirista.
- Obtención de novas variedades e plantas.
- Uso da nova listaxe actual que recolle aqueles produtos fitosanitarios segundo os últimos cambios en lexislación.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Orde PRE/1672/2003, do 19 de xuño, pola que se modifica o Anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal.
- Orde PRE/1114/2003, do 30 de abril, pola que se modifican os Anexos II dos Reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, que proporciona un novo marco xurídico para adaptala aos numerosos cambios que afectaron ao ámbito de aplicación e adecuala á configuración do Estado español como Estado autonómico e como Estado membro da Unión Europea.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Utilización de semente con certificado de calidade.
- Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, sobre medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.
- Aplicación da normativa ISO 9000 de calidade.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Control fitosanitario.
- Redución de pesticidas.
- Aplicación da norma ISO-14000.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:

Viveirista

Sector:

FORESTAL

Actividade:

PRODUCCIÓN DE PLANTA

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Melloras nos equipos de traballo e automatización dos procesos, o que permite desenvolver o traballo cun menor esforzo.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Os debidos a esas automatizacións, manexo de programas informáticos..., como os programas de rega e de administración de elementos ás plantas.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Orde PRE/1672/2003, do 19 de xuño, pola que se modifica o Anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal.
- Orde PRE/1114/2003, do 30 de abril, pola que se modifican os Anexos II dos Reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, que proporciona un novo marco xurídico para adaptala aos numerosos cambios que afectaron ao ámbito de aplicación e adecuala á configuración do Estado español como Estado autonómico e como Estado membro da Unión Europea.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Semente con certificado de calidade.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Control fitosanitario.Redución pesticidas.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS**Ocupación:***Produtor de cogomelos e fungos***Sector:***FORESTAL***Actividade:***CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS***.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:**

- Introducción de planta micorrizada de elevada calidade, cunha escasa porcentaxe de micorrizas indeseables.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Real decreto lei 5/2001, do 2 marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.
- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Os derivados de planta controlada e de maior calidade.
- Implantación ISO 9000.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Unha redución no uso de fitocidas non específicos.
- Aplicación ISO 14000.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Recollector de cogomelos e fungos</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>CULTIVO E APROVEITAMENTO DE FUNGOS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Melloras nos instrumentos de corte e nos equipos persoais.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Corticeiro</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO DA CORTIZA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Uso de motoserras de pequenas dimensións para os labores de tratamento silvícola.
- Introducción de pequenos tractores para o transporte.
- Máquina de descortizado, actualmente en proceso de desenvolvemento.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Aplicación do código de prácticas suberícolas.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación: *Peón de extinción de incendios forestais*
Sector: *FORESTAL*
Actividade: *DEFENSA CONTRA INCENDIOS*

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Mellora de equipos de traballo, de ferramentas manuais.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Optimización na organización do persoal durante as tarefas de extinción, programación de vías de escape ou evacuación.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Actualización dos equipos de protección individual.
- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación: *Emisorista*
Sector: *FORESTAL*
Actividade: *DEFENSA CONTRA INCENDIOS*

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Aplicacións técnicas do GPS.
- Programas de simulación de incendios (CARDIN, FARSITE, FIREFOC, FEOT).
- Transmisión de imaxes en tempo real.
- Localización de plataformas móbiles.
- Localización e seguimento de medios terrestres e aéreos.
- Detección de incendios por satélite (SISTEMA FUEGO).
- Predición do comportamento do lume (SISTEMA BEHAVE).
- Detección de incendios por infravermellos.
- Introducción da telefonía móbil.
- Informatización dos equipos de radiotransmisión.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Combinación das modernas tecnoloxías multimedia cos métodos convencionais.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Orde do 3 de abril de 1996 para o establecemento do III Plan de accións prioritarias contra incendios forestais (PAPIF 3). (BOE 87, do 10 de abril de 1996).
- Plans de incendios forestais das distintas CC.AA.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Vixilante de posto fixo</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>DEFENSA CONTRA INCENDIOS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Aplicacións técnicas do GPS.
- Transmisión de imaxes en tempo real.
- Detección de incendios por infravermellos.
- Introducción da telefonía móbil.
- Introducción do ordenador.
- Informatización dos equipos de radiotransmisión.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Os derivados da aplicación de novas tecnoloxías.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Orde do 3 de abril de 1996 para o establecemento del III Plan de accións prioritarias contra incendios forestais (PAPIF 3). (BOE 87, do 10 de abril de 1996).
- Plans de incendios forestais das distintas CC.AA.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Condutor de vehículo motobomba</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>DEFENSA CONTRA INCENDIOS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Aplicacións técnicas do GPS.
- Novos sistemas motobomba.
- Novos vehículos.
- Introducción da telefonía móbil.
- Informatización dos equipos de radiotransmisión.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Derivados da implantación de novas tecnoloxías.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Orde do 3 de abril de 1996 para o establecemento do III Plan de accións prioritarias contra incendios forestais (PAPIF 3). (BOE 87, do 10 de abril de 1996).
- Plans de incendios forestais das distintas CC.AA.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Regulamento xeral de condutores de vehículos.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Garda de campo de caza e/ou pesca</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>CAZA E PESCA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- GPS.
- Test para recuento de poboacións.
- Instalacións mellor equipadas para granxas nos coutos.
- Móbil.
- Armas de maior alcance.
- Embarcacións máis lixeiras e cómodas.
- Roupa de material moderno que proporciona maior protección (material de neopreno).
- Prismáticos máis lixeiros e infravermellos.
- Xeradores eléctricos de maior rendemento.
- Técnicas de mellora xenética en explotación.
- Vacinas novas.
- Nalgúns casos, uso do ordenador.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Ao introducir equipos mellorados prodúcese como consecuencia unha maior axilidade e comodidade nas tarefas implicadas en cada innovación.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Algúns regulamentos modifican as leis de caza e pesca nalgúnas Comunidades Autónomas.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.
- Estarán implicadas aquelas melloras recollidas nos outros apartados que se incorporen na actividade e incidan directamente en materia de calidade.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Peón de caza e pesca</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>CAZA OU PESCA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Maquinaria máis pequena e cómoda para limpar e abrir camiños.
- Incubadoras e nacedoiros por sistemas informáticos que non hai que vixiar con tanta frecuencia.
- Comedeiros e bebedeiros regulados para dosificar comida por ordenador.
- Temperatura, humidade, etc. Controladas por ordenador.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Todos aqueles que deriven das melloras dos equipos... (vixiar o estado das máqui-

nas e da instalación). O peón adaptará as súas tarefas en función dos cambios e avances tecnolóxicos que o couto introduza, o cal lle levará a cambiar a súa faena laboral no sentido de facilitarlle máis os labores que ten destinados; nalgúns casos mesmo converterá o seu traballo nun seguimento e control máis que nun traballo.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Xerente de caza</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>CAZA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Equipo informático.
- Internet.
- GPS para orientación, medir coutos, facer cartografías, sinalizacións...
- As escopetas automáticas e semiautomáticas fanse xa de 2 ou 3 disparos, dado que nalgúnas Comunidades Autónomas non se permite máis ca esa cantidade e existen escopetas con 4 ou 5 disparos. Nos coutos hase de comprobar que as armas teñan o dispositivo para esa cantidade de cartuchos (sempre atendendo á CC.AA. e á modalidade de caza).
- Novas vacinas.
- Instalacións por ordenador para as granxas.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Introducción de animais mellorados xeneticamente.
- Anque non podemos falar aínda dunha vacina que se poida aplicar, si podemos recoller neste apartado a necesidade de estar informado da situación actual das novas vacinas que se están estudando e que levará a cabo a Federación Española de Caza, a cal paliará grandes problemas como son: 1) a mixomatose, que suporá un cambio no tratamento da enfermidade; a súa aplicación pretende facerse a nivel de parasitos (pulgas, carrachos...) para que así se propague; e 2) a vírica hemorráxica, que está sendo estudada para comercializala como vacina combinada que valla para as dúas enfermidades.
- Outra vacina é a da sarna e esta vai dirixida ás especies venatorias; estase aplicando xa na Serra de Gredos e en Serra Morena.

.>. Cambios legislativos e normativos:

- Real decreto 581/2001, do 1 de xuño, polo que en determinadas zonas húmidas se prohibe a tenencia e o uso de municións que conteñan chumbo para o exercicio da caza e o tiro deportivo.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, sobre medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.
- Aplicación ISO 9000.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Aplicación ISO 14000.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Recolledor de plantas medicinais e aromáticas</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO DE PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Aplicación de sistemas de conservación máis específicos en función do tipo de planta (secado, baleirado, conxelación).

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Apicultor</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO DE MEL, POLE E DERIVADOS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Aumento no uso das colmeas paneladas.
- Aplicación do sistema de medias alzas para o recrecemento das colmeas.
- Estandarización do material apícola.
- Paletización da colmeas.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Tendencia crecente á aplicación da transhumancia no manexo apícola.
- Introducción na explotación apícola de salas de procesamento e envasado automático.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Adaptación ás novas disposicións da Lei de manipulación de alimentos.
- En proceso de aplicación atópanse leis estatais e comunitarias que marcan con precisión as normas para a práctica apícola.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Control durante o proceso das condicións de produción das abellas, modificando os parámetros para que estas condicións sexan as óptimas.
- Exames rigorosos da calidade e salubridade do mel durante o proceso de recoillida e envasado.
- Elección coidadosa da especie, así como control do estado sanitario e produtivo da colmea co fin de obter a máxima calidade de produto.
- Aplicación ISO 9000.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Eliminación do uso de produtos nocivos para o medio.
- Tratamento dos residuos e produtos contaminados usados durante o proceso produtivo.
- Aplicación ISO 14000.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Recollector de froitos</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO DE FROITOS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Non se detectaron.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Profesionalización de cultivos tradicionais, como o da castaña, mediante a elección das especies de castaña máis axeitadas e a preselección do produto antes da chegada ao mercado.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Resineiro</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>APROVEITAMENTO DE RESINA</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Introducción de novas pastas estimulantes.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Non se detectaron.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Non se detectaron.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

■ IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Ocupación:	<i>Vixilante de parques naturais</i>
Sector:	<i>FORESTAL</i>
Actividade:	<i>CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS</i>

.>. Cambios en equipos, instrumentos, materiais e instalacións:

- Maior e mellor equipamento das aulas da natureza.
- Melloras nos equipos de transmisión por radio.
- Introducción de equipos informáticos e redes de datos nos postos de vixilancia.

.>. Cambios de procedementos, técnicas e métodos de traballo:

- Formación pedagóxica elemental para unha mellor transmisión da información aos visitantes dos parques.
- Maiores coñecementos de ecoloxía, botánica e zooloxía.
- Coñecementos elementais de veterinaria e coidado e alimentación animal.

.>. Cambios lexislativos e normativos:

- Proxecto de lei de montes que substituirá a vixente Lei de montes de 1957, aprobado polo Congreso o 11 de setembro de 2003.
- Real decreto lei 5/2001, do 2 marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.
- Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- Lei 40/97, de reforma da Lei 4/89, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- Lei 41/97, de reforma da Lei 4/89, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- Ordenanzas municipais.
- Lexislación autonómica.
- Directivas Ave.
- Directivas Hábitat.
- Catálogo de especies protexidas tanto a nivel nacional como autonómico.

.>. Cambios en materia de calidade:

- Mellora no trato ao público.
- Mellora no manexo dos sistemas naturais de especial protección.

.>. Cambios en materia medio ambiental:

- Adaptación ás normativas de protección medioambiental propias de cada Comunidade.

.>. Cambios en materia de riscos laborais:

- Aplicación estrita da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Uso dos elementos de protección individuais necesarios, sobre todo en labores perigosos como poden ser a extinción de incendios ou a captura de animais feridos.

■ .. 6.2.1.3. INNOVACIÓNS EMPRESARIAIS

A forte globalización da economía obriga o sector forestal, ao igual que sucede coa maior parte dos outros sectores, a un esforzo de adaptación ás condicións cambiantes dos mercados. O tecido empresarial debeu polo tanto actualizar os seus métodos produtivos e de organización.

Estase buscando un aumento da rendibilidade das explotacións mediante un intenso proceso de mecanización e tecnificación das empresas.

Támén é salientable o endurecemento da lexislación en materias como a prevención de riscos laborais e o medio ambiente, ou a presión por parte da Unión Europea da actualización do catálogo de enfermidades profesionais, pois o vixente atópase obsoleto. Isto obrigou ao investimento en equipos de seguridade individual e para máquinas e ferramentas, así como en formación dos empresarios e traballadores en aspectos de seguridade laboral. No apartado de medio ambiente foi necesario artellar mecanismos para o tratamento dos residuos e novas formas de explotación máis respectuosas co medio.

A competencia nun mercado aberto de produtos forestais con países cunha gran tradición obriga a un esforzo por parte das empresas na obtención de produtos que poidan competir en calidade cos do resto de países.

As necesidades de investimentos fortes e de defensa dos intereses favoreceron un incremento do asociacionismo empresarial para a introdución en novos mercados e a conservación dos actuais.

■ .. 6.2.1.4. TENDENCIAS DAS OCUPACIÓNS E NOVOS ESPAZOS PROFESIONAIS

A progresiva introdución de novas tecnoloxías e novas formas de organización implicou variación nas tendencias das ocupacións e dos seus propios contidos. Neste senso especificáranse que ocupacións están a sufrir variacións como consecuencia destes procesos de actualización.

.. | Ocupacións en expansión:

- Condutor-operador de colleitadora forestal.
- Condutor-operador de autocargador ou *skidder*.
- Produtor de cogomelos e fungos.
- Apicultor.
- Traballador forestal; presenta unha expansión no sur e estabilidade no norte.
- Produtor de cogomelos e fungos.
- Recolledor de cogomelos e fungos.
- Recolledor de froitos.
- Vixilante de espazos naturais.
- Produtor de plantas medicinais e aromáticas.
- Sacador de cortiza.

.. | Ocupacións en recesión:

- Peóns sen cualificación.
- Produtor de plantas medicinais e aromáticas.
- Recolledor de froitos.

.. | Ocupacións externalizadas:

.. | Novas profesionalidades:

- Vixilante de espazos naturais.

.. | Ocupacións que varían o contido:

- Xerente de viveiro.
- Xerente de caza.

- Xerente de explotación forestal.
- Viveirista.
- Condutor operador de colleitadora forestal.
- Condutor operador de autocargador-*skidder*.
- Aplicador de praguicida.
- Traballador forestal.
- Viveirista.
- Peón forestal.
- Emisorista.
- Vixilante en punto fixo.
- Condutor de vehículo motobomba.
- Garda de campo de caza e pesca.
- Resineiro.

.. | Novos espazos profesionais:

- Coidado e protección do medio natural.
- Producción de produtos forestais (fungos, mel, froitos).

6.2.2. ESTUDO PROFESIOGRÁFICO DO TRABALLADOR TIPO POR OCUPACIÓN

As profesiografías son o resultado que se deriva da análise do posto de traballo, é dicir, do estudo das tarefas que engloban aquelas funcións que compoñen cada ocupación determinando con isto os aspectos técnicos e valorando os coñecementos que o traballador debe reunir para un desempeño ocupacional óptimo e eficaz.

Supón a expresión do que o desenvolvemento da tarefa demanda (requisitos físicos, de aptitude, de capacidades intelectuais, aspectos sociopersoais, etc., as condicións de organización e ambientais en que se desenvolven no traballo profesional..., é dicir, inclúe todas as variables relevantes para o posto de traballo) e trata de indicar que variables son necesarias e o xeito en que un traballador ha de posuílas para desempeñar satisfactoriamente e cun rendemento medio unha ocupación. Constitúe pois unha vía de acceso para aplicacións tales como selección de persoal, promoción, formación...

↻.. Marco ocupacional

- **Ocupación:** *Recolledor de froitos*
- **Sector:** *FORESTAL*
- **Actividade:** *Aproveitamento de froitos*
- **Competencia xeral**
Efectúa os labores de explotación de froitos forestais e posterior selección, clasificación e conservación destes.

↻.. Marco competencial

- **CAPACIDADES PROFESIONAIS**
 - **TÉCNICAS**
 - Habilidade para operar de forma axeitada coas ferramentas da ocupación.
 - Coidado ao manipular os froitos de forma correcta, favorecendo sempre a súa conservación.
 - Capacidade para realizar os traballos de recolección mantendo a conservación da zona de traballo.
 - Habilidade para realizar as tarefas de forma correcta desde o punto de vista medioambiental.
 - Responsabilidade para usar os equipos de protección individual de forma correcta.
 - Cumprir e facer cumprir a normativa en prevención de riscos laborais.
 - **ORGANIZATIVAS**
 - Seguir as especificacións de recolección e manexo establecidas.
 - Actuar sempre de forma que se obteña a máxima eficacia no traballo e calidade nos produtos.
 - **INTERACCIÓNS**
 - Coordinación cos compañeiros.
 - Relación cos distribuidores clientes para preparar os envíos e establecer recollidas.
 - **RESPOSTA A CONTINXENCIAS**
 - Gardar e facer gardar a calma ante imprevistos.
 - Cumprir as normas ou protocolos específicos para continxencias no lugar específico de traballo.

➤.. Marco do desenvolvemento das competencias

- **Traballos anteriores na mostra** LABORES NO CAMPO
AGRICULTOR EXPLOTACIÓN
PEÓN CARPINTERÍA, AUTÓNOMO DE HOSTALERÍA

- **Relacións**
 - Internas*
 - Encargado e operarios: establecer as liñas de traballo e organizar o traballo.
 - Externas*
 - Clientes e empresas: vender o produto.
 - Administración e asociacións: permisos de explotación.

- **Condicións de traballo**

➤ Temperatura	Alta (maior de 27 °C)	0
	Baixa (refrixerada)	0
	Acondicionada	0
	Temperatura ambiente	100
➤ Vibracións	En todo o corpo	0
	Nalgúns membros	0
➤ Iluminación	Escasa	0
	Cegadora	0
	Natural	100
	Artificial	0
	Focalizada	0
	Insuficiente	0
➤ Ambiente	Limpo	31.3
	Húmido	0
	Residuos e desperdicios	0
	Sen ventilación	0
	Fumes	0
	Vapores	0
	Seca	0
	Partículas en suspensión	68.7
	Presenza de gases	0
	Cheiros	0
	Microorganismos	0
➤ Espazo de traballo	Amplio	100
	Medio	0
	Variable	0
	Estreito	0
	Reducido	0
➤ Ruído	Alto	8.3
	Baixo	91.7
	Medio	0
	Continuo	0
	Intermitente	0

➤ Lugar de traballo	Laboratorio	0
	Sala	42.9
	Despacho	0
	Aire libre	57.1
	Taller	0
	Cabina	0
	Outros	0

➤.. RISCOS LABORAIS

TIPOLOXÍAS DOS PRINCIPAIS ACCIDENTES			DANOS DERIVADOS DOS ACCIDENTES	
..	0	Aprisionamentos	0	Queimaduras
..	0	Asfixia	5	Lesións de columna v.
..	0	Atropelos	0	Infeccións
..	38.5	Caídas	0	Lesións oculares
..	23.1	Cortes	0	Lesións auditivas
..	38.5	Golpes	5	Toxicidade aparato respiratorio
..	0	Outras	45	Lesións en membros superiores
..			45	Lesións en membros inferiores
..			0	Outras

ENFERMIDADES

..	0	Tensión	0	Outras
..	0	Reuma		
..	50	Artrose		
..	50	Alerxias		
..	0	Bronquite		

MEDIDAS DE SEGURIDADE

..	20.4	Casco	0	Outras
..	18.4	Botas punteira reforzada		
..	20.4	Luvas		
..	0	Protectores auditivos		
..	2	Casco con visor		
..	18.4	Gafas de protección		
..	20.4	Mono de traballo		

➤.. Prospección ocupacional

• TENDENCIA DA OCUPACIÓN

Tende á recesión debido á implantación de sistemas de cultivo industrial.

■.. 6.2.2.22. RESINEIRO

➤.. Marco ocupacional

- **Ocupación:** *Resineiro*
- **Sector:** *FORESTAL*
- **Actividade:** *Aproveitamento de resina*

■ Competencia xeral

Desempeña as tarefas de sangrado de coníferas, así como as de preparación de parcelas onde esta se realice.

➤.. Marco competencial

■ CAPACIDADES PROFESIONAIS

■ TÉCNICAS

- Habilidade no manexo das ferramentas empregadas para o seu traballo.
- Responsabilidade á hora de realizar as tarefas propias da súa ocupación utilizando a normativa actual de PRL e os niveis esixidos de calidade.
- Capacidade para cumprir en todo momento o coidado medioambiental.

■ ORGANIZATIVAS

- Capacidade de interpretar as instrucións recibidas e realizar estas de maneira e orde axeitadas.

■ INTERACCIÓNS

- Realizar os labores propios da súa ocupación, colaborando cos seus compañeiros para favorecer as tarefas.

■ RESPONSA A CONTINXENCIAS

- Ter capacidade de resposta e decisión propia.

➤.. Marco do desenvolvemento das competencias

• Traballos anteriores na mostra

PEÓN FORESTAL
CARPINTEIRO, VIXILANTE DE SEGURIDADE
RESINEIRO

• Relacións

Internas

- Capataz e compañeiros: reciben as ordes do traballo para realizar e distribúense as zonas de sangrado.

Externas

- Compradores e empresas: ben de forma directa ao comprador final da resina ou a empresas que a tratan e a venden xa refinada.

• Condicións de traballo

➤ Temperatura	Alta (maior de 27 °C)	45.5
	Baixa (refrixerada)	0
	Acondicionada	0
	Temperatura ambiente	54.5
➤ Vibracións	En todo o corpo	0
	Nalgúns membros	0
➤ Iluminación	Escasa	0
	Cegadora	0
	Natural	100
	Artificial	0
	Focalizada	0

	Insuficiente	0
➤ Ambiente	Limpio	58.3
	Húmido	8.4
	Residuos e desperdicios	0
	Sen ventilación	0
	Fumes	8.3
	Vapores	0
	Seca	16.7
	Partículas en suspensión	0
	Presenza de gases	8.3
	Cheiros	0
	Microorganismos	0
➤ Espazo de traballo	Amplio	70
	Medio	10
	Variable	20
	Estreito	0
	Reducido	0
➤ Ruído	Alto	40
	Baixo	30
	Medio	0
	Continuo	30
	Intermitente	0
➤ Lugar de traballo	Laboratorio	0
	Sala	0
	Despacho	9.1
	Aire libre	90.9
	Taller	0
	Cabina	0
	Outros	0

➤.. RISCOS LABORAIS

TIPOLOXÍAS DOS PRINCIPAIS ACCIDENTES			DANOS DERIVADOS DOS ACCIDENTES	
..	0	Aprisionamentos	4	Queimaduras
..	4.3	Asfixia	12	Lesións de columna v.
..	8.7	Atropelos	4	Infeccións
..	30.4	Caídas	12	Lesións oculares
..	39.1	Cortes	4	Lesións auditivas
..	17.4	Golpes	4	Toxicidade aparato respiratorio
..	0	Outras	28	Lesións en membros superiores
..			32	Lesións en membros inferiores
..			0	Outras
ENFERMIDADES				
..	0	Tensión	0	Outras
..	12.5	Reuma		
..	37.5	Artrose		
..	25	Alerxias		
..	25	Bronquite		

MEDIDAS DE SEGURIDADE

..	16.3	Casco	0	Outras
..	16.3	Botas punteira reforzada		
..	16.3	Luvas		
..	9.3	Protectores auditivos		
..	9.3	Casco con visor		
..	14	Gafas de protección		
..	18.6	Mono de traballo		

↪.. Prospección ocupacional

• TENDENCIA DA OCUPACIÓN

Atopábase en período de recesión pero nos últimos anos preséntase un rexurdimiento desta ocupación.

■.. 6.2.2.23. VIXILANTE DE ESPAZOS NATURAIS

↪.. Marco ocupacional

- **Ocupación:** *Vixilante de espazos naturais*
- **Sector:** *FORESTAL*
- **Actividade:** *Conservación de espazos naturais*
- **Competencia xeral**

É aquel traballador que se encarga da vixilancia e coidado da flora e fauna, de aplicar a lexislación medioambiental para a protección do medio natural, así como de actuar de educador medioambiental dentro do espazo natural.

↪.. Marco competencial

■ CAPACIDADES PROFESIONAIS

■ TÉCNICAS

- Capacidade de razoamento espacial para a interpretación de mapas.
- Capacidade de cálculo para o uso e conversión de escalas.
- Orientación espacial no uso de aparatos de posicionamento.
- Habilidade manual e agudeza visual para o uso de aparatos de medición.
- Capacidade de razoamento espacial para a translación de puntos do terreo ao plano e viceversa.
- Serenidade, decisión e precaución durante as manobras básicas de primeiros auxilios.
- Agudeza visual e memoria para identificar animais e plantas perigosos.
- Seguridade e serenidade á hora de aplicar técnicas básicas de protección civil.
- Habilidade manual, responsabilidade e serenidade na condución de vehículos todoterreo.
- Memoria e agudeza visual para o coñecemento de elementos botánicos.
- Memoria e agudeza visual para a identificación de pragas e enfermidades.
- Capacidade de observación detida, agudeza visual e memoria para o coñecemento do efecto dos danos abióticos.

- Memoria e razoamento lóxico para a aplicación de coñecementos zoolóxicos.
- Agudeza visual e concentración para a observación do comportamento animal.
- Seguridade, habilidade manual e razoamento para aplicar coñecementos básicos en veterinaria.
- Habilidade e paciencia no proceso de nutrición animal.
- Agudeza visual e capacidade de observación para a interpretación da meteoroloxía e climatoloxía local.
- Seguridade e eficiencia nas transmisións por radio.
- Responsabilidade, seguridade e responsabilidade na aplicación da técnica de loita contra o lume.
- Capacidade de observación e interpretación de indicios que permiten deducir o comportamento máis previsible do lume.
- Agudeza visual e capacidade de observación para a identificación efluentes líquidos perigosos.
- Habilidade manual e precaución á hora da recollida de mostras para análise.
- Memoria e razoamento lóxico para a aplicación da lexislación medioambiental.
- Memoria e capacidade de observación para a aplicación de procedementos sancionadores.

■ ORGANIZATIVAS

- Organizar equipos de busca e rescate.
- Dispor dunha base de datos xeorreferenciada de todos os elementos de interese comprendidos dentro do parque.
- Determinar os períodos óptimos de limpeza das áreas recreativas e baleirado de contedores.
- Dispor en número suficiente e en perfecto estado de uso as caixas de urxencias e elementos de primeiros auxilios.
- Manter todo o instrumental e aparatos varios perfectamente almacenados e listos para o seu uso.
- Manter a información botánica e zoolóxica de interese perfectamente clasificada e accesible.
- Levar fichas que recollan as incidencias animais e vexetais.
- Levar un inventario zoolóxico e botánico convenientemente actualizado.
- Inventariar todos aqueles focos de vertidos incontrolados co fin de exercer un maior control sobre eles.
- Manter un rexistro de datos meteorolóxicos para poder estimar riscos de incendios e poder actuar en consecuencia.
- Distribuír nas casetas ou aulas da natureza a información medioambiental de forma secuencial e ordenada para alcanzar o pleno coñecemento das peculiaridades do espazo.
- Organizar a información radiada de forma clara, ordenada precisa e concreta.

■ INTERACCIÓNS

- Relacionarse cos organismos públicos.
- Tratar cos visitantes.
- Colaborar cos medios de extinción de incendios.

- Cooperar cos servizos policiais de protección da natureza.
- Tratar con quen habita dentro do espazo natural e con aqueles que viven nos seus límites.
- Colaborar con zoólogos e botánicos no coidado do espazo.

■ RESPOSTA A CONTINXENCIAS

- Actuar fronte a incendios forestais.
- Fronte a enfermidades ou pragas, tanto nos vexetais como nos animais.
- Fronte a accidentes de visitantes.
- Ante conflitos cos habitantes do espazo.
- Fronte a catástrofes naturais.
- Fronte a furtivos ou espoliadores do patrimonio natural ou etnográfico.

➤.. Marco do desenvolvemento das competencias

- **Traballos anteriores na mostra**

NINGÚN
GARDA DE CAMPO
CAPATAZ FORESTAL
ENFERMEIRO, DISTRIBUIDOR DE BEBIDAS, CAMAREIRO
CONTROLADOR DE ACCESOS E INFORMADOR
INFORMÁTICO EN EMPRESA PRIVADA
MECÁNICO
VENDA DE PRODUTOS INFORMÁTICOS
PEÓN ALBANEL, PEÓN AGRÍCOLA, MANTEMENTO
DE PREDIO PRIVADO
VIXILANTE FORESTAL
REFERENTES Á AGRICULTURA
DEVASAS, PODA ÁRBORES
TÉCNICO AGRÍCOLA
PEÓN DE ALBANEL, METALÚRXICO
ALBANEL
AGRICULTOR
XARDINEIRO
RETÉN CUADRILLA CONTRA INCENDIOS
OPERARIO DE VIVEIRO DE PLANTAS
CONDUTOR
- **Relacións**

Internas

 - Director espazo natural, técnicos e compañeiros: entregar documentación (medidas, informes...) comentarios de traballo e coordinar traballos.

Externas

 - Público, propietarios de terreos lindeiros, xuntas de veciños: presentar peticións e dar información sobre o parque.
- **Condições de traballo**

➤ Temperatura	Alta (maior de 27 °C)	14.3
	Baixa (refrixerada)	11.4
	Acondicionada	8.6
	Temperatura ambiente	65.7
➤ Vibracións	En todo o corpo	0
	Nalgúns membros	0
➤ Iluminación	Escasa	0
	Cegadora	0

	Natural	89.7
	Artificial	10.3
	Focalizada	0
	Insuficiente	0
⇒ Ambiente	Limpo	59.5
	Húmido	9.5
	Resíduos e desperdicios	2.4
	Sen ventilación	2.4
	Fumes	7.1
	Vapores	2.4
	Seca	2.4
	Partículas en suspensión	7.1
	Presenza de gases	2.4
	Cheiros	2.4
	Microorganismos	2.4
⇒ Espazo de traballo	Amplio	80.6
	Medio	6.5
	Variable	6.5
	Estreito	0
	Reducido	6.5
⇒ Ruído	Alto	7.7
	Baixo	69.2
	Medio	15.4
	Continuo	0
	Intermitente	7.7
⇒ Lugar de traballo	Laboratorio	3.1
	Sala	0
	Despacho	9.4
	Aire libre	81.3
	Taller	3.1
	Cabina	3.1
	Outros	0

⇒ RISCOS LABORAIS

TIPOLOXÍAS DOS PRINCIPAIS ACCIDENTES			DANOS DERIVADOS DOS ACCIDENTES	
..	6.2	Aprisionamentos	17.2	Queimaduras
..	10.8	Asfixia	15.5	Lesións de columna v.
..	6.2	Atropelos	10.3	Infeccións
..	33.8	Caídas	10.3	Lesións oculares
..	20	Cortes	5.2	Lesións auditivas
..	23.1	Golpes	12.1	Toxicidade aparato respiratorio
..	0	Outras	15.5	Lesións en membros superiores
..			13.8	Lesións en membros inferiores
..			0	Outras
ENFERMIDADES				
..	40.7	Tensión	0	Outras
..	18.5	Reuma		
..	11.1	Artrose		

- .. 22.2 Alerxias
- .. 7.4 Bronquite

MEDIDAS DE SEGURIDADE

..	18	Casco	0	Outras
..	18	Botas punteira reforzada		
..	23	Luvas		
..	4.9	Protectores auditivos		
..	6.6	Casco con visor		
..	16.4	Gafas de protección		
..	13.1	Mono de traballo		

3.. Prospección ocupacional

• TENDENCIA DA OCUPACIÓN

Atópase en expansión xa que aumentan as súas actividades noutras ocupacións.

6.2.3. ANÁLISE DA EVOLUCIÓN POR OCUPACIÓN

Para formular esta análise cómpre desenvolver os indicadores necesarios para a definición da devandita análise:

- 1).. Emprazamento das ocupacións por actividades: Se definimos como actividade cada unha das agrupacións nas que pode dividirse un sector segund o os distintos produtos e/ou servizos que estas principalmente producen. Para definir todas as ocupacións presentes no sector resulta imprescindible establecer o conxunto de actividades en que se divide. Unha vez alcanzado este obxectivo é necesario analizar en profundidade cada unha das actividades co fin de determinar o seu proceso produtivo, para deste xeito identificar todos os puntos susceptibles de ser desempeñados por ocupacións propias deste sector. Como resultado final conséguese un conxunto de ocupacións relacionadas con cada unha das actividades.
- 2).. Organigrama de tipo funcional e de produción con localización das ocupacións: Unha vez determinado claramente o esquema produtivo de cada actividade e coñecidos os procesos e procedementos necesarios para a realización de cada punto do proceso, realízase a localización de cada unha das ocupacións detectadas nos puntos que lle corresponda dentro do esquema produtivo, denominado fluxograma. Estes aparecen representados por actividade no nivel 1 do estudo.
- 3).. Descrición das funcións e tarefas de cada ocupación: O esquema seguido para definir cada unha das ocupacións aparece desenvolvido nos cadros subseguintes, cada un dos cales presenta un título que se pasa a definir:

Competencia xeral: é a expresión global da profesionalidade requirida para o desempeño pleno da ocupación, na que se explicitan as grandes funcións que a caracterizan xunto ás capacidades que permiten exercelas eficazmente en relación co contorno profesional no que se desenvolven.

Competencia profesional: son todos aqueles coñecementos, destrezas e aptitudes que debe posuír un traballador para exercer eficazmente unha profesión; pode ademais resolver problemas profesionais de forma autónoma e flexible, e colaborar no seu contorno profesional e na organización do traballo. Habilidade necesaria para realizar as funcións dos distintos postos de traballo que caracterizan o campo ocupacional aos niveis de cali-

dade requiridos no emprego, manifestada en aspectos técnicos que lle posibilitan ao individuo "saber" e "saber facer", e en aspectos sociais que lle posibilitan ao individuo "saber estar" e "saber actuar".

Unidades de competencia: derivase da competencia xeral e constitúe unha das grandes funcións para o desempeño profesional da ocupación; representa unha parte significativa e fundamental desta e pode reflectir unha etapa do proceso de traballo ou unha técnica fundamental que dea lugar a un produto acabado ou a un servizo concreto. Macrofunción que constitúe o desempeño eficiente da actividade profesional da ocupación. Está integrada polas funcións que constitúen a ocupación e as realizacións profesionais medidas baseándose en criterios de execución de tarefas.

Realizacións profesionais: xorden da desagregación da unidade de competencia e constitúen elementos profesionais independentes que fan referencia aos procesos, técnicas ou produtos parciais desta; expresan, ademais, os logros técnicos, funcionais e de calidade que se esperan no exercicio profesional da ocupación. Tarefas que realiza o traballador ligadas á dimensión de que fai, como o fai e para que o fai.

Criterio de execución: enténdese como tal a pauta que permite valorar como adecuado/inadequado, satisfactorio/insatisfactorio, o desempeño dun aspecto clave da realización profesional. Parámetros que permiten comprobar que a realización profesional se executou da maneira correcta respecto ao nivel requirido no emprego.

Tras unha primeira selección das ocupacións obsérvase no traballo de campo (enquisas ao traballador) que o tratamento dalgunhas ocupacións, como son as de caza e pesca, estaban recollidas da seguinte maneira: vixilante xurado de pesca, garda de caza, peón de caza e peón de pesca así como a de xerente de caza.

Unha vez que se empezaron a manexar os datos e a información obtida obsérvase que as tarefas, funcións e produtos, así como todos os ítems recollidos en cada unha das enquisas, para algunhas das ocupacións, derivaban nunha relación estreita que implicaba un desenvolvemento común da actividade (caso de vixilante de pesca). Nos casos tanto de garda como de peón pódese ver como coinciden e van á par as súas áreas específicas na actividade de caza e pesca, o que, sumado á información proporcionada polos mesmos traballadores, levou a poder afirmar que a actividade podía tratarse conxuntamente como caza e pesca. Isto permitiu concluír que ambas as dúas ocupacións foron denominadas no estudo como "garda de caza e pesca" e "peón de caza e pesca".

A análise ocupacional en función do marco metodolóxico desde onde se desenvolve o proceso da súa evolución é o que segue:

■.. 6.2.3.1. APROVEITAMENTO MADEIREIRO

■.. 6.2.3.1.1. MOTOSERRISTA

■.. 6.2.3.1.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Motoserrista
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro

■.. 6.2.3.1.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Desempeña o grupo de tarefas que forman o proceso de aproveitamento da árbore manualmente, que abarcan a identificación de pés aptos para a corta, o derramado, o descortizado e o torado. Conxuntamente, desempeña o mantemento, reparación e posta a punto da súa máquina de traballo, a motosierra, mantendo nestas operacións uns criterios de calidade e unhas prácticas medioambientalmente correctas.

■.. 6.2.3.1.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Habilidade manual no manexo da maquinaria e ferramenta necesarias para o desenvolvemento do seu traballo.
- Agudeza visual e visión espacial durante a corta da árbore.
- Atención e concentración no transcurso do proceso de corta.
- Responsabilidade profesional á hora de aplicar a normativa vixente de prevención de riscos laborais ao conxunto de operacións no desempeño diario do seu labor.
- Conciencia da necesidade da protección medioambiental na execución do seu traballo.
- Perfeccionamento na realización, para manter uns niveis de calidade establecidos.

>. Organizativas

- Capacidade de realizar o traballo ordenadamente, de forma que a relación tempo-esforzo se reduza todo o posible.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicación e de traballo en equipo.
- >. Resposta a contingencias
- Manter un estado sereno ante situacións complicadas derivadas do desenvolvemento do seu labor.
- Capacidade de resposta rápida.
- Bos reflexos.
- Resistencia e forza física alta.

■.. 6.2.3.1.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Operar coa motosierra.
- 2 Procesar a árbore mecánica-manualmente.
- 3 Regular e preservar o estado da motosierra.

■.. 6.2.3.1.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Operar coa motosierra.

>. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Transportar a motosierra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Cubrindo a espada cun elemento protector.
- 1.1.2 Situándoa nun lugar habilitado para a carga.
- 1.1.3 Fixándoa adecuadamente á carrocería do vehículo.
- 1.1.4 Procurando que o depósito se atope baleiro de combustible.
- 1.1.5 Evitando a colocación de obxectos pesados sobre a espada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Coñecer e saber identificar os compoñentes da motoserra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Distinguido do conxunto os elementos de seguridade.
- 1.2.2 Referindo os elementos de corte.
- 1.2.3 Recoñecendo e sinalando os dispositivos de arranque.
- 1.2.4 Identificando os tapóns dos depósitos de aceite e de combustible.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Coñecer os compoñentes, o seu estado adecuado de actuación e a colocación apropiada do EPI.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Identificando visualmente cada un dos elementos que forman o equipo.
- 1.3.2 Coñecendo a utilidade, a duración aproximada e as limitacións de estado de cada un dos compoñentes.
- 1.3.3 Colocando correctamente todos e cada un dos integrantes do equipo antes de realizar calquera operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Comprobar o estado dos elementos de seguridade.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Accionando o freo de cadea e comprobando a súa detención inmediata.
- 1.4.2 Comprobando o estado dos dentes da cadea.
- 1.4.3 Observando que a asa está firmemente suxeita ao corpo da motoserra.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.5 Poñer en marcha a motoserra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.5.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.5.2 Activando o freo de cadea.
- 1.5.3 Colocándoa dunha das tres formas existentes, apoiada no chan cun pé na asa, coa parte posterior entre os xeonllos, ou sostendo a motoserra coas mans.
- 1.5.4 Premendo o botón de arranque.
- 1.5.5 Tirando enerxicamente do cordón de arranque.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.6 Manexar a motoserra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.6.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.6.2 Asegurando a zona mantendo o resto de traballadores nun raio de 2,5 veces a altura da árbore.
- 1.6.3 Sostendo a máquina con firmeza e de forma adecuada polas súas asas.
- 1.6.4 Dirixindo a folla cara a adiante, evadindo o contacto corporal.
- 1.6.5 Evitando o choque do extremo da espada co fuste da árbore.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Motoserra

FERRAMENTAS

 EPI

 Caixa de urgencias

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Procesar a árbore mecánica-manualmente.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.1 Estimar a altura do pé.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Referenciando a árbore a alturas coñecidas.
- 2.1.2 Utilizando métodos de aproximación de alturas.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.2 Asegurar a zona de actuación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Trazando unha circunferencia ficticia cun raio de 2,5 veces aproximadamente a altura estimada da árbore.
- 2.2.2 Avisando ao resto do equipo de traballo que se vai proceder a realizar unha operación.
- 2.2.3 Observando que non exista presenza ningunha nos arredores antes de comezar.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.3 Preparar o corte.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando correctamente o EPI.
- 2.3.2 Limpando ao redor da árbore a maleza e obstáculos, así como o camiño de retirada.
- 2.3.3 Limpando as pólas da parte inferior do tronco.
- 2.3.4 Limpando do pé da árbore pedras ou obxectos que poidan interceder no camiño da espada da motoserra.
- 2.3.5 Eliminando nervaduras radiculares da base do fuste.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.4 Realizar o corte de entalladura.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Colocando correctamente o EPI.
- 2.4.2 Situando a folia de corte da motoserra preto da base da árbore.
- 2.4.3 Realizando un corte lonxitudinal perpendicular ao fuste da árbore.
- 2.4.4 Realizando un segundo corte que forme co anterior un ángulo de entre 30 e 60 graos, de forma que se poida retirar a cuña que se crea.
- 2.4.5 Retirando a cuña do tronco.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.5 Proceder ao corte de derribamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Colocando correctamente o EPI.
- 2.5.2 PÉS CON DIÁMETRO IGUAL Á LONXITUDE DA ESPADA
Realizando un corte a 3 cm sobre a base do corte de entalladura.
- 2.5.3 Abrindo un oco cunha anchura similar á da aresta de ruptura.
- 2.5.4 Introducendo toda a lonxitude da espada, xirando a ambos os dous lados e realizando o corte do núcleo.
- 2.5.5 PÉS CON DIÁMETRO INFERIOR Á LONXITUDE DA ESPADA
Introducindo a espada detrás do corte de entalladura.

- 2.5.6. Cortando en abano o resto do tronco.
- 2.5.7. PÉS CON DIÁMETRO SUPERIOR Á LONXITUDE DA ESPADA
Introducindo a parte inferior da espada e realizando un corte de 2/3 do diámetro do tronco.
- 2.5.8. Cortando coa parte superior da espada 2/3 do diámetro do fuste ata o corte de entalladura.
- 2.5.9. Introducendo cuñas no corte aberto para que non se entale a espada da motoserra.
- 2.5.10 Cortando coa parte inferior da cadea o terzo restante do diámetro do fuste asegurándose de que o corte se realiza por debaixo do anterior para evitar o contacto da cadea coa cuña.
- 2.5.11 Golpeando cun martelo a cuña ata o derribamento da árbore.
- 2.5.12 PÉS CON DIÁMETRO 2 VECES SUPERIOR Á LONXITUDE DA ESPADA
Introducindo a motoserra co bordo inferior da espada e realizando o corte coa parte superior desta ata a entalladura.
- 2.5.13 Continuando o corte co bordo inferior da folla de corte se termina a base do fuste ata a aresta de ruptura.
- 2.5.14 Utilizando cuñas durante o proceso para evitar entalladuras da espada a ambos os lados do corte.
- 2.5.15 Golpeando simultaneamente as cuñas de ambos lados para tirar o pé.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Derramar o fuste da árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Colocando correctamente o EPI.
- 2.6.2 Asegurando unha posición do corpo e unha separación dos pés adecuada.
- 2.6.3 Estudando a tensión das ramas para evitar aprisionamentos da espada e a distensión da cadea.
- 2.6.4 Apoando o corpo da motoserra sobre o fuste, situando a espada ao outro lado do tronco orientada cara a abaixo.
- 2.6.5 Elevando a espada se corta a póla situada no lado oposto.
- 2.6.6. Xirando o corpo da motoserra por encima do tronco e desprazando a espada se corta a póla superior.
- 2.6.7 Modificando a suxeición e xirando a espada de adiante a atrás se corta a póla do lado do motoserrista.
- 2.6.8 Gardando a posición móvese a motoserra ata o seguinte conxunto de pólas.
- 2.6.9 Cortando primeiramente a póla do lado do traballador en dirección de atrás a adiante.
- 2.6.10 Xirando o corpo da motoserra por encima do tronco e cortando a póla superior.
- 2.6.11 Modificando a posición da máquina, desprazándoa cara ao lado contrario, facendo descender a folla de corte e seccionando a póla.
- 2.6.12 Chegando ao último grupo de pólas, realízase o corte da póla do lado do motoserrista, seguidamente seccionase a superior e cunha pasada da serra en retroceso córtanse as pólas inferiores do fuste.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.7 Despuntar a árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.7.1 Colocando correctamente o EPI.
- 2.7.2 Seccionando o fuste da árbore pola zona na que o diámetro posúe o tamaño mínimo comercial establecido.

-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 2.8 Torar o fuste da árbore.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.8.1 Colocando correctamente o EPI.
 - 2.8.2 Analizando o estado de tensións (tracción/compresión) que temos na madeira para saber como dar o corte.
 - 2.8.3 Efectuando unha medida desde a base do fuste dunha lonxitude de 2,5 m cunha cinta métrica ou unha vara de lonxitude comprobada.
 - 2.8.4 COMPRESIÓN NA PARTE SUPERIOR DO TRONCO
Cortando un terzo do diámetro do fuste no lado contrario ao do motoserrista.
 - 2.8.5 Aproximando a máquina e cortando no sámago da parte superior.
 - 2.8.6 Dirixindo a espada cara a abaixo e introducíndoa ata o corte do lado contrario mantendo unha sección de apoio para evitar o entalado da cadea.
 - 2.8.7 Conservando a posición e baixando ata o fondo do tronco.
 - 2.8.8 Elevando a espada e cortando a sección de apoio.
 - 2.8.9 COMPRESIÓN NA PARTE INFERIOR DO TRONCO
Seccionando pola zona de compresión 1/3 do diámetro do tronco.
 - 2.8.10 Cortando o resto do fuste polo lado de tracción.
 - 2.8.11 Realizando un corte oblicuo en caso de risco de aprisionamento da espada.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 2.9 Obter toradas de calidade.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.9.1 Realizando os cortes limpamente.
 - 2.9.2 Coñecendo os riscos de deformacións da madeira, como as fendeduradas, que se producen realizando os cortes.
 - 2.9.3 Seccionando a ambos lados do corte de entalladura para evitar deformacións.
 - 2.9.4 Procurando manter a aresta de entalladura sen roturas.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 2.10 Identificar os distintos tipos de madeira por especie.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.10.1 Observando a forma, o tamaño, a disposición e a cor das follas da árbore.
 - 2.10.2 Observando a disposición e a forma das pólas.
 - 2.10.3 Observando a cor, o grosor, a rugosidade e a continuidade da cortiza.
 - 2.10.4 Observando se a árbore ten froitos, tendo en conta a época do ano.
 - 2.10.5 Observando o tamaño, a forma, a cor e a disposición dos froitos nas pólas.
 - 2.10.6 Coñecendo as características das especies máis habituais.
 - 2.10.7 Consultando unha guía de especies.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 2.11 Seleccionar árbores de apeo.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.11.1 Comprobando que a árbore pertence á/s especie/s obxecto de aproveitamento.
 - 2.11.2 Asegurándose que presenta as medidas comerciais esixidas.
 - 2.11.3 Comprobado que nela non se presenta ningún niño pertencente a unha especie protexida.
 - 2.11.4 Comprobando que a súa caída non dana os pés circundantes.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**
 Motoserra
FERRAMENTAS

✂ Cuñas
✂ Pancas
✂ Machadas
✂ Cinta métrica
✂ Caixa de urxencias
✂ Funil
✂ Vara calibrada
✂ EPI
✂ Recambios
✂ Instrumentos de afiar

PRODUTOS

💧 Gasolina
💧 Aceites

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**3 Regular e preservar o estado da motoserra.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 3.1 Coñecer o funcionamento do motor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Identificando as partes do motor.
- 3.1.2 Coñecendo a función que desempeña cada parte do motor.
- 3.1.3 Coñecer os principios de funcionamento dun motor de explosión de dous tempos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Axustar e conservar en bo estado o carburador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Illándoo do conxunto do motor.
- 3.2.2 Levantándolle o tapón do filtro do aire e retirando o filtro para limpalo de residuos.
- 3.2.3 Desmontando o *chiclé* e retirándolle os residuos.
- 3.2.4 Limpando a sucidade do carburador.
- 3.2.5 Montando e regulando correctamente o carburador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Revisar e manter o funcionamento do mecanismo de embrague.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Identificando erros no sistema de embrague.
- 3.3.2 Controlando a duración e cambiando periodicamente os resortes.
- 3.3.3 Substituíndo os contrapesos a medida que se desgasten.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Revisar e limpar ou substituír as buxías.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Sacando o capuchón protector da buxía unha vez arrefriada a máquina.
- 3.4.2 Desenroscando a buxía da culata.
- 3.4.3 Verificando a distancia entre os electrodos e o seu aspecto.
- 3.4.4 Axustando a separación entre os electrodos e limpándoos mediante un lixado lixeiro.
- 3.4.5 Substituíndo as buxías se os electrodos están danados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Axustar e realizar coidados aos elementos de corte.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 NO MONTE
Afiando os dentes de corte seguindo o ángulo do mesmo dente, suxeitando a espada a un cabaleta.
- 3.5.2 Evitando deixar calquera tipo de residuo ou resto derivado desta operación no terreo.
- 3.5.3 MANTEMENTO PERIÓDICO
Separando a carcasa dos parafusos de suxeición da espada.
- 3.5.4 Desmontando a espada do corpo da motoserra e á súa vez desmontando a cadea da espada.
- 3.5.5 Limpando a rañura da espada, os trades do aceite e os orificios de montaxe.
- 3.5.6 Comprobando o estado dos dentes da cadea e afiándoos se é necesario.
- 3.5.7. Colocando a cadea na espada e fixando a espada á motoserra.
- 3.5.8. Levando ao seu sitio a carcasa de protección dos parafusos de suxeición da espada.
- 3.5.9. Axustando mediante o parafuso correspondente a tensión da cadea segundo as especificacións do fabricante.
- 3.5.10 Executando unha comprobación de funcionamento.
- 3.5.11 Revisando a correcta lubricación da cadea, dirixíndoa coa espada sobre unha superficie despexada e clara e observando se perde aceite.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.6 Revisar os elementos de seguridade.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.6.1 Comprobando o funcionamento correcto do freo de cadea.
- 3.6.2 Observando o estado da asa da máquina e substituíndoo se é necesario.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.7 Manipular combustibles e aceites.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.7.1 Coñecendo a proporción de mestura de lubricante e gasolina que utiliza o motor da máquina.
- 3.7.2 Efectuando a mestura nas porcentaxes establecidas, evitando na medida do posible derramar no chan, xa que ambos os produtos son, ademais de inflamables e perigosos, contaminantes para o terreo.
- 3.7.3 Tendo coñecemento do tipo de aceite que se usa para o engraxamento do motor e para o engraxamento da cadea.
- 3.7.4 Revisando a marca do aceite no depósito de engraxamento da cadea e completándoo se fose preciso.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Motoserra

FERRAMENTAS

✂ Ferramenta universal
✂ Calibre
✂ Lima
✂ Torno de afiado
✂ Caixa de urxencias
✂ Funil
✂ Galga
✂ EPI

PRODUTOS

⬮ Gasolina
⬮ Aceites
⬮ Filtros
⬮ Buxías
⬮ Parafusos

■... 6.2.3.1.2. CONDUCTOR-OPERADOR DE COLLEITADORA FORESTAL

■... 6.2.3.1.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Condutor operador de colleitadora forestal
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro

■... 6.2.3.1.2.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Encargado da condución e da realización de todas as operacións da máquina sobre a árbore, así como do transporte e amoreamento da madeira cortada.

■... 6.2.3.1.2.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Capacidade visual e de memoria para identificar aqueles elementos mecánicos fundamentais e o estado que estes deben presentar para que o funcionamento da máquina sexa óptimo no desenvolvemento do traballo diario.
- Capacidade de razoamento dedutivo para prever as distintas configuracións operativas da máquina que as variacións nas condicións de traballo poden esixir.
- Actuar de maneira responsable na preparación da máquina para que esta desempeñe de forma segura o traballo.
- Atención e dilixencia para revisar periodicamente e manter os niveis de fluídos e engraxamento xeral dentro dos indicados polo fabricante.
- Actuar coidadosamente e con responsabilidade durante o manexo dos fluídos, combustibles e elementos de limpeza, para evitar calquera dano ambiental.
- Serenidade, precaución e decisión durante o uso dos extintores contra incendios.
- Responsabilidade e atención durante a colocación dos EPI para efectuala de forma adecuada.
- Habilidade manual para a aplicación de pequenas curas de emerxencia.
- Capacidade visual e memoria visual para identificar as deficiencias que o útil de corte poida presentar.
- Agudeza visual, capacidade espacial, cálculo de distancias relativas e tamaños co fin de determinar os elementos do terreo que poidan supor algunha dificultade ou perigo para o desempeño do traballo.
- Razoamento espacial e lóxico para interpretar os esquemas e instrucións dos manuais de funcionamento.
- Memoria das operacións para elixir os controis adecuados para a marcha e operación da máquina.
- Capacidade visual e memoria para identificar o significado dos distintos indicadores dos cadros de control.
- Serenidade, precaución e capacidade de dedución lóxica para corrixir os parámetros de funcionamento da máquina cando algún indicador expresa valores de funcionamento fóra do rango estipulado.
- Memoria e agudeza visual para identificar visualmente as distintas especies forestais.
- Habilidade manual xunto con agudeza visual e cálculo de distancias e magnitudes para operar o brazo telescópico do cabezal de procesamento.
- Memoria e capacidade de secuencialización de operacións para programar o módulo de control do cabezal procesador.
- Razoamento lóxico e metódico para interpretar os datos de comprobación do cabezal e arranxar aqueles que sexa posible mediante as funcións pertinentes do cabezal.
- Capacidade de atención, xunto con agudeza visual e capacidade para o cálculo de distancias para conducir en terreos con múltiples obstáculos e con condicións difí-

ciles, tanto orográficas como de adherencia.

- Razoamento lóxico e agudeza visual para identificar a zona máis idónea para a inmo-bilización da máquina.
- Atención e responsabilidade para estabilizar adecuadamente a máquina.
- Agudeza visual e capacidade de cálculo de alturas para determinar visualmente as árbores que entran dentro do rango de traballo da máquina.
- Capacidade para secuencializar mentalmente as operacións para elixir a velocidade de procesamento máis idónea en función do tipo de árbore cortada.
- Agudeza visual para determinar visualmente se o grao de calidade alcanzado coincide co agardado, corrixiendo esta diferenza se existise.
- Atención e habilidade manual para amorear de maneira segura e eficiente na plata-forma de carga.

>. Organizativas

- Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e compro-bacións.
- Manter en bo estado e accesibles os elementos de protección para a realización das revisións.
- Ter sempre en bo estado os EPI.
- Dispoñer o combustible, aceites e graxas nun lugar que non permita as fuxidas des-tes ao medio e que non presente perigo de incendio.
- Habilitar tanto a zona como os recipientes para a recollida de fluídos e pezas extra-ídas.
- Dispoñer os extintores en lugar visible e accesible.
- Almacenar os elementos de corte de maneira que as súas partes perigosas queden protexidas contra o contacto accidental.
- Dispoñer sempre os manuais en lugares de fácil acceso e convenientemente prote-xidos contra a intemperie e outros axentes nocivos para eles.
- Sistematizar a inspección do terreo para evitar que queden zonas opacas a esta.
- Secuencializar ordenadamente os valores dos indicadores de control da máquina.
- Coordinar o seu traballo co resto de operarios e traballadores de a pé.
- Distribuír a corta de maneira que se maximice o número de árbores que se poden tirar desde unha mesma posición e o espazo útil de traballo.
- Ordenar a colocación de troncos na plataforma para conseguir a mellor relación carga-volume e a posición máis estable.

>. Interaccións

- Relacionarse cos compañeiros de traballo.
- Tratar cos superiores inmediatos.
- Colaborar cos mecánicos.

>. Resposta a continxencias

- Reparar as pequenas avarías que aparecen durante o traballo.
- Apagar pequenos lumes.
- Buscar vías de acceso alternativo cando as principais se atopan impracticables.
- Actuar de maneira rápida e precisa ante alarmas no cadro de control da máquina.
- Curar pequenas feridas.
- Liberar o brazo telescópico se este queda enganchado ou trabado.
- Desatascar a cabeza procesadora pola presenza de pólas.
- Mover a máquina se esta queda atascada nalguna zona.
- Controlar as perdas de adherencia repentina.
- Contrarrestar os balanceos excesivos do brazo telescópico.

■.. 6.2.3.1.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Conducir a colleitadora.

- 2 Aproveitar a árbore.
- 3 Coidar e manter a colleitadora.

■.. 6.2.3.1.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Conducir a colleitadora.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Revisar a máquina antes da posta en marcha.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Comprobando que os *latiguillos* de conducción hidráulica non presentan fendas ou fugas que poden representar un risco durante o uso da máquina, así como unha agresión para o medio dado o seu alto poder contaminante.
- 1.1.2 Comprobando que os pneumáticos non presentan ningunha picada e que a presión e estado é o axeitado, así como se é necesario polo terreo ou circunstancias meteorolóxicas adversas a utilización de cadeas ou algún outro elemento que aumente o seu agarre.
- 1.1.3 Asegurándose de que os elementos de iluminación se encontren operativos e limpos.
- 1.1.4 Comprobando que os cristais estean limpos e sen fendas que poidan dificultar a visión.
- 1.1.5 Despexando as zonas de acceso á cabina da máquina.
- 1.1.6 Pechando e asegurando as cubertas de protección do motor.
- 1.1.7 Observando se os niveis de fluídos e de combustible son os adecuados para o desenvolvemento do traballo e completando estes no caso de que non o sexan.
- 1.1.8 Evitando a caída de fluídos e combustibles ao chan durante o proceso de carga e recollendo todos aqueles trapos ou algodóns que se utilizan para a limpeza.
- 1.1.9 Comprobando a presenza, funcionabilidade e accesibilidade dos extintores.
- 1.1.10 Asegurándose da presenza de caixa de urxencias na cabina.
- 1.1.11 Observando o estado do útil de corte, cambiándoo se non se atopa en boas condicións de uso.
- 1.1.12 Fixando as ferramentas e instrumentos que se transportan tanto dentro como fóra da cabina.
- 1.1.13 Colocándose os EPI adecuados.
- 1.1.14 Inspeccionando previamente a área de traballo co fin de detectar posibles obstáculos ou perigos.
- 1.1.15 Asegurándose de que os manuais de operación e mantemento se encontren no interior da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Desprazar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Comprobando que non se atope ningunha persoa dentro do raio de acción da máquina.
- 1.2.2 Asegurándose que tanto a transmisión como o freo estean en posición de estacionamento e os elementos móbiles en posición de repouso e sen presión ou enerxía acumulada.
- 1.2.3 Conectando o motor e comprobando que ningún dos pilotos de alerta do cadro acendese.
- 1.2.4 Deixando que o motor alcance a temperatura de traballo.

- 1.2.5 Comprobando que os datos de funcionamento indicados pola máquina se corresponden cos rexistrados na sesión de traballo anterior.
- 1.2.6 Conectando o sistema de iluminación se resulta necesario.
- 1.2.7 Adoptando unha posición de condución ergonómica e segura.
- 1.2.8 Usando o cinto de seguridade.
- 1.2.9 Asegurándose de que o brazo telescópico do cabezal de corte se encontra en posición baixa para evitar o impacto contra obstáculos en altura.
- 1.2.10 Pechando a porta e ventás.
- 1.2.11 Soltando os freos e facendo avanzar a máquina.
- 1.2.12 Evitando circular sobre árbores cortadas ou toradas.
- 1.2.13 Evitando as zonas con capacidade portante escasa, onde o paso da máquina provoca profundas rodeiras e compactación no terreo.
- 1.2.14 Rodeando as zonas que se atopen repoboadas, con rexeneración ou que sufriran un incendio recentemente.
- 1.2.15 Evitando pendentes laterais excesivas e circular seguindo a liña de máxima pendente.
- 1.2.16 Mantendo en todo momento unha velocidade moderada que permita o control da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Estacionar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Situando a maquinaria nun terreo o máis chan posible; en caso de que iso resulte imposible débense calzar convenientemente as rodas.
- 1.3.2 Comprobando que o terreo presenta a estabilidade e compactación adecuada para soportar o peso da máquina.
- 1.3.3 Afastando a máquina daqueles lugares que poidan ser o desaugadoiro natural de cursos temporais de auga ou corgos.
- 1.3.4 Evitando estacionar a máquina en zonas con capacidade portante escasa, onde a estancia da máquina provocaría profundas rodeiras e compactación no terreo.
- 1.3.5 Excluindo como zonas de aparcamento as zonas que se atopan repoboadas, con rexeneración ou que sufriran un incendio recentemente.
- 1.3.6 Asegurándose que o lugar non se atopa ameazado polo desprendemento de rochas, árbores ou movementos de terras.
- 1.3.7 Accionando o freo e situando transmisión en posición de estacionamento.
- 1.3.8 Descargando, se isto é posible, os equipos hidráulicos da presión de traballo deixándoos nos seus niveis máis baixos.
- 1.3.9 Recollendo a espada de corte e asentando as coitelas en posición segura.
- 1.3.10 Comprobando que o brazo telescópico se atope na súa posición de repouso e asegurado.
- 1.3.11 Recompilando os parámetros de funcionamento da máquina, necesarios para o mantemento e detección de avarías.
- 1.3.12 Recollendo os parámetros de produción diarios almacenados pola máquina.
- 1.3.13 Retirando do exterior da máquina todos os elementos soltos e colocándoos na cabina ou nos seus compartimentos correspondentes, pechando estes baixo chave.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

 Colleitadora forestal

FERRAMENTAS

✂ Gato hidráulico
 ✂ Bombas de reposición
 ✂ Bomba de engraxamento
 ✂ Máquina de lavado a presión
 ✂ Compresor de aire
 ✂ Manómetro
 ✂ Ferramenta manual variada
 ✂ Machada
 ✂ Serra
 ✂ EPI
 ✂ Cinto antivibración
 ✂ Calzos debidamente homologados
 ✂ Caixa de urxencias de emerxencia
 ✂ Cadeas para pneumáticos

PRODUTOS

💧 Produtos deterxentes
 💧 Aceites
 💧 Combustible
 💧 Lubricante
 💧 Valvulina
 💧 Graxa
 💧 Aceite
 💧 Anticonxelante
 💧 Auga destilada
 💧 Disolvente
 💧 Algodón mecánico
 💧 Lámpadas varias
 💧 Ópticas
 💧 Trapos varios
 💧 Limpacristais
 💧 Material para o rexistro de datos
 💧 Pneumáticos
 💧 *Latiguillos* hidráulicos
 💧 Luvas de traballo
 💧 Útil de corte

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**2 Aproveitar a árbore.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 2.1 Manexar o brazo telescópico para o aproveitamento e carga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Asegurándose de que nas inmediacións non se encontran obstáculos nin en altura nin a rentes do chan.
- 2.1.2 Coñecendo a carga máxima que pode alzar o brazo.
- 2.1.3 Sabendo a distancia máxima que pode separarse a carga da unión coa máquina sen facer que esta sufra forzas de torsión inadmisibles nin que a súa estabilidade se vexa comprometida.
- 2.1.4 Situándose no lugar que permita a accesibilidade a un maior número de pés co mínimo de movemento.
- 2.1.5 Aproximando o brazo ata a base da árbore para fixar o pé antes do corte.
- 2.1.6 Controlando a dirección e velocidade de caída da árbore.
- 2.1.7 Depositando os troncos no remolque de transporte de maneira segura e eficiente.
- 2.1.8 Evitando golpear ou rozar os troncos das árbores circundantes durante o proceso de desprazamento do brazo pola parcela.
- 2.1.9 Colocando o brazo no seu lugar de repouso unha vez finalizado o traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Cortar, derramar e descortizar a árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Comprobando que a zona de corta se atope libre de obstáculos e persoas.

- 2.2.2 Situándose nunca posición que permita alcanzar a maior cantidade posible de árbores e dispoña dunha boa visibilidade arredor.
- 2.2.3 Colocando a máquina en liña de máxima pendente se resulta imposible emprazala nunha zona chá.
- 2.2.4 Activando o freo de estacionamento e estabilizando a máquina mediante as patas antipar.
- 2.2.5 Mantendo a porta e as ventás pechadas para evitar a entrada de obxectos.
- 2.2.6 Advertindo aos operarios de a pé o inicio das operacións, e comprobando que se atopen fóra da zona de acción da máquina.
- 2.2.7 Comprobando que nas inmediacións ou sobre a máquina non se encontran cables de tendido eléctrico ou torres eléctricas.
- 2.2.8 Elixindo como árbores aquelas que se localicen dentro da capacidade de traballo da máquina.
- 2.2.9 Aproximando o cabezal á parte máis baixa posible da árbore elixida e fixándoo a ela.
- 2.2.10 Activando o sistema de corte do cabezal.
- 2.2.11 Dirixindo a caída da árbore cara a unha zona que permita a realización dos labores posteriores.
- 2.2.12 Evitando durante o proceso de corta causarlle danos á masa que non é obxecto de aproveitamento.
- 2.2.13 Colocando o fuste da árbore en posición horizontal para o seu posterior procesamento.
- 2.2.14 Elixindo a velocidade de xiro dos rodets de arrastre en función do grosor e densidade da ramaxe para evitar atascos.
- 2.2.15 Accionando os rodets de arrastre e activando as coitelas derramadoras.
- 2.2.16 Realizando varias pasadas do tronco sobre o cabezal para eliminar todo resto de pólas.
- 2.2.17 Accionando as coitelas de descortizado e dando varias pasadas ao fuste sobre o cabezal.
- 2.2.18 Detectando e resolvendo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Recoñecer as principais especies de interese forestal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Coñecendo a influencia que a rexión climática presenta para a presenza dun tipo ou outro de especies.
- 2.3.2 Coñecendo a influencia que a topografía e o solo presentan para as distintas especies.
- 2.3.3 Memorizando aquelas características anatómicas foliares, florais e froiteiras típicas de cada especie de interese para a explotación forestal.
- 2.3.4 Asociando a altura e o tipo de porte a unha especie.
- 2.3.5 Coñecendo as características anatómicas, florais e froiteiras de especies que se atopen asociadas ás de explotación pero que estean protexidas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Manexar o sistema de control electrónico do cabezal procesador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Coñecendo as funcións que pode realizar o control.
- 2.4.2 Sabendo navegar entre os menús do programa de control e accionar as combinacións de teclas adecuadas para activar as distintas opcións deste.

- 2.4.3 Programando a lonxitude á que debe realizarse o corte das toradas.
- 2.4.4 Fixando o diámetro mínimo de corte do extremo delgado do pé.
- 2.4.5 Consultando os rendementos de extracción en tempo real.
- 2.4.6 Extraendo inventarios do número e volume da madeira extraída en base a múltiples parámetros.
- 2.4.7 Gravando todos os datos de produción que resulten útiles.
- 2.4.8 Gravando configuracións de funcionamento para posteriores usos.
- 2.4.9 Borrando todos aqueles datos que xa foron almacenados noutros soportes ou que carecen xa de interese.
- 2.4.10 Eliminando as configuracións de funcionamento obsoletas.
- 2.4.11 Interpretando as mensaxes e datos que subministra o elemento de control.
- 2.4.12 Usando as funcións de comprobación e reparación que ofrezca o controlador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Torar, despuntar e amorear na plataforma de carga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Coñecendo en todo momento as dimensións das toradas e diámetro mínimo en punta delgada das árbores que se van aproveitar.
- 2.5.2 Programando o ordenador da colleitadora para que efectúe os cortes baixo os parámetros esixidos.
- 2.5.3 Accionando o proceso de torado automático.
- 2.5.4 Vixiando que o proceso se leva a cabo cumprindo os parámetros esixidos.
- 2.5.5 Deixando a punta no solo e amoreando de maneira segura e eficiente na plataforma de carga as toradas acabadas de cortar.
- 2.5.6 Detectando e corrixindo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Sacar a madeira.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Comprobando que a plataforma de carga se atopa ocupada na súa totalidade.
- 2.6.2 Verificando que a disposición da carga é segura para o transporte.
- 2.6.3 Advertindo da súa intención de desprazarse ao resto de máquinas e operarios.
- 2.6.4 Soltando os sistema de estacionamento e levantando as patas de estabilización.
- 2.6.5 Desprazando a máquina a unha velocidade que permita o seu control, evitando as pendentes laterais, obstáculos e usando a liña de máxima pendente para desprazarse.
- 2.6.6 Circulando por aquelas zonas nas que se cause o menor dano posible tanto ao solo como ao voo.
- 2.6.7 Estabilizando e inmovilizando a máquina e depositando a madeira no cargadeiro ou no camión de transporte.
- 2.6.8 Detectando e corrixindo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Camión de transporte
-  Colleitadora forestal

FERRAMENTAS

-  Bombas de abastecemento
-  Gato hidráulico
-  Bomba de engraxamento

PRODUTOS

-  Combustible
-  Produtos deterxentes
-  Lubricante

✕ Máquina de lavado a presión	◆ Valvulina
✕ Compresor de aire	◆ Graxa
✕ Manómetro	◆ Aceite
✕ Ferramenta manual variada	◆ Anticonxelante
✕ Machada	◆ Auga destilada
✕ Serra	◆ Disolvente
✕ EPI	◆ Algodón mecánico
✕ Cinto antivibración	◆ Lámpadas varias
✕ Calzos debidamente homologados	◆ Ópticas
✕y Caixa de urxencias de emerxencia	◆ Trapos varios
✕ Cadeas para pneumáticos	◆ Limpacristais
	◆ Material para o rexistro de datos

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Coidar e manter a colleitadora.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Recoñecer os elementos mecánicos principais da máquina e realizar mantemento básico.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Identificando as distintas partes do motor e as funcións que realizan.
- 3.1.2 Aprendendo a relacionar os síntomas das avarías cos elementos implicados.
- 3.1.3 Parando o motor sempre antes de operacións de limpeza ou mantemento.
- 3.1.4 Afastándose sempre de cursos de auga, mananciais ou zonas de elevada permeabilidade para realizar os labores de limpeza e mantemento, co fin de evitar a contaminación de acuíferos.
- 3.1.5 Usando sempre luvas para evitar o contacto da pel con aceites ou fluídos hidráulicos a presión, que poderían ser perigosos.
- 3.1.6 Realizando os engraxamentos coa periodicidade e sobre os elementos que indica o fabricante.
- 3.1.7 Comprobando o estado dos distintos elementos filtrantes da máquina e substituíndoos se isto fora necesario.
- 3.1.8 Revisando e substituíndo aqueles elementos, tales como catalizadores, que aseguran unha redución no nivel de emisións gasosas contaminantes.
- 3.1.9 Mantendo os niveis de fluído nos niveis adecuados e substituíndo ou repoñendo cando sexa necesario, asegurándose previamente da ausencia de presión dentro do circuito.
- 3.1.10 Comprobando regularmente o sistema eléctrico e de iluminación.
- 3.1.11 Mantendo en bo estado o sistema de freos.
- 3.1.12 Conservando adecuadamente o sistema de dirección.
- 3.1.13 Recollendo sempre todos os fluídos e repostos extraídos das máquinas para evitar que poidan danar o medio natural.
- 3.1.14 Observando sempre as normas de seguridade naqueles mecanismos, fluídos ou repostos que comporten un risco para a saúde.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Realizar o mantemento do brazo telescópico e cabezal de procesamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Comprobando que as distintas seccións do brazo telescópico se encontran perfectamente engraxadas.
- 3.2.2 Asegurándose de que os elementos de unión brazo telescópico-máquina se atopan firmes sen presenza de fendas ou corrosión.
- 3.2.3 Examinando o estado dos condutos de fluído hidráulico que alimentan o brazo telescópico.
- 3.2.4 Extraendo o elemento de corte do cabezal comprobando a ausencia de gretas e se o seu grao de afiado é o axeitado, cambiándoo en caso contrario.
- 3.2.5 Mantendo o sistema de engraxamento do elemento de corte en bo estado.
- 3.2.6 Comprobando que a aliñación do equipo é a correcta, aliándoo en caso contrario.
- 3.2.7 Vixiando que o desgaste dos rodets de arrastre impidan a correcta alimentación do cabezal.
- 3.2.8 Mantendo ben afiadas as coitelas de derramado e descortizado.
- 3.2.9 Asegurándose de que as garras de suxeición se atopan firmes e cunha alimentación hidráulica correcta.
- 3.2.10 Manipulando os elementos de corte con suma precaución e usando os elementos de protección adecuados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Manexar coidadosamente a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Deixando sempre que o motor alcance a temperatura de réxime antes de comezar o traballo.
- 3.3.2 Circulando a velocidades moderadas cando se despraza por zonas moi accidentadas.
- 3.3.3 Evitando na medida do posible os esforzos de torsión sobre o chasis e a transmisión.
- 3.3.4 Evitando procesar árbores que polas súas dimensións poden supor un esforzo excesivo tanto para as unións dos distintos elementos como para o motor e brazo telescópico e para o cabezal de procesamento.
- 3.3.5 Reducindo ao máximo os balanceos do brazo telescópico, cando este se cargue, minimizando desta maneira os esforzos sobre o conxunto.
- 3.3.6 Deixando que o motor se manteña un rato ao ralenti antes de apagar o motor.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Colleitadora forestal

FERRAMENTAS

- ✂ Gato hidráulico
- ✂ Bombas de abastecemento
- ✂ Bomba de engraxamento
- ✂ Máquina de lavado a presión
- ✂ Compresor de aire
- ✂ Manómetro
- ✂ Ferramenta manual variada
- ✂ EPI
- ✂ Serra
- ✂ Calzos debidamente

PRODUTOS

- 💧 Produtos deterxentes
- 💧 Combustible
- 💧 Lubricante
- 💧 Valvulina
- 💧 Graxa
- 💧 Aceite
- 💧 Anticonxelante
- 💧 Auga destilada
- 💧 Disolvente
- 💧 Algodón mecánico
- 💧 Lámpadas varias
- 💧 Ópticas

homologados
✕ Caixa de urxencias
de emerxencia

💧 Trapos varios
💧 Limpacristais
💧 Material para o
rexistro de datos

■.. 6.2.3.1.3. CONDUTOR-OPERADOR DE AUTOCARGADOR E SKIDDER

■.. 6.2.3.1.3.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Condutor-operador de autocargador e skidder
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro

■.. 6.2.3.1.3.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Encárgase de realizar os traballos de sacar a madeira do monte mediante o transporte suspendido, semisuspendido ou por arrastre desta ata o cargadeiro.

■.. 6.2.3.1.3.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Habilidade manual e memoria visual para substituír os elementos do sistema hidráulico deteriorados.
- Responsabilidade, capacidade visual e táctil, así como memoria para axustar as características dos distintos elementos ás condicións máis adecuadas para o seu uso.
- Atención e responsabilidade ao realizar as operacións de mantemento e reparación da máquina de forma respectuosa co medio.
- Serenidade, decisión e prudencia á hora de controlar os lumes que se poidan producir tanto nas máquinas como nos repostos, accesorios e lubricantes necesarios para o seu funcionamento.
- Colocar correctamente os EPI específicos para o desempeño da ocupación.
- Capacidade espacial e ordenamento mental lóxico para comprender os manuais de funcionamento e entretemento propios da máquina.
- Memoria e capacidade analítica para interpretar o significado dos valores de cada un dos indicadores, así como o fallo asociado a cada un dos pilotos de alerta do cadro.
- Responsabilidade e habilidade manual para manipular con seguridade e precisión os mandos necesarios para o desprazamento e manexo da máquina.
- Habilidade manual e capacidade para a secuencialización lóxica das operacións para dispoñer adecuadamente o guindastre na máquina en función de cada unha das operacións realizadas.
- Serenidade, habilidade manual e capacidade espacial e de medida das distancias para desprazar a máquina de maneira segura en condicións topográficas variables e difíciles, así como con distintos niveis de carga.
- Responsabilidade e ordenamento mental lóxico para asentar a máquina de maneira estable e segura para a realización da operacións de carga ou enganche.
- Habilidade manual e capacidade espacial e de medida de distancias para manexar o guindastre de maneira eficiente e segura.
- Capacidade espacial e habilidade manual para estibar a carga de forma estable e co máximo aproveitamento de espazo.
- Memoria, capacidade espacial e memoria para realizar reparacións mecánicas básicas.
- Serenidade, decisión e habilidade manual para aplicar pequenas curas de emerxencia.

>. Organizativas

- Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e comprobacións.
- Manter en bo estado e accesibles os elementos de protección para a realización das revisións.
- Ter sempre en bo estado os EPI.
- Dispoñer o combustible, aceites e graxas nun lugar que non permita o derrame destes ao medio e que non presente perigo de incendio.
- Habilitar tanto a zona como os recipientes para a recollida de fluídos e pezas extraídas.
- Dispoñer os extintores en lugar visible e accesible.
- Almacenar os elementos de corte de maneira que as súas partes perigosas queden protexidas contra o contacto accidental.
- Dispoñer sempre os manuais en lugares de fácil acceso e convenientemente protexidos contra a intemperie e outros axentes prexudiciais para eles.
- Sistematizar a inspección do terreo para evitar que queden zonas opacas.
- Secuencializar ordenadamente os valores dos indicadores de control da máquina.
- Coordinar o seu traballo co resto de operarios e traballadores de a pé.
- Ordenar a colocación de troncos na plataforma para conseguir a mellor relación carga-volume e a posición máis estable.

>. Interaccións

- Relacionarse cos compañeiros de traballo.
- Tratar cos superiores inmediatos.
- Colaborar cos mecánicos.

>. Resposta a contingencias

- Reparar as pequenas avarías que aparecen durante o traballo.
- Apagar pequenos lumes.
- Buscar vías de acceso alternativo cando as principais se presenten impracticables.¹ Actuar de maneira rápida e precisa ante alarmas no cadro de control da máquina.¹ Curar pequenas feridas.
- Liberar o guindastre se este queda enganchado ou trabado.
- Mover a máquina se esta queda atascada nalgunha zona.
- Controlar as perdas de adherencia repentina.
- Contrarrestar os balanceos excesivos do guindastre.

■.. 6.2.3.1.3.4. UNIDADES DE COMPETENCIA**>.. UNIDADES DE COMPETENCIA**

- 1 Conducir a máquina.
- 2 Preparar a carga para o transporte.
- 3 Transportar.
- 4 Coidar e manter a máquina.

■.. 6.2.3.1.3.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**>. UNIDADE DE COMPETENCIA****1 Conducir a máquina.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 1.1 Inspeccionar a máquina antes da posta en marcha.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Comprobando que os *latiguillos* de conducción hidráulica, tanto do sistema de dirección como no de elevación, non presentan fendas ou perdas que poidan representar un risco durante o uso da máquina, así como unha agresión para o medio dado o seu alto poder contaminante.

- 1.1.2 Comprobando que os pneumáticos non presentan ningunha picada e que a presión e estado é o adecuado, así como se é necesario polo terreo ou circunstancias meteorolóxicas adversas a utilización de cadeas ou algún outro elemento que aumente o seu agarre.
- 1.1.3 Asegurándose que os elementos de iluminación se encontran operativos e limpos.
- 1.1.4 Comprobando que os cristais se atopan limpos e sen fendas que poidan dificultar a visión.
- 1.1.5 Despejando as zonas de acceso á cabina da máquina.
- 1.1.6 Inspeccionando os cables do cabrestante para comprobar se se atopan rotos ou esfañados, procedendo ao seu cambio se o 10% dos fíos se ven danados nunha extensión equivalente a 8 veces o diámetro do cable.
- 1.1.7 Inspeccionando o remolque para comprobar que se encontra despejado e que as barras de limitación de altura de carga se encontran colocadas e en bo estado.
- 1.1.8 Revisando o estado dos ganchos de fixación das moreas de arrastre.
- 1.1.9 Observando se os niveis de fluídos e de combustible son os axeitados para o desenvolvemento do traballo e completando estes no caso de que non o sexan.
- 1.1.10 Evitando a caída de fluídos e combustibles ao chan durante o proceso de carga e recollendo todos aqueles trapos ou algodóns utilizados para a limpeza.
- 1.1.11 Comprobando a presenza, funcionabilidade e accesibilidade dos extintores.
- 1.1.12 Pechando e asegurando as cubertas de protección do motor.
- 1.1.13 Comprobando que as patas antienvorcadura se atopan perfectamente operativas.
- 1.1.14 Inspeccionando o estado da pa frontal e das súas unións co chasis.
- 1.1.15 Asegurando que o cabrestante frontal se encontra operativo así como que o seu cable presenta un bo estado de uso.
- 1.1.16 Fixando as ferramentas e instrumentos que se transportan tanto dentro coma fóra da cabina.
- 1.1.17 Colocando os EPI adecuados.
- 1.1.18 Inspeccionando previamente a área de traballo co fin de detectar posibles obstáculos ou perigos.
- 1.1.19 Asegurándose de que os manuais de operación e mantemento se encontran no interior da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Desprazar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Comprobando que non se encontra ningunha persoa dentro do raio de acción da máquina.
- 1.2.2 Asegurándose de que tanto a transmisión como o freo se atopan en posición de estacionamento e os elementos móbiles en posición de repouso e sen presión ou enerxía acumulada.
- 1.2.3 Conectando o motor e comprobando que ningún dos pilotos de alerta do cadro se acendan.
- 1.2.4 Deixando que o motor alcance a temperatura de traballo.
- 1.2.5 Conectando o sistema de iluminación.
- 1.2.6 Comprobando que os cables e os enganches se atopan convenientemente colocados na estrutura do *skidder* cando este viaxa baleiro.

- 1.2.7 Adoptando unha posición de condución ergonómica e segura.
- 1.2.8 Asegurándose de que o guindastre está adecuadamente inmovilizado antes de poñer a máquina en movemento.
- 1.2.9 Comprobando que as patas antienvorcadura se encontran completamente levantadas e aseguradas.
- 1.2.10 Utilizando o cinto de seguridade.
- 1.2.11 Pechando a porta e ventás.
- 1.2.12 Soltando os freos e facendo avanzar a máquina.
- 1.2.13 Evitando circular sobre árbores cortadas ou toradas.
- 1.2.14 Evitando as zonas con capacidade portante escasa, onde o paso da máquina provoca profundas rodeiras e compactación no terreo.
- 1.2.15 Rodeando as zonas que se atopan repoboadas, con rexeneración ou que sufriran un incendio recentemente.
- 1.2.16 Evitando pendentes laterais excesivas e circulando seguindo a liña de máxima pendente.
- 1.2.17 Se a pendente é moi forte, estender o guindastre en dirección costa a arriba para incrementar a estabilidade.
- 1.2.18 Mantendo en todo momento unha velocidade moderada que permita o control da máquina.
- 1.2.19 Freando co motor nas pendentes fortes, conducindo en liña recta, usando marchas redutoras, bloqueos de diferencial e evitando ao máximo o uso do freo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Estacionar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Elixindo un terreo o máis chan posible e con bo firme.
- 1.3.2 Apartando a máquina de zonas con perigo de desprendementos ou correntes de terra.
- 1.3.3 Colocando a máquina separada de cursos de auga tanto temporais como permanentes, así como desaugadoiros naturais, polas subas repentinas de nivel que estes poden sufrir.
- 1.3.4 Procurando que o remolque de transporte estea baleiro.
- 1.3.5 Cravando a pa dianteira no chan para que actúe como freo.
- 1.3.6 Colocando o guindastre no seu soporte de repouso.
- 1.3.7 Accionando o cabrestante para deixar percorrido o cable de arrastre.
- 1.3.8 Baixando as patas antienvorcadura para aumentar a estabilidade da máquina.
- 1.3.9 Conectando o freo de estacionamento e deixando engrenada unha relación.
- 1.3.10 Apagando o motor e desconectando todos os sistemas eléctricos e de carga hidráulicos de dirección e izado do guindastre.
- 1.3.11 Calzando mediante un elemento construído para o efecto a máquina se a pendente é excesiva.
- 1.3.12 Pechando os compartimentos, tapas de motor así como a cabina de mando.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor autocargador
-  Tractor arrastrador

FERRAMENTAS

-  Gato hidráulico
-  Bombas de abastecemento
-  Bomba de engraxamento
-  Máquina de lavado a presión

PRODUTOS

-  Combustible
-  Lubricante
-  Valvulina
-  Graxa
-  Aceite

✕ Compresor de aire	◆ Anticonxelante
✕ Manómetro	◆ Auga destilada
✕ Ferramenta manual variada	◆ Disolvente
✕ Machada	◆ Algodón mecánico
✕ Serra	◆ Lámpadas varias
✕ EPI	◆ Ópticas
✕ Cinto antivibración	◆ Trapos varios
✕ Calzos debidamente homologados	◆ Limpacristais
✕ Caixa de urxencias de emerxencia	◆ Luvas de traballo
✕ Cables de arrastre	◆ <i>Latiguillos</i> hidráulicos
✕ Poleas	◆ Útil de corte
✕ Enganches (chokers)	◆ Pneumáticos
✕ Cadeas para pneumáticos	

➤. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Preparar a carga para o transporte.

➤.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Coñecer a función e accionamento dos mandos do guindastre do autocargador.

➤... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Coñecendo os movementos que pode realizar o guindastre.
- 2.1.2 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.
- 2.1.3 Identificando as distintas partes do guindastre e a súa función dentro do proceso de movemento de cargas.
- 2.1.4 Coñecendo a relación entre desprazamento da panca e movemento do guindastre.
- 2.1.5 Coñecer a secuencia correcta de accionamento das pancas para cada un dos movementos que pode realizar o guindastre.

➤.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Recoller e estibar a carga no autocargador.

➤... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Sabendo a lonxitude máxima de alcance do brazo e situándose nunha posición que permita extraer a máxima cantidade de madeira.
- 2.2.2 Asegurándose de que no brazo nas súas operacións non se atopará con obstáculos que dificulten ou impidan o seu traballo
- 2.2.3 Dispoñendo sempre de visibilidade en todo o raio de acción do guindastre.
- 2.2.4 Asegurándose de que dentro do raio de acción do guindastre non se encontra ningunha persoa ou que evoluciona outra máquina.
- 2.2.5 Baixando as patas antienvorcadura para estabilizar o autocargador.
- 2.2.6 Cargando o brazo sempre por debaixo do límite de seguridade.
- 2.2.7 Separando o brazo do autocargador sempre por debaixo do par de seguridade.

- 2.2.8 Identificando o grao de humidade que poden presentar as cortizas dos rolos e tendo en conta como isto pode afectar á calidade do agarre da pinza.
- 2.2.9 Colocando a pinza sobre a carga e recollendo esta o máis centrada posible.
- 2.2.10 Evitando tomar unha cantidade de madeira que impida un peche efectivo da pinza.
- 2.2.11 Asentando os rolos de madeira tanto transversal como lonxitudinalmente para maximizar o volume cargado, depositándoos de tal maneira que queden perfectamente estibados.
- 2.2.12 Evitando durante o proceso de carga danar as árbores que se sitúen arredor.
- 2.2.13 Facendo sempre que a carga quede depositada por debaixo dos límites impostos polas barras de carga laterais e posterior así como a reixa dianteira do remolque.
- 2.2.14 Facendo que a anchura da carga sexa sempre inferior á do remolque para evitar que quede atascado en zonas estreitas, recortando se fai falla a lonxitude sobranete.
- 2.2.15 Depositando o guindastre no seu soporte unha vez rematada a carga e antes de realizar o transporte desta.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Coñecer a función e accionamento dos mandos do cabrestante do *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.
- 2.3.2 Identificando as distintas partes do cabrestante e a súa función dentro do proceso de arrastre de cargas.
- 2.3.3 Realizando a correcta instalación do cable co fin de evitar atascos do cabrestante.
- 2.3.4 Coñecer as partes do enganche e como se debe de utilizar para suxeitar as moreas de arrastre.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Coñecer a función e accionamento dos mandos da pinza do *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.
- 2.4.2 Identificando as distintas partes da pinza e cabrestante asociado así como a súa función dentro do proceso de arrastre semisuspendido de cargas.
- 2.4.3 Realizando a correcta instalación do cable co fin de evitar atascos do cabrestante.
- 2.4.4 Coñecer as partes do enganche e como se debe de utilizar para suxeitar as moreas de arrastre.
- 2.4.5 Accionando o control da pinza e comprobando que a súa apertura e peche se realiza libremente e sen esforzo.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor autocargador
-  Tractor arrastrador

FERRAMENTAS

- ✘ Bomba de engraxamento
- ✘ Compresor de aire
- ✘ Manómetro
- ✘ Ferramenta manual variada
- ✘ Machada
- ✘ Serra
- ✘ EPI
- ✘ Cinto antivibración
- ✘ Caixa de urxencias de emerxencia
- ✘ Cables de arrastre
- ✘ Poleas
- ✘ Enganches (*chokers*)
- ✘ Cadeas para pneumáticos

PRODUTOS

- ◆ Combustible
- ◆ Lubricante
- ◆ Valvulina
- ◆ Graxa
- ◆ Aceite
- ◆ Algodón mecánico
- ◆ Lámpadas varias
- ◆ Ópticas
- ◆ Luvas de traballo
- ◆ *Latiguillos* hidráulicos
- ◆ Útil de corte
- ◆ Pneumáticos

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Transportar.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Desprazar a carga co autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Coñecendo a posición do cargadeiro con relación á zona de carga e escollendo a dirección que garde unha mellor relación distancia-dificultade orográfica.
- 3.1.2 Coñecendo as limitacións de carga do autocargador e introducindo sempre un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.
- 3.1.3 Coñecendo e respectando as limitacións dinámicas do autocargador, pendente máxima superable, pendente máxima lateral con carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.
- 3.1.4 Asegurándose de que o guindastre está adecuadamente inmovilizado antes de poñer a máquina en movemento.
- 3.1.5 Determinando se a capacidade portante do solo é suficiente para soportar o paso do autocargador, elixindo unha rota alternativa se non é así.
- 3.1.6 Evitando o desprazamento da máquina sobre terreo con tendencia ás rodeiras así como en zonas que presenten vexetación nacente.
- 3.1.7 Colocándose o cinto de seguridade.
- 3.1.8 Evitando o paso do remolque por zonas estreitas que poden danar a cortiza de árbores en pé.
- 3.1.9 Comprobando que o estado dos freos é o adecuado, introducir unha marcha reducida e bloquear os diferenciais antes de iniciar unha forte pendente.
- 3.1.10 Evitando nas pendentes laterais fortes os xiros cara a arriba.
- 3.1.11 Estendendo o guindastre en dirección costa arriba se a pendente é moi forte.
- 3.1.12 Usando o freo motor nos descensos prolongados, aplicando unha lixeira aceleración se se perde tracción e mantendo a dirección recta.

- 3.1.13 Reducindo ao máximo as paradas en pendente e se isto non é posible auxiliándose con canotos ou outros elementos para facilitar o arranque.
- 3.1.14 Vixiando en todo momento o estado do terreo cara ao que nos diriximos para evitar irregularidades ou obstáculos que se encontren pouco visibles.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Arrastrar a carga co *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Coñecendo a posición do cargadeiro con relación á zona de carga e escollendo a dirección que garde unha mellor relación distancia-dificultade orográfica.
- 3.2.2 Coñecendo as limitacións de carga do *skidder* e arrastrando un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.
- 3.2.3 Coñecendo e respectando as limitacións dinámicas do *skidder*, pendente máxima superable con carga sen elevación da máquina, pendente máxima lateral con carga sen arrastre da máquina pola carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.
- 3.2.4 Coñecendo sempre a posición do operario de enganche durante a fase de aproximación, carga e afastamento.
- 3.2.5 Enganchando a carga preferiblemente costa abaixo, posto que permite un mellor tensado do cable e un maior control do movemento dos troncos.
- 3.2.6 Acordando co operario de carga un conxunto de sinais que lle permitan ao condutor saber cando a carga se atopa suxeita e pode empezar a ser arrastrada.
- 3.2.7 Evitando o paso por zonas de terreo brando nas cales o dano producido por arrastre e compactación é moi alto.
- 3.2.8 Determinando se a capacidade portante do solo é suficiente para soportar o paso do autocargador, elixindo unha rota alternativa se non é así.
- 3.2.9 Evitando os arrastres de carga moi afastada do eixe do vehículo.
- 3.2.10 Usando, en caso de necesidade, o cabrestante en árbores secas, evitando o uso en árbores vivas debido ao enorme dano producido sobre elas.
- 3.2.11 Comprobando que o estado dos freos é o adecuado, introducir unha marcha reducida e bloquear os diferenciais antes de iniciar unha forte pendente.
- 3.2.12 Usando o freo motor nos descensos prolongados, aplicando unha lixeira aceleración se se perde tracción e mantendo a dirección recta.
- 3.2.13 Vixiando en todo momento o estado do terreo cara ao que nos diriximos para evitar irregularidades ou obstáculos que se atopen pouco visibles.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Descargar e amorear en cargadeiro con autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Advertindo da nosa presenza ao resto de operarios e máquinas presentes no cargadeiro.
- 3.3.2 Situando o autocargador nunha zona que permita unha boa visibilidade en todo o raio de acción da máquina e que permita depositar de maneira estable e segura a maior cantidade de troncos.
- 3.3.3 Inmobilizando a máquina de maneira segura.
- 3.3.4 Buscando unha zona o máis plana posible e baixando as patas antienforcadura para estabilizala.

- 3.3.5 Retirando a madeira do remolque e colocándoa en moreas que non deben exceder en moito os dous metros de altura.
- 3.3.6 Distribuindo a madeira de forma uniforme por todo o parque, evitando o seu amontoamento en moreas que dificulten o tránsito e a carga.
- 3.3.7 Desprazando a velocidade moderada polo cargadeiro, tanto á entrada como á saída, o autocargador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Depositar a madeira no cargadeiro con *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Advertindo da nosa presenza ao resto de operarios e máquinas presentes no cargadeiro.
- 3.4.2 Buscando unha zona despexada para deixar a carga de madeira, de maneira que sexa facilmente accesible para os guindastres de carga e non interrompa a entrada doutras máquinas.
- 3.4.3 Inmobilizando a máquina de maneira segura.
- 3.4.4 Distribuindo a madeira de forma uniforme por todo o parque, evitando o seu amontoamento en moreas que dificulten o tránsito e a carga.
- 3.4.5 Desprazando a velocidade moderada polo cargadeiro, tanto á entrada como á saída, o autocargador.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Tractor autocargador	✂ Bomba de engraxamento	💧 Combustible
 Tractor arrastrador	✂ Compresor de aire	💧 Lubricante
	✂ Manómetro	💧 Valvulina
	✂ Ferramenta manual variada	💧 Graxa
	✂ Machada	💧 Aceite
	✂ Serra	💧 Algodón mecánico
	✂ EPI	💧 Lámpadas varias
	✂ Cinto antivibración	💧 Ópticas
	✂ Caixa de urxencias de emerxencia	💧 Luvas de traballo
	✂ Cables de arrastre	💧 <i>Latiguillos</i> hidráulicos
	✂ Poleas	💧 Útil de corte
	✂ Enganches (<i>chokers</i>)	💧 Pneumáticos
	✂ Cadeas para pneumáticos	

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Coidar e manter a máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Recoñecer os elementos mecánicos principais da máquina e realizar o mantemento básico.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Identificando as distintas partes do motor e as funcións que realizan.
- 4.1.2 Aprendendo a relacionar os síntomas das avarías cos elementos implicados.
- 4.1.3 Parando o motor sempre antes de operacións de limpeza ou mantemento.
- 4.1.4 Afastándose sempre de cursos de auga, mananciais ou zonas de elevada permeabilidade para realizar os labores de limpeza e mantemento, co fin de evitar a contaminación de acuíferos.

- 4.1.5 Usando sempre luvas para evitar o contacto da pel con aceites ou fluídos hidráulicos a presión, que poderían ser perigosos.
- 4.1.6 Realizando os engraxamentos coa periodicidade e sobre os elementos que indica o fabricante.
- 4.1.7 Comprobando o estado dos distintos elementos filtrantes da máquina e substituíndoos se isto fora necesario.
- 4.1.8 Revisando e substituíndo aqueles elementos, tales como catalizadores, que aseguran unha redución no nivel de emisións gasosas contaminantes.
- 4.1.9 Mantendo os niveis de fluído nos niveis adecuados e substituíndo ou repondo cando sexa necesario, asegurándose previamente da ausencia de presión dentro do circuíto.
- 4.1.10 Comprobando regularmente o sistema eléctrico e de iluminación.
- 4.1.11 Mantendo en bo estado o sistema de freos.
- 4.1.12 Conservando axeitadamente o sistema de dirección.
- 4.1.13 Recollendo sempre todos os fluídos e repostos extraídos das máquinas para evitar que poidan danar o medio natural.
- 4.1.14 Observando sempre as normas de seguridade naqueles mecanismos, fluídos ou repostos que comporten un risco para a saúde.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Realizar o mantemento do guindastre do autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Inspeccionando detidamente os manguitos hidráulicos que alimentan o funcionamento do guindastre.
- 4.2.2 Comprobando que as unións chasis-brazo se atopan en perfecto estado, sen presentar fendas ou roturas.
- 4.2.3 Realizando un engraxamento periódico das seccións móbiles do brazo do guindastre.
- 4.2.4 Comprobando que o cable de accionamento da pluma se encontra en bo estado e perfectamente engraxado.
- 4.2.5 Asegurándose que o rodete portacables ten un movemento fácil e controlado.
- 4.2.6 Inspeccionando os porlóns de unión da pluma para asegurarse de que non presentan deterioracións ou roturas.
- 4.2.7 Accionando todos os mandos do guindastre e comprobando que responden con inmediatez e realizan os movementos asignados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Realizar o mantemento dos elementos de carga do *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Revisando o cable de tracción e substituíndoo se presenta máis dun 10% de rotura de fíos do cable nunha extensión equivalente a oito veces o diámetro do cable.
- 4.3.2 Comprobando que o cabrestante se atopa correctamente ancorado á carrocería e cun bo engraxamento.
- 4.3.3 Revisando periodicamente as poleas e sogas de estrangulación para detectar signos de desgaste ou deterioracións.
- 4.3.4 Comprobando que os elementos móbiles da pinza se encontran en bo estado e que esta exerce a presión adecuada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Manexar coidadosamente a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Deixando sempre que o motor alcance a temperatura de réxime

- antes de comezar o traballo.
- 4.4.2 Circulando a velocidades moderadas cando se despraza por zonas moi accidentadas.
- 4.4.3 Evitando na medida do posible os esforzos de torsión sobre o chasis e a transmisión.
- 4.4.4 Evitando manexar cargas que polas súas dimensións poden supor un esforzo excesivo tanto para as unións dos distintos elementos como para o motor.
- 4.4.5 Reducindo ao máximo os balanceos do brazo telescópico durante o proceso de carga e descarga, minimizando desta maneira os esforzos sobre o conxunto.
- 4.4.6 Deixando que o motor se manteña un rato ao ralentí antes de apagar o motor.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Tractor	✕ Gato hidráulico	◆ Produtos deterxentes
autocargador	✕ Bombas de abastecemento	◆ Combustible
 Tractor	✕ Bomba de engraxamento	◆ Lubricante
arrastrador	✕ Máquina de lavado a presión	◆ Valvulina
	✕ Compresor de aire	◆ Graxa
	✕ Manómetro	◆ Aceite
	✕ Ferramenta manual variada	◆ Anticonxelante
	✕ Machada	◆ Auga destilada
	✕ Serra	◆ Disolvente
	✕ EPI	◆ Algodón mecánico
	✕ Cinto antivibración	◆ Lámpadas varias
	✕ Calzos debidamente homologados	◆ Ópticas
	✕ Enganches (<i>chokers</i>)	◆ Trapos varios
	✕ Cadeas para pneumáticos	◆ Limpacristais
	✕ Poleas	◆ Luvas de traballo
	✕ Caixa de urxencias de emerxencia	◆ <i>Latiguillos</i> hidráulicos
	✕ Arames de arrastre	◆ Útil de corte
		◆ Pneumáticos

■... 6.2.3.1.4. XERENTE DE EXPLOTACIÓN FORESTAL

■... 6.2.3.1.4.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Xerente de explotación forestal
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro

■... 6.2.3.1.4.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. O seu traballo consiste na realización de todos aqueles labores que inclúan o recoñecemento e marcación da madeira, a adquisición da madeira en poxas públicas ou directamente a propietarios particulares ou comunidades de montes, a planificación e preparación do aproveitamento, a realización do control do proceso de aproveitamento, a venda da madeira, como así mesmo levar a cabo a contabilidade e administración da empresa.

■.. 6.2.3.1.4.3. DESCRIPCIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Posuír coñecementos básicos sobre silvicultura.
- Capacidade para o manexo de equipos informáticos.
- Coñecemento de técnicas de negociación.
- Coñecementos mínimos para elaborar orzamentos e de como levar a cabo a xestión administrativa.
- Coñecer a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, calidade e medio ambiente.
- Coñecer o procedemento administrativo de poxa de madeira para a explotación forestal.
- Coñecer a normativa vixente que regula os procesos de autorización de realización de cortas, como tamén os impresos que se han de presentar ante o organismo oficial pertinente.
- Actualización e optimización de novidades e tendencias no aproveitamento madeireiro.
- Capacidade para calcular visualmente a cubicación de madeira dun terreo e a rendibilidade desta.
- Capacidade para a xestión comercial, administrativa e de recursos humanos.

>. Organizativas

- Capacidade para traballar coordinadamente co resto do equipo de traballo.
- Seriedade e eficacia para a integración na cadea de traballo.
- Disponibilidade laboral para atender, se se require ou é necesario, calquera das fases do proceso de traballo no aproveitamento madeireiro.
- Capacidade para a integración no proceso e nas tarefas da explotación forestal.
- Responsabilidade para a supervisión da estratexia de xestión.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicación para o trato cos propietarios do monte e coas empresas transformadoras da madeira.
- Coordinación e comunicación co resto dos membros do equipo de traballo.
- Cordialidade no mantemento das relacións laborais.
- Atender ás normas comportamentais e de conduta adecuadas e impecables.

>. Resposta a continxencias

- Capacidade para actuar de forma serena e controlada ante as posibles continxencias que se deriven da execución do seu traballo.
- Capacidade de resposta rápida.
- Responsabilidade e capacidade de mando.
- Capacidade de análise e de adaptación en xeral.
- Flexibilidade na incorporación de todo tipo de propostas e innovacións.

■.. 6.2.3.1.4.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.
- 2 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro.
- 3 Realizar as operacións de adquisición e venda da madeira.
- 4 Dirixir e organizar os recursos humanos da empresa.

■.. 6.2.3.1.4.5. 6.2.3.1.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Avaliar a viabilidade e factibilidade da empresa mediante os adecua-

dos estudos, previsións e análise que garantan unha toma de decisións correcta e consciente e un deseño empresarial ben conceptualado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Seleccionando as liñas produtivas en función do saber facer, experiencia, imperativos e tendencias do mercado.
- 1.1.2 Analizando a localización da empresa sobre a base de prezo do solo, área de influencia potencial, etc.
- 1.1.3 Seleccionando a localización física da empresa.
- 1.1.4 Identificando a forma de explotación e distribución adecuada: tipoloxía empresarial, forma xurídica e estrutura organizativa.
- 1.1.5 Dimensionando e caracterizando o equipo humano que require a empresa en función dos obxectivos e do deseño organizativo empresarial.
- 1.1.6 Identificando e valorando as instalacións e equipos requiridos.
- 1.1.7 Estimando os ingresos e gastos previstos.
- 1.1.8 Identificando o límite de rendibilidade e punto morto.
- 1.1.9 Valorando a dispoñibilidade de recursos financeiros e/ou as alternativas de obtención destes así como o seu custo.
- 1.1.10 Identificando a documentación e os trámites legais necesarios para o exercicio da actividade empresarial.
- 1.1.11 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.
- 1.1.12 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Dirixir a orientación estratéxica da empresa mediante o establecemento das políticas empresariais que garantan o posicionamento no mercado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Determinando o posicionamento estratéxico desexado no mercado, axustando consecuentemente as características de calidade dos procesos e produtos, os prezos, a gama de produtos, oferta, etc.
- 1.2.2 Realizando a análise dos posibles clientes, identificando as súas necesidades.
- 1.2.3 Valorando a adecuación das distintas características dos produtos que se van obter ao mercado seleccionado como obxectivo.
- 1.2.4 Realizando a análise da competencia e as súas características.
- 1.2.5 Identificando os puntos diferenciadores da competencia así como os puntos fortes e débiles.
- 1.2.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.2.7 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Establecer a previsión orzamentaria do exercicio ou período considerado segundo os obxectivos establecidos e a experiencia acumulada, co fin de dispoñer dunha referencia para realizar o seguimento da actividade.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Establecendo o obxectivo detallado de vendas do exercicio, segundo a evolución de exercicios anteriores, as expectativas existentes e a política xeral establecida para ese período.
- 1.3.2 Estimando os diferentes capítulos de custos de explotación.
- 1.3.3 Estimando os distintos pagamentos derivados dos custos de explotación e de investimentos ou outros gastos que haxa que realizar.

- 1.3.4 Contrastando cobros e pagamentos para estimar as necesidades financeiras previsibles e as posibles alternativas.
- 1.3.5 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.3.6 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Realizar o control e seguimento da evolución da actividade empresarial, analizando desviacións e problemáticas e, en caso necesario, tomando medidas correctoras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Analizando as vendas, comparándoas coas previsións e/ou os exercicios anteriores.
- 1.4.2 Controlando a evolución dos custos e analizando as marxes de distintos produtos/liñas de produción.
- 1.4.3 Analizando as desviacións e as súas causas.
- 1.4.4 Contrastando opinións e análises de posibles motivos.
- 1.4.5 Tomando as medidas correctoras oportunas.
- 1.4.6 Mantendo os contactos que sexan necesarios con asesores externos, segundo modelo de colaboración preestablecido.
- 1.4.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.4.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Ordenador

FERRAMENTAS

✕ Papel
✕ Bolígrafo
✕ Calculadora
✕ Teléfono e fax
✕ Impresos
✕ Documentación
✕ Regulamentación pertinente
✕ Software específico
✕ Material de oficina en xeral
✕ Correo electrónico e internet
✕ Arquivo de provedores, clientes, condicións de venda, mercadotecnia

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Realizar as operacións de adquisición e venda da madeira.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Estimar a rendibilidade do aproveitamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Visitando os terreos forestais para proceder a un recoñecemento visual da capacidade madeirable destes.
- 2.1.2 Cubicando, estimando os metros cúbicos *in situ*, a madeira existente nun terreo.
- 2.1.3 Realizando a comprobación da calidade da madeira do terreo forestal que se está recoñecendo para a súa posible compra.
- 2.1.4 Realizando pequenos cortes nas árbores cun machada pequena e así proceder á marcación da madeira para a súa posible compra.
- 2.1.5 Tomando datos da madeira que se mira (situación, propietario, metros cúbicos, calidade, facilidade de saca, etc.) para posible compra e realizar o orzamento.

- 2.1.6 Comprobando previamente a densidade e o estado da rede viaria.
- 2.1.7 Identificando a orografía do terreo forestal susceptible de ser sometido a aproveitamento para determinar as dificultades que entrañará a saca e os seus custos.
- 2.1.8 Determinando a distancia existente entre os puntos de saca e o cargadeiro así como a posible construción dun novo.
- 2.1.9 Calculando o custo da apertura de vías de saca.
- 2.1.10 Efectuando o cálculo da distancia desde o cargadeiro ata o cliente, para determinar posteriormente o cálculo do custo do transporte da madeira ao seu destinatario.
- 2.1.11 Estimando o estado climatolóxico durante o período de realización do aproveitamento para calcular a súa duración e dificultade.
- 2.1.12 Realizando a determinación da maquinaria que será necesaria para efectuar o aproveitamento e do custo por hora do seu uso.
- 2.1.13 Comprobando o estado do sotobosque e a densidade arbórea no terreo forestal que se vai someter a aproveitamento para determinar o grao de dificultade da realización do aproveitamento e os custos que isto supón.
- 2.1.14 Determinando o tipo de aproveitamento que se levará a cabo (desmesta, corta a eito, clareo, corta de policía, etc.).
- 2.1.15 Tendo en conta a actual demanda e o volume circulante no mercado.
- 2.1.16 Comprobando o estado fitosanitario e o estado e calidade do fuste das árbores.
- 2.1.17 Verificando previamente o estado legal do monte, evitando así custos innecesarios por incumprimento legal.
- 2.1.18 Tendo en conta a existencia ou non de elementos etnográficos ou de interese no terreo.
- 2.1.19 Calculando os custos totais estimados do aproveitamento.
- 2.1.20 Realizando a estimación dos ingresos da venda.
- 2.1.21 Estimando a rendibilidade final do proceso de aproveitamento.
- 2.1.22 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.23 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 2.1.24 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Comprar madeira a provedores particulares ou á Administración pública.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Realizando unha estimación da rendibilidade do aproveitamento.
- 2.2.2 Poñéndose en contacto co propietario persoalmente ou por teléfono para realizar unha oferta de compra.
- 2.2.3 Negociando co propietario e establecendo o prezo da compra.
- 2.2.4 Manténdose permanentemente informado a través das canles axeitadas (internet, boletíns oficiais, etc.) da oferta pública de madeira.
- 2.2.5 Asistindo a poxas públicas para a adquisición de madeira que previamente cubicara e taxara visualmente.
- 2.2.6 Deixando unha fianza previa para reparar posibles danos colaterais ao aproveitamento en caso de adquisición en poxa pública.
- 2.2.7 Adquirindo a concesión de aproveitamento dun determinado terreo forestal.
- 2.2.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.2.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Liquidar a compra unha vez que rematou o proceso de corta e saca para efectuar o cálculo de beneficios.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Calculando a media estimada de gastos por tonelada de madeira, utilizando para iso os pesos obtidos das básculas das empresas transformadoras.
- 2.3.2 Realizando o cálculo dos gastos finais que inclúen os gastos de compra e os gastos de saca e transporte.
- 2.3.3 Restándolle ao prezo final de venda da madeira os gastos totais.
- 2.3.4 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Realizar o pagamento da madeira cortada aos provedores para poder efectuar a corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Cumprimentando previamente un recibo de entrega da cantidade establecida con anterioridade co propietario na negociación.
- 2.4.2 Cumprimentando un talón de pagamento da cantidade establecida no prezo de compra.
- 2.4.3 Efectuando o pagamento en efectivo ou mediante talón do prezo de compra ao propietario.
- 2.4.4 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Coche
-  Ordenador

FERRAMENTAS

- ✕ Papel
- ✕ Bolígrafo
- ✕ Calculadora
- ✕ Teléfono e fax
- ✕ Metro
- ✕ Impresos
- ✕ Documentación
- ✕ Machada pequena
- ✕ EPI
- ✕ Talonario
- ✕ Facturas
- ✕ Recibos
- ✕ Fax
- ✕ Software
- ✕ Caixa de urxencias

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Obter permisos de corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Determinando os impresos oficiais que haxa que cumprimentar en función da localización do terreo forestal onde terá lugar a corta.
- 3.1.2 Recompilando os datos do terreo e do seu propietario que son necesarios para realizar a solicitude de permiso: situación, lindes, superficie, nome do propietario, titularidade...
- 3.1.3 Cumprimentando os impresos oficiais necesarios.

- 3.1.4 Entregando os impresos oficiais totalmente cubertos na oficina forestal da zona.
- 3.1.5 Esperando a notificación oficial do permiso e evitando en todo momento as posibles sancións.
- 3.1.6 Cinguíndose ao aproveitamento para o que foi adquirida a madeira.
- 3.1.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.1.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Planificar e preparar o aproveitamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Determinando os recursos humanos e materiais necesarios para efectuar o aproveitamento.
- 3.2.2 Axustando as tarefas de aproveitamento aos requirimentos do cliente e ás características da madeira adquirida.
- 3.2.3 Asignando recursos humanos e materiais en función da súa dispoñibilidade.
- 3.2.4 Concretando as vías de saca que será necesario abrir para efectuar o aproveitamento, evitando danar a rede viaria e o contorno natural que non vai ser obxecto da corta.
- 3.2.5 Realizando a asignación de medios materiais e humanos necesarios para efectuar a apertura de vías de saca.
- 3.2.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.2.7 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Organizar e supervisar as tarefas de corta, coordinando as distintas actuacións dos empregados ao respecto para garantir un óptimo rendemento do traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Reuníndose diariamente cos traballadores ou os seus encargados ao inicio da xornada e por equipos de traballo para realizar a asignación de tarefas que haxa que realizar.
- 3.3.2 Indicándolles con claridade aos traballadores as directrices que se van seguir por equipos de traballo.
- 3.3.3 Efectuando o control dos equipos de protección individual, así como verificando que os traballadores os utilizan, minimizando ao máximo os posibles riscos.
- 3.3.4 Supervisando e controlando a apertura de vías para a realización da saca.
- 3.3.5 Supervisando e controlando os procesos de corta, torado, derramado e descortizado, tanto manuais con motoserpa como mecanizados con procesadoras, para que estes se executen da forma máis segura e eficaz posible e respondendo ás demandas dos compradores.
- 3.3.6 Realizando a supervisión da carga de toradas e o seu transporte ao cargadeiro para proceder ao amoreamento.
- 3.3.7 Coordinando o transporte a clientes en función da cantidade de madeira amoreada.
- 3.3.8 Garantindo en todo momento que os procesos do aproveitamento non van provocar danos na rede viaria nin no contorno natural non obxecto de aproveitamento.
- 3.3.9 Verificando que todos os procesos do aproveitamento non provocan impactos no medio ambiente.
- 3.3.10 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

- 3.3.11 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 3.3.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Comprobar as medidas e calidades da madeira cortada para que se axusten aos produtos solicitados polo cliente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Efectuando medicións do diámetro e lonxitude das pezas cortadas.
- 3.4.2 Avaliando a calidade das pezas cortadas.
- 3.4.3 Realizando a comprobación de que as medidas tomadas ás pezas se axustan ás medidas solicitadas polo cliente.
- 3.4.4 Dando ordes para axustar o proceso de corte en caso de que as medidas realizadas ás pezas cortadas non se axusten ao pedido.
- 3.4.5 Verificando novamente as medidas das pezas co metro antes de proceder ao seu envío ao cliente.
- 3.4.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.4.7 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Organizar e supervisar as tarefas de aproveitamento de restos de saca.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Dispoñendo e supervisando os procesos para a dispersión dos restos da saca ou a súa distribución en cordóns separados pola distancia preceptiva.
- 3.5.2 Organizando e vixiando a recollida da biomasa para o seu posterior transporte ao cargadeiro.
- 3.5.3 Controlando o triturado da biomasa así como o seu secado.
- 3.5.4 Realizando a verificación do proceso de peneirado e posterior densificación para proceder á venda dos produtos resultantes.
- 3.5.5 Supervisando as calidades e características dos produtos obtidos e o seu axuste a necesidades do cliente.
- 3.5.6 Evitando producir danos no medio ambiente e na rede viaria.
- 3.5.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.5.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 3.5.9 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Coche
-  Ordenador

FERRAMENTAS

- ✕ Papel
- ✕ Bolígrafo
- ✕ Calculadora
- ✕ Teléfono e fax
- ✕ Metro
- ✕ Impresos
- ✕ Documentación
- ✕ EPI
- ✕ Correo electrónico e internet
- ✕ Software específico
- ✕ Caixa de urxencias
- ✕ Publicacións oficiais
- ✕ Normativa vixente

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Dirixir e organizar os recursos humanos da empresa.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Dirixir a xestión do persoal da empresa no marco das relacións laborais vixentes e de acordo ás necesidades previstas e á política de recursos humanos establecida.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Negociando e establecendo os salarios dos traballadores segundo a normativa vixente e os acordos específicos establecidos con eles.
- 4.1.2 Vixiando para que se apliquen de forma correcta a normativa en vigor e os acordos adoptados no resto das condicións de traballo: vacacións, descansos, seguridade e hixiene, etc.
- 4.1.3 Avaliando os distintos postos de traballo e determinando a rotación e especialización que afecta a cada un deles.
- 4.1.4 Resolvendo a contratación de persoal en número e perfil profesional adecuado á necesidade existente.
- 4.1.5 Efectuando o proceso de selección correspondente en función das necesidades cualitativas e cuantitativas.
- 4.1.6 Dispoñendo as promocións e/ou sancións en función da avaliación do comportamento e resultados do persoal.
- 4.1.7 Decidindo e/ou proponendo a realización de actividades formativas en temáticas e para os traballadores que considera adecuado.
- 4.1.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.1.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Supervisar e coordinar o funcionamento do equipo humano, distribuindo tarefas e coordinando a súa execución para garantir o adecuado funcionamento da empresa.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Distribuindo e coordinando o traballo dos traballadores segundo as necesidades previstas, transmitíndolles as correspondentes directrices de actuación.
- 4.2.2 Establecendo, segundo necesidades, as quendas e o plan de horarios.
- 4.2.3 Reorganizando as asignacións de tarefas para optimizar as intervencións, segundo os criterios de prioridade e urxencia, en caso de situacións imprevistas.
- 4.2.4 Efectuando o seguimento e control do comportamento do equipo, corrixiendo actitudes e prácticas inadecuadas, e transmitindo e estimulando as técnicas precisas e os comportamentos competitivos.
- 4.2.5 Vixiando o cumprimento dos horarios.
- 4.2.6 Cumprimentando e transmitindo puntualmente os documentos administrativos establecidos pola empresa para o control de asistencias, horas traballadas...
- 4.2.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.2.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Ordenador

FERRAMENTAS

✕ Papel
✕ Bolígrafo
✕ Calculadora
✕ Teléfono fixo e fax
✕ Impresos

- ✖ Documentación
- ✖ Software específico
- ✖ Regulamentación pertinente
- ✖ Material de oficina en xeral
- ✖ Publicacións oficiais
- ✖ Correo electrónico e internet
- ✖ Fotocopiadora

■.. 6.2.3.2. SILVICULTURA

■.. 6.2.3.2.1. APLICADOR DE PRAGUICIDA

■.. 6.2.3.2.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Aplicador de praguicida
Sector		Forestal
Actividade		Silvicultura

■.. 6.2.3.2.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Detecta as pragas e protexe os cultivos, evitando os danos que estas producen, usando a maquinaria para a aplicación destes, coidando ademais os riscos derivados da utilización de praguicidas e evitando a presenza de residuos no medio ambiente, ademais de transportar, almacenar, mesturar e distribuír os produtos fitosanitarios.

■.. 6.2.3.2.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Capacidade para operar de forma adecuada coas ferramentas e produtos químicos.
- Habilidade para utilizar as técnicas de aplicación de produtos fitosanitarios en función das especies que haxa que tratar.
- Responsabilidade á hora de manipular os produtos fitopatolóxicos de forma correcta.
- Capacidade para escoller o produto adecuado en función das necesidades.
- Responsabilidade á hora de realizar os traballos de praguicida para o mantemento o coidado da zona de traballo.
- Seriedade no desempeño das tarefas desde o punto de vista medioambiental.
- Habilidade no emprego no uso dos equipos de protección de forma adecuada para cada un dos labores desenvolvidos.
- Responsabilidade para cumprir e facer cumprir a normativa en prevención de riscos laborais.
- Seriedade no almacenamento dos produtos fitosanitarios evitando os riscos que estes produtos implican.

>. Organizativas

- Realizar as tarefas seguindo a orde lóxica previamente estipulada.
- Actuar sempre de forma que se obteña a máxima eficacia.

>. Interaccións

- Coordinación cos compañeiros.
- Comunicación co resto do equipo.

>. Resposta a continxencias

- Gardar e facer gardar a calma ante imprevistos.
- Evitar as accións equivocadas ao facerlles fronte a continxencias.
- Cumprir as normas ou protocolos específicos previamente planificados para certas continxencias.

■.. 6.2.3.2.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Identificar os axentes causais de pragas.
- 2 Aplicar os produtos praguicidas en tratamentos preventivos-curativos.
- 3 Realizar traballos de eliminación de vexetación con fins fitosanitarios.

■.. 6.2.3.2.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Identificar os axentes causais de pragas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Identificar os síntomas de enfermidades silvícolas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Realizando unha inspección do lugar.
- 1.1.2 Tomando mostras para o seu envío a centros de identificación de enfermidades.
- 1.1.3 Identificando alteracións fisiolóxicas.
- 1.1.4 Coidando en todo momento de non propagar a infección.
- 1.1.5 Cumprindo a normativa de coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Identificar a praga produtora da infección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Relacionando a sintomatoloxía co axente causante.
- 1.2.2 Delimitando o alcance da infección existente.
- 1.2.3 Establecendo o tempo máximo para realizar o tratamento.
- 1.2.4 Elixindo o tratamento adecuado segundo normas de aplicación, superficie e axente.
- 1.2.5 Valorando a cantidade de produto fitosanitario segundo extensión, axente e modo de aplicación.
- 1.2.6 Marcando aqueles pés aos que se lles debe realizar unha poda para a erradicación dos axentes causantes.
- 1.2.7 Delimitando, se fose necesario, a zona infectada para evitar a propagación da praga.
- 1.2.8 Comunicando a gravidade da praga, o seu grao de infección e o seu punto de evolución en caso necesario.
- 1.2.9 Cumprindo sempre a normativa de coidado medioambiental e de prevención de riscos laborais.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor

FERRAMENTAS

- ✂ Claves de identificadores de especies arbóreas
- ✂ Índice de produtos fitosanitarios
- ✂ Claves de identificadores de plagas
- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias

PRODUTOS

- ⬮ Lubricantes
- ⬮ Combustibles

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Aplicar produtos praguicidas en tratamentos preventivos-curativos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Realizar a mestura de produtos fitopatolóxicos segundo os procedementos establecidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Elixindo as cantidades de acordo á superficie e extensión afectada.
- 2.1.2 Realizando os cálculos necesarios para definir as mesturas a partir da dosificación estipulada.
- 2.1.3 Preparando as mesturas de acordo ás concentracións especificadas.
- 2.1.4 Controlando o equipo para a realización da mestura.
- 2.1.5 Manipulando con seguridade os produtos fitopatolóxicos necesarios.
- 2.1.6 Realizando todas as operacións seguindo as normas de seguridade e hixiene, prevención de riscos e coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Realizar a carga das maquinas de pulverización ou de dosificación do produto fitosanitario.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Verificando o correcto estado dos equipos de aplicación.
- 2.2.2 Realizando, en caso necesario, pequenos axustes neles.
- 2.2.3 Poñendo os equipos en funcionamento previo, para comprobar os niveis de combustible, lubricación, etc.
- 2.2.4 Deixando o equipo-ferramenta fóra de servizo seguindo as secuencias de operacións establecidas.
- 2.2.5 Realizando todas as operacións seguindo as normas de seguridade e hixiene, prevención de riscos e coidado medioambiental.
- 2.2.6 Realizando a carga-vertido no tanque do produto fitosanitario.
- 2.2.7 Comprobando os peches de tanque-carga para evitar derrames ou escapes.
- 2.2.8 Limpando os recipientes de mestura e realizando a súa almacenaxe nun lugar seguro e indicado pola normativa ou especificacións técnicas.
- 2.2.9 Realizando unha marcación dos envases co fin de identificar o produto para a súa utilización posterior.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Sinalizar a zona de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Recoñecendo o lugar de traballo, zonas que se van tratar e acceso a elas.
- 2.3.2 Delimitando unha zona segura para a aplicación dos produtos fitosanitarios.
- 2.3.3 Sinalizando a zona nos lugares de acceso e de forma o máis visible posible.
- 2.3.4 Realizando o peche da zona se fose necesario.
- 2.3.5 Evitando a posible propagación dos produtos de forma aérea, subterránea ou por canles de auga.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Aplicar o produto fitosanitario.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Elección da maquinaria de acordo ao tipo e á tensión da superficie.
- 2.4.2 Utilizando os produtos segundo a praga detectada.
- 2.4.3 Colocando a ferramenta-máquina no lugar apropiado para realizar a aplicación.
- 2.4.4 Realizando a aplicación de forma adecuada.

- 2.4.5 Verificando a correcta adhesión do produto na superficie adecuada.
- 2.4.6 Evitando a aplicación en zonas innecesarias.
- 2.4.7 Comprobando que as condicións meteorolóxicas son as máis apropiadas.
- 2.4.8 Aplicando o produto só se a flora e fauna circundante non se ven afectadas negativamente.
- 2.4.9 Asegurándose de que a época de aplicación é a idónea.
- 2.4.10 Verificando a seguridade na zona de traballo.
- 2.4.11 Utilizando os equipos de protección individual de forma correcta e segura.
- 2.4.12 Cumprindo a normativa de seguridade e hixiene.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Recoller e transportar os útiles empregados.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Agrupando as ferramentas de forma adecuada.
- 2.5.2 Transportándoos de forma segura, evitando rozaduras ou golpes que poidan afectar o seu funcionamento.
- 2.5.3 Evitando que se coloquen en posicións non estables que favorezan a súa envorcadura.
- 2.5.4 Coidando de que non se realicen derrames dos seus contidos.
- 2.5.5 Cumprindo en todo momento o coidado medioambiental.
- 2.5.6 Seguindo a normativa de prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Realizar as tarefas de mantemento das ferramentas e equipos empregados.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Coñecendo as máquinas e ferramentas necesarias para realizar os labores de aplicación fitosanitaria.
- 2.6.2 Realizando revisións de aceite e lubricante nos motores e bombas.
- 2.6.3 Verificando o correcto estado dos filtros e tomas de aire.
- 2.6.4 Realizando o cambio daquelas pezas que precisen substitución.
- 2.6.5 Seguindo en todo momento as instrucións técnicas das máquinas para realizar a inspección e mantemento.
- 2.6.6 Cumprindo, en todo momento, a normativa en prevención de riscos laborais.
- 2.6.7 Realizando as tarefas con ferramentas e produtos apropiados.
- 2.6.8 Verificando que os traballos de mantemento realizados cumpren coas características necesarias.
- 2.6.9 Recoller e entregar nos centros de reciclaxe os filtros e líquidos obxecto de cambio.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Equipo aplicadores de praguicida

FERRAMENTAS

- ✘ Elementos para realizar mesturas
- ✘ EPI
- ✘ Caixa de urxencias
- ✘ Sistemas de peche
- ✘ Sinais
- ✘ Distintivos

PRODUTOS

- ⬮ Lubricantes
- ⬮ Combustibles
- ⬮ Pintura en aerosol
- ⬮ Productos fitosanitarios

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Realizar traballos eliminación de vexetación con fins fitosanitarios.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Preparar as máquinas e maquinaria adecuadas para os labores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Verificando o correcto estado das ferramentas e maquinaria.
- 3.1.2 Verificando os niveis de líquidos necesarios para o seu funcionamento.
- 3.1.3 Realizando os axustes de tensión e afiado das ferramentas.
- 3.1.4 Afiando todas aquelas ferramentas que son necesarias para realizar os labores segundo os seus manuais de instrucións.
- 3.1.5 Realizando as operacións seguindo a normativa de seguridade e hixiene laboral.
- 3.1.6 Cumprindo co coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Efectuar o marcado do material vexetal enfermo para a súa extracción.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Identificando as especies e individuos obxecto de traballo.
- 3.2.2 En caso necesario, realizar a identificación das zonas de labor.
- 3.2.3 Seguindo as especificacións de densidade requiridas.
- 3.2.4 Marcando a eliminación de árbores enfermas, mortas, demasiado vellas.
- 3.2.5 Amoreando os restos para a súa posterior eliminación e/ou reciclaxe.
- 3.2.6 Realizando todas as tarefas-operacións seguindo as normas de seguridade e hixiene laboral.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Realizar os traballos de poda das partes enfermas do vexetal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Identificando a especie que se vai tratar.
- 3.3.2 Utilizando os medios adecuados.
- 3.3.3 Aplicando a intensidade de poda adecuada en función da especie, idade e época do ano, respectando as especificacións e técnicas específicas para asegurar un correcto desenvolvemento do individuo.
- 3.3.4 Identificando os individuos enfermos ou marcescentes.
- 3.3.5 Realizando as operacións seguindo a norma de seguridade e hixiene laboral.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Motoserra
-  Tractor e apeiros
-  Motorrozadora

FERRAMENTAS

-  Elementos para realizar mesturas
-  EPI
-  Serras
-  Ferramentas de poda
-  Machadas
-  EPI
-  Caixa de urxencias

PRODUTOS

-  Lubricantes
-  Combustibles

■... 6.2.3.2.2. TRABALLADOR FORESTAL

■... 6.2.3.2.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Traballador forestal
Sector		Forestal
Actividade		Silvicultura

■.. 6.2.3.2.2.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Efectúa todas as operacións relacionadas coa xestión sostible do monte nos apartados de creación e conservación das masas forestais, mantemento silvipascícola e aproveitamento de biomasa a través do coñecemento de técnicas, normas e do uso dos instrumentos asociados á realización dos traballos.

■.. 6.2.3.2.2.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Habilidade manual na aplicación das técnicas de manexo de todas as ferramentas que interveñen nas diversas operacións que compoñen o seu traballo.
- Capacidade de relacionar que utensilio e/ou produto se vincula con cada operación para a súa correcta utilización.
- Atención para a detección durante a execución dos procesos dos posibles erros que se poden producir e posuír a capacidade para corrixislos no desenvolvemento.
- Boa disposición para a realización de todas as súas funcións en concordancia coa normativa actual de prevención de riscos laborais e os estándares actuais de calidade e medio ambiente que imperan nas empresas.
- Mantemento dunhas boas condicións físicas e de resistencia.

>. Organizativas

- Capacidade de executar as súas tarefas secuencialmente na orde debida utilizando o criterio da eficiencia.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicarse e traballar en equipo co resto dos seus compañeiros de cuadrilla baixo a supervisión do seu capataz ou coordinador.

>. Resposta a contingencias

- Capacidade de responder ante situacións inesperadas no transcurso do seu traballo.
- Capacidade para manter equilibrio e serenidade en momentos de tensión ou perigo.
- Bos reflexos.

■.. 6.2.3.2.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Preparar o terreo para plantar.
- 2 Realizar a plantación ou a sementeira.
- 3 Aplicar coidados culturais á masa forestal.
- 4 Facer medicións da masa arbórea.
- 5 Colaborar nas operacións de aproveitamento.
- 6 Realizar o mantemento dos sistemas silvipastorais.
- 7 Conservar as infraestruturas creadas no monte.
- 8 Preservar o estado correcto dos seus instrumentos de traballo.

■.. 6.2.3.2.2.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Preparar o terreo para plantar.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Rozar manualmente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 1.1.2 Apertando o botón de acendido da motorrozadora.
- 1.1.3 Efectuando un xiro de cintura mentres se suxeita cunha man o cordón de arranque, procédese a tirar con enerxía e premer o gatillo do acelerador.

- 1.1.4 Situando a coitela na base do arbusto ou da maleza que se vai limpar vaise xirando a máquina realizando rotacións de cintura.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Reunir e amorear os restos da roza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.1.2 Asegurando que na zona de recollida non se está levando a cabo outra operación que poida ser interferida ou poida entrañar algún perigo.
- 1.2.3 Elixindo unha zona centrada con respecto aos restos espaxados.
- 1.2.4 Amoreando os restos en moreas ou cordóns separados entre si.
- 1.2.5 Inspeccionando visualmente a zona para comprobar que non quedan restos diseminados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Abrir os buratos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.3.2 CON MOTOABURATADORA
Poñendo en marcha a motoaburadora, tirando do cordón de arranque e accionando o acelerador.
- 1.3.3 Suxeitando firmemente os dispositivos de agarre.
- 1.3.4 Situando a barrena sobre o chan.
- 1.3.5 Acelerando e facendo presión coa barrena contra o terreo.
- 1.3.6 Afondando a barrena ata a profundidade desexada.
- 1.3.7 Apartando a barrena do oco terminado.
- 1.3.8 CON AIXADA OU PLANTAMÓN
Agarrando o instrumento e facéndoo penetrar no terreo ao nivel necesario.
- 1.3.9 Apartando a terra extraída e agrupándoa augas abaixo do oco de plantación.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Rozadora
-  Motoaburadora

FERRAMENTAS

-  Plantamón
-  Aixada
-  EPI
-  Limas

PRODUTOS

-  Aceites
-  Gasolina

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2** Realizar a plantación ou a sementeira e participar en transplantes de exemplares sensibles ou de alto valor ecolóxico-paisaxístico.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Plantar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.1.2 A RAÍZ NÚA
Identificando os ocos de plantación, sitúase a planta no centro deste en posición vertical.
- 2.1.3 Sostendo a planta e colocándoa de forma que o colo da raíz quede situado debaixo do nivel da terra.
- 2.1.4 Procurando manter as raíces da planta o máis estendidas ou estiradas posible e cubríndoas coa terra procedente da apertura do burato de plantación.
- 2.1.5 Aplicando suavemente unhas pisadas a ambos os lados da planta para eliminar as bolsas de aire e executando un tirón do colo da raíz, tamén con suavidade, para estirar o sistema radical e asentar a planta.

- 2.1.6 EN CONTEADOR

Desencaixando a planta con suavidade do envase, seguindo as mesmas fases que se fose a raíz núa.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.2 Sementar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.2.2 Instalando os ocos de sementeira no terreo.
- 2.2.3 Repartindo as sementes nos ocos de sementeira.
- 2.2.4 Pechando con terra os ocos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.3 Colaborar nas operacións de transplante de pés.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.3.2 Participando na extracción da árbore do seu emprazamento xeral mediante a extracción de terra e descubrimento da raíz da árbore do chan.
- 2.3.3 Colaborando na inserción na súa nova localización a través de tarefas de acondicionamento no oco de transplante, das raíces e na cubrición do oco e asentamento da terra posterior.

MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Plantamón
- ✕ Aixada
- ✕ EPI
- ✕ Limas

PRODUTOS

- Planta
- Semente

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Aplicar coidados culturais á masa forestal.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.1 Coñecer o medio forestal dentro do medio natural.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.1.2 Tendo coñecemento de como funciona un ecosistema.
- 3.1.3 Tendo coñecemento do funcionamento dos ecosistemas forestais dentro do medio natural.
- 3.1.4 Tendo coñecemento de lexislación ambiental aplicada.
- 3.1.5 Recoñecendo especies sensibles, tanto animais como vexetais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.2 Colocarlle protectores á plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.2.2 Inserindo o protector no terreo e enterrándoo ata que sobresaia a altura desexada.
- 3.2.3 Emprazándolle unha guía de apoio ao protector para asegurar a súa posición.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.3 Fertilizar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.3.2 Escollendo o método de aplicación máis axeitado.

- 3.3.3 Realizándoo na época máis propicia para o desenvolvemento vexetativo e á vez non interferindo en procesos de frutificación ou polinización.
- 3.3.4 Aplicando a concentración máis adecuada.
- 3.3.5 Manipulando os produtos de forma segura e adecuada para a aplicación.
- 3.3.6 Determinando se na zona de aplicación se pode producir contaminación de acuíferos ou da flora e fauna circundantes.
- 3.3.7 Retirando da zona todos os residuos producidos durante o proceso de aplicación de fertilizantes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Repoñer as faltas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.4.2 Examinando a plantación e identificando as faltas.
- 3.4.3 Retirando as faltas atopadas.
- 3.4.4 Abrindo no terreo un burato de plantación.
- 3.4.5 Procedendo a realizar os pasos para plantar.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Realizar limpeza periódicas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.5.2 Realizando unha roza seguindo os pasos descritos anteriormente.
- 3.5.3 Amoreando ou triturando os restos da roza correctamente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.6 Aplicar tratamentos fitosanitarios.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.6.2 Manipulando correctamente e nas proporcións adecuadas os produtos que haxa que distribuír, evitando o seu derrame sobre o terreo.
- 3.6.3 Enchendo a máquina aplicadora.
- 3.6.4 Esparexendo o produto.
- 3.6.5 Xestionando correctamente o produto sobrante da aplicación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.7 Desmestar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.7.2 Realizando unha selección dos pés que haxa que eliminar.
- 3.7.3 Executando unha roza, mediante o procedemento explicado con anterioridade, deses pés.
- 3.7.4 Executando a eliminación dos pés cunha motoserra lixeira.
- 3.7.5 Tratando adecuadamente os restos procedentes desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.8 Podar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.8.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.8.2 Seleccionando os pés de poda.
- 3.8.3 Aplicando a intensidade de poda adecuada en función da especie e idade desta.
- 3.8.4 Mantendo as ferramentas de corte perfectamente afiadas para evitar que durante o corte se realicen esgazaduras no tronco.
- 3.8.5 Elixindo a ferramenta adecuada en función das características dos pés que se van podar.

- 3.8.6 Realizando un corte limpo a rentes do tronco, evitando deixar tocos e feridas.
- 3.8.7 Aplicando substancias cicatrizantes se se produciu unha ferida, evitando a entrada de patóxenos.
- 3.8.8 Xestionando adecuadamente os restos de poda.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Pulverizador de mochila
-  Motoserra de poda
-  Rozadora

FERRAMENTAS

-  Plantamón
-  Aixada
-  EPI
-  Limas
-  Tesoiras de podar

PRODUTOS

-  Aceites
-  Combustible
-  Planta
-  Pastillas fertilizantes
-  Herbicidas
-  Protectores

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Facer medicións da masa arbórea.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Realizar mostraxes de parcelas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.1.2 Coñecendo o tipo de mostraxe que se vai realizar.
- 4.1.3 Establecendo o tamaño da parcela da que se vai facer a mostraxe.
- 4.1.4 Marcando no terreo cunhas estacas e unha cinta métrica a parcela.
- 4.1.5 Tomando os datos necesarios da parcela.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Determinar o grosor do fuste da árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.2.2 Abrindo a forcípula e situándoa a unha altura de 1,30 metros desde a base da árbore.
- 4.2.3 Abrazándoa ao tronco o máis horizontalmente posible.
- 4.2.4 Realizando unha segunda medida diametralmente oposta á primeira se o perímetro do tronco está moi deformado, é dicir, se non é un círculo aproximado.
- 4.2.5 Observando a graduación da forcípula e anotando a medida que marca
- 4.2.6 Realizando unha media aritmética das medidas tomadas para ese fuste.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Estimar a altura da árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.3.2 Elixindo un aparato de medida.
- 4.3.3 Coñecendo o manexo do aparato.
- 4.3.4 Aplicando eses coñecementos á práctica.
- 4.3.5 Tomando nota da medida obtida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Medir o grosor da cortiza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.4.2 Coñecendo o manexo do calibrador de cortiza.
- 4.4.3 Premendo o extremo do calibrador sobre a cortiza ata que se introduce e acada a madeira.

- 4.4.4 Observando a escala do calibrador e anotando a medida que marca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.5 Obter barrenas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.5.2 Coñecendo o funcionamento dunha barrena.
- 4.5.3 Extraendo dos brazos da barrena o elemento tradeador e fixándoo aos brazos.
- 4.5.4 Situando a punta da barrena na base da árbore e premendo á vez que se xira.
- 4.5.5 Introducendo a barrena ata unha profundidade igual á do raio da árbore e metendo a lanceta extractora no elemento tradeador.
- 4.5.6 Extraendo a lanceta e desenroscando a barrena.
- 4.5.7 Taponando o oco que se crea no tronco con silicona ou similares para evitar posibles infeccións.

> MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✂ Forcípula
- ✂ Calibrador de cortiza
- ✂ Barrena *Pressler*
- ✂ Instrumentos de medir alturas
- ✂ Cinta métrica
- ✂ Compás
- ✂ EPI

PRODUCTOS

- 💧 Estacas
- 💧 Semente
- 💧 Silicona
- 💧 Bolsiñas portabarrenas
- 💧 Lancetas

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Colaborar nas operacións de aproveitamento.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.1 Retirar a entalladura.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.1.2 Observando que a zona sexa segura.
- 5.1.3 Golpeando a entalladura ata a súa extracción.
- 5.1.4 Retirando a entalladura das proximidades da árbore.
- 5.1.5 Tendo en conta en todo momento a situación do resto do equipo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.2 Orientar as cuñas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.2.2 Tendo coñecemento de cando e como hai que introducir as cuñas.
- 5.2.3 Observando a situación do motoserrista continuamente.
- 5.2.4 Procurando que a cadea da máquina estea afastada da zona de introdución das cuñas mediante a coordinación co motoserrista.
- 5.2.5 Retirándose a unha zona segura unha vez colocadas as cuñas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.3 Amorear os restos da corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.3.2 Seguindo o proceso explicado anteriormente.
- 5.3.3 Tendo en conta en todo momento a posición e os movementos do resto do equipo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL	
• 5.4	Separar a cortiza da madeira.
>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
- 5.4.1	Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.4.2	Asegurando a área de traballo.
- 5.4.3	Sostendo o instrumento de corte e deslizándoo ao longo do fuste do pé.
- 5.4.4	Retirando a cortiza por medio dunha panca.
>.. MEDIOS UTILIZADOS	
MAQUINAS	FERRAMENTAS
 Rozadora	✖ Instrumento descortizador
	✖ Panca
	✖ Cuñas
	✖ Martelo de golpeo
	✖ EPI

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Realizar o mantemento dos sistemas silvipastorais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL	
• 6.1	Manter os cercados das parcelas.
>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
- 6.1.1	Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.1.2	Inspeccionando visualmente de forma periódica o estado das cercas e as entradas/saídas das parcelas.
- 6.1.3	Reparando ou substituíndo as cercas danadas ou en mal estado.
- 6.1.4	Pechando os posibles ocos no aramado e cambiando o aramado en mal estado.
- 6.1.5	Controlando e arranxando, se é necesario, os accesos ás parcelas.
- 6.1.6	Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización das operacións.
>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL	
• 6.2	Vixiar e manter os bebedeiros.
>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
- 6.2.1	Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.2.2	Analizando quimicamente de forma periódica o estado da auga se a súa procedencia é dun acuífero, canle de rega...
- 6.2.3	Calculando, baseándose na carga gandeira, a auga necesaria para manter os niveis do bebedeiro suficientes para que todos os animais poidan beber, en función das súas necesidades.
- 6.2.4	Limpando periodicamente os fondos do bebedeiro para evitar a proliferación de fungos, algas... que poden contaminar a auga.
- 6.2.5	Limpando periodicamente as canles de entrada de auga e desauga-doiro para evitar obstrucións e arrastres.
- 6.2.6	Revisando os bebedeiros para detectar fugas ou gretas.
- 6.2.7	Reparando as fugas ou gretas.
>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL	
• 6.3	Conservar os refuxios dos animais.
>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
- 6.3.1	Colocando o operario os EPI correctamente.
- 6.3.2	Revisando os alpendres para evitar goteiras, podremias de madeira...
- 6.3.3	Realizando as reparacións básicas do alpendre.
- 6.3.4	Mantendo despexada de vexetación a entrada ao alpendre por medio da eliminación do mato.

- 6.3.5 Acondicionando o solo do alpendre.
- 6.3.6 Xestionando os residuos derivados destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 6.4 Manter o pasto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.4.2 Realizando sementeiras e resementeiras cando o terreo o requira.
- 6.4.3 Regando e fertilizando o pasto periodicamente.
- 6.4.4 Controlando as especies de pasto e o seu número sobre o terreo.
- 6.4.5 Combinando os traballos silvícolas se o terreo é de uso mixto, de forma que os labores non prexudiquen o pasteiro.
- 6.4.6 Segando nas parcelas de descanso da pradería en uso para utilizar esa herba como complemento en caso de escaseza.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Rozadora
-  Tractor
-  Apeiros
-  Segadora
-  Empacadora ou emboladora

FERRAMENTAS

-  Ferramenta universal
-  EPI
-  Útiles de limpeza
-  Mangueiras
-  Sistema de rega
-  Ferramentas manuais

PRODUCTOS

-  Semente
-  Arame
-  Postes
-  Puntas
-  Frascos de tomar mostras
-  Limpadores químicos
-  Fertilizantes

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Conservar as infraestruturas creadas no monte.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 7.1 Realizar o mantemento de pistas, viais e accesos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.1.2 Limpando periodicamente a zona de rodada mediante rozas, aplicación de herbicidas...
- 7.1.3 Limpando as gabias existentes.
- 7.1.4 Desatoando pasos de auga e canalizacións.
- 7.1.5 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 7.2 Realizar o mantemento de devasas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.2.2 Realizando limpeza periódica da devasa por medio de rozas e aplicación de herbicidas.
- 7.2.3 Realizando limpeza periódica por medio de rozas e aplicación de herbicidas da zona perimetral da devasa.
- 7.2.4 Vixiando os posibles pés e as súas copas, próximos á devasa e aos tendidos eléctricos se os houbese.
- 7.2.5 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 7.3 Realizar o mantemento dos puntos de auga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.

- 7.3.2 Limpando periodicamente os fondos para non perder capacidade.
- 7.3.3 Desatoando as canles de entrada de auga e de desaugadoiro.
- 7.3.4 Detectando e reparando posibles fendas e fugas na estrutura do depósito.
- 7.3.5 Mantendo despexado o acceso ao punto de auga.
- 7.3.6 Vixiando o estado correcto e reparando se é necesario o valado perimetral, se o houbese.
- 7.3.7 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.4 Realizar o mantemento das casetas de vixilancia.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.4.2 Vixiar o estado correcto das antenas de transmisión.
- 7.4.3 Detectar e reparar goteiras e deterioracións.
- 7.4.4 Vixiar o subministro de enerxía para o funcionamento da emisora, principalmente.
- 7.4.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.5 Manter as rotas de sendeirismo e os paneis informativos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.5.2 Detectando as marcas de guía e pintándoas onde estean borradas ou borrosas.
- 7.5.3 Percorrendo as rotas co fin de detectar posibles camiños e pasos pechados para despexalos.
- 7.5.4 Revisando os paneis periodicamente para detectar roturas e reparalos.
- 7.5.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización destas operacións.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Motorrozadora
-  Motoserra lixeira

FERRAMENTAS

- ✘ EPI
- ✘ Ferramenta universal
- ✘ Ferramenta de bricolaxe
- ✘ Ferramenta de construción
- ✘ Ferramentas manuais pa, angazo, fouciño...

PRODUTOS

- ◆ Aceites
- ◆ Gasolina
- ◆ Pinturas e pinceis
- ◆ Herbicidas
- ◆ Paneis
- ◆ Cemento, masilla
- ◆ Limpadores químicos e funxicidas

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 8** Preservar o estado correcto dos seus instrumentos de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.1 Limpar as ferramentas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 8.1.2 Retirando os residuos despois da súa utilización mediante o lavado ou a aplicación dun tratamento químico.
- 8.1.3 Secando e situando cada ferramenta no seu lugar asignado ordenadamente.

-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.2 Afiar as ferramentas.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 8.2.2 Fixando o instrumento que se vai afiar a un soporte para evitar o movemento.
 - 8.2.3 Coñecendo o tipo de lima axeitado á superficie de limado.
 - 8.2.4 Aplicando a lima contra a folla de corte da ferramenta.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.3 Coñecer o funcionamento do motor da motorrozadora e da motose-
rra lixeira.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.3.1 Coñecendo os principios de funcionamento do motor de dous tempos.
 - 8.3.2 Sabendo identificar cada parte do motor.
 - 8.3.3 Sabendo a función ou utilidade de cada parte do motor.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.4 Limpar o carburador.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 8.4.2 Separándoo do conxunto do motor.
 - 8.4.3 Levantando a tapa do filtro do aire e apartándoo para limpalo de resi-
duos.
 - 8.4.4 Desmontando o *chiclé* e eliminándolle os residuos.
 - 8.4.5 Limpando o corpo do carburador.
 - 8.4.6 Xestionando axeitadamente os residuos obtidos da realización des-
tas operacións.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.5 Manter correctamente as buxías.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 8.5.2 Extraendo a capucha da buxía e desenroscándoa da culata.
 - 8.5.3 Observando a distancia entre os electrodos e limpándoos mediante
unha lixa fina, se é necesario.
 - 8.5.4 Repoñendo a buxía se está en mal estado.
 - 8.5.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta
operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.6 Identificar e substituír o embrague.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 8.6.2 Conservando adecuadamente a caixa de redución.
 - 8.6.3 Identificando fallos e procedendo ao seu cambio.
 - 8.6.4 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta
operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 8.7 Substituír e afiar a barrena.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 8.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 8.7.2 Observando o estado da barrena.
 - 8.7.3 Utilizando o dispositivo adecuado á folla de corte e procedendo ao
seu afiado.
 - 8.7.4 Repoñendo a barrena se está en mal estado.

- 8.7.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.8 Manter correctamente os elementos de seguridade da motorrozadora e da motoserra lixeira.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.8.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 8.8.2 Comprobando que a tapa protectora da coitela está perfectamente instalada.
- 8.8.3 Observando que a carcasa protectora da coitela está asegurada firmemente e é a adecuada a ese disco.
- 8.8.4 Realizando unha inspección visual das correas de suxeición.
- 8.8.5 Comprobando a resistencia das correas por medio da aplicación de tiróns destas.
- 8.8.6 Comprobando o funcionamento correcto do freo da cadea.
- 8.8.7 Comprobando o bo estado da asa de suxeición da motoserra.
- 8.8.8 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.9 Afiar as coitelas de corte da motorrozadora e da motoserra lixeira.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.9.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 8.9.2 Desmontando a coitela.
- 8.9.3 Elixindo en función do material do fío a lima adecuada.
- 8.9.4 Fixando a coitela a un soporte de afiado para evitar desprazamentos.
- 8.9.5 Aplicando a lima contra a coitela.
- 8.9.6 Elixindo o utensilio de afeitado máis axeitado para os dentes.
- 8.9.7 Respectando os criterios de seguridade e as instrucións do fabricante no proceso de afiado dos dentes.
- 8.9.8 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.10 Operar con combustibles e aceites.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.10.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 8.10.2 Coñecendo as proporcións da mestura de aceite e gasolina do motor.
- 8.10.3 Mesturando con respecto ás porcentaxes establecidas polos fabricantes.
- 8.10.4 Lubricando periodicamente os elementos sometidos a fricción.
- 8.10.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Afiadora

FERRAMENTAS

✂ Ferramenta universal
✂ Limas
✂ EPI
✂ Galga construción

PRODUTOS

⬮ Aceites
⬮ Gasolina
⬮ Ácido limpacarburadores
⬮ Produtos de limpeza
⬮ Recambios
⬮ Buxías

■.. 6.2.3.3. PRODUCCIÓN DE PLANTA

■.. 6.2.3.3.1. XERENTE DE VIVEIRO

■.. 6.2.3.3.1.2. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Xerente de viveiro
Sector		Forestal
Actividade		Produción de planta

■.. 6.2.3.3.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. É aquel traballador que ten por obxectivo atender a produción de planta de diversas especies. Preocúpase para iso de estudar as posibilidades reais para a instalación do viveiro, encargándose da elección do emprazamento adecuado e da planificación do deseño do viveiro cumprindo a normativa específica. Ha de ser á vez coñecedor dunha visión xenérica das tarefas que se desenvolven e marcan no viveiro para poder levar a cabo a súa organización e administración en temas tales como a compra, tramitación de pedidos (recepción e preparación de pedidos), medidas de control de calidade e tamén xestiona os recursos humanos e materiais que ten á súa disposición; por último encárgase de tramitar o acondicionamento e transporte do servizo requirido.

■.. 6.2.3.3.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Coñecemento e adecuación do funcionamento diario dun viveiro.
- Coñecer a idoneidade do papel de intermediario entre os cultivadores e comerciantes ou público en xeral.
- Actualización e optimización de novidades e tendencias da industria forestal. Capacidade para innovar.
- Coñecemento das habilidades no proceso de compravenda e das organizacións do sector para tal fin.
- Precisión e minuciosidade na elaboración de orzamentos.
- Interese polo coñecemento das operacións tanto a nivel estacional como de mantemento dentro do viveiro.
- Precisión e estudo con respecto aos coñecementos do solo.
- Interese no coñecemento de especies forestais, enfermidades e pragas.
- Creatividade e estudo para fomentar ideas de deseño.
- Atención para desenvolver as relacións públicas e as técnicas de negociación.
- Coñecemento e concentración en relación coa xestión administrativa.
- Informática. Esfuerzo para controlar programas.
- Interese e responsabilidade para poder ser coñecedor das normas de calidade.
- Coñecer a normativa medioambiental.
- Coñecer a Lei de prevención de riscos laborais.
- Coñecer como efectuar análises de custos.
- Coñecementos de xestión e planificación comercial, administración e mercadotecnia.
- Responsabilidade fronte á atención da normativa legal e plans de seguridade.

>. Organizativas

- Adecuación na coordinación co resto do equipo de traballo.
- Atención na planificación e distribución de tarefas así como de deseño e planificación de programas para o viveiro.
- Seriedade e eficacia para a integración na cadea de traballo.
- Dispoñibilidade laboral para atender, se se require ou é necesario, calquera das tres

fases (sementeira, crecemento, endurecemento e despacho) na cadea do proceso de traballo na actividade do viveiro.

- Capacidade para a integración no proceso e nas tarefas do viveiro así como no equipo de traballo.
- Responsabilidade para a supervisión da estratexia de xestión.
- Concentración para xestionar a parte económica do viveiro e acceder a novas formas de comunicación e busca de información (internet).
- Esfuerzo continuo para desenvolver habilidades de dirección e comercio.
- Constancia para a consecución de obxectivos.

>. Interaccións

- Amabilidade no trato.
- Habilidades e destrezas para a comunicación.
- Apertura ao cambio.
- Atender e estar atento coas normas comportamentais e de conduta adecuadas e impecables.
- Colaboración.
- Fomentar relacións.
- Capacidade para a optimización na coordinación.
- Manter relacións internas e externas de forma fluída e adecuada.
- Comprensión, diálogo e escoita.
- Aceptar diferentes puntos de vista, opinións e consellos.
- Tolerancia.
- Actitude dinámica e obxectiva.
- Cordialidade no mantemento das relacións laborais.
- Cooperación coas empresas relacionadas coa actividade desenvolvida no sector.

>. Resposta a continxencias

- Responsabilidade e capacidade de mando.
- Interpretación e resposta aos sinais do contorno.
- Serenidade e equilibrio para manter unha actitude controlada (autocontrol) ante feitos inesperados ou fóra de control e poder realizar a busca para achegar unha resposta rápida e o máis eficaz posible ante situacións imprevistas ou anómalas (toma de decisións).
- Flexibilidade na incorporación de todo tipo de propostas e innovacións.
- Desenvolver e atender a capacidade de improvisación e asimilación de situacións, feitos e/ou problemas varios.
- Paciencia e obxectividade para poder analizar unha situación determinada que requira máis traballo e unha contribución específica e adecuada encamiñada a resolver tamén conflitos existentes.
- Actitude neutral, cando así se requira, en conflitos.
- Capacidade de análise e de adaptación en xeral.
- Extraversión.

■.. 6.2.3.3.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.
- 2 Xestionar a estratexia e economía do viveiro.
- 3 Xestionar o traballo en función dos recursos humanos, materiais e medios cos que conta o viveiro.

■.. 6.2.3.3.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Analizar a viabilidade que proporciona o emprazamento do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Elixindo en caso necesario o emprazamento adecuado.
- 1.1.2 Valorando as vantaxes ou inconvenientes do emprazamento do viveiro.
- 1.1.3 Recoñecendo as limitacións das condicións da localización.
- 1.1.4 Contemplando a análise do emprazamento e a súa relación coa oferta e demanda esperada.
- 1.1.5 Tendo en conta as condicións estacionais para o ciclo vexetativo das plantas.
- 1.1.6 Tendo en conta a clase de viveiro que se vai rexentar e todos os tipos de condicionantes que repercutan sobre este.
- 1.1.7 Sopesando o custo de transporte das plantas: a distancia ás áreas de plantación e os medios de distribución e camiños de acceso á área de plantación.
- 1.1.8 Estimando a existencia doutros viveiros próximos.
- 1.1.9 Comprobando a proximidade da estrada para facilitar o acceso ao persoal, ao transporte en xeral e a proximidade a un centro poboado para facilitar o abastecemento en xeral.
- 1.1.10 Tendo en conta a distancia e as fontes de manancial de auga (ríos, canles de irrigación, mananciais, auga de subsolo, lagoas...).
- 1.1.11 Valorando a calidade que se pode ofertar en función de: temperatura do lugar, chuvias, textura e tipo de solo, caudal de auga requirido e salinidade, controlando á súa vez o pH.
- 1.1.12 Analizando a auga de rega para que os parámetros que miden a súa aptitude para esta se sitúen nos niveis adecuados.
- 1.1.13 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 1.1.14 Aplicando criterios de calidade.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Supervisar as instalacións do viveiro con respecto á produción de planta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Coñecendo e valorando a súa adaptabilidade a todas as tarefas en cada un dos procesos.
- 1.2.2 Estudando unha remodelación ou modificación en caso necesario (ampliacións de almacén, distribución nova de seccións...).
- 1.2.3 Adaptando e/ou cambiando o deseño segundo as necesidades que vaian xurdindo no viveiro.
- 1.2.4 Procurando que a infraestrutura do viveiro se adecúe á produción e á demanda e sirva para unha multiplicación e coidado óptimo das plantas.
- 1.2.5 Vixiando que as instalacións cumpran cos criterios técnicos precisos e necesarios para a produción de plantas.
- 1.2.6 Optimizando en cada proceso o bo funcionamento da rega, as zonas de produción, as instalacións complementarias...
- 1.2.7 Supervisando e controlando os sistemas de rega da instalación e os elementos de protección para as plantas no viveiro.
- 1.2.8 Avaliando se existe a necesidade de realizar melloras ou remodelacións.
- 1.2.9 Informándose de programas actuais e innovacións para a mellora do viveiro.
- 1.2.10 Elixindo para aplicar aquelas técnicas e programas precisos que o modelo da instalación require.

- 1.2.11 Adaptando o aproveitamento do espazo para o aforro de auga por planta.
- 1.2.12 Verificando que o viveiro cumpra coas normas sanitarias requiridas para unha instalación deste tipo.
- 1.2.13 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 1.2.14 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 1.2.15 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Procurar que o viveiro cumpra da forma máis correcta co seu obxectivo principal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Supervisando a produción desde a fase de sementeira, conseguindo con iso que a planificación repercuta directamente nunha oferta adecuada e de calidade do produto co custo alcanzable e agardado.
- 1.3.2 Proporcionando, asegurando e controlando as mellores condicións de traballo e medios para que o desenvolvemento das tarefas sexa óptimo.
- 1.3.3 Consequindo que tras o coidado do solo, sementeira e repicado se cheguen a obter plantas de calidade.
- 1.3.4 Planificando a produción coa elección de plantas atendendo aos beneficios (directos ou indirectos) e aos métodos alternativos da produción.
- 1.3.5 Consequindo unha coordinación e axilidade en todos os procesos (fase de sementeira, crecemento e despacho), actividades e tarefas propias da explotación coa finalidade de que a cadea de traballo e as seccións do viveiro estean organizadas sen interferir negativamente unhas con outras contando cos materiais e medios necesarios para tal fin.
- 1.3.6 En caso de contar o viveiro cun servizo de tenda, controlando as vendas, os produtos de venda e a contabilidade en xeral.
- 1.3.7 Xestionando correctamente no proceso produtivo os residuos obtidos.
- 1.3.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 1.3.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Adaptar a instalación a unha estimación da oferta que o viveiro poida realizar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Producindo a cantidade de plantas adecuadas en tamaño, cantidade, especies e calidade.
- 1.4.2 Considerando o tipo de viveiro (familiar, comunal...), o tamaño e os recursos cos que conta.
- 1.4.3 Planificando a obtención das especies máis adecuadas á demanda actual e que mellor se adapten ao traballo e características da explotación.
- 1.4.4 Tendo en conta o período de permanencia da planta no viveiro e a optimización do espazo para diminuír custos de produción (consumo de auga, fertilizantes, produtos fitosanitarios, calefacción, emprego de espazo, xeración de residuos, gastos de conservación...).

- 1.4.5 Realizando ensaios (con especies novas ou descoñecidas que posibiliten o traballo sobre pedido) de aclimatación para obter producións que incorporar ao mercado en función de ampliar ou aumentar beneficios e produción.
- 1.4.6 Elixindo fórmulas para reducir gastos da explotación, por exemplo elixindo plantas que necesiten pouco tempo de permanencia no viveiro (por exemplo con técnicas de microenxertos) evitando, desta forma, perdas por falta de saída de plantas (poucos compradores...).
- 1.4.7 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 1.4.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 1.4.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Maquinaria agrícola
-  Rozadora
-  Motocultor
-  Automóbil
-  Fotocopiadora
-  Cámara dixital
-  Estación climática

FERRAMENTAS

-  Arquivo de provedores
-  Arquivo de clientes, contratos...
-  Equipos informáticos
-  Software específico
-  Regulamentos de lexislación
-  Teléfono e fax
-  Material de oficina
-  Impresos
-  Material de laboratorio

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Xestionar a estratexia e economía do viveiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Planificar e controlar a compravenda.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Valorando e seleccionando as subvencións e axudas das distintas Administracións públicas para conseguir aumentar a rendibilidade da explotación afrontando os procesos de modernización e compra de maquinaria nova.
- 2.1.2 Solicitando esas axudas e subvencións e entregando perfectamente cumprimentada a documentación requirida coa intención de entrar nos prazos correspondentes á presentación das solicitudes.
- 2.1.3 Verificando que as actividades realizadas cumpran as leis de prevención de riscos laborais, medio ambiente e calidade.
- 2.1.4 Prevendo as necesidades con antelación suficiente co obxecto de dispoñer dos produtos, repostos e todo o necesario nas cantidades previstas para a súa utilización.
- 2.1.5 Recibindo, aceptando e a continuación preparando os pedidos sempre contando coas posibilidades reais de servilo cunhas garantías de calidade e seriedade coa finalidade de que o viveiro sexa un referente óptimo para os compradores.
- 2.1.6 Poñéndose en contacto cos técnicos das Administracións públicas para a selección de especies ameazadas e a súa recuperación así como para ver o disposto pola administración en materia de especies que se van plantar.

- 2.1.7 Efectuando pedidos de materiais e comprobando que a mercancía recibida se axusta ao solicitado co fin de adquirir os materiais e produtos necesarios para un correcto desenvolvemento de cada unha das fases de produción no viveiro.
- 2.1.8 Recabando información sobre prezos, mercados, provedores, vendedores e transportistas.
- 2.1.9 Asesorándose sobre técnicas de venda.
- 2.1.10 Xestionando a mercadotecnia e/ou publicidade que considere oportuna e beneficiosa en relación co custo máis adecuado para o viveiro.
- 2.1.11 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Almacenar e catalogar os produtos e materiais do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Comprobando nas distintas áreas do viveiro que se atendan e cumpran coas leis de PRL, medio ambiente e calidade propias dunha explotación deste tipo no manexo de máquinas, de produtos...
- 2.2.2 Establecendo o almacenamento de produtos en función da normativa específica.
- 2.2.3 Vixiando a correcta almacenaxe dos produtos comprados e producidos así como tendo en conta as características tanto da almacenaxe como das plantas e o seu bo estado no almacén.
- 2.2.4 Facendo que a almacenaxe se axuste ao correcto concepto de manexo.
- 2.2.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 2.2.6 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.2.7 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Comercializar as plantas e produtos do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Atendendo a capacidade produtiva do viveiro e os clientes reais e potenciais.
- 2.3.2 Seleccionando clientes e condicións de comercialización coa finalidade de pactar, axustar e formalizar o cobro, os descontos, os prazos de entrega e o transporte.
- 2.3.3 Establecendo relacións cos clientes: cooperativas, asociacións... para a distribución ao mercado.
- 2.3.4 Consequindo as mellores e máis seguras vías e condicións de comercialización para aumentar a rendibilidade.
- 2.3.5 Avaliando aqueles aspectos externos e internos que repercuten sobre o viveiro (DAFO).
- 2.3.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 2.3.7 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.3.8 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Elixir aqueles cultivos que mellor se adapten ás características e á situación do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Planificando, se é posible, o cultivo de distintas especies en viveiro baixo as mesmas condicións.
- 2.4.2 Controlando a toma de medidas morfolóxicas cuantitativas (altura, diámetro e pesos secos) e fisiolóxicas cualitativas (aspecto e desenvolvemento da planta, tipo e características do sistema radical) así como as medidas de desenvolvemento (potencial do crecemento radical) e de nutrientes (concentración e contido total de nitróxeno, fósforo e potasio e outros micronutrientes).
- 2.4.3 Elaborando unha base de datos sobre cultivo para coñecer o manexo de determinadas especies en viveiro.
- 2.4.4 Seleccionando tecnoloxías limpas para a produción intentando evitar, na medida do posible, herbicidas, fitosanitarios nocivos ao medio ambiente...
- 2.4.5 Establecendo os parámetros da produción elixindo as técnicas que se vaian utilizar para a mellora da produción: fertilizantes, envases, substratos, manexo da auga..., encamiñado todo iso para a obtención de plantas sas e perfectamente formadas.
- 2.4.6 Manexando os graos de dificultade que poden presentar na produción: pretratamentos longos na xermolación, coñecer o substrato, envase ou fertilización máis adecuados, simbiose entre raíces e algúns fungos ou bacterias..., o cal suporá un proceso de investigación constante no viveiro.
- 2.4.7 Supervisando as análises descritivas e exploratorias de todos os datos.
- 2.4.8 Elaborando e recompilando a información que se vai obtendo para ver os rangos de calidade e cantidade de nutrientes de cada unha das especies.
- 2.4.9 Reutilizando, na medida do posible, todo tipo de envases: macetas usadas, bandexas forestais reutilizables...
- 2.4.10 Atendendo que a planta esté micorrizada correctamente para unha maior resistencia e capacidade de captación de augas e nutrientes.
- 2.4.11 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 2.4.12 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.4.13 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Planificar a economía e a técnica do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Establecendo un plan de anotacións contables xeral e, se é posible, específico para cada fase do proceso no viveiro.
- 2.5.2 Tendo en conta datas e calendarios tanto para pedidos como para documentos esixidos a nivel fiscal e pola lexislación vixente.
- 2.5.3 Planificando e priorizando necesidades financeiras.
- 2.5.4 Decidindo e xestionando a compra ou arrendamentos de servizos e o sistema de contratación.
- 2.5.5 Establecendo en función da instalación, da produción, das necesidades e dos rendementos a incorporación ou non de novas máquinas, equipos, técnicas e métodos de traballo.
- 2.5.6 Sopesando novos investimentos para rendibilizar e/ou ampliar nunha maior medida o viveiro e o mercado ao que se dirixe.

- 2.5.7 Elaborando plans que partan de criterios técnicos e económicos para o caso de novos investimentos.
- 2.5.8 Realizando o inventario e o balance anual.
- 2.5.9 Acondicionando todo o proceso relacionado co transporte coa intención de axilizalo e, se é posible, buscar fórmulas para abaratalo.
- 2.5.10 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Maquinaria agrícola
-  Rozadora
-  Motocultor
-  Automóbil
-  Fotocopiadora
-  Cámara dixital
-  Estación climática

FERRAMENTAS

- ✕ Arquivo de provedores
- ✕ Arquivo de clientes, contratos...
- ✕ Equipos informáticos
- ✕ Software específico
- ✕ Regulamentos de lexislación
- ✕ Teléfono e fax
- ✕ Material de oficina
- ✕ Impresos
- ✕ Material de laboratorio

> UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Xestionar o traballo en función dos recursos humanos, materiais e medios cos que conta o viveiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Clasificar e temporalizar tarefas propias e de todo o equipo de traballo do viveiro en xeral.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Facéndolles fronte de forma eficaz a responsabilidades e continxencias.
- 3.1.2 Elaborando un calendario de operacións anuais e estacionais que recolla a carga de traballo puntual por épocas do ano.
- 3.1.3 Organizando e xestionando o subministro de cantidades de árbores e plantas demandadas.
- 3.1.4 Fornecendo de plantas e árbores o viveiro.
- 3.1.5 Calculando o custo de enfermidades.
- 3.1.6 Abrindo mercados.
- 3.1.7 Establecendo contactos comerciais.
- 3.1.8 Visitando almacéns.
- 3.1.9 Percorrendo o viveiro e interesándose pola execución dos procesos e supervisando a produción.
- 3.1.10 Tentando buscar o axuste de fórmulas para economizar tempo e esforzo nas tarefas do viveiro para axilizar a súa marcha, sobre todo en épocas de alto volume de traballo.
- 3.1.11 Marcándolle vendas ao cliente.
- 3.1.12 Actuando como un intermediario entre cultivadores, comerciantes ou público en xeral.
- 3.1.13 Atendendo e executando a parte administrativa que lles afecte aos traballadores (nóminas, baixas, altas...).
- 3.1.14 Recollendo avisos de avarías e, nalgúns casos, comprobándoas in situ.
- 3.1.15 Contactando con profesionais para a solución de avarías.
- 3.1.16 Contratando obras de todo tipo en caso de necesidade.
- 3.1.17 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL• **3.2** Vixiar o funcionamento diario.**>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN**

- 3.2.1 Planificando reunións de consulta e seguimento cos traballadores.
- 3.2.2 Reuníndose cos traballadores.
- 3.2.3 Distribuíndo tarefas e establecendo pautas de traballo.
- 3.2.4 Atendendo puntualmente aos traballadores calquera tipo de consulta, reclamación ou aviso.
- 3.2.5 Recollendo novidades, cambios e tendencias na industria da árbore.
- 3.2.6 Supervisando as árbores en función das pragas e enfermidades recollidas na base de datos.
- 3.2.7 Procurando estar presente para controlar a calidade na tarefa de selección da fase de despacho para a realización da mostraxe.
- 3.2.8 Actualizando a base de datos para poder operar cunha información realmente útil.
- 3.2.9 Contestando ao teléfono para atender todo o relacionado co viveiro.
- 3.2.10 Realizando todas aquelas tarefas administrativas que requira o bo funcionamento do viveiro.
- 3.2.11 Axudando os clientes a seleccionar árbores apropiadas.
- 3.2.12 Atendendo pedidos e, se é de prezo de por xunto, fornecendo cantidades grandes de árbores a contratistas, grupos da árbore e organizacións.
- 3.2.13 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 3.2.14 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL• **3.3** Planificar, organizar e supervisar os recursos humanos, os materiais e os medios do viveiro.**>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN**

- 3.3.1 Comprobando que se fagan revisións periódicas da maquinaria para saber en que estado se encontra e se proporciona un bo rendemento.
- 3.3.2 Asegurándose de que vehículos e maquinaria son suficientes ou que aqueles que se utilicen en colaboración con outra empresa non supoñan problema a ningún nivel.
- 3.3.3 Controlando e supervisando en xeral ferramenta, útiles, materiais, fornecementos.
- 3.3.4 Estudando como obter unha mellora ou un maior nivel laboral na distribución do cadro de traballadores para poder modificar ou non o rendemento do traballo.
- 3.3.5 Seleccionando o persoal que máis se adapte ás esixencias do viveiro e que posúa as capacidades profesionais (aptitudes e actitudes) máis convenientes para a tarefa que se destine.
- 3.3.6 Determinando rotacións para que os traballadores teñan un coñecemento xeral de todas as tarefas.
- 3.3.7 Acomodando a tarefa que haxa que desenvolver ao profesional que por especialidade e experiencia se adapte máis.
- 3.3.8 Programando a actualización e reciclaxe profesional dos traballadores a nivel formativo para así poder facerlle fronte á implantación de técnicas novas.
- 3.3.9 Ofertando a posibilidade de asistencia a cursos formativos relacionados co seu traballo.

- 3.3.10 Controlando que os instrumentos e ferramentas de traballo tanto de laboratorio como o equipo informático son aptos e suficientes para atender as necesidades de traballo no viveiro.
- 3.3.11 Comprobando que os sistemas de rega, luz, peche... funcionan sen problemas.
- 3.3.12 Verificando que cada área de traballo teña todo o necesario para actuar correctamente e co maior rendemento posible.
- 3.3.13 Atendendo peticións dos traballadores sobre materiais, cambios...
- 3.3.14 Revisando, en caso de ter tenda, a mercancía que se vende, a súa colocación, estado de conservación, limpeza da área de venda...
- 3.3.15 Comprobando o bo estado e posibilidades dun correcto funcionamento en todas as áreas en xeral (despachos, servizos...).
- 3.3.16 Comprometéndose a levar a cabo unha planificación das instalacións (os equipos de rega, depósitos e almacéns, oficina, ambiente para preparar o substrato, estanque de auga, ferramentas...) segundo sexa a súa natureza para organizar e poder facer un seguimento destas operando con maior ou menor eficacia (controlando que se son duradeiras -viveiros de produción centralizados- terán un custo alto e se son temporais -viveiro de produción descentralizado- as instalacións son máis simples e fáciles con materiais perecedeiros e un curto espazo de tempo para operar que rolda os 3 anos).
- 3.3.17 Vixiando que a utilización de sementes seleccionadas sexa de alta calidade e que o material vexetativo estea libre de pragas e enfermidades para poder ofertar calidade.
- 3.3.18 Facendo o seguimento do estado e utilización da calidade da terra, dos fertilizantes...
- 3.3.19 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 3.3.20 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

MEDIOS UTILIZADOS	
MÁQUINAS	FERRAMENTAS
 Maquinaria agrícola	✕ Archivo de provedores
 Rozadora	✕ Archivo de clientes, contratos...
 Motocultor	✕ Equipos informáticos
 Automóbil	✕ Software específico
 Fotocopiadora	✕ Regulamentos de lexislación
 Cámara dixital	✕ Teléfono e fax
 Estación climática	✕ Material de oficina
	✕ Impresos
	✕ Material de laboratorio

■... 6.2.3.3.2. MOTOSERRISTA

■... 6.2.3.3.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación	Viveirista
Sector	Forestal
Actividade	Produción de planta

■... 6.2.3.3.2.2. DESCRIPCIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. O seu traballo componse do manexo do tractor cos distintos apeiros para as diversas tarefas que desenvolva, así como da preparación e o acondicionamento do solo

para a sementeira; da vixilancia e aplicación das atencións necesarias para o correcto crecemento e progreso da planta; da conservación en perfecto estado das instalacións do viveiro e da ferramenta e máquinas utilizadas no desempeño do seu traballo; da preparación da planta para enviar e do repartimento desta ata o seu destino.

■.. 6.2.3.3.2.3. DESCRIPCIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Atención e concentración á hora de operar, coa maquinaria e os apeiros correspondentes, para realizar os seus labores.
- Habilidade manual no manexo de ferramentas.
- Asociación de técnicas de sementeira en función das especies e planta que se vai obter.
- Precaución e responsabilidade na manipulación dos produtos fitopatolóxicos.
- Minuciosidade e delicadeza no trato da planta mantendo as consideracións necesarias para evitar a deterioración.
- Concienciación medioambiental na execución de todas as tarefas.
- Responsabilidade e profesionalidade á hora de empregar e coñecer os EPI no desenvolvemento de todos os labores, así como a normativa actual de prevención de riscos laborais.
- Posuír unha boa forma física e un nivel aceptable de psicomotricidade.

>. Organizativas

- Executar os seus labores mantendo unha secuencia e organización adecuadas para obter a máxima eficiencia.

>. Interaccións

- Capacidade de trato ao público.
- Coordinación co resto do persoal do viveiro.
- Comunicación interna cos seus compañeiros e externa co cliente.

>. Resposta a continxencias

- Manter unha actitude de calma e seguridade ante imprevistos e causas anómalas durante a execución do seu traballo.

■.. 6.2.3.3.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Manexar e manter a maquinaria, as ferramentas e os apeiros para a súa utilización.
- 2 Acondicionar o terreo para a sementeira.
- 3 Sementar.
- 4 Aplicar tratamentos de mantemento á sementeira.
- 5 Preparar os pedidos para o cliente e atendelo nas instalacións do viveiro.
- 6 Distribuír a planta ao cliente.
- 7 Conservar as instalacións do viveiro.

■.. 6.2.3.3.2.5. 6.2.3.1.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1** Manexar e manter a maquinaria, as ferramentas e os apeiros para a súa utilización.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Manexar o tractor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Coñecendo as funcións dos mandos.
- 1.1.2 Permitindo que o motor alcance a temperatura de funcionamento necesaria.

- 1.1.3 Operando sobre os controis de marcha.
- 1.1.4 Operando cos mandos dos apeiros do tractor.
- 1.1.5 Coñecendo as aplicacións de uso da máquina.
- 1.1.6 Coñecendo os elementos de seguridade do tractor.
- 1.1.7 Coñecendo as limitacións operativas da máquina.
- 1.1.8 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Realizar un coidado e mantemento básico do tractor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Coñecendo os compoñentes mecánicos do tractor.
- 1.2.2 Tendo nocións básicas do funcionamento de motores agrícolas.
- 1.2.3. Coñecendo o programa de mantemento do tractor.
- 1.2.4 Manexando con soltura a ferramenta universal.
- 1.2.5 Manexando carburante, lubricantes, graxas e elementos filtrantes.
- 1.2.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización das operacións de mantemento básico.
- 1.2.7 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Coñecer os apeiros básicos utilizados nun viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Identificando visualmente cada apeiro.
- 1.3.2 Relacionando cada apeiro coa operación para a que se utiliza.
- 1.3.3. Colocando o apeiro correspondente correctamente.
- 1.3.4 Coñecendo as técnicas de manexo seguro de cada un dos apeiros.
- 1.3.5 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Manter os apeiros en bo estado para operar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Revisando visualmente despois da súa utilización en que condicións está.
- 1.4.2 Procedendo á súa limpeza se é necesario ao finalizar a tarefa.
- 1.4.3 Coñecendo a técnica de engraxamento, o lubricante que se debe usar, a periodicidade...
- 1.4.4 Engraxando o apeiro segundo as instrucións do fabricante.
- 1.4.5 Reparando o apeiro se está danado.
- 1.4.6. Xestionando correctamente os residuos derivados do mantemento dos apeiros
- 1.4.7 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.5 Coñecer e manexar as ferramentas manuais de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.5.1 Identificando visualmente cada ferramenta.
- 1.5.2 Asociando a ferramenta á función na que se emprega.
- 1.5.3 Utilizando de forma segura as ferramentas.
- 1.5.4 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.6 Manter as ferramentas en bo estado para operar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.6.1 Revisando visualmente despois da súa utilización en que condicións está.

- 1.6.2 Procedendo á súa limpeza se é necesario ao finalizar a tarefa.
- 1.6.3 Afiando periodicamente a zona cortante da peza.
- 1.6.4 Reparando a ferramenta se está danada, cambiar mangos...
- 1.6.5 Situando as ferramentas cada unha no seu lugar de forma ordenada para evitar accidentes por caídas, tropezos...
- 1.6.6 Xestionando correctamente os residuos derivados destas operacións.
- 1.6.7 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

-  Ferramenta universal
-  EPI
-  Angazo
-  Aixada
-  Plantamón
-  Limas
-  Pa

PRODUCTOS

-  Carburantes
-  Lubricantes
-  Graxas
-  Filtros
-  Limpadores químicos
-  Xabóns
-  Antioxidantes

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Acondicionar o terreo para a sementeira.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Realizar unha roza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 2.1.2 Seleccionando o apeiro rozador.
- 2.1.3 Enganchando correctamente o rozador ao tractor.
- 2.1.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se vai eliminando a vexetación existente no solo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Igualar a terra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 2.2.2 Seleccionando o apeiro adecuado.
- 2.2.3. Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 2.2.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se alcance un nivel ou unha cota uniforme.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Distribuír o terreo en cuarteiróns e eiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Realizando divisións no terreo para separar zonas.
- 2.3.2 Calculando o ancho das rúas e o seu número.
- 2.3.3. Cuadriculando esas zonas divididas para facilitar o paso polas rúas da maquinaria que realizará os labores.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Subsolar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 2.4.2 Seleccionando o apeiro subsolador ou *ripper*.
- 2.4.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 2.4.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se producen unha serie de liñas de apertura sobre a terra.

- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 2.5 Efectuar unha gradadura.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.5.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
 - 2.5.2 Seleccionando a grade.
 - 2.5.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
 - 2.5.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se produce un volteo da terra.
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 2.6 Aplicar emendas e desinfectantes.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.6.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
 - 2.6.2 Consultando a analítica edafolóxica, que proporciona a información sobre o estado actual do solo.
 - 2.6.3 Determinando se é necesario ou non facer a desinfección e achegar as emendas.
 - 2.6.4 Seleccionando o desinfectante que convén espaxiar e os compoñentes que proporcionarlle á terra.
 - 2.6.5 Manexando de forma segura os produtos que haxa que utilizar.
 - 2.6.6 Seleccionando o apeiro adecuado para a distribución dos produtos.
 - 2.6.7 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
 - 2.6.8 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se distribúe o produto sobre a terra.
 - 2.6.9. Xestionando correctamente os residuos derivados destas operacións.
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 2.7 Executar unha gradadura lixeira ou un pase de rotavator.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.7.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
 - 2.7.2 Seleccionando o apeiro grade ou rotavator.
 - 2.7.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
 - 2.7.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se efectúa un volteo lixeiro do solo para asentar os desinfectantes e emendas.
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 2.8 Preparar os contedores.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 2.8.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
 - 2.8.2 Situando os envases na zona seleccionada para o cultivo en contedor.
 - 2.8.3 Seleccionar o substrato adecuado en función da especie.
 - 2.8.4 Encher os envases co substrato.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

-  Ferramenta universal
-  EPI

PRODUTOS

-  Carburantes
-  Lubricantes
-  Graxas
-  Desinfectantes
-  Elementos químicos de achega ao solo

>. UNIDADE DE COMPETENCIA**3 Sementar.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 3.1 Sementar nos alcouves ou nas eiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 3.1.2 Seleccionando o apeiro adecuado.
- 3.1.3 Depositando as sementes no apeiro sementador.
- 3.1.4 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 3.1.5 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se van espaxando as sementes no solo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Sementar no contedor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 3.2.2 Introducendo a semente no envase de forma manual.
- 3.2.3. Aplicando unha lixeira presión sobre a semente cara ao interior do recipiente.
- 3.2.4 Enchendo con substrato de forma que a semente quede tapada e compactando suavemente o substrato.

>. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

-  Ferramenta universal
-  EPI

PRODUCTOS

-  Carburantes
-  Lubricantes
-  Graxas
-  Sementes
-  Substrato
-  Envases

>. UNIDADE DE COMPETENCIA**4 Aplicar tratamentos de mantemento á sementeira.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 4.1 Sombrear.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.1.2 Determinando a cantidade de radiación que debe incidir na planta segundo especie e tamaño.
- 4.1.3 Colocando os dispositivos necesarios para evitar a excesiva radiación.
- 4.1.4 Mantendo os dispositivos de sombreado o espazo de tempo necesario.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Aplicar emendas e fertilizantes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.2.2 Analizando o estado actual do solo.
- 4.2.3 Seleccionando o fertilizante que convén espaxar e os compoñentes que proporcionarlle á terra.
- 4.2.4 Manexando de forma segura os produtos que haxa que utilizar.
- 4.2.5 Seleccionando o apeiro axeitado para a distribución dos produtos.
- 4.2.6 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 4.2.7 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se distribúe o produto sobre a terra.

- 4.2.8. Xestionando correctamente os residuos derivados destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.3 Regar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.3.2 Coñecendo a instalación e o funcionamento do sistema de rega do viveiro.
- 4.3.3 Coñecendo o programa de rega deseñado por especie e tamaño.
- 4.3.4 Poñendo en marcha o sistema de rega.
- 4.3.5 Vixiando o controlador do sistema e apagándoo se fora necesario.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.4 Repicar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.4.2 Seleccionando o apeiro adecuado para o repicado.
- 4.4.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 4.4.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se recortan lixeiramente as raíces das plantas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.5 Desherbar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Colocado e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.5.2 Seleccionando o apeiro adecuado para o desherbado (mecánico ou químico).
- 4.5.3 Depositando o produto no apeiro dispersor do produto se é químico.
- 4.5.4 Manexando de forma segura os produtos químicos.
- 4.5.5 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 4.5.6 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de xeito que se elimina a competencia vexetal incipiente mecánica ou quimicamente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.6 Bimar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.6.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.6.2 Seleccionando o apeiro adecuado para a operación.
- 4.6.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 4.6.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo de forma que se realiza unha ripa suave, abrindo pequenas liñas no terreo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 4.7 Colocar protectores para os posibles depredadores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.7.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 4.7.2 Coñecendo os distintos sistemas de protección da sementeira no viveiro.
- 4.7.3 Situando manualmente os sistemas no terreo sobre as plantas sementadas ou as sementes.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Tractor

FERRAMENTAS

 Ferramenta universal

PRODUTOS

 Carburantes

 Apeiros
 Sistema de rega

 EPI

 Lubricantes
 Graxas
 Protectores
 Sistemas de sombreado
 Fertilizantes
 Macro e micronutrientes
 Recambios para o sistema de rega
 Produtos fitosanitarios

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Preparar os pedidos para o cliente e atendelo nas instalacións do viveiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.1 Alzar as plantas das eiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 5.1.2 Seleccionando o apeiro adecuado para a operación (coitelas repicadoras ou alzadoras).
- 5.1.3 Enganchando correctamente o apeiro ao tractor.
- 5.1.4 Realizando unha serie de pasadas co apeiro sobre o terreo, de forma que se realiza unha remoción e se van levantando as plantas do solo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.2 Seleccionar as plantas obtidas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 5.2.2 Inspeccionando visualmente o correcto estado da planta obtida.
- 5.2.3 Inspeccionando visualmente a que calidade pertence a planta.
- 5.2.4 Agrupando as plantas por calidades.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.3 Preparar paquetes para os pedidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 5.3.2 Contando o número de exemplares.
- 5.3.3 Formando paquetes mediante unha manipulación correcta, evitando presionar excesivamente e que se deforme a planta para impedir deterioracións na súa calidade.
- 5.3.4 Xestionando correctamente os residuos derivados destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 5.4 Atender o cliente no viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 5.4.2 Respondendo as chamadas telefónicas que se reciban no viveiro.
- 5.4.3 Tomando nota dos pedidos ou encargos telefónicos.
- 5.4.4 Recibindo os clientes que visiten o viveiro.
- 5.4.5 Coñecendo os produtos que se ofertan no viveiro, os seus prezos e a súa localización.
- 5.4.6 Amosándolle ao cliente os produtos que lle interesan.
- 5.4.7 Asesorando o cliente na toma de decisións se este o require.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

- ✕ Ferramenta universal
- ✕ Material de escritura
- ✕ EPI

PRODUTOS

- Plantas
- Compost
- Fertilizantes
- Caixas para embalaxe das plantas
- Produtos de venda en viveiros

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Distribuír a planta ao cliente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.1 Almacenar a planta empaquetada.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.1.1 Colocado e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 6.1.2 Colocando os paquetes ordenadamente nas cámaras frigoríficas para a súa conservación.
- 6.1.3 Vixiando os parámetros das cámaras periodicamente.
- 6.1.4 Informando de valores anómalos nos parámetros.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.2 Transportar a planta á zona de plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 6.2.2 Colocando ordenadamente a planta no vehículo de distribución.
- 6.2.3 Trazando a rota máis curta á zona de destino.
- 6.2.4 Conducindo o vehículo suavemente intentando danar os paquetes o menos posible.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Cámaras de frío
-  Vehículo para o transporte da planta

FERRAMENTAS

- ✕ Teléfono
- ✕ Material de escritura
- ✕ EPI

PRODUTOS

- Paquetes de plantas

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Conservar as instalacións do viveiro.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.1 Manter limpas as instalacións do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.1.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 7.1.2 Limpando periodicamente as instalacións cos produtos adecuados.
- 7.1.3 Realizando inspeccións visuais do estado das instalacións.
- 7.1.4 Xestionando correctamente os residuos derivados destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.2 Informar sobre as avarías ou as súas posibilidades de aparición.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.2.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 7.2.2 Tendo coñecemento dos fallos máis habituais nas instalacións do viveiro.

- 7.2.3 Detectando a existencia de avarías nos sistemas.
- 7.2.4 Comunicando os fallos detectados para a súa reparación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.3 Manter a zona de tenda do viveiro ordenada e con mercancía.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.3.1 Colocando e coñecendo os EPI adecuados para a realización deste labor.
- 7.3.2 Distribuíndo as zonas por produtos, marcas e tipos.
- 7.3.3 Colocándolles os prezos visibles aos produtos.
- 7.3.4 Repoñendo os produtos que se esgoten do almacén.
- 7.3.5 Informando da ausencia de produtos para realizar os pedidos correspondentes.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Limpadoras a presión
 -  Aspiradores
- transporte da planta

FERRAMENTAS

-  Teléfono
-  Material de escritura
-  Ferramentas de limpeza
-  EPI

PRODUCTOS

-  Limpadores

■.. 6.2.3.4. CULTIVO E APROVEITAMENTO DE COGOMELOS E FUNGOS

■.. 6.2.3.4.1. PRODUTOR DE COGOMELOS E FUNGOS

■.. 6.2.3.4.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación	Produtor de cogomelos e fungos
Sector	Forestal
Actividade	Cultivo e aproveitamento de cogomelos e fungos

■.. 6.2.3.4.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Encargado de desenvolver e executar racionalmente o proceso de produción das distintas especies e variedades de cogomelos e fungos comestibles, aplicando para iso as técnicas máis precisas no control fitosanitario, coidados culturais, recolección e comercialización dos produtos.

■.. 6.2.3.4.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Agudeza visual e memoria para a identificación visual da idoneidade do material vexetal.
- Ser ordenado e metódico para a almacenaxe do material vexetal empregado.
- Agudeza e memoria visual o estado de tempero do terreo.
- Habilidade manual para realizar o proceso de laboreo-roza da plantación.
- Precaución e responsabilidade ao tratar os restos procedentes dos labores de mantemento.
- Memoria e agudeza visual para identificar visualmente o grao de vitalidade vexetativa da masa.
- Memoria e agudeza visual para identificar os ciclos vexetativos das especies plantadas.
- Habilidade manual e ordenación lóxica de secuencias de traballo para o manexo das ferramentas de extracción do fungo.
- Habilidade manual, paciencia e atención durante a extracción de cogomelos e fungos segundo a especie.

- Agudeza visual para identificar os estados de escaseza hídrica da planta e coñecer os medios adecuados para palialos.
- Habilidade manual e ordenación lóxica de secuencias de traballo para a utilización das ferramentas de poda así como as técnicas máis adecuadas a cada situación.
- Concentración, habilidade manual para realizar unha extracción do fungo limpa e precisa.
- Memoria e actitude precavida para adaptar as condicións de almacenamento ás necesidades de cada especie.
- Agudeza visual e memoria concentrada para identificar visualmente os defectos que poidan presentar os produtos e clasificalos en función deles por calidades.
- Agudeza visual, memoria e concentración para determinar o estado de salubridade do fungo.
- Responsabilidade, concentración e atención para realizar un envasado preciso e seguro dos produtos.
- Responsabilidade e habilidade manual para aplicar tratamentos curativos vexetais cando os coidados culturais provoquen danos.
- Memoria, precaución e habilidade manual para coñecer os produtos fertilizantes, a súa preparación, uso e precaucións.
- Agudeza e memoria visual para o coñecemento de especies.
- Responsabilidade e secuencialización mental lóxica para realizar as operacións seguindo criterios ergonómicos e de seguridade.

>. Organizativas

- Manter en bo estado os útiles de extracción do fungo.
- Manter adecuadamente as cestas ou recipientes de recolección.
- Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e comprobacións.
- Ter sempre en bo estado o EPI.
- Almacenar os elementos de corte de maneira que as súas partes perigosas queden protexidas contra o contacto accidental.
- Coordinar o seu traballo co resto traballadores.

>. Interaccións

- Relacionarse cos subordinados.
- Relacionarse cos provedores.
- Tratar cos distribuidores e clientes.
- Relacionarse coa administración.
- Pertencer a asociacións de produtores.

>. Resposta a continxencias

- Reparar as ferramentas de uso para o traballo.
- Curar pequenas feridas.
- Ter paciencia dada a laboriosidade desta tarefa.
- Posuír certa agudeza visual na localización do fungo.
- Manter a calma ante imprevistos e situacións de perigo no desenvolvemento da actividade.

■.. 6.2.3.4.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer o material vexetal.
- 2 Controlar e manter a plantación.
- 3 Manipular a produción.

■.. 6.2.3.4.1.5. 6.2.3.1.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer o material vexetal.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Elixir a especie idónea.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Asegurándose de que as características edafoclimáticas da zona de plantación se adaptan á especie forestal asociada ao fungo obxecto de cultivo.
- 1.1.2 Excluindo a presenza de focos de contaminación e vertidos próximos que poidan contaminar o réxime freático da plantación.
- 1.1.3 Extraendo da zona de plantación as especies de fungo competidoras.
- 1.1.4 Coñecendo a época de plantación máis adecuada para lograr unha exitosa repoboación da zona.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Recepcionar o material vexetal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Comprobando que a parte aérea non supera o dobre da lonxitude do cepellón.
- 1.2.2 Asegurándose de que o diámetro do colo debe ter de 2 a 3 mm para plantas de 1 ou 2 anos.
- 1.2.3 Eliminando aquelas plantas cunha raíz pivotante que non se atope ben repicada, sen bucles ou ángulos inferiores a 110 °, e con abundancia de raíces tróficas.
- 1.2.4 Determinando a ausencia de raíces secundarias ascendentes.
- 1.2.5 Esixindo que a parte aérea e radicular estea ausente de podremias e desecacións.
- 1.2.6 Inspeccionando o colo da raíz para comprobar que sufriu un período de endurecemento e polo tanto lignificou.
- 1.2.7 Comprobando que o grao de micorrización das raíces co fungo desexado é alto e que a presenza doutro tipo de micorrizacións non desexadas é moi reducida.
- 1.2.8 Desbotando aqueles lotes de plantas que presentan un grao de idoneidade inferior ao 95%.
- 1.2.9 Recollendo todo o material de refugallo producido durante a fase de recepción.
- 1.2.10 Triturando ou queimando todos aqueles pés que presenten defectos, enfermidades ou presenza de micorrizas contaminantes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Almacenar o material vexetal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Evitando a desecación a raíz comprobando a integridade do envoltorio de plástico que envolve o cepellón, restituíndoo se resulta necesario.
- 1.3.2 Colocando os pés de modo que as raíces queden estendidas e non se produzan torceduras nos colos.
- 1.3.3 Procurando que o período de almacenamento sexa o menor posible.
- 1.3.4 Elixindo un emprazamento adecuado para o aviveiramento das plantas se o período de almacenamento é moi prolongado.
- 1.3.5 Dispoñendo as raíces das plantas nun recipiente con auga para evitar a súa desecación.
- 1.3.6 Escollendo para a plantación en primeiro lugar aquelas que chegaran antes ao monte.
- 1.3.7 Desbotando aquelas plantas que presenten o máis mínimo defecto morfolóxico ou funcional que dificulte o seu éxito vexetativo.

- 1.3.8 Restaurando o estado orixinal da zona usada para o aviveiramento temporal do material vexetal.
- 1.3.9 Utilizando en todo momento aqueles elementos que permitan un des-
empeño seguro da ocupación.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Vehículo de transporte	✕ Claves de identificación de cogomelos e fungos	💧 Filme plástico transparente
 Tractor	✕ Claves de identificación de especies arbóreas	💧 Substancias para o tratamento de feridas
 Apeiros de laboreo	✕ Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos	💧 Barquetas de cortiza illante
 Trituradora de restos	✕ Ferramenta de limpeza de roza	💧 Fertilizantes
 Cámara para o almacenamento do fungo	✕ EPI	💧 Combustible
 Máquina de envasado	✕ Elementos	💧 Lubricantes
	✕ Instalación para rega	💧 Elementos de corte
	✕ Elementos auxiliares de rega	
	✕ Instrumentos de poda	
	✕ Cestas para a recollida do fungo	
	✕ Elementos para a limpeza do fungo	

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Controlar e manter a plantación.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.1 Realizar o laboreo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Determinando a época máis apropiada para a realización de laboreos.
- 2.1.2 Comprobando sobre o terreo o grao de invasión do material herbáceo da plantación co fin de elixir a intensidade do laboreo.
- 2.1.3 Coñecendo a profundidade máxima á que se poden realizar os desherbados e introducindo o apeiro de laboreo á profundidade adecuada.
- 2.1.4 Evitando pasar o apeiro cerca dos pés para non danalos.
- 2.1.5 Evitando durante o proceso de desherbado realizar unha excesiva inversión de horizontes.
- 2.1.6 Realizando unha recollida, amoreamento e trituración de restos tras o procedemento de desherbado.
- 2.1.7 Seguindo en todo momento as normas de seguridade aplicables ao desempeño da realización.
- 2.1.8 Usando en todo momento o EPI.
- 2.1.9 Evitando durante o proceso de desherbado realizar unha excesiva inversión de horizontes.
- 2.1.10 Realizando unha recollida, amoreamento e trituración de restos des-
pois do procedemento de desherbado.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.2 Fertilizar a plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Observando o grao de vitalidade e crecemento das plantas.

- 2.2.2 Coñecendo a composición orgánico-mineral da estación.
- 2.2.3 Coñecendo as necesidades nutritivas propias de cada especie.
- 2.2.4 Escollendo o método de aplicación máis adecuado.
- 2.2.5 Realizándoo na época máis propicia para o desenvolvemento vexetativo e á vez que non interfira en procesos de frutificación ou polinización.
- 2.2.6 Aplicando a concentración máis apropiada.
- 2.2.7 Manipulando os produtos de forma segura e axeitada para a aplicación.
- 2.2.8 Determinando se na zona de aplicación se pode producir contaminación de acuíferos ou da flora e fauna circundantes.
- 2.2.9 Retirando da zona todos os residuos producidos durante o proceso de aplicación de fertilizantes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Regar a plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Realizando unha atenta inspección visual do estado hídrico do vexetal.
- 2.3.2 Escollendo a hora do día máis adecuada para conseguir que os estomas vexetais se atopen máis receptivos á absorción de líquido.
- 2.3.3 Coñecendo o grao de drenaxe do terreo para evitar, no caso de que este sexa escaso, que tras a rega o pé quede asolagado impedindo desta maneira a respiración radicular.
- 2.3.4 Dosificando a duración e espazo das regas para evitar a aparición de podrencias e fungos indeseixados no vexetal.
- 2.3.5 Asegurándose de que a auga utilizada se atope libre de substancias fitocidas e calquera outros produtos nocivos para a planta.
- 2.3.6 Regulando a presión de rega sobre o pé para evitar a excesiva remoción de terra que podería producir problemas de desarraigamento e perdas de nutrientes organominerais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Podar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.4.2 Seleccionando os pés de poda.
- 2.4.3 Aplicando a intensidade de poda adecuada en función da especie e idade desta.
- 2.4.4 Mantendo as ferramentas de corte perfectamente afiadas para evitar que durante o corte se produzan esgazamentos no tronco.
- 2.4.5 Elixindo a ferramenta adecuada en función das características dos pés que se vaian podar.
- 2.4.6 Realizando un corte limpo a rentes do tronco evitando deixar tocos e feridas.
- 2.4.7 Aplicando substancias cicatrizantes se se produciu unha ferida, evitando a entrada de patóxenos.
- 2.4.8 Xestionando adecuadamente os restos de poda.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor
-  Apeiros de laboreo
-  Trituradora de restos

FERRAMENTAS

-  Claves de identificación de cogomelos e fungos
-  Claves de identificación de especies arbóreas
-  Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos

PRODUTOS

-  Fertilizantes
-  Combustible
-  Lubricantes
-  Elementos de corte
-  Substancias para o tratamento de feridas
-  Filme plástico

-  Cámara para o almacenamento do fungo
-  Máquina de envasado

- ✕ Ferramenta de limpeza de roza
- ✕ EPI
- ✕ Elementos
- ✕ Instalación para rega
- ✕ Elementos auxiliares de rega
- ✕ Instrumentos de poda
- ✕ Cestas para a recollida do fungo
- ✕ Elementos para a limpeza do fungo

- transparente
- ◆ Barquetas de cortiza illante

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Manipular a produción.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Extraer os cogomelos e fungos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando correctamente o equipo de traballo.
- 3.1.2 Identificando visualmente a ferramenta de corte do fungo.
- 3.1.3 Pisando suavemente nos arredores por se hai máis, xa que adoitan medrar en grupos.
- 3.1.4 Evitando remexer o chan que os rodea, xa que se producirían danos no micelio do fungo.
- 3.1.5 Agachándose coidando a postura das costas e, mediante o utensilio de corte, aplicar na base do talo do fungo unha sección de forma que quede un pequeno pé, do que pode volver a xermolar o fungo.
- 3.1.6 Evitando danar os cogomelos que non se coñecen ou non se van recoller.
- 3.1.7 Cubrindo o oco do solo con terróns de terra.
- 3.1.8 Limpando despois de cada uso o utensilio de corte.
- 3.1.9 Afiando despois de cada uso a ferramenta de corte.
- 3.1.10 Substituíndo a ferramenta de corte no caso de estar defectuosa.
- 3.1.11 Realizando estas operacións atendendo a criterios de seguridade.
- 3.1.12 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Manexar os produtos extraídos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Limpando coidadosamente a terra, area ou outros restos adheridos ao cogomelo mediante un pincel ou brocha pequena.
- 3.2.2 Colocando o cogomelo boca abaixo para evitar que se manchen as lamelas do sombreiro ou paraugas.
- 3.2.3 Depositando o fungo extraído nunha cesta de madeira ou vimbio.
- 3.2.4 Revisando as cestas procedentes da recollida.
- 3.2.5 Separando os cogomelos e fungos por tamaños e calidades.
- 3.2.6 Desbotando os exemplares non válidos ou de aspecto dubidoso.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Preparar e embalar a produción.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Volteando o contido das cestas en diferentes recipientes por tamaños e calidades para a súa venda.

- 3.3.2 Mantendo os cogomelos refrixerados evitando a súa podremia e deterioración.
- 3.3.3 Eliminando os exemplares danados ou en mal estado antes da venda periodicamente.
- 3.3.4 Determinando se o estado do fungo presenta o grao de humidade adecuado para a súa embalaxe.
- 3.3.5 Colocando os cogomelos e fungos en embalaxes que permitan a súa transpiración e os illen da humidade para evitar oxidacións e podremias.
- 3.3.6 Xestionando os residuos producidos da realización desta actividade.

>.. MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Vehículo de transporte	✂ Claves de identificación de cogomelos e fungos	💧 Fertilizantes
 Tractor	✂ Claves de identificación de especies arbóreas	💧 Combustible
 Apeiros de laboreo	✂ Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos	💧 Lubricantes
 Trituradora de restos	✂ Ferramenta de limpeza de roza	💧 Elementos de corte
 Cámara para o almacenamento do fungo	✂ EPI	💧 Substancias para o tratamento de feridas
 Máquina de envasado	✂ Elementos	💧 Filme plástico transparente
	✂ Instalación para rega	💧 Barquetas de cortiza illante
	✂ Elementos auxiliares de rega	
	✂ Instrumentos de poda	
	✂ Cestas para a recollida do fungo	
	✂ Elementos para a limpeza do fungo	

■.. 6.2.3.4.2. RECOLLEDOR DE COGOMELOS E FUNGOS

■.. 6.2.3.4.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Recolledor de cogomelos e fungos
Sector		Forestal
Actividade		Cultivo e aproveitamento de cogomelos e fungos

■.. 6.2.3.4.2.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Encárgase da busca da zona de recollida dos cogomelos e os fungos, da identificación e a extracción no monte, así como da venda posterior ao almacenista ou distribuidor.

■.. 6.2.3.4.2.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Habilidade manual no manexo das ferramentas de extracción.
- Memoria asociativa na aplicación dos distintos métodos de extracción de cogomelos e fungos segundo a especie.
- Agudeza visual e atención na identificación da/s especie/s e lugares de desenvolvemento.
- Axilidade mental na selección dos coñecementos por especies.

- Habilidade no manexo e adestramento dos animais trufeiros.
- Agudeza visual na detección.
- Psicomotricidade, flexibilidade e resistencia física.
- >.. Organizativas
 - Manter en bo estado os útiles de extracción.
 - Manter adecuadamente as cestas ou recipientes de recollida.
 - Coidar o estado dos animais trufeiros.
 - Supervisar a detección de trufas con animais para evitar perdas de produción.
- >.. Interaccións
 - Manter un grado de harmonía co animal trufeiro.
 - Manter unha relación cordial co resto de buscadores de cogomelos e fungos.
- >.. Resposta a continxencias
 - Ter paciencia dada a laboriosidade desta tarefa.
 - Posuír certa agudeza visual na localización dos cogomelos e fungos.
 - Percorrer o monte con delicadeza para non pisar ou danar os cogomelos.
 - Manter a calma ante imprevistos e situacións de perigo no desenvolvemento da actividade.

■.. 6.2.3.4.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Identificar especies e zonas de recollida.
- 2 Extraer o cogomelo ou o fungo.
- 3 Clasificar os cogomelos e fungos recollidos.

■.. 6.2.3.4.2.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Identificar especies e zonas de recollida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Elixir a época de recollida.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Coñecendo o ciclo de desenvolvemento da/s especie/s que hai que recoller.
- 1.1.2 Coñecendo as épocas do ano preferentes.
- 1.1.3 Adaptando o inicio de recollida ás condicións climáticas particulares de cada ano.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Identificar os cogomelos e fungos que hai que extraer.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Coñecendo as características da especie.
- 1.2.2 Establecendo a relación entre cada especie e elementos topográficos, climáticos ou edáficos específicos dela.
- 1.2.3 Coñecendo as principais características de diferenciación dos cogomelos e os fungos.
- 1.2.4 Manexando con soltura as claves de identificación de cogomelos e fungos comestibles.
- 1.2.5 Recoñecendo a pé de monte os cogomelos e fungos que hai que recoller.
- 1.2.6 Aproximando a idade do exemplar sobre o terreo para evitar a recollida de exemplares maduros ou moi novos.
- 1.2.7 TRUFA
Adestrando un exemplar porcino femia novo, con 4 ou 5 meses, ou un canino desde cachorro.

- 1.2.8 Paseándoo polo monte nunha posible zona produtora para a detección olfactiva do fungo.
- 1.2.9 Evitando que o animal inxira as trufas detectadas mediante algunha lambonada ou por medio dalgún elemento na boca que lle impida comelas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Asociar zonas produtivas a especies comestibles.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Coñecendo os principais ecosistemas forestais.
- 1.3.2 Coñecendo as formacións boscosas de desenvolvemento de fungos.
- 1.3.3 Coñecendo en que tipo de masa se desenvolve cada especie de fungo.
- 1.3.4 Identificando no monte os distintos tipos de masas forestais.
- 1.3.5 Recoñecendo sobre o terreo posibles zonas produtoras.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Elixir a zona de recollida.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Evitando a recollida en zonas contaminadas.
- 1.4.2 Evitando a recollida nas proximidades de áreas industriais.
- 1.4.3 Evitando a recollida nos bordos de camiños asfaltados e estradas.
- 1.4.4 Comprobando que a zona escollida non soportara xa o paso doutro recolledor, eliminándoa do proceso de recolección se é así.
- 1.4.5 Escollendo zonas de produción perfectamente establecidas e desenvolvidas, deixando para posteriores recoleccións as zonas máis inmaduras.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte

FERRAMENTAS

- ✂ Claves de identificación de cogomelos e fungos
- ✂ Claves de identificación de especies arbóreas
- ✂ Porco trufeiro
- ✂ Can trufeiro

PRODUCTOS

- 🍄 Alimento canino
- 🍄 Alimento porcino

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Extraer o cogomelo e o fungo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Coñecer o equipo de traballo necesario e a súa utilización.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Recoñecendo cada elemento do vestiario: luvas, botas...
- 2.1.2 Colocando correctamente o equipo de traballo.
- 2.1.3 Identificando visualmente a ferramenta de corte do cogomelo.
- 2.1.4 Manexando correctamente, dunha forma segura, o utensilio de corte.
- 2.1.5 Coñecendo a técnica de traballo con animais rastrexadores.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Extraer o fungo e o cogomelo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Identificándoo no chan entre a vexetación.
- 2.2.2 Pisando suavemente nos arredores, por se hai máis, xa que adoitan medrar en grupos.
- 2.2.3 Evitando remover o chan que os rodea, xa que se producirían danos no micelio do fungo.

- 2.2.4 Agachándose coidando a postura das costas e, mediante o utensilio de corte, aplicar na base do talo do cogomelo unha sección de forma que quede un pequeno toco, do que pode volver agomar o fungo.
- 2.2.5 Limpando coidadosamente a terra, area ou outros restos adheridos ao cogomelo mediante un pincel ou brocha pequena.
- 2.2.6 Colocando o cogomelo boca abaixo para evitar que se manchen as lamelas do sombreiro ou paraugas.
- 2.2.7 Depositando o fungo ou o cogomelo extraídos nunha cesta de madeira ou vimbio.
- 2.2.8 Evitando danar os cogomelos que non se coñecen ou non se van recoller.
- 2.2.9 TRUFA
Desenterrando o fungo por medio do porco ou do can trufeiro, escavando co fociño.
- 2.2.10 Cubrindo o oco do solo con terróns de terra.
- 2.2.11 Extraendo a trufa evitando que o animal a coma.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Manter a ferramenta de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Limpando despois de cada uso o utensilio de corte.
- 2.3.2 Afiando despois de cada uso a ferramenta de corte.
- 2.3.3 Substituíndo a ferramenta de corte no caso de estar defectuosa.
- 2.3.4 Realizando estas operacións atendendo a criterios de seguridade.
- 2.3.5 Proporcionándolle os coidados necesarios ao porco ou ao can trufeiro para mantelo nun estado óptimo para a busca da trufa.
- 2.3.6 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- 🚗 Vehículo de transporte

FERRAMENTAS

- ✂ EPI
- ✂ Coitelo
- ✂ Navalla
- ✂ Tesoiras
- ✂ Cesto de vimbio
- ✂ Can trufeiro
- ✂ Cesto de vimbio
- ✂ Cesto de madeira
- ✂ Pincel ou brocha pequena
- ✂ Porco trufeiro
- ✂ Can trufeiro
- ✂ Lima

PRODUTOS

- 🐾 Alimento canino
- 🐾 Alimento porcino

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Clasificar os cogomelos e os fungos recollidos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Separar os cogomelos e os fungos por especies e por tamaños.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando correctamente o EPI.
- 3.1.2 Revisando as cestas procedentes da recollida.
- 3.1.3 Separando os cogomelos e os fungos por especies, por tamaños e calidades.
- 3.1.4 Desbotando os exemplares non válidos ou de aspecto dubidoso.

- 3.1.5 Volteando o contido das cestas en diferentes recipientes por tamaños e especies para a súa venda.
- 3.1.6 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Conservar os cogomelos e os fungos ata a venda.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Mantendo os fungos e os cogomelos refrixerados evitando a súa podremia e deterioración.
- 3.2.2 Eliminando os exemplares danados ou en mal estado antes da venda periodicamente.
- 3.2.3 Xestionando os residuos producidos da realización desta actividade.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Frigoríficos

FERRAMENTAS

 EPI

PRODUCTOS

 Material de escritorio funxible

■.. 6.2.3.5. APROVEITAMENTO DE CORTIZA

■.. 6.2.3.5.1. CORTICEIRO SACADOR

■.. 6.2.3.5.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Corticeiro sacador (extracción de cortiza)
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento da cortiza

■.. 6.2.3.5.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Efectúa os labores de extracción da cortiza (descortizamento de sobreiras) ata o seu amoreamento e demais labores de mantemento do sobreiral para o seu aproveitamento.

■.. 6.2.3.5.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Habilidade para o manexo das ferramentas empregadas no seu traballo.
- Responsabilidade no coidado medioambiental.
- Capacidade para realizar con precisión os seus labores.

>. Organizativas

- Capacidade para interpretar as ordes seguindo un itinerario lóxico.
- Realizar os labores atendendo as especificacións técnicas necesarias e aplicando a eficiencia nelas.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicación e coordinación cos compañeiros.
- Cooperación e traballo en grupo.

>. Resposta a continxencias

- Actuar con control ante as posibles continxencias relacionadas coa execución do seu traballo.
- Posuír resposta rápida a posibles accidentes de traballo.
- Efectuar as instrucións establecidas en caso de accidente.

■.. 6.2.3.5.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Coñecemento do sobreiral.
- 2 Labores da saca.
- 3 Saca.

■.. 6.2.3.5.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecemento do sobreiral.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Cumprindo os períodos de descortizado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Comprobando que o grosor da cortiza se axusta aos valores especificados.
- 1.1.2 Identificando a cor da cortiza, indicativa da estación e período correcto de descortizado.
- 1.1.3 Comprobando a homoxeneidade dos sucesivos crecementsos.
- 1.1.4 Identificando aqueles aspectos individuais que deprecan a calidade.
- 1.1.5 Coñecendo os períodos de descortizado da zona de extracción específica.
- 1.1.6 Establecendo un itinerario de traballo por zonas.
- 1.1.7 Realizando o posterior descortizado no período de crecemento vexetativo (verán).

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Planificando accesos, puntos de reunión e vías.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Coñecendo o volume de extracción aproximado que se pode sacar das zonas do sobreiral.
- 1.2.2 Eliminando competencias vexetativas que afecten o crecemento da sobreira.
- 1.2.3 Realizando as limpezaas de agromos.
- 1.2.4 Facilitando o acceso aos lugares de traballo, reunión e transporte.
- 1.2.5 Definindo rodas en torno ás árbores e comunicándoas coas vías de saca.
- 1.2.6 Realizando os futuros labores de forma que favorezan o aproveitamento do sobreiral e faciliten a extracción da cortiza así como o seu desembosque.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Recoñecendo o estado do sobreiral.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Determinación das pragas da sobreira.
- 1.3.2 Realizando aquelas accións destinadas a combater e previr enfermidades do sobreiral.
- 1.3.3 Identificando aqueles tratamentos necesarios para erradicar.
- 1.3.4 Coñecendo as enfermidades que poden afectar á sobreira.
- 1.3.5 Definindo as accións que haxa que realizar, preservando en todo momento a saúde do sobreiral.
- 1.3.6 Delimitando as zonas da árbore (follas, raíces, tronco, cortiza, etc.) afectadas.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor

FERRAMENTAS

- ✂ Guías de identificación de pragas e enfermidades
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Mapas da zona

PRODUTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Lubricante

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Labores da saca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.1 Rozar manualmente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Verificando o correcto afiado das ferramentas e maquinaria.
- 2.1.2 Comprobando os niveis de combustible e demais líquidos das ferramentas a motor e realizando os axustes en caso necesario.
- 2.1.3 Comprobando o sistema de corte e tensado, así como o seu engraxamento.
- 2.1.4 Afiando os diferentes tipos de cadeas e demais ferramentas que o requiran.
- 2.1.5 Realizando as operacións coas ferramentas e útiles adecuados.
- 2.1.6 Cumprindo a normativa de seguridade e hixiene no traballo así como a de coidado medioambiental.
- 2.1.7 Colocando e usando os EPI de forma adecuada.
- 2.1.8 Realizando as tarefas coas ferramentas adecuadas.
- 2.1.9 Reunindo os restos en lugares onde se facilite o seu posterior transporte.
- 2.1.10 Coidando de non xerar reunións con dimensións elevadas onde se poidan producir focos de incendios forestais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.2 Limpezas de accesos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando e usando os EPI de forma adecuada.
- 2.2.2 Realizando as limpezas co fin de facilitar o acceso e posterior descortizado da árbore.
- 2.2.3 Cumprindo a normativa de seguridade e hixiene no traballo así como a de coidado medioambiental.
- 2.2.4 Comprobando o correcto estado da maquinaria e ferramentas.
- 2.2.5 Definindo as tarefas de limpeza adecuadas e suficientes.
- 2.2.6 Delimitando as zonas de acceso e reunión.
- 2.2.7 Recollendo os restos de limpezas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.3 Efectuando tarefas de podas e cortes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando e usando os EPI de forma adecuada.
- 2.3.2 Delimitando o nivel de poda necesario.
- 2.3.3 Realizando podas de formación nos individuos necesarios.
- 2.3.4 Efectuando podas de rexuvenecemento nos casos necesarios (só unha vez na vida da árbore).
- 2.3.5 Verificando a existencia ou non de pragas ou defectos nos individuos tratados.
- 2.3.6 Realizando, en caso necesario, laboreos e fertilizacións.
- 2.3.7 Sacrificando, en casos necesarios, individuos vellos, non produtivos ou que padecen pragas.
- 2.3.8 Realizando tarefas de reunión dos restos do traballo.
- 2.3.9 Transportando os restos das podas, cortes e laboreo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 2.4 Amorear as panas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Reunindo as pranchas de cortiza.
- 2.4.2 Separando os tipos de cortiza en moreas diferentes.

- 2.4.3 Realizando un bo remate en colos e zapatas evitando a entrada de insectos entre a cortiza e a capa nai.
- 2.4.4 Elixindo unha zona axeitada para evitar humidades, empozamentos e favorecendo a circulación de aire entre as panas.
- 2.4.5 Colocando as pranchas no chan na posición correcta.
- 2.4.6 Marcando os ferros que estiveron en contacto co chan para evitar o seu uso na fabricación de tapóns.
- 2.4.7 Evitando o acceso ás moreas de calquera tipo de animal.
- 2.4.8 Evitando o amoreamento sobre madeira ou asfalto.
- 2.4.9 Construindo as moreas de forma e dimensión adecuadas.
- 2.4.10 Orientando as moreas de forma correcta.
- 2.4.11 Cubrindo a parte de saca.
- 2.4.12 Coordinando o amoreamento co posterior traballo de desembosque.
- 2.4.13 Cumprindo en todo momento coa normativa de prevención de riscos laborais e coidado medioambiental.
- 2.4.14 Seguindo en todo momento o Código Internacional de Prácticas Suberícolas e Taponeiras.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor
-  Motoserra
-  Motorrozadora

FERRAMENTAS

- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Machadas
- ✂ Tesoiras
- ✂ Serras
- ✂ Escadas
- ✂ Metros
- ✂ Aixada
- ✂ Limas
- ✂ Pedra de afiar

PRODUTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Desinfectantes
- ⬮ Lubricante

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Saca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Preparación de ferramentas e demais equipo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Identificando as ferramentas e o labor no que se usarán.
- 3.1.2 Evitando ferruxes e sucidades nelas.
- 3.1.3 Realizando afiados e axustes nas ferramentas.
- 3.1.4 Lubricando eixes e superficies destas.
- 3.1.5 Realizando unha inspección visual das ferramentas.
- 3.1.6 Aplicando nas tarefas de mantemento os materiais e ferramentas correctas.
- 3.1.7 Cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Sacar a cortiza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Realizando o traballo baixo as condicións climatolóxicas adecuadas.
- 3.2.2 Evitando facer feridas na capa nai.
- 3.2.3 Cortando de forma horizontal a cortiza (trazado, cintura ou redondo).
- 3.2.4 Verificando co pé de liña o calibre da cortiza.
- 3.2.5 Seguindo as fendas (liñas verticais) naturais.
- 3.2.6 Realizando o despegamento da cortiza de arriba a abaixo (dos colos cara ao pé).

- 3.2.7 Realizando os labores do baleirado (mocheado) coa parte posterior da machada, en caso de que fose necesario.
- 3.2.8 Introducendo o mango da machada entre as liñas de abertura co fin de facer panca e separar as pranchas de cortiza.
- 3.2.9 Axudándose do bisel da burxa nos lugares onde non se pode chegar coa machada.
- 3.2.10 Separando as pranchas de tamaño adecuado da árbore comezando pola parte superior da prancha.
- 3.2.11 Extraendo as zapatas e as garras facendo panca entre elas e a capa nai.
- 3.2.12 Fendendo as pranchas que teñan maior tamaño (entre 75-125 cm por 50-70 cm).
- 3.2.13 Reunindo as pranchas (e demais anacos de cortiza) en puntos previamente fixados para o seu posterior desembosque.
- 3.2.14 Utilizando as ferramentas adecuadas.
- 3.2.15 Realizando as tarefas de desinfección das ferramentas.
- 3.2.16 Evitando o contacto das ferramentas co chan.
- 3.2.17 Cumprindo os coeficientes de saca establecidos.
- 3.2.18 Colocando e usando de forma adecuada os EPI.
- 3.2.19 Fendendo a cortiza cos cortes mínimos e necesarios para realizar a saca.
- 3.2.20 Utilizando a machada de forma segura para realizar o descortizado.
- 3.2.21 Separando os anacos de bornizo, zapatas, cortiza con chancro e formigueiros.
- 3.2.22 Realizando todas as tarefas cumprindo a normativa de coidado medioambiental.
- 3.2.23 Seguindo en todo momento o Código Internacional de Prácticas Subericolas.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor

FERRAMENTAS

- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Machadas de corticeiro (estremeña, andaluza ou portuguesa)
- ✂ Podadoras
- ✂ Pedras de afiar
- ✂ Burxa
- ✂ Navalla de fender
- ✂ Pé de liña (ou calibre)

PRODUCTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Lubricante

■.. 6.2.3.6. DEFENSA CONTRA INCENDIOS

■.. 6.2.3.6.1. DEFENSA CONTRA INCENDIOS

■.. 6.2.3.6.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Peón de extinción de incendios
Sector		Forestal
Actividade		Defensa contra incendios

■.. 6.2.3.6.1.2. DESCRIPCIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Desempeña todas aquelas tarefas que derivan na sufocación e extinción dun incendio forestal, incluíndo os distintos métodos que hai, o manexo dos equipos e ferramentas e o mantemento da base de traballo.

■.. 6.2.3.6.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Manter un alto grao de atención e concentración no manexo das ferramentas e maquinaria lixeira empregada no desenvolvemento do seu traballo.
- Habilidade manual no uso das ferramentas.
- Boa disposición na aplicación a todos os procesos do seu traballo, a normativa actual de PRL, os niveis de calidade esixidos e a corrección medioambiental necesaria.

>. Organizativas

- Capacidade de interpretación correcta das instrucións recibidas e realízalas na orde adecuada, dado que o nivel de perigosidade derivado da execución do seu traballo supón evitar situacións de risco moi graves.

>. Interaccións

- Gran capacidade para o traballo en equipo, único sistema empregado nesta ocupación, para a comunicación co resto da súa cuadrilla e co capataz do que depende xerarquicamente.

>. Resposta a continxencias

- Manter unha boa forma física no duro desenvolvemento dos seus labores habituais.
- Posuír un nivel de resistencia e de forza física elevados para executar as súas tarefas habitualmente.
- Posuír un gran dominio da calma e serenidade, actitude fría e tranquila ante as numerosas situacións perigosas diarias.
- Ter unha capacidade de resposta rápida e bos reflexos.

■.. 6.2.3.5.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Atacar o lume directamente.
- 2 Atacar o lume indirectamente.
- 3 Manexar e manter as mangueras.
- 4 Manexar e manter as ferramentas de traballo.
- 5 Conducir o vehículo de transporte do retén.

■.. 6.2.3.5.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Atacar o lume directamente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Coñecer e saber colocar correctamente os equipos de protección individual.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Sabendo cales son todos os elementos que integran o equipo .
- 1.1.2 Identificando visualmente cada compoñente do equipo.
- 1.1.3 Relacionando cada parte do equipo coa función protectora para a que está deseñado.
- 1.1.4 Coñecendo a colocación e a orde de colocación de todos os elementos.
- 1.1.5 Colocando correctamente o equipo completo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Sufocar con batelume.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 1.2.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 1.2.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 1.2.4 Collendo o batelume con firmeza.

- 1.2.5 Golpeando o batelume contra a base da chama do lume, manténdoo uns segundos sobre o chan antes de volver golpear.
- 1.2.6 Repetindo o proceso.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Aplicar auga ou auga con retardantes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 1.3.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 1.3.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 1.3.4 Suxeitando a manguera con forza.
- 1.3.5 Dirixindo o chorro da auga á base da chama en sentido tanxencial ao bordo do incendio.
- 1.3.6 Portando un extintor de mochila individual dirixindo o chorro, igual que coa manguera.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Afogar e arrefriar o combustible achegando terra.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 1.4.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 1.4.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 1.4.4 Collendo a pa.
- 1.4.5 Seleccionando visualmente terra mineral, se é posible, ou de baixo contido en materia orgánica.
- 1.4.6 Amoreando a terra nun montón se non se dispón de bastante cantidade nas proximidades.
- 1.4.7 Botando padas de terra de golpe, sen espaxar, á base das lapas.
- 1.4.8 Repetindo este proceso.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.5 Arrefriar o combustible por dispersión deste.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.5.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 1.5.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 1.5.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 1.5.4 Collendo un angazo, unha aixada ou similar.
- 1.5.5 Espaxando o combustible queimado e as brasas na última fase de extinción do incendio.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.6 Controlar a aparición de focos postincendio.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.6.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 1.6.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 1.6.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 1.6.4 Suxeitando a manguera con forza.
- 1.6.5 Regando a zona queimada que aínda está susceptible de arder de novo.
- 1.6.6 Portando un extintor de mochila individual dirixindo o chorro, igual que coa manguera.
- 1.6.7 Realizando un control visual da zona do incendio unha vez extinguido.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Extintor de mochila

FERRAMENTAS

 EPI
 Pa

PRODUTOS

 Auga
 Retardantes

 Vehículo motobomba	 Batelumes
 Vehículo de transporte da cuadrilla	 Teléfono móbil
	 Angazo
	 Aixada
	 Mangueiras

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Atacar o lume indirectamente.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Coñecer e saber colocar correctamente os equipos de protección individual.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Sabendo cales son todos os elementos que integran o equipo.
- 2.1.2 Identificando visualmente cada compoñente do equipo.
- 2.1.3 Relacionando cada parte do equipo coa función protectora para a que está deseñado.
- 2.1.4 Coñecendo a colocación e a orde de colocación de todos os elementos.
- 2.1.5 Colocando correctamente o equipo completo de traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Abrir liñas de defensa.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 2.2.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 2.2.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 2.2.4 Cortando e extraendo o combustible aéreo, superficial e subterráneo mediante o uso da ferramenta manual e a maquinaria lixeira (motoserra).
- 2.2.5 Raspando o terreo ata chegar ao solo mineral.
- 2.2.6 Depositando o combustible no lado da liña, oposto ao do avance do lume.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Prender un contralume, previa instrución.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 2.3.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 2.3.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 2.3.4 Coñecendo a liña de prendemento do contralume.
- 2.3.5 Coñecendo o manexo do facho de goteo.
- 2.3.6 Prendemento do facho.
- 2.3.7 Prendendo o combustible nos puntos elixidos polo director de extinción.
- 2.3.8 Poñendo fóra de servizo o facho de goteo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Prender unha queima de ensanche, previa instrución.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 2.4.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 2.4.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 2.4.4 Coñecendo a liña de prendemento da zona que se vai queimar.
- 2.4.5 Coñecendo o manexo do facho de goteo.
- 2.4.6 Prendendo o facho.
- 2.4.7 Prendendo o combustible nos puntos elixidos polo director de extinción.
- 2.4.8 Poñendo fóra de servizo o facho de goteo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Controlar a aparición de focos postincendio.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 2.5.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 2.5.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 2.5.4 Collendo a mangueira con forza.
- 2.5.5 Regando a zona queimada que aínda está susceptible de arder de novo.
- 2.5.6 Portando un extintor de mochila individual dirixindo o chorro, igual que coa mangueira.
- 2.5.7 Realizando un control visual da zona do incendio unha vez extinguido.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Vehículo de transporte da cuadrilla
-  Motoserra
-  Motorrozadora
-  Extintor de mochila
-  Vehículo motobomba

FERRAMENTAS

-  Facho de goteo
-  EPI
-  Machada-aixada
-  Pa
-  Aixada
-  Teléfono móbil

PRODUCTOS

-  Combustibles
-  Aceites
-  Auga
-  Retardantes

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Manexar e manter as mangueiras.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Coñecer e saber colocar correctamente os equipos de protección individual.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Sabendo cales son todos os elementos que integran o equipo.
- 3.1.2 Identificando visualmente cada compoñente do equipo.
- 3.1.3 Relacionando cada parte do equipo coa función protectora para a que está deseñado.
- 3.1.4 Coñecendo a colocación e a orde da colocación de todos os elementos.
- 3.1.5 Colocando correctamente o equipo completo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Coñecer os distintos tipos de mangueiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 3.2.2 Identificando visualmente pola cor e o diámetro a mangueira.
- 3.2.3 Relacionando cada tipo de mangueira co momento e as condicións de uso.
- 3.2.4 Coñecendo a lonxitude habitual da que se dispón en cada tipo de mangueira.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Realizar un tendido de mangueiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 3.3.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 3.3.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 3.3.4 Subindo no camión motobomba en condicións de seguridade e proporcionándolle metros de mangueira ao resto da cuadrilla se é esa a

- 3.3.5 Unindo as mangueiras e as lanzas por medio dos racores seguindo as indicacións do motobombista.
- 3.3.6 Despregando a mangueira e facéndose cargo do peso do treito que lle corresponde en función da súa situación dentro do tendido.
- 3.3.7 Transportando os rolos de mangueira e os racores de unión, se non se pode achegar o camión á zona do lume, ou hai que alongar o tendido.
- 3.3.8 Desprazando o tendido percorrendo o perímetro das lapas, lanzando auga a presión cara á base destas.
- 3.3.9 Controlando as posibles reproducións nas zonas apagadas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Recoller un tendido de mangueiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 3.4.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 3.4.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 3.4.4 Desenroscando a lanza e o primeiro racor de unión, vixiando a temperatura á que se atopan.
- 3.4.5 Separando cada treito do tendido.
- 3.4.6 Enrolando correctamente, tendo en conta a situación actual do incendio, cada treito de mangueira e transportándoo ao camión.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Conservar as mangueiras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 3.5.2 Evitando os arrastres e rozaduras mantendo unha catenaria entre cada operario durante a execución do tendido.
- 3.5.3 Axustando correctamente os treitos durante o tendido.
- 3.5.4 Desmontando e transportando as mangueiras entre varias persoas.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

-  Vehículo de transporte da cuadrilla
-  Vehículo motobomba

FERRAMENTAS

- ✂ EPI
- ✂ Racores
- ✂ Lanza
- ✂ Teléfono móvil

PRODUTOS

- 💧 Mangueiras
- 💧 Mangotes
- 💧 Auga
- 💧 Bifurcacións
- 💧 Retardantes

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Manexar e manter as ferramentas de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Coñecer e saber colocar correctamente os equipos de protección individual.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Sabendo cales son todos os elementos que integran o equipo.
- 4.1.2 Identificando visualmente cada compoñente do equipo.
- 4.1.3 Relacionando cada parte do equipo coa función protectora para a que está deseñado.
- 4.1.4 Coñecendo a colocación e a orde da colocación de todos os elementos.
- 4.1.5 Colocando correctamente o equipo completo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Coñecer as ferramentas manuais e a maquinaria lixeira na extinción.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 4.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
 - 4.2.2 Identificando visualmente cada un dos instrumentos de traballo.
 - 4.2.3 Relacionando cada utensilio coa función que realiza e o compoñente do triángulo do lume sobre o que actúa.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Manexar as ferramentas e a maquinaria lixeira.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 4.3.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
 - 4.3.2 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
 - 4.3.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
 - 4.3.4 Coñecendo a técnica de uso de cada unha delas.
 - 4.3.5 Utilizándoas para a función para a que están deseñadas.
 - 4.3.6 Realizando un manexo seguro delas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Conservar os instrumentos de traballo.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 4.4.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
 - 4.4.2 Realizando unha revisión despois de cada uso.
 - 4.4.3 Limpándolas despois de cada utilización (lavado e secado).
 - 4.4.4 Substituíndo os mangos danados ou defectuosos.
 - 4.4.5 Fixando os mangos que se moven.
 - 4.4.6 Evitando a caída, os golpes... que producen deterioracións nas ferramentas.
 - 4.4.7 Revisando os fíos para que non teñan gretas ou fallas.
 - 4.4.8 Mantendo os fíos con limas, pedras de afiar...
 - 4.4.9 Aplicando anticorrosivos.
 - 4.4.10 Colocando protectores de fío.
 - 4.4.11 Pintando a sección metálica de cor vermella e vernizando os paus para que se distinguan e evitar accidentes.
 - 4.4.12 Evitando deixar as ferramentas fóra do seu sitio, tiradas, para impedir que se pisen, se deterioreen e se produzan accidentes.
 - 4.4.13 Almacenando ordenadamente e mediante unha clasificación as ferramentas para evitar curvaturas dos mangos...
 - 4.4.14 Coñecendo o programa de mantemento básico da motoserra.
 - 4.4.15 Coñecendo o programa de mantemento básico da motorrozadora.
 - 4.4.16 Realizando o mantemento básico da motoserra.
 - 4.4.17 Realizando o mantemento básico da motorrozadora.
 - 4.4.18 Xestionando correctamente os residuos derivados destas actividades.
 - 4.4.19 Realizando todas as operacións cos niveis de seguridade e calidade adecuados.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Motoserra
-  Motorrozadora

FERRAMENTAS

-  EPI
-  Ferramenta universal
-  Limas
-  Puntas
-  Parafusos

PRODUTOS

-  Carburantes
-  Lubricantes
-  Auga
-  Pintura
-  Produtos químicos de limpeza
-  Xabóns
-  Vernices
-  Recambios de


 motoserra e
 motorrozadora
 Mangos de reposto

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Conducir o vehículo de transporte do retén.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.1 Coñecer e saber colocar correctamente os equipos de protección individual.

CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Sabendo cales son todos os elementos que integran o equipo.
- 5.1.2 Identificando visualmente cada compoñente do equipo.
- 5.1.3 Relacionando cada parte do equipo coa función protectora para a que está deseñado.
- 5.1.4 Coñecendo a colocación e a orde da colocación de todos os elementos.
- 5.1.5 Colocando correctamente o equipo completo de traballo.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.2 Coñecer o manexo dun vehículo todoterreo.
 - 5.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
 - 5.2.2 Tendo en posesión o carné B1 de conducir.
 - 5.2.3 Coñecendo e manexando as marchas redutoras.
 - 5.2.4 Coñecendo e manexando os bloqueos de diferencial.
 - 5.2.5 Tendo coñecemento dos ángulos máximos de ataque e de saída.
 - 5.2.6 Coñecendo a profundidade máxima de vadeo.
 - 5.2.7 Coñecendo o ángulo lateral para evitar a envorcadura.
 - 5.2.8 Controlando as perdas de adherencia.
 - 5.2.9. Tendo en conta as perdas de estabilidade.
 - 5.2.10 Tendo en conta as características dos vehículos de tracción traseira.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.3 Situar o vehículo correctamente no monte.

CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Situándose nunha posición segura con respecto ao avance do lume.
- 5.3.2 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 5.3.3 Evitando bloquear estradas e camiños.
- 5.3.4 Aparcando o vehículo do lado da vía no que non hai lume e a unha distancia prudencial das lapas.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.4 Embarcar no helicóptero.

CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Poñendo correctamente o equipo de seguridade.
- 5.4.2 Situándose semiaxeonllados, en dúas fileiras paralelas fronte ao helicóptero, nos laterais e sempre á vista do piloto.
- 5.4.3 Achegándose ao aparato agachados coas ferramentas manuais asidas en horizontal e cara ás portas de embarque.
- 5.4.4 Entrando no aparato situando un dos pés no estribo como apoio, nunca nas rodas do aparato, e deixando fóra as ferramentas.
- 5.4.5 Colocándose dentro do helicóptero nos asentos.
- 5.4.6 Pasándolle as ferramentas ao resto da brigada unha vez dentro e colocándoas no aparato.
- 5.4.7 Pechando as portas de entrada os encargados desta tarefa e entran-

do no aparato.

- 5.4.8 Abrochando os cintos de seguridade e comunicándolle ao piloto que están preparados para despegar.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.5 Desembarcar do helicóptero.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.5.1 Poñendo correctamente o equipo de seguridade.
- 5.5.2 Abrindo as portas do helicóptero, baixando apoiando o pé no estribo ou mediante un salto cos xeonllos flexionados.
- 5.5.3 Agachándose e separándose do aparato diagonalmente ata situarse diante deste e á vista do piloto.
- 5.5.4 Baixando as ferramentas antes de desembarcar para que a medida que se vaia descendendo da nave se vaian distribuindo.
- 5.5.5 Esperando a que despegue a nave para levantarse.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.6 Manexar o helibalde.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.6.1 Colocando correctamente o equipo de seguridade.
- 5.6.2 Cargándoo na nave de forma que os cables non se enreden entre varias persoas.
- 5.6.3 Situándoo na nave na zona de carga.
- 5.6.4 Baixándoo do aparato mantendo os cables estirados sen enredos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.7 Operar de forma segura na extinción con medios aéreos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.7.1 Colocando correctamente o equipo de seguridade.
- 5.7.2 Manténdose atento á posición dos hidroavións e dos helicópteros.
- 5.7.3 Apartándose das posibles zonas de descarga de auga.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Helicóptero
-  Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

-  Helibalde
-  EPI
-  Ferramenta universal
-  Extintor de vehículo
-  Caixa de urxencias
-  Teléfono móvil

PRODUCTOS

-  Carburantes
-  Lubricantes
-  Auga
-  Repostos obrigatorios do vehículo
-  Dispositivos de sinalización obrigatorios dos vehículos

■.. 6.2.3.6.2. EMISORISTA.

■.. 6.2.3.6.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Emisorista
Sector		Forestal
Actividade		Defensa contra incendios

■.. 6.2.3.2.2.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. O seu traballo consiste en atender permanentemente a emisora, tanto na escoita como na transmisión de ordes e mensaxes, encargarse da realización da comunicación por emisora entre bases de medios aéreos e centros de coordinación con todo o dispositivo, rexistrar a información relevante recibida e emitida con indicación horaria, encher

os partes correspondentes, transmitir as ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal, comunicarlle ao nivel superior a información pertinente (inicios e partes de incendio...), así como calquera outra que xurda con motivo destes e do mantemento da comunicación entre as diferentes quendas.

■.. 6.2.3.6.2.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Capacidade para manexar emisoras con eficacia e celeridade.
- Capacidade para o manexo básico do ordenador.
- Rigor na observación dos protocolos de comunicación establecidos.
- Coñecer a rede de transmisións.
- Coñecemento de plan de incendios forestais do ámbito territorial no que opere.
- Coñecemento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- Coñecemento cartográfico do distrito forestal no que realiza o seu traballo.
- Coñecemento dos organismos competentes na zona de traballo.

>. Organizativas

- Capacidade para organizar e estruturar a información que se transmitirá para que a mensaxe sexa curta, clara e concisa.
- Capacidade para canalizar e coordinar as funcións de extinción de incendios.
- Capacidade para estruturar e organizar a información recibida a fin de transmitila ao inmediato superior.

>. Interaccións

- Aptitude de servizo, colaboración e traballo en equipo.
- Capacidade para comunicarse cos demais membros da estrutura de loita contra os incendios.
- Manter relacións internas e externas de forma fluída e adecuada.

>. Resposta a continxencias

- Capacidade para realizar a transmisión de mensaxes, a maioría das veces de carácter urxente, coa maior rapidez e eficacia posible.
- Manter unha actitude de calma cando se transmite información urxente de situacións de alarma para evitar erros de transmisión.

■.. 6.2.3.6.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Transmisión e recepción de información.
- 2 Rexistro de datos.
- 3 Mantemento de equipos.

■.. 6.2.3.6.2.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Transmisión e recepción de información.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Recibir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radio-transmisores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 1.1.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 1.1.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xiralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 1.1.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 1.1.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado

durante o servizo correspondente.

- 1.1.6 Permanecendo atento ás mensaxes que recibe e intervindo unicamente cando sexa requirido directamente para iso.
- 1.1.7 Evitando a interrupción da mensaxe recibida e non falando ata despois de recibir a palabra cambio.
- 1.1.8 Atendendo chamadas de alarma de incendio transmitidas polos efectivos de vixilancia do servizo de defensa contra incendios, por particulares, Garda Civil, etc.
- 1.1.9 Recibindo chamadas de alarma doutras incidencias, como poden ser presenza de cable eléctrico tirado no chan, árbores sobre vías de transporte, delitos medioambientais, etc., para a súa posterior comunicación á entidade competente segundo o incidente.
- 1.1.10 Identificando o transmisor para proceder despois ao rexistro das mensaxes recibidas.
- 1.1.11 Recibindo todos os datos posibles sobre o incendio para proceder á súa localización e á súa cuantificación en primeira instancia.
- 1.1.12 Recibindo comunicacións dos efectivos mobilizados ao lugar da alarma.
- 1.1.13 Recibindo ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal.
- 1.1.14 Recibindo información meteorolóxica periódica dos vixilantes en punto fixo e que quedará rexistrada para ser utilizada en caso de que se produza unha alarma de incendio.
- 1.1.15 Confirmando a recepción da mensaxe.
- 1.1.16 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Transmitir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radio-transmisores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 1.2.2 Elixindo a canle na que se vai a operar mediante o selector de canles.
- 1.2.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían ruídos e nese punto xiralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 1.2.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 1.2.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 1.2.6 Repasando mentalmente e determinando o contido da mensaxe que hai que enviar antes de presionar o pulsador PTT para que a mensaxe sexa clara, concreta e curta.
- 1.2.7 Presionando o pulsador PTT.
- 1.2.8 Empregando un ton de voz normal, tranquilo e a unha velocidade que permita unha clara comprensión da mensaxe.
- 1.2.9 Colocando o micrófono preto da boca pero sen chegar a tocalo con ela para evitar que a voz se confunda con outros ruídos e para vocalizar adecuadamente.
- 1.2.10 Usando o protocolo de comunicación establecido e vocalizando correctamente para que a información transmitida sexa comprendida.
- 1.2.11 Mantendo a presión sobre o pulsador durante a emisión da mensaxe.
- 1.2.12 Evitando o inicio da transmisión dunha mensaxe mentres se está oíndo outra, debido a que a transmisión é unívoca e alternativa.
- 1.2.13 Finalizando a mensaxe coas palabras cambio e corto.
- 1.2.14 Soltando o pulsador ao rematar de transmitir a mensaxe deixando o pulsador en situación receptora.
- 1.2.15 Identificando previamente o/s destinatario/s da mensaxe para cha-

- mar a súa atención.
- 1.2.17 Esperando a confirmación por parte do destinatario para proceder á transmisión da mensaxe.
- 1.2.18 Transmitíndolles aos membros do servizo de defensa contra incendios (axente forestal, cuadrilla, motobomba, bases aéreas...) os datos sobre o incendio para proceder á mobilización dos efectivos necesarios cara ao lugar do incendio e proceder á súa extinción.
- 1.2.19 Comunicando cos efectivos do servizo, segundo cuadrantes de traballo, para realizar o control de presenza no posto, demandar información, enviar reforzos, desvialos a outra zona, devolvelos á base, etc.
- 1.2.20 Transmitindo datos do incidente ao centro de coordinación para que queden rexistrados os incidentes ocorridos no ámbito territorial do centro de coordinación.
- 1.2.21 Contactando coas entidades competentes para transmitir datos sobre o incendio ou sobre outros incidentes (existencia de tendido eléctrico polo chan, árbores sobre vías de transporte, delitos medioambientais, etc.).
- 1.2.22 Utilizando o teléfono móbil ou fixo e o fax en caso de saturación da rede de comunicación.
- 1.2.23 Transmitindo as instrucións para a coordinación das tarefas de extinción mediante a comunicación cos distintos efectivos de loita.
- 1.2.24 Transmitíndolles as ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal aos efectivos dependentes destes, segundo cuadrantes de traballo, de maneira clara, rápida e concisa.
- 1.2.25 Comunicando a escala superior a información pertinente en canto a inicios e partes de incendio, así como tamén calquera outra información que xurda con motivo destes.
- 1.2.26 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Manexar os equipos ofimáticos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Elixindo o software máis apropiado para a introdución e/ou tratamento da información.
- 1.3.2 Manexando o teclado con destreza e precisión para introducir fielmente a información.
- 1.3.3 Imprimindo a documentación recuperada e/ou elaborada mediante a utilización eficiente.
- 1.3.4 Utilizando con destreza e precisión os medios de teletransmisión-fax, télex, correo electrónico, etc., para o envío documental e/ou de informacións.
- 1.3.5 Manexando os medios de reprografía existentes de maneira eficiente.
- 1.3.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.3.7 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.3.8 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✖ Ordenador
- ✖ Fotocopiadora
- ✖ Fax
- ✖ Impresora
- ✖ Emisora fixa conectada á

rede de comunicacións
 ✖ Telefonía móbil e fixa
 ✖ Cuadrantes de traballo
 ✖ EPI

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Rexistro de datos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Rexistrar manualmente e en soporte informático datos de incidencias e meteorolóxicos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Recollendo por escrito no libro de actas toda a información recibida sobre os incendios (localización xeográfica do foco, combustibles afectados, accesos posibles ao lugar, dirección e velocidade do vento, comportamento do lume e calquera outra información complementaria) con indicación de data e hora para poder proceder á súa localización e cuantificación.
- 2.1.2 Facendo constar por escrito no libro de actas as mensaxes recibidas e emitidas/transmitidas con puntualización horaria, indicando o emisor e o receptor destas.
- 2.1.3 Recollendo tamén por escrito e con indicación horaria todas aquelas incidencias que se poidan dar entre os efectivos ao longo do desenvolvemento da xornada laboral tales como accidentes do servizo, problemas varios, ausencias, atrasos, etc.
- 2.1.4 Enchendo o parte de incendios e facendo constar nel, por escrito, toda a información que xurda da dinámica dun incendio, con indicación horaria dos efectivos mobilizados para o seu control e extinción.
- 2.1.5 Realizando o rexistro de datos con concreción e claridade.
- 2.1.6 Reflectindo no parte de incendios coa maior claridade posible a hora destes, os medios humanos destinados á súa extinción e control e a superficie ardida.
- 2.1.7 Rexistrando os datos meteorolóxicos recibidos periodicamente e que servirán para determinar o comportamento do lume en caso de alarma.
- 2.1.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 2.1.10 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Situar alarmas de incendio no mapa magnético.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando manualmente no mapa magnético, segundo datos recibidos, imáns que permitirán ter unha imaxe visual do número de incendios e alarmas que están activas en todo momento.
- 2.2.2 Retirando os imáns indicativos de incendios e alarmas no momento en que estes estean controlados.
- 2.2.3 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Elaborar cuadrantes de quendas de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Introducendo datos no ordenador das quendas de traballo dos efectivos do servizo (axentes forestais, cuadrillas, motobombas, etc.) para ter en todo momento información do persoal dispoñible e en que horario.
- 2.3.2 Indicando no cadro de persoal o emprazamento do persoal para así ter

- 2.3.3 Actualizando cuadrantes de traballo en caso de que se produza algunha incidencia.
- 2.3.4 Resituando e redistribuíndo o persoal do servizo en caso de que se produza unha alarma de incendio ou calquera outra incidencia que provoque cambios nos cuadrantes de traballo.
- 2.3.5 Poñendo o/s cuadrante/s de traballo á vista para que sexa de fácil consulta, colgándoo nun taboleiro.
- 2.3.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.3.7 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Actualizar as listaxes telefónicas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Creando bases de datos no ordenador con información de todo o persoal propio do servizo e tamén do persoal de apoio (bases, hospitais, RENFE, compañías eléctricas, xulgados, protección civil, Garda Civil, etc.
- 2.4.2 Actualizando constantemente a información das bases de datos para que a resposta ante incidencias sexa o máis áxil e eficaz posible.
- 2.4.3 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.4.4 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Cartografía da zona que se vai coordinar
- ✕ Telefonía móbil e fixa
- ✕ Ordenador
- ✕ Libro de actas
- ✕ Fax
- ✕ Fotocopiadora
- ✕ Papel
- ✕ Bolígrafo
- ✕ EPI
- ✕ Mapa magnético
- ✕ Impresora
- ✕ Listaxe telefónica

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Mantemento de equipos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Revisando periodicamente que a antena estea correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.
- 3.1.2 Comprobando que micrófono e altafalante funcionan perfectamente.
- 3.1.3 Realizando unha proba de emisión/recepción co equipo antes de comezar a operar.
- 3.1.4 Evitando salpicaduras e golpes sobre os equipos.
- 3.1.5 Inspeccionando os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.
- 3.1.6 Comprobando periodicamente que a fonte de alimentación está

correctamente conectada e funciona ben, para evitar calquera interrupción ao longo das recepcións e das transmisións.

- 3.1.7 Asegurándose de que a batería dos equipos móbiles está completamente esgotada antes de proceder á súa carga ou substitución para facela operativa.
- 3.1.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.1.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 3.1.10 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Manter os equipos ofimáticos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Asegurándose de que os equipos informáticos se atopan libres de virus.
- 3.2.2 Colocando o ordenador nunha zona con boa ventilación e sen humidades.
- 3.2.3 Mantendo os equipos de impresión cos niveis de tinta adecuados.
- 3.2.4 Asegurándose de que o fax sempre dispón de papel para imprimir as recepcións.
- 3.2.5 Evitando que os cables de comunicación e alimentación se atopen tirados polo chan, queden formando ángulos ou pisados.
- 3.2.6 Limpando a pantalla dos distintos equipos para poder recibir informacións de forma clara e cómoda.
- 3.2.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.2.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 3.2.9 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✘ Cartografía da zona que se vai coordinar
- ✘ Telefonía móbil e fixa
- ✘ Ordenador
- ✘ Libro de actas
- ✘ Fax
- ✘ Impresora
- ✘ Fotocopiadora
- ✘ Papel
- ✘ Bolígrafo
- ✘ EPI
- ✘ Mapa magnético
- ✘ Tóner de impresora
- ✘ Tóner de fax
- ✘ Cartuchos de impresora
- ✘ Listaxe telefónica

■... 6.2.3.6.3. VIXILANTE EN PUNTO FIXO

■... 6.2.3.1.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Vixilante en punto fixo
Sector		Forestal
Actividade		Defensa contra incendios

■... 6.2.3.6.3.2. DESCRIPCIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Realiza a vixilancia permanente, desde puntos fixos predeterminados, para levar a cabo a detección de alarmas de incendios na zona coa maior celeridade posible; comunícalle estas alarmas e toda a información sobre elas ao centro de coordinación do distrito forestal ou xefatura (segundo época de perigo) mediante a utilización dos equipos da rede de transmisións postos á súa disposición. Segundo as distintas situacións de risco, poderá ser destinado a realizar labores de apoio aos emisoristas. Rexistra o campo para a localización de posibles focos de lume e, unha vez detectados, sitúaos no plano para a posterior comunicación co centro de coordinación. Toma datos meteorolóxicos cos aparatos que ten na torre, rexístraos e comunícaos ao centro de coordinación.

■.. 6.2.3.6.3.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Aplicando o coñecemento da emisora e o seu manexo para adaptarse ás normas establecidas para a transmisión.
- Aplicando o protocolo de comunicación da rede de transmisións.
- Capacidade para traballar con mapas e instrumental variado a fin de localizar xeograficamente un lume.
- Capacidade para controlar a zona que vai vixiar: topografía, vexetación (combustibles) e infraestrutura viaria (accesos).
- Capacidade para aplicar os coñecementos do comportamento do lume á predición do desenvolvemento do incendio.
- Agudeza visual.

>. Organizativas

- Organización e planificación do traballo.
- Capacidade para organizar mentalmente toda a información dunha alarma de incendio antes de proceder á comunicación da alarma, axilizando así o proceso e facendo máis comprensible a información.

>. Interaccións

- Interacción positiva co seu superior.
- Capacidade de comunicación con outros membros do servizo.

>. Resposta a contingencias

- Capacidade para transmitir información de forma rápida, clara e precisa.
- Estar acostumado á soidade.
- Ter bos reflexos, sobre todo visuais.
- Capacidade para memorizar datos visuais en caso de que se produza unha alarma.

■.. 6.2.3.6.3.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión e da garita/torre.
- 2 Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.
- 3 Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións.
- 4 Rexistrar os datos de interese que sucedan durante a quenda.

■.. 6.2.3.6.3.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión e da garita/torre.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Revisando periodicamente que a antena estea correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.
- 1.1.2 Comprobando que tanto o micrófono como o altofalante funcionan perfectamente.
- 1.1.3 Realizando unha proba de emisión/recepción co equipo antes de empezar a operar.
- 1.1.4 Evitando salpicaduras e golpes sobre os equipos radiotransmisores.
- 1.1.5 Inspeccionando os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.
- 1.1.6 Comprobando periodicamente que as baterías estean en plena carga, debéndose prever a súa posible substitución en función da duración do servizo que se ha de prestar.
- 1.1.7 Asegurándose de que a batería está completamente esgotada antes da súa carga.
- 1.1.8 Substituíndo as baterías esgotadas por outras cargadas.
- 1.1.9 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.1.10 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.1.11 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Realizar o mantemento da caseta ou torre.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Realizando a limpeza periódica do habitáculo para mantelo en perfecto estado de habitabilidade e en condicións hixiénicas.
- 1.2.2 Limpando os utensilios domésticos toda vez que sexan utilizados e garantindo que o seguinte compañeiro os encontre en perfectas condicións de hixiene cando os necesite empregar.
- 1.2.3 Evitando que todas as ferramentas e útiles de traballo estean desordenados para impedir perdas de tempo á hora de efectuar algunha tarefa.
- 1.2.4 Mantendo limpos os prismáticos para evitar a deterioración da visibilidade con eles.
- 1.2.5 Comprobando o funcionamento dos aparatos de medición de parámetros meteorolóxicos para garantir que os datos recollidos sexan fiables.
- 1.2.6 Comunicando a deterioración dalgún dos instrumentos/ferramentas para efectuar a súa substitución inmediata no caso de que non haxa accesorios na garita.
- 1.2.7 Efectuando o control e revisando o contido da caixa de urxencias.
- 1.2.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.2.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.2.10 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✂ Torre ou caseta
- ✂ Prismáticos
- ✂ Produtos de limpeza
- ✂ Compás
- ✂ Caixa de urxencias

PRODUCTOS

- 💧 Auga
- 💧 Produtos de limpeza

- ✕ Utensilios domésticos
- ✕ EPI
- ✕ Alidada de pínulas
- ✕ Cartografía da área
- ✕ Emisora de radio (portátil, móbil e fixa) integrada na rede de comunicacións
- ✕ Libro de rexistro de incidencias (libro diario)
- ✕ Teléfono móbil
- ✕ Estación meteorolóxica
- ✕ Portófono
- ✕ Útiles de limpeza

➤. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.

➤.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Vixiar permanentemente o espazo forestal e detectar incendios.

➤... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Observando continuamente, ao longo do período de vixilancia fixado, o perímetro de terreos forestais desde a torre de vixilancia para a detección de fumes.
- 2.1.2 Utilizando os prismáticos que permiten ampliar o campo de visualización e unha detección máis eficaz de fumes.
- 2.1.3 Realizando unha observación panorámica (xeral) dos terreos forestais para detectar o fume.
- 2.1.4 Levando a cabo unha observación sistemática (por sectores) mirando detidamente a zona por faixas.
- 2.1.5 Diferenciando as zonas agrícolas das forestais e a distancia entre elas.
- 2.1.6 Efectuando unha observación en zigzag, desde o punto máis afastado ao máis próximo, de todas as zonas e non deixando de revisar ningunha parte dos terreos.
- 2.1.7 Garantindo que o tempo transcorrido entre o inicio dun incendio e a súa detección sexa o menor posible.
- 2.1.8 Rexistrando mentalmente e con todo detalle toda a información que se deriva da observación do campo visual.
- 2.1.9 Discernindo da información visual que recibe o realmente importante do que non o é.
- 2.1.10 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.11 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

➤.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Efectuar a localización do incendio.

➤... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Identificando elementos da paisaxe singulares que permitan localizar coa maior celeridade posible a alarma de lume.
- 2.2.2 Determinando a paraxe onde se produciu o incendio ao posuír amplos e sobrados coñecementos da zona.
- 2.2.3 Utilizando o compás para determinar a dirección en graos do lugar onde se produciu a alarma de incendio.
- 2.2.4 Dirixindo visuais coa alidada de pínulas para establecer as coordenadas e localizar o lume.

- 2.2.5 Establecendo as vías de acceso ao lugar onde se produciu o incendio mediante a cartografía da zona e os coñecementos que desta debe posuír o traballador para facilitar e axilizar a mobilización dos efectivos de extinción ata o lugar.
- 2.2.6 Determinando as condicións topográficas (pendente, exposición e relevo) do lugar onde se produciu o incendio, mediante o coñecemento que posúe da zona e a cartografía da que dispón, para comunicar posteriormente esta información que facilitará e axilizará a aproximación dos equipos mobilizados para controlar e extinguir o lume.
- 2.2.7 Determinando os combustibles vexetais (plantas vivas e restos destas) afectados e as condicións que presentan (tamaño, distribución e contido en humidade), xa que son decisivos para determinar o comportamento do lume; para iso deberá ter un amplo coñecemento da zona.
- 2.2.8 Determinando os combustibles non vexetais (vertedoiros, edificacións, polígonos, almacéns, etc.) afectados, xa que son decisivos para determinar o comportamento do lume; para iso deberá ter un amplo coñecemento da zona.
- 2.2.9 Determinando as condicións meteorolóxicas da zona (velocidade e dirección do vento, a temperatura e a humidade) en que se produce a alarma, xa que condicionan a evolución do incendio, mediante a utilización dos instrumentos de medida de condicións meteorolóxicas.
- 2.2.10 Reducindo ao mínimo o tempo transcorrido entre a detección e a comunicación co centro operativo para que se inicie a mobilización de medios de extinción.
- 2.2.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.2.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

FERRAMENTAS

PRODUCTOS

- ✂ Torre ou caseta
- ✂ Prismáticos
- ✂ Alidada de pínulas
- ✂ Cartografía da área:
topográfica, de vexetación
e de infraestruturas viarias
- ✂ Compás

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Recibir mensaxes/ordres.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 3.1.2 Elixindo a canle na que se vai a operar mediante o selector de canles.
- 3.1.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xiralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 3.1.4 Fixando o volume de audición que se desexe manter.
- 3.1.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 3.1.6 Permanecendo atento ás mensaxes que recibe e intervindo unicamente cando sexa requirido directamente para iso.

- 3.1.7 Evitando a interrupción da mensaxe recibida e non falando ata despois de recibir a palabra cambio.
- 3.1.8 Buscando puntos altos e despexados para mellorar a calidade da recepción.
- 3.1.9 Identificando o transmisor.
- 3.1.10 Confirmando a recepción da mensaxe.
- 3.1.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.1.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.2 Transmitir información.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 3.2.2 Elixindo a canle na que se vai a operar mediante o selector de canles.
- 3.2.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xíralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 3.2.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 3.2.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 3.2.6 Repasando mentalmente e determinando o contido da mensaxe que se vai enviar antes de presionar o pulsador PTT para que a mensaxe sexa clara, concreta e curta.
- 3.2.7 Presionando o pulsador PTT.
- 3.2.8 Transmitindo no momento de detectarse o fume dun posible incendio de forma rápida, clara e precisa, ao centro de operacións correspondente toda a información conseguida durante a detección (localización xeográfica do foco, combustibles afectados, accesos posibles ao lugar, dirección e velocidade do vento, comportamento do lume e calquera información complementaria) que é de gran importancia para a rápida extinción do incendio e o seu control.
- 3.2.9 Respondendo todas as demandas de información que se realicen durante a fase de extinción do incendio e na vixilancia postincendio.
- 3.2.10 Informando periodicamente ao centro operativo nos tempos establecidos para o control do estado operativo do sistema de vixilancia.
- 3.2.11 Empregando un ton de voz normal e tranquilo e a unha velocidade que permita unha clara comprensión da mensaxe.
- 3.2.12 Colocando o micrófono preto da boca pero sen chegar a tocalo con ela para evitar que a voz se confunda con outros rúidos e para vocalizar adecuadamente.
- 3.2.13 Usando o protocolo de comunicación establecido e vocalizando correctamente para entender o que se di.
- 3.2.14 Mantendo a presión sobre o pulsador durante a emisión da mensaxe.
- 3.2.15 Evitando o inicio da transmisión dunha mensaxe mentres se está oíndo outra, debido a que a transmisión é unívoca e alternativa.
- 3.2.16 Finalizando a mensaxe coas palabras cambio e corto.
- 3.2.17 Soltando o pulsador ao terminar de transmitir a mensaxe deixando o pulsador en situación receptora.
- 3.2.18 Buscando puntos altos para mellorar a calidade da transmisión.
- 3.2.19 Identificando o destinatario da mensaxe.
- 3.2.20 Realizando a identificación do transmisor.
- 3.2.21 Esperando a confirmación por parte do destinatario.
- 3.2.22 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.2.23 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**FERRAMENTAS**

- ✖ Emisora de radio (portátil, móbil e fixa) integrada na rede de comunicacións
- ✖ Libro de rexistro de incidencias (libro diario)
- ✖ Teléfono móbil
- ✖ Portófono
- ✖ EPI

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**4** Rexistrar os datos de interese que sucedan durante a quenda.**>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 4.1 Rexistrar e ordenar de forma clara e detallada os documentos relativos ao servizo de vixilancia terrestre fixa de acordo cos sistemas e procedementos definidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Recollendo por escrito no libro de incidencias toda a información recollida das alarmas con indicación de data e hora.
- 4.1.2 Facendo constar por escrito no libro de incidencias as mensaxes emitidas/transmitidas con puntualización horaria, indicando o receptor destas.
- 4.1.3 Recollendo tamén por escrito e con indicación horaria todas aquelas incidencias que teñan lugar ao longo do desenvolvemento da xornada laboral.
- 4.1.4 Realizando o rexistro manual de datos no libro de incidencias coa maior claridade posible e con concreción.
- 4.1.5 Rexistrando os datos meteorolóxicos obtidos da observación dos aparatos de medida: velocidade do vento, dirección deste, humidade relativa, índice pluviométrico, presión atmosférica, temperatura, etc.
- 4.1.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.1.7 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Obter información meteorolóxica da zona.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Comprobando os lectores dos distintos aparatos de medición de parámetros meteorolóxicos ao incorporarse á quenda e sempre que se lle demande desde o centro de operacións.
- 4.2.2 Efectuando a lectura do anemómetro para saber a velocidade do vento.
- 4.2.3 Levando a cabo a lectura do higrómetro para saber a humidade relativa do aire.
- 4.2.4 Observando o catavento para ter coñecemento da dirección do vento.
- 4.2.5 Realizando a observación do rexistro do pluviómetro para saber a cantidade de auga caída por unidade de superficie.
- 4.2.6 Efectuar a comprobación do barómetro para rexistrar os valores de presión atmosférica.
- 4.2.7 Anotando todos os datos para levar a cabo posteriormente a súa transmisión ao centro de coordinación do distrito forestal.
- 4.2.8 Observando as temperaturas máxima e mínima rexistradas polo termómetro.

MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Libro de rexistro de incidencias (libro diario)
- ✕ Estación meteorolóxica: termómetro, anemómetro, higrómetro
- ✕ Papel
- ✕ Bolígrafo
- ✕ EPI

6.2.3.6.4. CONDUTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA

6.2.3.6.4.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación	Condutor de vehículo motobomba
Sector	Forestal
Actividade	Defensa contra incendios

6.2.3.6.4.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. O seu traballo consiste, principalmente, na condución dos vehículos motobomba do servizo de maneira segura, responsable e económica, respectando as normas en vigor e as instrucións/programa do servizo; realización e supervisión das operacións de carga/descarga e manipulación da motobomba. Prepara e aplica o plan de mantemento preventivo do vehículo e equipos auxiliares, reparando en caso necesario posibles disfuncións ou avarías simples. Actúa en caso de accidentes ou sinistros de acordo cos procedementos definidos.

6.2.3.6.4.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Capacidade para o manexo do vehículo motobomba.
- Aplicar os coñecementos das características e técnicas de manexo de ferramentas e produtos para o seu traballo.
- Aplicar ao desenvolvemento de todos os procesos e operacións do seu traballo as medidas vixentes de seguridade e hixiene no traballo, medio ambiente e calidade.
- Interpretar correctamente as instrucións de traballo e aplicalas aos labores que debe realizar.
- Detectar durante a realización dos procesos as posibles incorreccións e dispoñer da capacidade suficiente para corrixilas durante o desenvolvemento destes.
- Aplicar o coñecemento do plan de incendios forestais do ámbito territorial no que opere.
- Posuír coñecementos básicos da loita contra incendios e xerais dos medios que se empregan nesta.
- Aplicar o coñecemento dos equipos de radiotransmisión para o seu manexo.
- Interpretar os sinais manuais durante o manexo dos equipos motobomba.

>. Organizativas

- Capacidade para desenvolver o traballo seguindo unha secuencia lóxica que permita os mellores rendementos.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicación, coordinación, cooperación e traballo en grupo cos demais membros do servizo de defensa contra incendios, así como co seu superior.

>.. Resposta a continxencias

- Actuar de forma serena e controlada ante continxencias derivadas da execución do seu traballo.
- Posuír unha capacidade de resposta rápida.
- Posuír bos reflexos.

■.. 6.2.3.6.4.4. UNIDADES DE COMPETENCIA**>.. UNIDADES DE COMPETENCIA**

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo do vehículo moto-bomba e os seus equipos auxiliares.
- 2 Efectuar as operacións relacionadas coa condución do vehículo moto-bomba.
- 3 Supervisar e realizar os procesos de carga, descarga e manipulación da motobomba.
- 4 Aplicar os procedementos adecuados para manter unha adecuada conexión á rede de transmisións.

■.. 6.2.3.6.4.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo do vehículo motobomba e os seus equipos auxiliares.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Realizar o mantemento do vehículo motobomba.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Comprobando que o estado dos pneumáticos sexa o adecuado para unha condución segura.
- 1.1.2 Substituíndo os pneumáticos en caso de que se producise unha pica-da ou perderan o debuxo (estean gastados).
- 1.1.3 Comprobando que a roda de recambio estea en perfecto estado para que se poida utilizar coas maiores garantías de seguridade no caso de provocarse algunha incidencia cando se está realizando un des-prazamento co vehículo.
- 1.1.4 Comprobando o nivel de aceite do vehículo.
- 1.1.5 Agregándolle aceite ao vehículo en caso necesario.
- 1.1.6 Cambiando o aceite en caso necesario para manter o vehículo en condicións óptimas para a condución segura.
- 1.1.7 Comprobando o nivel de líquido de freos do vehículo.
- 1.1.8 Engadindo líquido de freos en caso necesario para garantir que a fre-da se realizará en condicións de seguridade.
- 1.1.9 Comprobando o bo funcionamento das distintas lámpadas do siste-ma de iluminación do vehículo.
- 1.1.10 Substituíndo as lámpadas que non funcionen ou que funcionen mal por outras en perfecto estado de funcionamento.
- 1.1.11 Comprobando o nivel de auga no dispositivo de limpeza de cristais.
- 1.1.12 Engadíndolle auga ao dispositivo de limpeza de cristais para mante-lo sempre en estado de operatividade.
- 1.1.13 Comprobando o nivel de líquido anticongelante no circuíto de refri-xeración.
- 1.1.14 Agregándolle líquido anticongelante ao circuíto de refrixeración no caso de que o seu nivel se atope por debaixo dos valores recomendables.
- 1.1.15 Comprobando o estado das pastillas de freo e, en caso necesario, zapatas do vehículo.

- 1.1.16 Substituíndo pastillas de freo e zapatas gastadas por outras novas que garantan unha freada segura.
- 1.1.17 Comprobando o estado dos distintos filtros do vehículo (aceite, aire e gasóleo).
- 1.1.18 Limpando, se procede, o filtro de aire e volvéndoo a colocar.
- 1.1.19 Substituíndo os filtros que perderon a capacidade filtrante por outros novos.
- 1.1.20 Realizando o engraxamento de distintas pezas para garantir o seu correcto funcionamento.
- 1.1.21 Comprobando o estado das distintas unións (manguitos, racores...).
- 1.1.22 Comprobando que non haxa perdas de aceite no motor.
- 1.1.23 Comprobando que se atopen no vehículo todas as ferramentas necesarias para solucionar calquera eventualidade que se poida producir nos desprazamentos e nas cargas e descargas de auga.
- 1.1.24 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.1.25 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.
- 1.1.26 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Comprobar a bomba e os elementos accesorios para que estean sempre a punto para actuar en caso de alarma.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Realizando a comprobación do funcionamento do indicador de temperatura da bomba.
- 1.2.2 Verificando o correcto funcionamento do indicador de nivel do tanque.
- 1.2.3 Efectuando a verificación do estado de estanquidade dos mandos de apertura ou peche de entrada e saídas da bomba.
- 1.2.4 Verificando que o contarrevolucións da bomba estea en perfecto estado de funcionamento.
- 1.2.5 Levando a cabo a comprobación do correcto estado do vacuómetro (indicador de baleiro).
- 1.2.6 Comprobando o funcionamento dos mandos de accionamento e control da bomba.
- 1.2.7 Verificando o estado de funcionamento das chaves da auga e substituíndo as que sexa necesario.
- 1.2.8 Realizando a comprobación de que a bomba contén todos os elementos accesorios necesarios e en cantidades suficientes: mangotes, mangueras de distintos diámetros e lonxitudes, racores, bifurcacións e derivacións, lanzas.
- 1.2.9 Examinando o estado das mangueras e substituíndo as que se atopen deterioradas e en mal estado.
- 1.2.10 Revisando que as mangueras estean ben recollidas; no caso de non estalo procederase a estendelas e recollelas ben para evitar danos nelas e imprevistos no momento de utilizalas.
- 1.2.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.2.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Revisando periodicamente que a antena estea correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.

- 1.3.2 Comprobando que micrófono e altafalante funcionan perfectamente.
- 1.3.3 Realizando unha proba de emisión/recepción co equipo antes de empezar a operar.
- 1.3.4 Evitando salpicaduras e golpes sobre os equipos.
- 1.3.5 Inspeccionando os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.
- 1.3.6 Comprobando periodicamente que as baterías estean en plena carga, debéndose prever a súa posible substitución en función da duración do servizo que se ha de prestar.
- 1.3.7 Asegurándose de que a batería está completamente esgotada antes de proceder á súa carga.
- 1.3.8 Substituíndo as baterías esgotadas por outras cargadas.
- 1.3.9 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.3.10 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.3.11 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Camión
-  Motobomba

FERRAMENTAS

- ✂ Mangueras
- ✂ Mangotes
- ✂ Racores
- ✂ Bifurcacións e derivacións
- ✂ Lanza
- ✂ Emisora móbil/portátil
- ✂ Teléfono móbil
- ✂ Ferramentas de mantemento
- ✂ Equipos de protección individual
- ✂ Foco
- ✂ Caixa de urxencias

PRODUCTOS

- 💧 Aceites
- 💧 Graxas
- 💧 Auga
- 💧 Líquido de freos
- 💧 Anticonxelante
- 💧 Pastillas de freo
- 💧 Zapatas
- 💧 Lámpadas
- 💧 Filtros de aceite
- 💧 Filtros de aire
- 💧 Filtros de gasóleo
- 💧 Pneumáticos
- 💧 Mangos de reposto

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2** Efectuar as operacións relacionadas coa condución do vehículo motobomba.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Conducir o vehículo motobomba de maneira responsable, segura e económica, seguindo instrucións definidas e observando o cumprimento da normativa vixente, co obxecto de realizar o servizo de forma eficiente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Sentando no asento do condutor adoptando unha postura ergonómica, efectuando para iso a regulación da altura e da posición do respaldo e da distancia dos pedais, para que a manobrabilidade sexa cómoda e segura.
- 2.1.2 Regulando os espellos para permitir realizar calquera manobra con comodidade.
- 2.1.3 Colocando o cinto de seguridade.
- 2.1.4 Accionando a chave de contacto e comprobando que non estea iluminado ningún piloto de aviso de defecto nalgún dos compoñentes do vehículo.
- 2.1.5 Deixando que o motor alcance a temperatura de réxime antes de arrancar e evitando aceleracións fortes co motor frío.
- 2.1.6 Esperando ata que cargue o circuito pneumático de freado.

- 2.1.7 Evitando apagar o motor inmediatamente despois de parar cando este permaneceu moito tempo na parte alta do contarrevolucións.
- 2.1.8 Manipulando o volante e as marchas do camión para chegar ao punto de destino ou para encher a bomba de auga.
- 2.1.9 Respectando e cumprindo en todo momento a normativa vixente co obxecto de realizar a condución de forma eficiente.
- 2.1.10 Respondendo sempre coa maior celeridade posible ante un aviso de alarma e poñendo en práctica os procedementos de actuación adecuados.
- 2.1.11 Controlando a velocidade e as marchas en caso de condución por terreo agreste, adaptando de forma permanente a condución en función das características do terreo e do estado de carga do tanque.
- 2.1.12 Controlando a velocidade e as marchas en caso de descenso por pendentes moi empinadas.
- 2.1.13 Coñecendo a pendente máxima salvable polo vehículo en función da súa carga e da adherencia do terreo.
- 2.1.14 Atacando as ladeiras sempre por máxima pendente para evitar a envorcadura lateral.
- 2.1.15 Respectando os ángulos máximos de ataque, saída, así como as cotas de vadeo e crista, para evitar que o vehículo se quede atascado.
- 2.1.16 Aplicando, cando as condicións de pendente o requiran, a redutora e bloqueos de diferenciais para controlar o esvaramento do vehículo.
- 2.1.17 Manexando o volante coas dúas mans, evitando agarrar a parte central do volante cos polgares, xa que un movemento brusco deste pode fracturalos.
- 2.1.18 Mantendo comunicación regular co centro de operacións, obtendo e facilitando información detallada e actualizada sobre o estado e desenvolvemento do servizo, de acordo cos sistemas e procedementos definidos.
- 2.1.19 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.20 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Camión	✖ Emisora móbil/portátil	
 Motobomba	✖ Teléfono móbil	
	✖ Ferramentas mantemento	
	✖ Equipos de protección individual	
	✖ Foco	
	✖ Asubío para sinais acústicas	
	✖ Cantimplora	
	✖ Caixa de urxencias	

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Supervisar e realizar os procesos de carga, descarga e manipulación da motobomba.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Encher a bomba de auga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Instalando a motobomba próxima a algún río, embalse, depósito de auga, alxibe, presa, canle, piscina, etc. de onde se tomará auga.

- 3.1.2 Colocando na boca de entrada o mangote, provisto no seu extremo dunha alcachofa que evita a entrada de corpos estraños e mais que a a bomba se descebe, para a posterior aspiración de auga.
- 3.1.3 Comprobando que a altura de aspiración ou desnivel entre a bomba e a superficie de auga que se vai utilizar sexa menor de seis metros.
- 3.1.4 Accionando os mandos para que se produza a aspiración da auga.
- 3.1.5 Evitando a aspiración da bomba en baleiro.
- 3.1.6 Controlando, mentres se produce a aspiración, o nivel de auga do tanque, a temperatura da bomba, as revolucións desta e a presión de aspiración.
- 3.1.7 Accionando o mando para que finalice a aspiración, toda vez que o tanque da bomba acadou o nivel máximo de carga ou que se esgota a auga da fonte de alimentación.
- 3.1.8 Retirando o mangote da boca de aspiración e colocándoo no seu sitio na bomba.
- 3.1.9 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.1.10 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.2 Tender mangueras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Elixindo o emprazamento máis axeitado para o vehículo co fin de reducir ao máximo a lonxitude de tendido e a diferenza de cota que ten que salvar a bomba.
- 3.2.2 Determinando a lonxitude máxima do tendido de manguera en función da diferenza de cotas, potencia de bomba, distancia que debe alcanzar o chorro, diámetro da manguera, caudal necesario, etc.
- 3.2.3 Tendendo o primeiro treito de manguera desde o sarillo do vehículo ata un lugar adecuado para o emprego da auga na correspondente fase de extinción: ataque directo ou indirecto, control ou extinción.
- 3.2.4 Efectuando de forma rápida e eficaz a unión da boca do primeiro treito de manguera na saída da bomba.
- 3.2.5 Seleccionando o diámetro de manguera que se vai utilizar en función das instrucións para que os peóns leven a cabo o tendido.
- 3.2.6 Permanecendo, xunto aos mandos, atento a que finalicen os labores de tendido e ás ordes, para proceder ao inicio da impulsión.
- 3.2.7 Abrindo ou pechando o paso da auga cando por medio do portófono llo indica o capataz de cuadrilla.
- 3.2.8 Evitando durante a operación do tendido as rozaduras e arrastres que poidan deteriorar a manguera.
- 3.2.9 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.2.10 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• 3.3 Impulsar/lanzar auga da bomba sobre o combustible.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Instalando a motobomba nas proximidades do lume ou en zonas achegadas, segundo instrucións do axente forestal, para proceder ao arrefriado e illamento do combustible en ignición ou ben para diminuír as capacidade de arder do combustible.
- 3.3.2 Preparando os produtos retardantes para agregarlos á auga, sempre segundo instrucións do axente forestal recibidas polo portófono, e así mellorar a eficacia da auga e lograr que o seu efecto sexa máis persistente.

- 3.3.3 Abrindo as chaves de saída de auga da motobomba, segundo indicacións do axente forestal, que están conectados ás mangueras do tendido.
- 3.3.4 Realizando a mestura da auga con retardantes nas proporcións adecuadas, en función do tipo de vexetación, previamente ao lanzamento se resulta necesario.
- 3.3.5 Accionando os mandos de posta en marcha da bomba cando o encargado da extinción así o indica para a impulsión de auga sobre o lume ou en zonas próximas, ben soa ou con produtos retardantes.
- 3.3.6 Vixiando a presión da bomba durante o lanzamento e controlando que supere a altura de impulsión, a perda de carga e a presión na lanza (como mínimo de 2 atmosferas).
- 3.3.7 Regulando a válvula de apertura da lanza.
- 3.3.8 Controlando, mentres se produce a impulsión, o nivel de auga do tanque, a temperatura da bomba e as revolucións desta.
- 3.3.9 Accionando os mandos para que finalice o lanzamento de auga, en caso de que se esgote a auga do tanque ou por orde do encargado.
- 3.3.10 Pechando as chaves de saída de auga do tanque da motobomba.
- 3.3.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.3.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Recoller mangueras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Desconectando as distintas unións, derivacións e bifurcacións do tendido.
- 3.4.2 Gardando unións, derivacións e bifurcacións no seu sitio.
- 3.4.3 Enrolando os distintos treitos de manguera empregados poñendo sempre os dous extremos xuntos.
- 3.4.4 Enrolando o treito principal da manguera no sarillo do vehículo.
- 3.4.5 Colocando os rolos de manguera no vehículo.
- 3.4.6 Evitando sempre nestas manobras as posibles rozaduras e arrastres que poidan deteriorar as mangueras.
- 3.4.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.4.8 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Camión
-  Motobomba

FERRAMENTAS

- ✂ Mangueras
- ✂ Mangotes
- ✂ Racores
- ✂ Bifurcacións e derivacións
- ✂ Lanza
- ✂ Emisora móbil/portátil
- ✂ Teléfono móbil
- ✂ Equipos de protección individual
- ✂ Foco
- ✂ Asubío para sinais acústicas
- ✂ Cantimplora
- ✂ Caixa de urxencias

PRODUTOS

- 💧 Auga
- 💧 Retardantes

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2** Aplicar os procedementos apropiados para manter unha adecuada conexión á rede de transmisións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Recibir mensaxes/ordes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 4.1.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 4.1.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían ruídos e nese punto xiralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 4.1.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 4.1.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 4.1.6 Permanecendo atento ás mensaxes que recibe e intervindo unicamente cando sexa requirido directamente para iso.
- 4.1.7 Evitando a interrupción da mensaxe recibida e non falando ata despois de recibir a palabra cambio.
- 4.1.8 Buscando puntos altos e despexados para mellorar a calidade da recepción.
- 4.1.9 Identificando o transmisor.
- 4.1.10 Confirmando a recepción da mensaxe.
- 4.1.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.1.12 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Transmitir mensaxes, mensaxes/ordes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Levando o mando de acendido/apagado á posición "ON".
- 4.2.2 Elixindo a canle na que se vai a operar mediante o selector de canles.
- 4.2.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían ruídos e nese punto xiralo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 4.2.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 4.2.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 4.2.6 Repasando mentalmente e determinando o contido da mensaxe que se vai enviar antes de presionar o pulsador PTT para que a mensaxe sexa clara, concreta e curta.
- 4.2.7 Presionando o pulsador PTT.
- 4.2.8 Empregando un ton de voz normal, tranquilo e a unha velocidade que permita unha clara comprensión da mensaxe.
- 4.2.9 Colocando o micrófono preto da boca pero sen chegar a tocalo con ela para evitar que a voz se confunda con outros ruídos e para vocalizar adecuadamente.
- 4.2.10 Usando o protocolo de comunicación establecido e vocalizando correctamente para que a información transmitida sexa comprendida.
- 4.2.11 Mantendo a presión sobre o pulsador durante a emisión da mensaxe.
- 4.2.12 Evitando o inicio da transmisión dunha mensaxe mentres se está a oír outra, debido a que a transmisión é unívoca e alternativa.
- 4.2.13 Finalizando a mensaxe coas palabras cambio e corto.
- 4.2.14 Soltando o pulsador ao terminar de transmitir a mensaxe deixando o pulsador en situación receptora.
- 4.2.15 Buscando puntos altos para mellorar a calidade da transmisión.
- 4.2.16 Identificando o destinatario da mensaxe.

- 4.2.17 Realizando a identificación do transmisor.
- 4.2.18 Esperando a confirmación por parte do destinatario.
- 4.2.19 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.2.20 Utilizando axeitadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Emisora móbil/portátil
- ✕ Teléfono móbil
- ✕ Equipos de protección individual

■.. 6.2.3.7. CAZA E PESCA

■.. 6.2.3.7.1. GARDA DE CAMPO DE CAZA E PESCA

■.. 6.2.3.7.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Garda de campo de caza e pesca
Sector		Forestal
Actividade		Caza e pesca fluvial

■.. 6.2.3.7.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Realiza os labores de vixilancia e protección do terreo cinexético particular e acoutado de pesca e atende as tarefas propias de conservación e mantemento das necesidades da propiedade forestal para o seu correcto funcionamento, seguindo en todo momento o plan técnico de xestión aprobado para o uso e aproveitamento cinexético e piscícola deste.

■.. 6.2.3.7.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Responsabilidade e profesionalidade para abarcar o coñecemento das circunstancias relacionadas coa actividade que vai desenvolver: xurídicas (delitos, faltas, denuncias); de xestión directa (vixilancia, protección...).
- Atención para dominar o cumprimento da normativa interna do couto.
- Preocupación para poder executar correctamente actividades relacionadas directamente coas tarefas que hai que desenvolver en materia de xestión medioambiental e a normativa de caza e pesca, do seu ámbito competencial.
- Interese na observación de actividades e situación do couto para saber se se cometen infraccións.
- Seriedade con respecto ao cumprimento da Lei de PRL.
- Profesionalidade para coñecer enfermidades de animais ou detectar pragas.
- Precisión e observación atenta para dominar as distintas especies obxecto de caza e pesca e a normativa que as regula.
- Concentración para diferenciar as distintas zonas de seguridade e o uso de armas.¹ Interese e responsabilidade para executar ou vixiar a sinalización do couto, matrículas e rexistros.
- Estudo pormenorizado sobre a identificación de terreos cinexéticos e/ou piscícolas de réxime especial.
- Responsabilidade para aconsellar vedas e outras medidas protectoras.
- Capacidade de interese pola protección das parcelas de cultivo.
- Obxectividade no coñecemento dos danos orixinados pola caza e polos cazadores e pescadores.

- Posuír unha psicomotricidade apta que lle permita o control no normal desenvolvemento das súas actividades.
- Agudeza mínima visual e auditiva coa finalidade de percibir circunstancias significativas que se produzan durante o desenvolvemento da súa actividade cotiá.
- Fluidez verbal para tratar cos socios e convidados.
- Carácter extravertido para poder aplicar os coñecementos de atención ao público que ha de posuír.

>. Organizativas

- Coordinación para as tarefas de vixilancia e protección.
- Disponibilidade para a atención ao público.
- Concentración ante situacións propias do seu ámbito competencial.
- Planificación obxectiva e práctica da actividade encomendada.
- Autocontrol para calquera tipo de relación laboral (co superior e usuarios).
- Optimización de todos os recursos dispoñibles.
- Memorización das ordes recibidas.
- Constancia nas actuacións e tarefas ordinarias.
- Desenvolver capacidade de autonomía na medida que o traballo o permita.
- Actualización ante novos métodos e técnicas así como ante novos regulamentos de caza e/ou pesca.
- Coñecemento básico de técnicas de observación para verificar o traballo do peón.

>. Interaccións

- Afabilidade e certo grao de empatía no trato cos socios.
- Habilidades para desenvolver a comunicación no trato cos usuarios e ofertar unha información adecuada e eficaz.
- Minuciosidade para estar atento aos danos orixinados pola caza e polos cazadores e pescadores.
- Integración e trato amable cos socios e convidados.
- Certo grao de dispoñibilidade horaria.
- Claridade na exposición de limitacións, previsións, dúbidas...
- Sensibilidade para captar situacións que poidan entorpecer a actividade deportiva racional.
- Corrección no trato evitando "modos e maneiras" que resulten negativos.
- Dinamismo laboral e persoal para influír positivamente no devir diario das tarefas que se desenvolven no couto.

>. Resposta a continxencias

- Sentido da orientación para percorrer fincas e treitos de río que polas súas circunstancias orográficas poidan facilitar perdas inoportunas de usuarios.
- Seriedade e profesionalidade para facerlle fronte a problemas que poidan xurdir cos cazadores e/ou pescadores.
- Claridade na imposición de limitacións do seu ámbito competencial.
- Disponibilidade e dilixencia para resolver problemas puntuais e non previstos.
- Rapidez de reflexos para actuar de forma áxil e, á vez, satisfactoria ante situacións imprevistas.

■.. 6.2.3.7.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Vixiar o terreo de aproveitamento cinexético e/ou o couto de pesca.
- 2 Protexer, controlar e inventariar a poboación venatoria e/ou piscícola dos coutos así como aquelas especies do mundo vexetal que favorezan o ecosistema desexado.
- 3 Levar a cabo aquelas outras tarefas encomendadas polo seu superior xerárquico.
- 4 Planificar o traballo e as tarefas dos peóns no couto.

■.. 6.2.3.7.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Vixiar o terreo de aproveitamento cinexético e/ou o couto de pesca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Percorrer, con periodicidade preestablecida, a finca ou treito acoutado como zona de caza e/ou pesca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1.1 Estando debidamente uniformado e identificado para ser recoñecido sen problemas.
- 1.1.2 Coñecendo con exactitude a zona acoutada e o seu campo de acción sempre en función do aproveitamento, control e xestión sinalado no plan técnico.
- 1.1.3 Controlando as sinalizacións de acoutacións ou vedados especiais.
- 1.1.4 Desprazándose (a pé ou en vehículo) polo terreo para inspeccionar e comprobar o terreo tanto de día como de noite.
- 1.1.5 Utilizando os prismáticos para poder observar aqueles puntos da superficie ao seu cargo con difícil acceso.
- 1.1.6 Conservando un estado físico adecuado para realizar tarefas que requiran algún tipo de esforzo.
- 1.1.7 Coñecendo vida e costume das especies que residan na propiedade para poder así recoñecer carencias e os posibles déficits.
- 1.1.8 Observando directamente calquera tipo de anomalía ou alteración que se produza para poder intervir o antes posible.
- 1.1.9 Vixiando os límites do couto (de caza fundamentalmente) para evitar danos da poboación animal do couto en sementados e cultivos próximos a estes.
- 1.1.10 Preocupándose de vixiar o estado das granxas e viveiros de cría para conseguir o seu mellor rendemento coa finalidade de obter especies para repoboar.
- 1.1.11 Estando atento a que se respecte en todo momento: cando e que se pode pescar, en que treitos está permitido facelo e onde non, e como se pode pescar.
- 1.1.12 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 1.1.13 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Comunicarlle ao superior xerárquico todas aquelas circunstancias que poidan entorpecer ou favorecer unha mellor actividade de caza ou pesca.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Recoñecendo e recollendo calquera obxecto que poida danar ou prexudicar o estado do couto e da poboación de especies que o configura.
- 1.2.2 Elaborando informes sobre as necesidades do estado do terreo e/ou río e das especies que os poboan.
- 1.2.3 Informando sobre os refuxios, accesos, casetas...
- 1.2.4 Comprobando o estado de limpeza do terreo forestal e os elementos vexetais que o poboan.
- ✕ Ordenador e software específico, impresora
- ✕ Correo electrónico, internet
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual
- ✕ Roupas de augas e material de neopreno
- ✕ Material de oficina en xeral, arquivos
- ✕ Revistas e folletos publicitarios
- ✕ Caixa de urxencias

>... UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Programar e xestionar as reservas e cantidades de cazadores que poida admitir sostiblemente o couto.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Establecer os períodos hábiles para "media veda", "descastes"... e calquera outra modalidade de caza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Establecendo -segundo o plan técnico e a densidade de especies detectada antes do inicio de cada tempada- os días hábiles para levar a cabo a caza de especies migratorias (rulas, paspallás), isto é, a "media veda" de caza menor.
- 3.1.2 Solicitando á administración competente -en función dos danos causados por especies do couto nos cultivos- períodos hábiles para abateamento dun número determinado de exemplares ("descastes" de caza maior ou menor).
- 3.1.3 Determinando os días hábiles para a actividade cinexética en calquera das súas modalidades: "á man", "ao axexo", "monterías"... e o número de participantes máis adecuado.
- 3.1.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Xestionar a documentación persoal imprescindible para levar a cabo a actividade da caza no couto: licenzas, permisos, tarxetas de entrada...

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Solicitando a cada cazador con reserva documentación persoal acreditativa para xestionar documentación esixida pola normativa vixente.
- 3.2.2 Expedindo as tarxetas nominais de autorización de caza pertinentes para poder acceder ao couto.
- 3.2.3 Xestionando os permisos e licenzas administrativas daqueles cazadores que non puideran xestionalos con anterioridade.
- 3.2.4 Verificando, coa axuda do garda, que a documentación esixida a cada cazador estea en regra.
- 3.2.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Verificar que as armas e municións que vaian ser utilizadas cumpran cos requisitos esixidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Facilitando, antes do comezo da xornada de caza, información concreta sobre as armas e o seu funcionamento e, tamén, sobre a munición que se vai empregar.
- 3.3.2 Ordenándolles aos gardas do couto que procedan a supervisar o estado de cada unha das armas que se van utilizar.
- 3.3.3 Comprobando, tamén coa axuda do garda, que a munición que se vai utilizar é a adecuada e non infrinxe a normativa.
- 3.3.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS



Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

- ✖ Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro
- ✖ GPS para localizar no terreo xestionando puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✖ Teléfono móbil e emisora de radio frecuencia adecuada ao tamaño do couto para todo tipo de comunicación e localización
- ✖ Ordenador e software específico, impresora
- ✖ Correo electrónico, internet
- ✖ Cámara dixital e material audiovisual
- ✖ Ropa de augas e material de neopreno

- ✖ Material de oficina en xeral, arquivos
- ✖ Permisos, licenzas
- ✖ Cronogramas de vedas de caza
- ✖ Caixa de urxencias

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4** Verificar e controlar o número de pezas abatibles e abatidas co fin de conseguir a actividade cinexética sostible.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Elaborar, a través de observacións directas e de mostraxes rigorosas, un rexistro de pezas abatibles.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Confeccionando métodos de mostraxe rigorosos que permitan establecer o número de pezas de cada unha das especies.
- 4.1.2 Elaborando rexistros adecuados que lles permitan aos gardas de couto rexistrar o número de pezas observadas.
- 4.1.3 Confeccionando artefactos-trampa que axuden a cuantificar o observado con anterioridade.
- 4.1.4 Cuantificando -en colaboración co garda e o peón- o número de pezas abatidas en cada xornada de caza.
- 4.1.5 Rexistrando e arquivando a cuantificación levada a cabo anteriormente.
- 4.1.6 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Realizar un inventario de depredadores e o seu número para organizar un control selectivo sobre eles.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Cuantificando, a través da observación directa e das sucesivas mostraxes, o número de depredadores das especies cinexéticas que incidan negativamente nas poboacións do couto.
- 4.2.2 Solicitando, en caso de superpoboación de depredadores, permisos para proceder á redución do seu número.
- 4.2.3 Informando as autoridades administrativas do número de pezas eliminadas.
- 4.2.4 Cuantificando, unha vez levada a cabo a acción de redución de depredadores, o número dos existentes comprobando que o seu número non vai repercutir negativamente nas especies cinexéticas.
- 4.2.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Establecer a ratio máis axeitada entre cazador e pezas que se van abater que permita un desenvolvemento sostible do couto que se xestiona.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Analizando os datos arquivados sobre poboacións e, baseándose en experiencias anteriores, determinar o número de pezas de caza menor que se van abater.
- 4.3.2 Determinando, con igual criterio, o número de pezas de caza maior que se van abater.

- 4.3.3 Establecendo, en función da poboación de exemplares detectada, o número de cazadores por xornada que permita a actividade de caza sostible no couto.
- 4.3.4 Fixando, finalmente, o número máximo de pezas por cazador e xornada de caza.
- 4.3.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Efectuar controis periódicos para detectar circunstancias patóxenas que poidan perturbar o normal funcionamento do couto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Solicitando axuda a profesionais da veterinaria e a bioloxía para controlar periodicamente as poboacións do couto.
- 4.4.2 Levando a cabo apresamentos aleatorios de elementos de cada unha das especies do couto para verificar o seu estado de saúde.
- 4.4.3 Ordenando controlar aos gardas, a través de métodos de observación directa, signos que evidencian problemas neste ámbito: excrementos, cadáveres, estado de tobas, aumento de parasitos...
- 4.4.4 Coa axuda de operarios, levando a cabo tarefas de asepsia no medio ambiente no que interactúan os animais enfermos.
- 4.4.5 Procedendo á vacinación de todos aqueles exemplares que procedan das granxas destinados a repoboacións.
- 4.4.6 Rexistrando minuciosamente cada un dos procesos executados ao respecto.
- 4.4.7 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 4.4.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.4.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.5 Establecer áreas vedadas do couto (refuxios de caza).

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Seleccionando, en función dos elementos que determina a lexislación, aquelas áreas que van ser destinadas a "vedados" (refuxios de caza) durante un período establecido.
- 4.5.2 Creando "refuxios de recuperación" naquelas zonas do couto decimadas pola acción de pragas ou de depredadores.
- 4.5.3 Determinando o terreo máis apropiado para establecer "refuxios de provisión" que sirvan de repoboadores ás zonas veciñas.
- 4.5.4 En caso de incendios ou catástrofes naturais, establecendo "refuxios obrigados" nos que se prohibirá taxativamente a actividade cinexética.
- 4.5.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

-  Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro
-  GPS para localizar no terreo xestionando puntos

- concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✕ Teléfono móbil e emisora de radio frecuencia adecuada ao tamaño do coto para todo tipo de comunicación e localización
- ✕ Ordenador e software específico, impresora
- ✕ Correo electrónico, internet
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual
- ✕ Rroupa de augas e material de neopreno
- ✕ Material de oficina en xeral, arquivos
- ✕ Prismáticos
- ✕ Caixa de urxencias

■.. 6.2.3.8. APROVEITAMENTO DE PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS

■.. 6.2.3.8.1. RECOLLEDOR DE PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS

■.. 6.2.3.8.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Recolledor de plantas medicinais e aromáticas
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento de plantas medicinais e aromáticas

■.. 6.2.3.8.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Realiza diversas tarefas relacionadas coa recollida e explotación de plantas con fins medicinais e aromáticos, así como as tarefas relacionadas coa súa conservación ata a expedición destas.

■.. 6.2.3.8.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Responsabilidade á hora de realizar as operacións adecuadas coas ferramentas da ocupación.
- Habilidade para manipular as plantas aromáticas de forma correcta, favorecendo sempre a súa conservación co maior contido de substancias e principios medicinais e aromáticos.
- Capacidade para realizar os traballos de recolección coidando a zona de traballo.
- Responsabilidade medioambiental no desempeño das tarefas.
- Habilidade no emprego dos equipos de protección en cada un dos labores desenvolvidos.
- Perseveranza no cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

>. Organizativas

- Realizar as tarefas seguindo as especificacións de recolección e manexo estipuladas.
- Actuar sempre de forma que se obteña a máxima eficacia e calidade nos produtos.

>. Interaccións

- Coordinación cos compañeiros.
- Comunicación cos clientes para preparar os envíos.

>. Resposta a contingencias

- Gardar e facer gardar a calma ante imprevistos.
- Cumprir as normas ou protocolos específicos previamente planificados para contingencias no lugar específico de traballo.

■.. 6.2.3.8.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA**>.. UNIDADES DE COMPETENCIA**

- 1 Inspeccionar a zona de recollida de plantas medicinais e aromáticas.
- 2 Recoller plantas medicinais e aromáticas

■.. 6.2.3.8.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**>. UNIDADE DE COMPETENCIA****1 Inspección da zona de recollida de plantas medicinais e aromáticas.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 1.1 Elixir a época de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Sabendo o ciclo de vida das especies que hai que recoller.
- 1.1.2 Coñecendo o período óptimo para a súa recolección.
- 1.1.3 Adaptándose aos aspectos específicos da zona xeográfica de traballo.
- 1.1.4 Identificando zonas óptimas para o desenvolvemento das especies.
- 1.1.5 Recoñecendo o lugar e inspeccionando as posibles zonas produtoras.
- 1.1.6 Realizando un calendario e rotas de recolección.
- 1.1.7 Coñecendo o tipo de masa vexetal en que se desenvolven as especies vexetais de interese.
- 1.1.8 Recoñecendo e evitando zonas contaminadas ou próximas a zonas industriais.
- 1.1.9 Establecendo un plan de recolección de forma precisa.
- 1.1.10 Cumprindo en todo momento coa normativa de coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Realizar tarefas de limpeza e podas nas zonas de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Identificando as especies e individuos óptimos para a explotación.
- 1.2.2 Coñecendo as principais características de identificación das plantas medicinais e aromáticas.
- 1.2.3 Recoñecendo as especies que compoñen o conxunto forestal.
- 1.2.4 Realizando as tarefas coas ferramentas e máquinas específicas e adecuadas.
- 1.2.5 Eliminando individuos enfermos, mortos ou sen interese de explotación.
- 1.2.6 Colocando e usando de forma correcta os EPI.
- 1.2.7 Realizando os labores de forma segura.
- 1.2.8 Cumprindo a normativa de PRL e coidado medio ambiental.
- 1.2.9 Eliminando plantas parasitas que poidan entorpecer o crecemento correcto das plantas aromáticas e medicinais.
- 1.2.10 Empregando técnicas de poda segundo as especies e o desenvolvemento destas.
- 1.2.11 Evitando a propagación e erradicando enfermidades e pragas nas plantas obxecto de recolección.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

- ✂ Planos ou mapas da zona
- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Claves de identificación de plantas aromáticas e medicinais
- ✂ Ferramentas de roza
- ✂ Ferramentas de poda

PRODUTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Lubricantes

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Identificar e recoller as plantas aromáticas e medicinais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Identificar as plantas aromáticas e medicinais de acordo cos plans de recolección previamente establecidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Coñecendo as características das plantas que se van recoller.
- 2.1.2 Relacionando cada especie e os elementos topográficos climáticos e edáficos.
- 2.1.3 Manexando claves de identificación das plantas aromáticas e medicinais.
- 2.1.4 Recoñecendo a pé a zona no período de recolección.
- 2.1.5 Evitando aquelas plantas que non lle sexa posible a súa identificación.
- 2.1.6 Cumprindo sempre coa normativa de coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Coñecer o equipo de traballo segundo a especie e parte desta obxecto de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Recoñecendo cada ferramenta e a súa función.
- 2.2.2 Colocando o equipo de traballo e de protección de forma correcta.
- 2.2.3 Identificando a ferramenta necesaria para cada tarefa.
- 2.2.4 Coñecendo a forma correcta de manexo das ferramentas e útiles.
- 2.2.5 Identificando os perigos e posibles lesións que poden producir ao empregalos de forma inadecuada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Recoller plantas aromáticas e medicinais.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando de forma correcta os EPI.
- 2.3.2 Identificando na especie a parte obxecto de recolección.
- 2.3.3 Suxeitando de forma segura e aplicando un corte limpo á planta no caso de pólas.
- 2.3.4 Verificando que a recolección non dane nin mate a planta.
- 2.3.5 Evitando plantas enfermas ou demasiado vellas para conter elementos beneficiosos.
- 2.3.6 Coidando de non danar plantas sas.
- 2.3.7 Realizando as tarefas cumprindo a normativa de PRL e coidado medioambiental.
- 2.3.8 Extraendo a planta por completo, se é o caso, para obter as raíces e rizomas.
- 2.3.9 Recollendo a parte adecuada da cortiza, se é o caso.
- 2.3.10 Deixando os pés con cortes limpos en caso de recolección de talos.

- 2.3.11 Recollendo as follas, se é o caso, en perfectas condicións e sen insectos ou ovos que estean pegados a elas.
- 2.3.12 Elixindo as flores no período óptimo de fecundación segundo o caso.
- 2.3.13 Cumprindo as funcións na época adecuada e coas condicións climáticas favorables.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Realizar tarefas de limpeza da recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Coñecendo as características das plantas recollidas.
- 2.4.2 Clasificando a recolección segundo pedidos.
- 2.4.3 Apartando exemplares dubidosos ou non válidos.
- 2.4.4 Retirando calquera substancia ou obxecto alleo.
- 2.4.5 Recollendo e eliminando os residuos dos labores de limpeza.
- 2.4.6 Cumprindo a normativa medioambiental e de prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Secar a planta co fin de conservala.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Coñecendo as calidades da planta e a relación de humidade que ha de ter.
- 2.5.2 Sabendo os tempos en que debe realizarse o secado sen perder propiedades a recolección.
- 2.5.3 Tendo preparado os medios, o local e o almacén para levar a cabo o proceso.
- 2.5.4 Mantendo afastadas plantas entre si, se presentan incompatibilidades.
- 2.5.6 Lavando, cando sexa necesario, a reelección e realizando un secado inmediato posterior.
- 2.5.7 Cortando as raíces unha vez limpas en tamaños adecuados que facilitan o seu secado.
- 2.5.8 Realizando isto coas ferramentas adecuadas.
- 2.5.9 Cumprindo coa normativa vixente de coidado medioambiental e prevención de riscos laborais.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte
-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

- ✂ Planos ou mapas da zona
- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Claves de identificación de plantas aromáticas e medicinais
- ✂ Tesoiras
- ✂ Fouciños pequenos
- ✂ Angazo
- ✂ Pértegas
- ✂ Coitelo
- ✂ Gubia
- ✂ Cestos
- ✂ Sacos
- ✂ Navalla

PRODUTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Lubricantes

■.. 6.2.3.9. PRODUCCIÓN DE MEL, POLE E DERIVADOS

■.. 6.2.3.9.1. APICULTOR

■... 6.2.3.9.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Apicultor
Sector		Forestal
Actividade		Produción de mel, pole e derivados.

■... 6.2.3.9.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Encárgase de xestionar o correcto funcionamento dunha colmea. Para isto debe aplicar todos aqueles coñecementos que lle permitan atender de forma eficiente todas as necesidades da colonia, como son a alimentación, reprodución, saneamento e localización. Debe estar capacitado para a manipulación da produción apícola e a súa posterior venda.

■... 6.2.3.9.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Memoria e agudeza visual para recoñecer o ciclo reprodutivo das abellas.
- Habilidade manual e memoria para realizar o saneamento da colonia.
- Memoria e responsabilidade para a suplementación da alimentación das abellas.
- Razoamento espacial e habilidade manual para emprazar correctamente as colmeas.
- Habilidade manual e responsabilidade para manipular os produtos apícolas.
- Coñecer os mecanismos e técnicas de comercialización da produción.

>. Organizativas

- Secuencialización das operacións.
- Planificación temporal das necesidades da explotación.
- Xestión do almacén de subministracións.
- Repartimento das tarefas.
- Estimación da cantidade e época da produción.
- Rexistro exhaustivo da produción.
- Manipulación de produtos conforme á normativa de seguridade e hixiene.
- Dispoñer a rede de distribución para absorber os produtos no momento da produción.
- Realizar a transhumancia das colmeas cando a época así o aconselle.

>. Interaccións

- Tratar cos organismos públicos.
- Contactar e negociar cos provedores.
- Atender as necesidades dos clientes.

>. Resposta a contingencias

- Movendo as colmeas cando as condicións así o aconsellen.
- Adaptándose ás novas normativas que puideran xurdir.
- Modificando a produción en función da demanda.
- Adaptando as instalacións e maquinarias ás esixencias do mercado.
- Detectando e eliminando aquelas partidas de produto non aptas para o consumo.
- Aplicando técnicas de primeiros auxilios se a situación o require.
- Actuar con coidado para evitar que as abellas se volvan agresivas.
- Detectando e controlando as enfermidades e pragas que poidan xurdir na colonia.
- Buscando liñas de financiamento se son necesarias para manter ou ampliar a colonia.

■.. 6.2.3.9.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Administrar a explotación apícola.
- 2 Adaptar as operacións de manexo da colonia aos ciclos vitais das abellas.
- 3 Extraer e transformar a produción apícola.
- 4 Xestionar a comercialización dos produtos avícolas.

■.. 6.2.3.9.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Administrar a explotación apícola.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Programar a secuencialización das operacións de traballo.
- >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
- 1.1.1 Determinando as necesidades materiais e espaciais necesarias para alcanzar os obxectivos produtivos.
 - 1.1.2 Inventariando as provisións existentes e asegurándose de que o seu estado de conservación e funcionamento permitirá o seu uso no momento requirido.
 - 1.1.3 Previndo e corrixindo as continxencias produtivas para eliminar ou minimizar as perdas produtivas.
 - 1.1.4 Estimando a capacidade produtiva da zona en función de parámetros topográficos e fitoclimáticos.
 - 1.1.5 Regulando as variacións dos cadros de persoal propio e externo en función de necesidades produtivas.
 - 1.1.6 Marcando os procedementos operativos dentro da explotación.
 - 1.1.7 Dispoñendo a colonia na zona que cumpre as condicións necesarias para a consecución dos produtos obxectivo.
 - 1.1.8 Elixindo a especie apícola máis adecuada ao produto ou produtos obxectivo.
 - 1.1.9 Elixindo o tipo de colmea que se vai utilizar en función do tipo de produto desexado.
 - 1.1.10 Adaptando as expectativas produtivas ás demandas do mercado.
 - 1.1.11 Realizando a transhumancia do emprazamento da colmea cando a modificación das condicións dificulte a consecución dos obxectivos buscados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Dirixir o traballo da explotación apícola.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Contratando persoal e servizos externos no caso de que sexan necesarios para o normal funcionamento da explotación.
- 1.2.2 Distribuíndo as partidas orzamentarias entre as distintas operacións que haxa que realizar en función das necesidades de cada unha delas.
- 1.2.3 Realizando todas aquelas compras tanto de abellas como de aprovisionamentos e equipos necesarios para o desenvolvemento eficaz da actividade.
- 1.2.4 Aplicando as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para conservar os materiais, equipos e construcións en adecuado estado de uso.
- 1.2.5 Coordinando a actividade do persoal para lograr un proceso de funcionamento eficiente.
- 1.2.6 Solicitando todas aquelas subvencións que poden ser aplicables á actividade.

- 1.2.7 Adaptando as operacións de traballo aos medios produtivos dispoñibles así como aos obxectivos establecidos.
- 1.2.8 Tramitando toda a documentación necesaria para o desenvolvemento da actividade dentro da lexislación vixente.
- 1.2.9 Instruíndo o persoal adecuadamente para o correcto manexo da colmea.
- 1.2.10 Mantendo cubertas as necesidades de materiais e produtos necesarios para o adecuado desenvolvemento do proceso produtivo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Adaptar as operacións produtivas á normativa de prevención de riscos laborais.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Comprobando que o conxunto de instalacións, materiais e equipos, así como o uso destes, cumpre a normativa vixente.
- 1.3.2 Extraendo adecuadamente os restos inorgánicos producidos pola actividade de modo que non afecten negativamente ao medio ambiente.
- 1.3.3 Preparando adecuadamente as colmeas para evitar accidentes durante o seu traslado entre zonas de produción.
- 1.3.4 Administrando as medidas e coidados básicos en caso de accidente.
- 1.3.5 Realizando os desprazamentos e transportes de material e persoal mediante os itinerarios e vehículos apropiados para tal fin.
- 1.3.6 Aplicando ao proceso un sistema de control sanitario e hixiénico que se adapte á normativa vixente.
- 1.3.7 Vixiando que as normas de seguridade específica se aplican durante o desenvolvemento da actividade.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Furgoneta

FERRAMENTAS

- ✕ Careta
- ✕ Velo
- ✕ Luvas
- ✕ Afumador
- ✕ Paleta apicultor
- ✕ Rascador
- ✕ Cepillo de abellas
- ✕ Cadros de portapanais
- ✕ Incrustador
- ✕ Estampadora
- ✕ Coitelos desoperculadores
- ✕ Angazo
- ✕ Extractor de mel
- ✕ Depurador ou madurador de mel
- ✕ Recipientes filtradores
- ✕ Cerificador
- ✕ Trampas
- ✕ Alimentadores
- ✕ Escapes
- ✕ Excluidor de raíñas
- ✕ Gaiola para raíñas
- ✕ Cazaenxames
- ✕ Aixadas
- ✕ Fouciños

PRODUTOS

- ◆ Follas de cera
- ◆ Alimentos especiais
- ◆ Solucións nutritivas
- ◆ Material oficina
- ◆ Material carpintería
- ◆ Produtos deterxentes
- ◆ Produtos desinfectantes
- ◆ Envases
- ◆ Fichas de control sanitario
- ◆ Libros de xestión

>. UNIDADE DE COMPETENCIA**2 Adaptar as operacións de manexo da colonia aos ciclos vitais das abellas.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 2.1 Emprazar e armar as colmeas na forma máis adecuada.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Dispoñendo ergonomicamente a colonia tanto para o traballo apícola como para o do apicultor. Respectando as separacións mínimas entre colmeas e cos terreos adxacentes.
- 2.1.2 Elixindo un terreo lixeiramente elevado, pouco accidentado, con boa provisión hídrica e con elevada accesibilidade que resgarde a colonia de eventualidades e fenómenos naturais violentos.
- 2.1.3 Dotando o conxunto de colmeas da disposición que permita orientar as piqueiras en distintas direccións, tendo estas elementos singulares que permitan a orientación das abellas.
- 2.1.4 Facilitándolles ás recolledoras a orientación mediante o uso de pintura de cor nas distintas colmeas.
- 2.1.5 Creando un código específico que permita a identificación inequívoca de cada colmea.
- 2.1.6 Instalando nos cadros as láminas de cera estampada mediante a colocación dun arame tenso que percorra tanto o bastidor como os traveseiros, permitindo desta maneira unha fixación segura e precisa das láminas.
- 2.1.7 Colocando os panais das obreiras correctamente para ofrecerlles ás abellas láminas de cera estampada, encadradas e dispostas paralelamente na colmea.
- 2.1.8 Controlando o número de colonias para que en cada saída unha mesma abella poida dispoñer de distintas plantas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Controlar os ciclos vitais da colonia.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Coñecendo as influencias estacionais sobre as abellas.
- 2.2.2 Realizando un mantemento adecuado das colmeas.
- 2.2.3 Usando o equipo necesario para minimizar o risco de picaduras.
- 2.2.4 Inspeccionando as colmeas que inician a súa actividade co período de floración, centrándose nas crías das abellas, a raíña, as provisións e o estado dos panais.
- 2.2.5 Mantendo a colmea limpa.
- 2.2.6 Apoiando o desenvolvemento da colmea mediante a colocación de cadros estirados no centro de cría.
- 2.2.7 Aplicando ou retirando alzas ás colmeas co fin de variar a capacidade de almacenamento destas en función das necesidades.
- 2.2.8 Colocando un excluidor de raíñas nas alzas para evitar a posta de ovos nelas.
- 2.2.9 Facendo os preparativos necesarios para a saída dos enxames cando chegan as floracións importantes, como enxames forzados, cría de raíñas e colleita de produtos.
- 2.2.10 Realizando todo o proceso de cría, como a preparación de celas artificiais, enxerto ou transferencia de larvas, precría, cría, eclosión, apareamento, así como introdución de raíñas, operación delicada que debe levarse a cabo con gran coidado.
- 2.2.11 Revisando as colmeas e comprobando que dispoñen do suficiente alimento para a invernada.

- 2.2.12 Xuntando colonias débiles ás máis fortes para facilitarlles a invernada.
- 2.2.13 Evitando o contacto innecesario coas colmeas, xa que estas visitas perturban a colonia e reduce a súa produción de mel.
- 2.2.14 Aplicando todas aquelas medidas de prevención encamiñadas a evitar os danos producidos polas abellas.
- 2.2.15 Aplicando a transhumancia á alvariza en función da intensidade de floración co fin de obter o máximo rendemento produtivo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Rexistrar todos os datos de interese extraídos das revisións das colonias.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Creando fichas individualizadas para cada colmea nas que se inscribirán todos os datos extraídos durante as visitas ás colonias.
- 2.3.2 Estimando en función da produción da alvariza o volume e tipo de anotacións necesarias.
- 2.3.3 Apuntando o número ou clave das colmeas con escaseza de provisións, extensión da anada do grupo de abellas, estado sanitario xeral, previsión de postas de alzas, indicación do estado da raíz e estado xeral da colmea e o seu asentamento.
- 2.3.4 Aplicando os datos á solución de problemas que poida presentar a alvariza e que dalgunha maneira reduzan a produtividade da colmea.
- 2.3.5 Manter toda a información perfectamente clasificada por colmea para que sexa rápida e facilmente accesible.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Optimizar o proceso produtivo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Eliminando as colmeas nas que aparezan obreiras poñedoras e repartindo os elementos desa colmea entre o resto da colonia.
- 2.4.2 Aplicando os procedementos que permitan evitar a propagación de enfermidades, tanto entre os adultos como entre as crías, como é a queima de panais que poden estar infectados, limpando profundamente o material contaminado.
- 2.4.3 Evitando que durante os períodos de escaseza ou de castración as abellas poidan aproveitarse dos cadros das colmeas extraídos.
- 2.4.4 Mantendo un número de abellas suficientes para que cubran toda a posta.
- 2.4.5 Reducindo ao máximo as manipulacións sobre as colmeas.
- 2.4.6 Evitando extraer os cadros en días fríos.
- 2.4.7 Reunindo ou dispersando as colonias que foron tratadas e curadas.
- 2.4.8 Revitalizando as colonias moribundas mediante a pulverización de xaropes sobre as abellas vivas, a introdución de opérculos procedentes doutra colmea, a redución da entrada e a orientación ao sol para que suba a temperatura.
- 2.4.9 Encamiñando as enxamias imprevistas cara ás novas colonias para a súa colonización.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Furgoneta

FERRAMENTAS

- ✂ Careta
- ✂ Velo
- ✂ Luvas
- ✂ Afumador
- ✂ Paleta apicultor

PRODUTOS

- ◆ Follas de cera
- ◆ Alimentos especiais
- ◆ Solucións nutritivas
- ◆ Material oficina
- ◆ Material carpintería

✖ Rascador	◆ Produtos deterxentes
✖ Cepillo de abellas	◆ Produtos desinfectantes
✖ Cadros de portapanais	◆ Envases
✖ Incrustador	◆ Fichas de control sanitario
✖ Estampadora	◆ Libros de xestión
✖ Coitelos desoperculadores	
✖ Angazo	
✖ Extractor de mel	
✖ Cerificador	
✖ Trampas	
✖ Alimentadores	
✖ Escapes	
✖ Excluidor de raíñas	
✖ Gaiola para raíñas	
✖ Cazaenxames	
✖ Aixadas	
✖ Fouciños	

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Extraer e transformar a produción apícola.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Aplicar o procedemento correcto e no momento oportuno para a recolección do mel.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Levar a cabo a recolección cando o mel está maduro, totalmente operculado, mediante a apertura das colmeas a través do teito e cubridor.
- 3.1.2 Apartando as abellas das alzas xa sexa por medios químicos ou polo uso de aire insuflado.
- 3.1.3 Repoñendo as provisións da colmea, en caso necesario, mediante o paso dos cadros á cámara de cría, realizándoo en lugar adecuado e coas máximas precaucións hixiénicas.
- 3.1.4 Calculando a diferenza de peso antes e despois da recolección para saber o número de alzas que hai que retirar de cada colonia.
- 3.1.5 Procedendo á manipulación das alzas, actuando coa máxima limpeza, retirándoa enteira, colocándoa sobre soportes e transportándoa ao lugar adecuado para protexelas da pillaxe das abellas.
- 3.1.6 Dispoñendo o conxunto de alzas sobre unha superficie lisa e cubrindo a última.
- 3.1.7 Realizando a desoperculización mediante un coitelo, garlopa, ou angazo que estea ben afiado e quente ou mediante un desoperculizador mecánico, no interior dunha sala morna e ben pechada, basculándoos sobre un recipiente.
- 3.1.8 Extraendo o mel dos opérculos por medio de goteo na reixa da cuba de desopercular, aplicando despois un centrifugado.
- 3.1.9 Utilizando o extractor, que realiza unha carga e descarga rápida, para retirar o mel dos panais e que estes non sufran rotura.
- 3.1.10 Purificando o mel extraído mediante a filtración repetida das partículas sólidas (pole, cera...).
- 3.1.11 Usando maduradores para a decantación do mel, realizándoa en lugares secos, durante o tempo necesario e retirando as impurezas superficiais.

- 3.1.12 Cristalizando o mel mediante o madurador, tendo en conta as peculiaridades de maduración do tipo de mel e as demandas de cada cliente.
- 3.1.13 Limpando e ordenando os cadros baleiros.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Obter outros produtos apícolas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Extraendo o pole das colmeas máis melíferas, conservándoo ás temperaturas adecuadas e, no caso de temperaturas frías, almacenándoo en recipientes adecuados.
- 3.2.2 Obtendo cera dos panais por medio de cerificadores solares ou con caldeira de cera, utilizando a prensa para que liberen os restos de cera que poidan quedar no panal.
- 3.2.3 Extraendo o veneno mediante a impregnación de papel de filtro por parte das abellas ou por redución a po do aguillón, procedendo con extremo coidado durante toda a operación.
- 3.2.4 Recollendo a própole usada polas abellas para selar gretas e reforzar celas e panais.
- 3.2.5 Obtendo a xelea real por medio da extracción da raíña da colmea, recollendo posteriormente as celas reais, extraéndolles as larvas e raspando a xelea. Se se queren extraer grandes cantidades de xelea necesítanse colmeas poboadas, material e técnicas especiais e gran habilidade.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Furgoneta

FERRAMENTAS

- ✂ Careta
- ✂ Velo
- ✂ Luvas
- ✂ Afumador
- ✂ Paleta apicultor
- ✂ Rascador
- ✂ Cepillo de abellas
- ✂ Cadros de portapanais
- ✂ Incrustador
- ✂ Estampadora
- ✂ Coitelos desoperculadores
- ✂ Angazo
- ✂ Extractor de mel
- ✂ Depurador ou madurador de mel
- ✂ Recipientes filtradores
- ✂ Cerificador
- ✂ Trampas
- ✂ Alimentadores
- ✂ Escapes
- ✂ Excluidor de raíñas
- ✂ Gaiola para raíñas
- ✂ Cazaenxames
- ✂ Aixadas
- ✂ Fouciños

PRODUTOS

- ◆ Follas de cera
- ◆ Alimentos especiais
- ◆ Solucións nutritivas
- ◆ Material oficina
- ◆ Material carpintería
- ◆ Produtos deterxentes
- ◆ Produtos desinfectantes
- ◆ Envases
- ◆ Fichas de control sanitario
- ◆ Libros de xestión

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Xestionar a comercialización dos produtos apícolas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• **4.1 Almacenar adecuadamente a produción apícola.**

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Envasando o mel unha vez listo en envases herméticos, limpos e secos.
- 4.1.2 Retirando a espuma que exsuda o mel.
- 4.1.3 Distribuíndo en función da súa cor os panais.
- 4.1.4 Previndo a traza dos cadros mediante a queima de xofre e a introdución de alcanfor nas alzas.
- 4.1.5 Usando locais de almacenamento aos que non poidan acceder as abellas e cunha humidade inferior ao 60%.
- 4.1.6 Asegurándose de que os produtos almacenados manteñen as súas calidades e, en caso contrario, variando as condicións para que esta conservación sexa efectiva.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

• **4.2 Comercializar e promover os produtos apícolas.**

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Calculando a relación custo-beneficio.
- 4.2.2 Promovendo a empresa ante posibles investidores.
- 4.2.3 Promovendo os produtos por distintas canles e accións.
- 4.2.4 Negociando cos clientes as condicións de venda e pagamento.
- 4.2.5 Aplicando parámetros da normativa de consumo e comercialización do mel, cera e outros.
- 4.2.6 Etiquetando os produtos conforme á normativa vixente.
- 4.2.7 Rexistrando os informes de clientes e sobre outras explotacións.
- 4.2.8 Buscando e desenvolvendo novas redes de comercialización.
- 4.2.9 Participando en procesos de asociacionismo entre produtores.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Tractor
-  Furgoneta

FERRAMENTAS

-  Aixadas
-  Fouciños
-  Rascador
-  Cepillo de abellas
-  Cadros de portapanais
-  Incrustador
-  Estampadora
-  Angazo
-  Incrustador

PRODUCTOS

-  Material oficina
-  Material carpintería
-  Produtos deterxentes
-  Produtos desinfectantes
-  Envases
-  Fichas de control sanitario
-  Libros de xestión
-  Fichas de control

■.. 6.2.3.10. APROVEITAMENTO DE FROITOS

■.. 6.2.3.10.1. RECOLLEDOR DE FROITOS

■.. 6.2.3.10.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Recolledor de froitos
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento de froitos.

■.. 6.2.3.10.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Realiza os labores de explotación de froitos forestais e a súa posterior selección, clasificación e conservación.

■.. 6.2.3.10.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- Habilidade para operar de forma adecuada coas ferramentas da ocupación.
- Coidado ao manipular os froitos de forma correcta, favorecendo sempre a súa conservación.
- Capacidade para realizar os traballos de recolección mantendo a conservación da zona de traballo.
- Habilidade para realizar as tarefas de forma correcta desde o punto de vista medioambiental.
- Responsabilidade para usar os equipos de protección individual de forma correcta.
- Cumprir e facer cumprir a normativa en prevención de riscos laborais.

>. Organizativas

- Seguir as especificacións de recolección e manexo establecidas.
- Actuar sempre de forma que se obteña a máxima eficacia no traballo e calidade nos produtos.

>. Interaccións

- Coordinación cos compañeiros.
- Relación cos distribuidores clientes para preparar os envíos e establecer recollidas.

>. Resposta a continxencias

- Gardar e facer gardar a calma ante imprevistos.
- Cumprir as normas ou protocolos específicos para continxencias no lugar específico de traballo.

■.. 6.2.3.10.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Recoñecer o terreo onde se realizará a recolección.
- 2 Recoller os froitos.
- 3 Conservar e almacenar os produtos recollidos.

■.. 6.2.3.10.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Recoñecer o terreo onde se realizará a recolección.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Identificar na zona de traballo os lugares apropiados para a recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Sabendo o ciclo natural das especies que haxa que recoller.
- 1.1.2 Identificando as épocas do ano onde mellor se obteña o nivel de calidade dos froitos que haxa que recoller.
- 1.1.3 Escollendo as condicións climáticas das zonas en cuestión para realizar as tarefas de recolección.
- 1.1.4 Relacionando a especie cos elementos particulares do terreo, condicións climáticas e edáficas específicas.
- 1.1.5 Coñecendo os aspectos que indican a calidade dos futuros froitos.
- 1.1.6 Evitando zonas contaminadas e outras próximas a elas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Facilitar o acceso ás zonas de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Determinando a época do ano máis apropiada para a realización das tarefas de acceso.
- 1.2.2 Coñecendo o grao de labor que se ha de realizar segundo as características do terreo.
- 1.2.3 Elixindo a ferramenta adecuada segundo labor e dimensións da densidade forestal.
- 1.2.4 Operando coa ferramenta para o despexo da zona de recollida.
- 1.2.5 Evitando o dano a especies produtoras e de valor económico, cultural e medioambiental.
- 1.2.6 Realizando os traballos seguindo a normativa de prevención de riscos laborais e coidado medioambiental.
- 1.2.7 Usando en todo momento os EPI.
- 1.2.8 Realizando unha recollida, amoreamento e trituración dos restos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Realizar as tarefas de limpeza e podas de desenvolvemento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Colocando os EPI.
- 1.3.2 Seleccionando os pés de poda segundo as súas características de explotación.
- 1.3.3 Realizando a poda sempre tendo en conta a especie e a súa idade.
- 1.3.4 Utilizando a ferramenta necesaria e específica segundo os traballos de poda que se vaian realizar.
- 1.3.5 Realizando cortes limpos a rentes do tronco.
- 1.3.6 Comprobando que as ferramentas estean en óptimas condicións de traballo.
- 1.3.7 Verificando que os cortes sexan limpos e que non deixen tocos e/ou feridas.
- 1.3.8 Realizando cicatrizacións e evitando a entrada de organismos patóxenos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Planificar as rotas e calendarios de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Coñecendo as características da especie.
- 1.4.2 Aproximando a idade do exemplar para evitar recollidas fóra de tempo.
- 1.4.3 Verificando necesidades climatolóxicas para a óptima maduración do froito.
- 1.4.4 Elixindo as rotas máis favorables para facer os labores.
- 1.4.5 Planificando rotas alternativas en posibles zonas produtoras.
- 1.4.6 Coordinando o volume de recolección cos medios de transportes necesarios.
- 1.4.7 Cumprindo a normativa de coidados medioambientais.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Vehículo de transporte
-  Tractor
-  Apeiros

FERRAMENTAS

-  Planos ou mapas da zona
-  EPI
-  Caixa de urxencias
-  Claves de identificación
-  Ferramentas de limpeza
-  Ferramentas de poda

PRODUTOS

-  Combustible
-  Lubricantes

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Recoller froitos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Elixir as condicións climatolóxicas e época adecuadas (fase lunar, grao de humidade, ventos).

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Coñecendo o ciclo de desenvolvemento da especie que se vai recoller.
- 2.1.2 Sabendo as necesidades climatolóxicas para a óptima calidade do froito.
- 2.1.3 Adaptándose aos estados particulares de climatoloxía da zona.
- 2.1.4 Seguindo o plan de recolección anteriormente elaborado.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Seleccionar os individuos produtores de froitos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Coñecendo as características da especie.
- 2.2.2 Sabendo as características do froito que indican o seu estado de maduración.
- 2.2.3 Verificación de que non presenten patoloxías ou deterioracións.
- 2.2.4 Evitando aqueles que presenten pragas, demasiada idade ou falta de aproveitamento comercial.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Realizar a recolección de froitos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Colocando e usando os EPI de forma correcta.
- 2.3.2 Identificando as ferramentas necesarias para a recolección.
- 2.3.3 Manexando a maquinaria de forma correcta e segura.
- 2.3.4 Realizando unha primeira limpeza do froito recollido.
- 2.3.5 Recollendo os froitos de forma ordenada nun lugar onde se realice o seu posterior transporte.
- 2.3.6 Realizando unha selección *a priori* dos froitos que non presenten as condicións óptimas de recolección.

>. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte

FERRAMENTAS

- ✂ Planos ou mapas da zona
- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Claves de identificación
- ✂ Coitelo
- ✂ Navalla
- ✂ Tesoiras
- ✂ Cestos
- ✂ Caixas de madeira
- ✂ Ferramentas de poda

PRODUTOS

- ⬮ Combustible
- ⬮ Lubricantes

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Conservar e almacenar a recolección.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Clasificar a recolección polas súas características.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando os EPI.
- 3.1.2 Separando os froitos polas súas características (calibres, calidades...).

- 3.1.3 Separando exemplares dubidosos ou non válidos para a súa explotación.
- 3.1.4 Recollendo e eliminando os residuos derivados das operacións de clasificación.
- 3.1.5 Cumprindo a normativa de coidado medioambiental e prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Limpar e escoller a recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Colocando ou usando os EPI de forma correcta.
- 3.2.2 Eliminando exemplares danados ou en mal estado.
- 3.2.3 Recollendo os residuos producidos.
- 3.2.4 Almacenando a recolección de forma definitiva atendendo a calidades de maduración, calibres e aspecto.
- 3.2.5 Cumprindo a normativa aplicable (manipulación de alimentos).

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Efectuar as tarefas de conservación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Colocando os froitos en recipientes adecuados para a súa conservación.
- 3.3.2 Planificando o número das tarefas segundo o volume de recolección.
- 3.3.3 Cubrindo as notas de produto, indicando as características do froito, data de recolección, lugar, etc.
- 3.3.4 Gardando aquelas especies de froitos que así o necesiten en cámaras frigoríficas.
- 3.3.5 Coñecendo os tempos de conservación destes.
- 3.3.6 Cumprindo a normativa de manipulación de alimentos.
- 3.3.7 Verificando periodicamente as calidades e estado de conservación destes.
- 3.3.8 Cumprindo sempre a normativa de calidade e prevención de riscos laborais.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo de transporte

FERRAMENTAS

- ✂ Peneira
- ✂ EPI
- ✂ Caixa de urxencias
- ✂ Peites
- ✂ Coitelo
- ✂ Tesoiras

PRODUCTOS

- 💧 Teas e gasas

■.. 6.2.3.11. APROVEITAMENTO DE RESINA

■.. 6.2.3.11.1. RESINEIRO

■.. 6.2.3.11.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Resineiro
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento de resina.

■.. 6.2.3.11.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

>. Desempeña as tarefas de sangrado de coníferas, así como as de preparación de parcelas onde esta se realice.

■.. 6.2.3.11.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- Habilidade no manexo das ferramentas empregadas para o seu traballo.
- Responsabilidade á hora de realizar as tarefas propias da súa ocupación utilizando a normativa actual de PRL e os niveis esixidos de calidade.
- Capacidade para cumprir en todo momento o coidado medioambiental.

>. Organizativas

- Capacidade de interpretar as instrucións recibidas e realizar estas de forma e orde adecuada.

>. Interaccións

- Realizar os labores propios da súa ocupación, colaborando cos seus compañeiros para favorecer as tarefas.

>. Resposta a continxencias

- Ter capacidade de resposta e decisión propia.

■.. 6.2.3.11.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Preparar as parcelas para favorecer os próximos labores de resinación.
- 2 Realizar os labores de resinación.
- 3 Preparar e manter as ferramentas.

■.. 6.2.3.11.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar as parcelas para favorecer os próximos labores de resinación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Rozar manualmente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Colocando os EPI correctamente.
- 1.1.2 Apertando o botón de acendido da motorrozadora.
- 1.1.3 Efectuando un xiro de cintura mentres se suxeita cunha man o cordón de arranque, procédese a tirar con enerxía e presionar o gatillo do acelerador.
- 1.1.4 Situando a coitela na base do arbusto ou da maleza que hai que limpar, vaise xirando a máquina realizando rotacións de cintura.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Reunir e amorear os restos da roza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 1.2.2 Asegurando que na zona de recollida non se estea levando a cabo outra operación que poida ser interferida ou poida dar lugar a algún perigo.
- 1.2.3 Elixindo unha zona centrada con respecto aos restos espaxados.
- 1.2.4 Amoreando visualmente a zona para comprobar que non quedan restos diseminados.
- 1.2.5 Amoreando os restos en moreas ou cordóns separados entre si.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Delimitar as parcelas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Relacionando a zona física coa que aparece na información facilitada.
- 1.3.2 Identificando sinais xeográficos que faciliten a tarefa.
- 1.3.3 Marcando aquelas árbores que non deben ser sangradas.

- 1.3.4 Colocando bandeirolas ou cintas para sinalar os límites da parcela.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Seleccionar as árbores máis favorables para o seu sangrado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Tratando aquelas que teñan un diámetro de 80 cm a 1,30 metros de altura, desde a base do fuste.
- 1.4.2 Se non é o primeiro ano, limpando as caras de sangrado de anos anteriores.
- 1.4.3 Utilizando o barrasco, retirando a resina seca da anterior campaña.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Rozadora
-  Motoserra

FERRAMENTAS

-  Aixadas
-  EPI
-  Serras
-  Limas
-  Barrasco

PRODUCTOS

-  Lubricantes
-  Gasolina

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Realizar os labores de resinación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Realizar a cara limpa de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Retirando a cortiza da árbore deixando ao descuberto a cara.
- 2.1.2 Colocando a aixola formando 5º aprox. co tronco para facilitar a saída das labras no corte.
- 2.1.3 Comprobando que a cara quede limpa.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Realizar a pica.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Utilizando a aixola, navalla ou gancho para levantar a capa da cara.
- 2.2.2 Verificando que a ferida quede limpa e favoreza a saída de resina.
- 2.2.3 Limpando a ferida de calquera obxecto que poida entorpecer a saída da resina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Aplicar ácido sulfúrico rebaixado ou pasta para facilitar o sangrado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Untando a cantidade necesaria e suficiente do estimulador de sangrado.
- 2.3.2 Verificando que se aplicou na zona correcta.
- 2.3.3 Comprobando que non teña ningún obxecto extraño que evite o contacto coa cara núa da árbore.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Colocar a grampa ou mediagua.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Elixindo o lugar firme para cravala.
- 2.4.2 Comprobando o ángulo que necesita a resina para caer.
- 2.4.3 Fixando a grampa mediante un cravo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Colocar o bote de resina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Situando o bote nunha posición de equilibrio para evitar basculados ou caídas por axentes estranhos.

- 2.5.2 Verificando que o goteo da grampa ou media lúa caia dentro do bote de resina.
- 2.5.3 Comprobando que non se encontran obxectos estraños dentro do bote.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Remasar (recollida da trementina).

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Esperando o tempo fixado para realizar a recolección da resina (un mes).
- 2.6.2 Recollendo as latas e vertendo o seu contido nas latas (ou contedores maiores).
- 2.6.3 Levando a carreta a unha posición media entre as árbores en sangrado.
- 2.6.4 Utilizando a paleta ou coitelo para raspar as paredes do pote e axudar así a recoller toda a trementina pegada.
- 2.6.5 Se é necesario, realizando unha segunda picada na árbore para facilitar a resinación.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Folla de lata
- ✕ EPI
- ✕ Media lúa
- ✕ Grampa
- ✕ Aixola
- ✕ Navalla
- ✕ Carreta

PRODUTOS

- 💧 Pasta de sangrado
- 💧 Auga destilada
- 💧 Ácido sulfúrico

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Preparar e manter as ferramentas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Coñecer os distintos tipos de ferramentas necesarias para realizar o seu labor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Identificando visualmente as ferramentas.
- 3.1.2 Coñecendo o estado adecuado de uso destas.
- 3.1.3 Escollendo as ferramentas necesarias para realizar a tarefa de forma correcta.
- 3.1.4 Comprobando que se axustan aos cometidos necesarios.
- 3.1.5 Coñecendo os posibles accidentes que o seu uso pode provocar para evitalos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Realizar as tarefas de afiado, limpeza ou engraxamento das ferramentas segundo sexan oportunas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Coñecendo o estado adecuado de uso destas.
- 3.2.2 Utilizando os útiles correctos e produtos adecuados.
- 3.2.3 Realizando as tarefas de afiado, limpeza ou engraxamento necesarias de forma segura.
- 3.2.4 Comprobando que se realizan as tarefas de conexión e axuste seguindo as instrucións técnicas do fabricante.
- 3.2.5 Substituíndo as pezas necesarias sempre por outras que cumbran as especificacións do fabricante.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Conservar e almacenar as ferramentas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Coñecendo o estado adecuado de uso destas.
- 3.3.2 Evitando os arrastres e contactos coa terra.
- 3.3.3 Aplicando lubricantes a aquelas ferramentas que o necesiten.
- 3.3.4 Gardando as ferramentas de forma correcta seguindo as especificacións de cada unha delas.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**
 Esmeriladora
FERRAMENTAS

✂ Pinceis

✂ EPI

✂ Limas

PRODUCTOS

💧 Lubricantes

💧 Disolventes

■.. 6.2.3.12. SILVIPASCICULTURA**■.. 6.2.3.12.1. TRABALLADOR FORESTAL****■.. 6.2.3.12.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN**

Ocupación		Traballador forestal
Sector		Forestal
Actividade		Silvipascicultura.

■.. 6.2.3.12.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL**Competencia Xeral**

>. Leva a cabo as operacións relacionadas coa xestión sostible do monte nos apartados de creación e conservación das masas forestais, mantemento silvipascícola e aproveitamento de biomasa a través do coñecemento de técnicas, normas e do uso dos instrumentos asociados á realización dos traballos.

■.. 6.2.3.12.1.3. DESCRICIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS**Capacidade profesional****>. Técnicas**

- Habilidade manual na aplicación das técnicas de manexo de todas as ferramentas que interveñen nas diversas operacións que compoñen o seu traballo.
- Capacidade de relación de que utensilio e/ou produto se relaciona con cada operación, para a súa correcta utilización.
- Atención para a detección durante a execución dos procesos dos posibles erros que se poidan producir e posuír a capacidade para corrixilos no desenvolvemento.
- Boa disposición para a realización de todas as súas funcións en concordancia coa normativa actual de prevención de riscos laborais, e os estándares actuais de calidade e medio ambiente que imperan nas empresas.
- Mantemento dunhas boas condicións físicas e de resistencia.

>. Organizativas

- Capacidade de executar as súas tarefas secuencialmente na orde debida utilizando o criterio da eficiencia.

>. Interaccións

- Capacidade de comunicarse e traballar en equipo co resto dos seus compañeiros de cuadrilla baixo a supervisión do seu capataz ou coordinador.

>. Resposta a continxencias

- Capacidade de responder ante situacións inesperadas no transcurso do seu traballo.
- Capacidade para manter equilibrio e serenidade en momentos de tensión ou perigo.
- Bos reflexos.

■... 6.2.3.12.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Preparar o terreo para plantar.
- 2 Realizar a plantación ou a sementeira.
- 3 Aplicar coidados culturais á masa forestal.
- 4 Facer medicións da masa arbórea.
- 5 Colaborar nas operacións de aproveitamento.
- 6 Realizar o mantemento dos sistemas silvipastorais.
- 7 Preservar o estado correcto dos seus instrumentos de traballo.

■... 6.2.3.12.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar o terreo para plantar.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Rozar manualmente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 1.1.2 Apertando o botón de acendido da motorrozadora.
- 1.1.3 Efectuando un xiro de cintura mentres se suxeita cunha man o cordón de arranque, procédese a tirar con enerxía e presionar o gatillo do acelerador.
- 1.1.4 Situando a coitela na base do arbusto ou da maleza que hai limpar, vaise xirando a máquina realizando rotacións de cintura.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Reunir e amorear os restos da roza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.2.2 Asegurando que na zona de recollida non se está levando a cabo outra operación que poida ser interferida ou poida dar lugar a algún perigo.
- 1.2.3 Elixindo unha zona centrada con respecto aos restos espaxados.
- 1.2.4 Amontoando os restos en moreas ou cordóns separados entre si.
- 1.2.5 Inspeccionando visualmente a zona para comprobar que non quedan restos diseminados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Abrir os buratos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.3.2 CON MOTOABURATADORA
Poñendo en marcha a motoaburadora, tirando do cordón de arranque e accionando o acelerador.
- 1.3.3 Suxeitando firmemente os dispositivos de agarre.
- 1.3.4 Situando a barrena sobre o chan.
- 1.3.5 Acelerando e facendo presión coa barrena contra o terreo.
- 1.3.6 Afondando a barrena ata a profundidade desexada.
- 1.3.7 Apartando a barrena do oco rematado.
- 1.3.8 CON AIXADA OU PLANTAMÓN
Agarrando o instrumento e facéndoo penetrar no terreo ao nivel necesario.
- 1.3.9 Apartando a terra extraída e agrupándoa augas abaixo do oco de plantación.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Rozadora
-  Motoaburadora

FERRAMENTAS

-  Plantamón
-  Aixada
-  EPI
-  Limas

PRODUTOS

-  Aceites
-  Gasolina

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**2 Realizar a plantación ou a sementeira.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 2.1 Plantar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.1.2 A RAÍZ NÚA
Identificando os ocos de plantación, sitúase a planta no centro deste en posición vertical.
- 2.1.3 Sostendo a planta e colocándoa de forma que o colo da raíz quede situado debaixo do nivel da terra.
- 2.1.4 Procurando manter as raíces da planta o máis estendidas ou estiradas posible e cubríndoas coa terra procedente da apertura do burato de plantación.
- 2.1.5 Aplicando suavemente unhas pisadas a ambos lados da planta para eliminar as bolsas de aire e executando un tirón do colo da raíz, tamén con suavidade, para estirar o sistema radical e asentar a planta.
- 2.1.6 EN CONTADOR
Desencaixando a planta con suavidade do envase, seguindo as mesmas fases que se fose a raíz núa.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Sementar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 2.2.2 Localizando os ocos de sementeira no terreo.
- 2.2.3 Repartindo as sementes nos ocos de sementeira.
- 2.2.4 Pechando con terra os ocos.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**FERRAMENTAS**

-  Plantamón
-  Aixada
-  EPI
-  Limas

PRODUTOS

-  Planta
-  Semente

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA**3 Aplicarlle coidados culturais á masa forestal.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**

- 3.1 Colocarlle protectores á plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 3.1.2 Inserindo o protector no terreo e enterrándoo ata que sobresaia a altura desexada.
- 3.1.3 Emprazando unha guía de apoio ao protector para asegurar a súa posición.

-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.2 Fertilizar.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.2.2 Escolloendo o método de aplicación máis adecuado.
 - 3.2.3 Realizándoo na época máis propicia para o desenvolvemento vexetativo e á vez que non se interfira en procesos de frutificación ou polinización.
 - 3.2.4 Aplicando a concentración máis adecuada.
 - 3.2.5 Manipulando os produtos de forma segura e adecuada para a aplicación.
 - 3.2.6 Determinando se na zona de aplicación se pode producir contaminación de acuíferos ou da flora e fauna circundantes.
 - 3.2.7 Retirando da zona todos os residuos producidos durante o proceso de aplicación de fertilizantes.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.3 Repoñer as faltas.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.3.2 Examinando a plantación e identificando as faltas.
 - 3.3.3 Retirando as faltas encontradas.
 - 3.3.4 Abrindo no terreo un burato de plantación.
 - 3.3.5 Procedendo a realizar os pasos para plantar.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.4 Realizar limpeza periódicas.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.4.2 Realizando unha roza seguindo os pasos descritos anteriormente.
 - 3.4.3 Amoreando ou triturando os restos da roza correctamente.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.5 Aplicar tratamentos fitosanitarios.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.5.2 Manipulando correctamente e nas proporcións adecuadas os produtos que haxa que distribuír, evitando o seu vertido sobre o terreo.
 - 3.5.3 Enchendo a máquina aplicadora.
 - 3.5.4 Esparexendo o produto.
 - 3.5.5 Xestionando correctamente o produto sobrante da aplicación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.6 Rarear.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.6.2 Realizando unha selección dos pés que se van eliminar.
 - 3.6.3 Executando unha roza, mediante o procedemento explicado con anterioridade, deses pés.
 - 3.6.4 Tratando adecuadamente os restos procedentes desta operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 3.7 Podar.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 3.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 3.7.2 Seleccionando os pés de poda.
 - 3.7.3 Aplicando a intensidade de poda adecuada en función da especie e idade desta.

- 3.7.4 Mantendo as ferramentas de corte perfectamente afiadas para evitar que durante o corte se realicen esgazamentos no tronco.
- 3.7.5 Elixindo a ferramenta adecuada en función das características dos pés que se van podar.
- 3.7.6 Realizando un corte limpo a rentes do tronco evitando deixar tocos e feridas.
- 3.7.7 Aplicando substancias cicatrizantes se se produciu unha ferida, evitando a entrada de patóxenos.
- 3.7.8 Xestionando adecuadamente os restos de poda.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Pulverizador de mochila	 Plantamón	 Aceites
 Motoserra de poda	 Aixada	 Combustible
 Rozadora	 EPI	 Planta
	 Limas	 Pastillas fertilizantes
	 Machada de poda	 Herbicidas
	 Tesoiras de podar	 Protectores

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Facer medicións da masa arbórea.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Realizar mostraxes de parcelas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.1.2 Coñecendo o tipo de mostraxe que hai que realizar.
- 4.1.3 Establecendo o tamaño da parcela que se vai mostrear.
- 4.1.4 Marcando no terreo cunhas estacas e unha cinta métrica a parcela.
- 4.1.5 Tomando os datos necesarios da parcela.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Determinar o grosor do fuste da árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.2.2 Abrindo a forcípula e situándoa a unha altura de 1,30 metros desde a base da árbore.
- 4.2.3 Abrazándoa ao tronco o máis horizontalmente posible.
- 4.2.4 Realizando unha segunda medida (se o perímetro do tronco está moi deformado, é dicir, non é un círculo aproximado) diametralmente oposta á primeira.
- 4.2.5 Observando a graduación da forcípula e anotando a medida que marca.
- 4.2.6 Realizando unha media aritmética das medidas tomadas para ese fuste.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Estimar a altura da árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.3.2 Elixindo un aparato de medida.
- 4.3.3 Coñecendo o manexo do aparato.
- 4.3.4 Aplicando eses coñecementos á práctica.
- 4.3.5 Tomando nota da medida obtida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Medir o grosor da cortiza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.

- 4.4.2 Coñecendo o manexo do calibrador de cortiza.
- 4.4.3 Presionando o extremo do calibrador sobre a cortiza ata que se introduce e alcanza a madeira.
- 4.4.4 Observando a escala do calibrador e anotando a medida que marca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.5 Obter barrenas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.5.2 Coñecendo o funcionamento dunha barrena.
- 4.5.3 Extraendo dos brazos da barrena o elemento tradeador e fixándoo aos brazos.
- 4.5.4 Situando a punta da barrena na base da árbore e presionando á vez que se xira.
- 4.5.5 Introducendo a barrena ata unha profundidade igual á do raio da árbore e metendo a lanceta extractora no elemento tradeador.
- 4.5.6 Extraendo a lanceta e desenroscando a barrena.
- 4.5.7 Taponando o oco que se crea no tronco con silicona ou similares para evitar posibles infeccións.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✂ Forcípula
- ✂ Calibrador de cortiza
- ✂ Barrena *Pressler*
- ✂ Instrumentos de medir alturas
- ✂ Cinta métrica, compás
- ✂ EPI

PRODUTOS

- Estacas
- Elementos para tomar datos
- Silicona
- Bolsiñas portabarrenas
- Lancetas

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Colaborar nas operacións de aproveitamento.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.1 Retirar a entalladura.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.1.2 Observando que a zona sexa segura.
- 5.1.3 Golpeando a entalladura ata a súa extracción.
- 5.1.4 Retirando a entalladura das proximidades da árbore.
- 5.1.5 Tendo en conta en todo momento a situación do resto do equipo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.2 Orientar as cuñas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.2.2 Tendo coñecemento de cando e como hai que introducir as cuñas.
- 5.2.3 Observando a situación do motoserrista continuamente.
- 5.2.4 Procurando que a cadea da máquina estea afastada da zona de introdución das cuñas mediante a coordinación co motoserrista.
- 5.2.5 Retirándose a unha zona segura unha vez colocadas as cuñas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.3 Amorear os restos de corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.

- 5.3.2 Seguindo o proceso explicado anteriormente.
- 5.3.3 Tendo en conta en todo momento a posición e os movementos do resto do equipo de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.4 Separar a cortiza da madeira.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 5.4.2 Asegurando a área de traballo.
- 5.4.3 Sostendo o instrumento de corte e pasándoo ao longo do fuste do pé.
- 5.4.4 Retirando a cortiza por medio dunha panca.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Rozadora

FERRAMENTAS

✂ Instrumento descortizador
✂ Panca, cuñas
✂ Martelo de golpear
✂ EPI
✂ Machada de poda
✂ Tesoiras de podar

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Realizar o mantemento dos sistemas silvipastorais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.1 Manter os cercados das parcelas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.1.2 Inspeccionando visualmente de forma periódica o estado dos peches e as entradas/saídas das parcelas.
- 6.1.3 Reparando ou substituíndo as cercas danadas ou en mal estado.
- 6.1.4 Pechando os posibles ocos no aramado e cambiando o aramado en mal estado.
- 6.1.5 Controlando e arranxando, se é necesario, os accesos ás parcelas.
- 6.1.6 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización das operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.2 Vixiar e manter os bebedeiros.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.2.2 Analizando quimicamente de forma periódica o estado da auga se a súa procedencia é dun acuífero, canle de rega...
- 6.2.3 Calculando, baseándose na carga gandeira, a auga necesaria para manter os niveis do bebedeiro suficientes para que todos os animais poidan beber, en función das súas necesidades.
- 6.2.4 Limpando periodicamente os fondos do bebedeiro para evitar a proliferación de fungos, algas... que poden contaminar a auga.
- 6.2.5 Limpando periodicamente as canles de entrada de auga e desauga-doiro para evitar obstrucións e arrastres.
- 6.2.6 Revisando os bebedeiros para detectar fugas ou fendas.
- 6.2.7 Reparando as fugas ou fendas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.3 Conservar os refuxios dos animais.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.3.1 Colocando o operario os EPI correctamente.

- 6.3.2 Revisando os alpendres para evitar goteiras, podremias de madeira...
- 6.3.3 Realizando as reparacións básicas do alpendre.
- 6.3.4 Mantendo despezada de vexetación a entrada ao alpendre por medio da eliminación do mato.
- 6.3.5 Acondicionando o solo do alpendre.
- 6.3.6 Xestionando os residuos derivados destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.4 Manter o pasto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 6.4.2 Realizando sementeiras e resementeiras cando o terreo o requira.
- 6.4.3 Regando e fertilizando o pasto periodicamente.
- 6.4.4 Controlando as especies de pasto e o seu número sobre o terreo.
- 6.4.5 Combinando os traballos silvícolas se o terreo é de uso mixto, de forma que os labores non prexudiquen o pasteiro.
- 6.4.6 Segando nas parcelas de descanso da pradería en uso para utilizar esa herba como complemento en caso de escaseza.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

-  Rozadora
-  Tractor
-  Apeiros
-  Segadora
-  Empacadora ou emboladora

FERRAMENTAS

- ✂ Ferramenta universal
- ✂ EPI
- ✂ Útiles de limpeza
- ✂ Mangueiras
- ✂ Sistema de rega
- ✂ Ferramentas manuais

PRODUTOS

- 💧 Semente
- 💧 Arame
- 💧 Postes
- 💧 Puntas
- 💧 Frascos de toma de mostras
- 💧 Limpadores químicos
- 💧 Fertilizantes

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Preservar o estado correcto dos seus instrumentos de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.1 Limpar as ferramentas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.1.2 Retirando os residuos despois da súa utilización mediante o lavado ou a aplicación dun tratamento químico.
- 7.1.3 Secando e situando cada ferramenta no seu lugar asignado ordenadamente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.2 Afiar as ferramentas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.2.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 7.2.2 Fixando o instrumento que se vai afiar a un soporte para evitar o movemento.
- 7.2.3 Coñecendo o tipo de lima adecuado á superficie de limado.
- 7.2.4 Aplicando a lima contra a folla de corte da ferramenta.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 7.3 Coñecer o funcionamento do motor da motorrozadora.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.3.1 Coñecendo os principios de funcionamento do motor de dous tempos.
- 7.3.2 Sabendo identificar cada parte do motor.
- 7.3.3 Sabendo a función ou utilidade de cada parte do motor.

-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 7.4 Limpar o carburador.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 7.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 7.4.2 Separándoo do conxunto do motor.
 - 7.4.3 Levantando a tapa do filtro do aire e apartándoo para limpalo de residuos.
 - 7.4.4 Desmontando o *chiclé* e eliminándolle os residuos.
 - 7.4.5 Limpando o corpo do carburador.
 - 7.4.6 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización destas operacións.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 7.5 Manter correctamente as buxías.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 7.5.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 7.5.2 Extraendo o capuchón da buxía e desenroscándoa da culata.
 - 7.5.3 Observando a distancia entre os electrodos e limpándoos mediante unha lixa fina se é necesario.
 - 7.5.4 Repoñendo a buxía se está en mal estado.
 - 7.5.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 7.6 Identificar e substituír o embrague.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 7.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 7.6.2 Conservando adecuadamente a caixa de redución.
 - 7.6.3 Identificando fallos e procedendo ao seu cambio.
 - 7.6.4 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 7.7 Substituír e afiar a barrena.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 7.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 7.7.2 Observando o estado da barrena.
 - 7.7.3 Utilizando o dispositivo adecuado á folla de corte e procedendo ao seu afiado.
 - 7.7.4 Repoñendo a barrena se está en mal estado.
 - 7.7.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
 - 7.8 Manter correctamente os elementos de seguridade da motorrozadora.
 - >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
 - 7.8.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 7.8.2 Comprobando que a tapa protectora da coitela está perfectamente instalada.
 - 7.8.3 Observando que a carcasa protectora da coitela está asegurada firmemente e é a axeitada a ese disco.
 - 7.8.4 Realizando unha inspección visual das correas de suxeición.
 - 7.8.5 Comprobando a resistencia das correas por medio da aplicación de tiróns destas.
 - 7.8.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

- Agudeza visual e memoria para identificar animais e plantas perigosas.
- Seguridade e serenidade á hora de aplicar técnicas básicas de protección civil.
- Habilidade manual, responsabilidade e serenidade na condución de vehículos todo-terreo.
- Memoria e agudeza visual para o coñecemento de elementos botánicos.
- Memoria e agudeza visual para a identificación de pragas e enfermidades.
- Capacidade de observación detida, agudeza visual e memoria para o coñecemento do efecto dos danos abióticos.
- Memoria e razoamento lóxico para a aplicación de coñecementos zoolóxicos.
- Agudeza visual e concentración para a observación do comportamento animal.
- Seguridade, habilidade manual e razoamento para aplicar coñecementos básicos en veterinaria.
- Habilidade e paciencia no proceso de nutrición animal.
- Agudeza visual, capacidade de observación para a interpretación da meteoroloxía e climatoloxía local.
- Seguridade e eficiencia nas transmisións por radio.
- Responsabilidade, seguridade e responsabilidade na aplicación da técnica de loita contra o lume.
- Capacidade de observación e interpretación de indicios que permiten deducir o comportamento máis previsible do lume.
- Agudeza visual e capacidade de observación para a identificación efluentes líquidos perigosos.
- Habilidade manual e precaución á hora da recollida de mostras para análise.
- Memoria e rozamento lóxico para a aplicación da lexislación medioambiental.
- Memoria e capacidade de observación para a aplicación de procedementos sancionadores.

>. Organizativas

- Organizar equipos de busca e rescate.
- Dispoñer dunha base de datos xeorreferenciada de todos os elementos de interese comprendidos dentro do parque.
- Determinar os períodos óptimos de limpeza das áreas recreativas e baleirado de contedores.
- Dispoñer en número suficiente e en perfecto estado de uso as caixas de urxencias e elementos de primeiros auxilios.
- Manter todo o instrumental e aparatos varios perfectamente almacenados e listos para o seu uso.
- Manter a información botánica e zoolóxica de interese perfectamente clasificada e accesible.
- Levar fichas que recollan as incidencias animais e vexetais.
- Levar un inventario zoolóxico e botánico convenientemente actualizado.
- Inventariar todos aqueles focos de vertidos incontrolados co fin de exercer un maior control sobre eles.
- Manter un rexistro de datos meteorolóxicos para poder estimar riscos de incendios e poder actuar en consecuencia.
- Distribuír nas casetas ou aulas da natureza a información medioambiental de forma secuencial e ordenada para acadar o pleno coñecemento das peculiaridades do espazo.
- Organizar a información radiada de forma clara, ordenada precisa e concreta.

>. Interaccións

- Relacionarse cos organismos públicos.
- Tratar cos visitantes.
- Colaborar cos medios de extinción de incendios.
- Cooperar cos servizos policiais de protección da natureza.

- Tratar con quen habita dentro do espazo natural e con aqueles que viven nos seus límites.
- Colaborar con zoológos e botánicos no coidado do espazo.
- >. Resposta a continxencias
- Actuar fronte a incendios forestais.
- Fronte a enfermidades ou pragas, tanto nos vexetais como nos animais.
- Fronte a accidentes de visitantes.
- Ante conflitos cos habitantes do espazo.
- Fronte a catástrofes naturais.
- Fronte a furtivos ou expoliadores do patrimonio natural ou etnográfico.

■.. 6.2.3.13.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

>.. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer, vixiar e coidar a flora e fauna do espazo natural.
- 2 Coñecer a lexislación medioambiental así como os mecanismos sancionadores aplicables.
- 3 Informar os visitantes dos valores e singularidades ambientais do espazo natural.

■.. 6.2.3.13.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecer, vixiar e coidar a flora e fauna do espazo natural.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Coñecer os elementos botánicos presentes no medio, o seu ciclo vital, función, interacción e as súas patoloxías.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Recoñecendo visualmente sobre o terreo as distintas especies botánicas.
- 1.1.2 Observando e identificando, en función do aspecto que presenta o dano sufrido, que tipo de patóxeno, fungo ou insecto, o produciu.
- 1.1.3 Sabendo cal é o ciclo vital de cada un dos patóxenos, cal é o momento en que o vexetal é preferiblemente atacado e como se pode prever este ataque.
- 1.1.4 Coñecendo o tratamento máis adecuado a cada tipo de patóxeno e grao de dano producido.
- 1.1.5 Aprendendo os mecanismos de reprodución, floración, crecemento e propagación de cada un dos vexetais.
- 1.1.6 Sabendo cal é a función ecolóxica das distintas especies e cales son as condicións óptimas para un adecuado desenvolvemento.
- 1.1.7 Coñecendo as relacións interespecíficas que lle permitan identificar o grao de evolución dun ecosistema.
- 1.1.8 Tomando mostras dos danos producidos nos individuos enfermos.
- 1.1.9 Inventariando a composición florística da zona, sinalando nesta as especies que se atopen rexistradas como sensibles ou escasas.
- 1.1.10 Rexistrando cales son os danos patolóxicos detectados na zona e cales son as especies vexetais atacadas, así como a intensidade e extensión do ataque.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Coñecer os animais presentes no medio, o seu ciclo vital, función, interacción e as súas patoloxías.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Recoñecendo visualmente sobre o terreo polas súas pegadas ou polo seu aspecto as distintas especies animais.

- 1.2.2 Observando e identificando, en función dos síntomas ou o aspecto xeral que presenta o animal, a orixe da patoloxía ou dano sufrido.
- 1.2.3 Sabendo cal é o ciclo vital de cada un dos patóxenos, cales son as condicións e a época na que o animal é máis susceptible de sufrir as patoloxías e como se poden previr estas.
- 1.2.4 Coñecendo o tratamento máis apropiado a cada tipo de patoloxía.
- 1.2.5 Aprendendo cales son as épocas de cría, índice de natalidade e tamaño óptimo da poboación en función da especie e superficie ocupada pola esta, co fin de determinar a vitalidade da poboación.
- 1.2.6 Sabendo cal é a función ecolóxica das distintas especies e cales son as condicións óptimas para un adecuado desenvolvemento.
- 1.2.7 Coñecendo o grao de interacción interespecífica e cal é a porcentaxe adecuada de depredador-presa.
- 1.2.8 Capturando e transportando animais feridos.
- 1.2.9 Inventariando a composición zoolóxica da zona, sinalando nesta as especies que se atopan rexistradas, así como protexidas ou en perigo de extinción.
- 1.2.10 Rexistrando cales son as patoloxías e feridas detectadas na zona e cales son as especies animais afectadas, así como a intensidade e extensión dos danos.
- 1.2.11 Informando sobre a conveniencia da aplicación de campañas de vacinación ou saneamento.
- 1.2.12 Levando un rexistro exhaustivo do número de individuos pertencentes ás especies máis sensibles, co fin de poder actuar rapidamente se este número se achega a valores considerados críticos.
- 1.2.13 Evitando a acción dos furtivos por medio da vixilancia así como retirando as trampas ou venenos que detecte dentro do espazo natural.
- 1.2.14 Seguindo as pautas terapéuticas do veterinario e controlando a evolución sanitaria do animal.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Coñecer as interaccións entre o medio biótico e abiótico, como estas determinan as distintas configuracións do medio natural, e como as perturbacións o afectan.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Coñecendo nocións básicas de ecoloxía.
- 1.3.2 Sabendo cales son as series de vexetación.
- 1.3.3 Identificando o estado natural da zona e asociando as plantas e animais que lle corresponden.
- 1.3.4 Identificando as perturbacións actuais e futuras e como poden afectar estas ao desenvolvemento xeral do espazo natural.
- 1.3.5 Realizando un rexistro gráfico específico do espazo natural con representación do medio físico, climático e biolóxico.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Usar e interpretar as ferramentas cartográficas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Compreendendo o significado das escalas e realizando conversións entre escalas distintas.
- 1.4.2 Sabendo o que representan as curvas de nivel nun plano topográfico.
- 1.4.3 Coñecendo o significado dos signos convencionais máis usuais.
- 1.4.4 Calculando distancias e pendentes do terreo usando mapas.
- 1.4.5 Identificando os accidentes topográficos do terreo no plano.
- 1.4.6 Determinando puntos sobre o terreo e trasladándoos ao plano, e viceversa.

- 1.4.7 Usando aparatos de orientación.
- 1.4.8 Coñecendo e corrixindo a declinación magnética.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

- ✕ Escalímetro
- ✕ Mapas topográficos
- ✕ Clisímetro
- ✕ Compás
- ✕ Curvímetro
- ✕ Altímetro
- ✕ Podómetro
- ✕ Caixa de urxencias de primeiros auxilios
- ✕ Elementos de sinalización
- ✕ Equipo para toma de mostras
- ✕ Microscopio
- ✕ Material de oficina
- ✕ Gaiola para a captura de animais
- ✕ Elementos de suxeición de animais
- ✕ Material para a cura de animais
- ✕ Prismáticos
- ✕ Emisora

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2** Coñecer a lexislación medioambiental así como o procedemento sancionador aplicable.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Coñecer e detectar as accións sancionables.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Comprobando a ausencia de vertidos ou residuos incontrolados dentro da zona.
- 2.1.2 Impedindo a acampada en lugares prohibidos.
- 2.1.3 Actuando contra as fontes emisoras de ruído.
- 2.1.4 Freando a acción de cazadores furtivos ou de espoliadores de especies vexetais protexidas.
- 2.1.5 Evitando a alteración ou destrución das zonas de especial importancia para os animais, como son as de reprodución, invernada e alimentación.
- 2.1.6 Impedindo o espolio dos elementos xeolóxicos ou etnográficos presentes.
- 2.1.7 Detendo a execución de calquera obra ou outros traballos que non presentan a debida autorización.
- 2.1.8 Asegurándose de que os carteis e indicadores colocados no espazo se integran perfectamente nel.
- 2.1.9 Coñecendo e colocando os EPI adecuados á realización profesional.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Aplicar procedementos sancionadores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Sabendo cal é a regulamentación aplicable ao espazo natural.
- 2.2.2 Interpretando correctamente o sentido da normativa.
- 2.2.3 Identificando a lei que corresponde a cada situación concreta.
- 2.2.4 Realizando inspeccións regulares da zona.
- 2.2.5 Determinando o grao de intensidade da infracción cometida.
- 2.2.6 Informando o infractor sobre a prohibición que pesa sobre a acción ou accións realizadas.
- 2.2.7 Aplicando a sanción adecuada en función da importancia da infracción cometida.
- 2.2.8 Presentando a denuncia ante o organismo que corresponda e realizándoa en forma e tempo adecuado.
- 2.2.9 Asegurándose de que a acción ou actividade causante da denuncia cesou.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Redactar informes.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Usando as ferramentas, aparatos ou cartografía necesaria para a consecución de datos precisos.
- 2.3.2 Tomando sobre o terreo todos os datos que permitan realizar unha exposición detallada da situación.
- 2.3.3 Cubrindo os formularios deseñados para o efecto.
- 2.3.4 Conservando arquivados cada un dos informes redactados.
- 2.3.5 Dirixíndoo á persoa ou organismo pertinente.
- 2.3.6 Expoñéndoo con claridade e precisión se se lle require.

>.. MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

- ✕ Escalímetro
- ✕ Mapas topográficos
- ✕ Clisímetro
- ✕ Compás
- ✕ Curvímetro
- ✕ Altimetro
- ✕ Podómetro
- ✕ Caixa de urxencias de primeiros auxilios
- ✕ Elementos de sinalización
- ✕ Equipo para toma de mostras
- ✕ Microscopio
- ✕ Material de oficina
- ✕ Lexislación sobre conservación de espazos naturais
- ✕ Prismáticos
- ✕ Emisora

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Informar os visitantes dos valores e singularidades ambientais do espazo natural.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Organizar a información do centro de visitas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Dispoñendo a información dunha maneira clara e atractiva mediante o uso de debuxos, esquemas, fotos e texto.
- 3.1.2 Colocando a información ordenada en lugares visibles e con boa iluminación.
- 3.1.3 Distribuindo a información dos paneis de forma que amose claramente os distintos hábitats, coas seus animais e plantas características, así como as interrelacións que se establecen dentro do conxunto.
- 3.1.4 Representando a información en distintos idiomas.
- 3.1.5 Facilitando os accesos a persoas de mobilidade reducida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Dar charlas informativas sobre as características do espazo natural.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Determinando os coñecementos e expectativas do grupo de oíntes e adaptándose a estes.
- 3.2.2 Procurando que a narración estea estruturada de maneira que resulte amena á vez que precisa e clara.
- 3.2.3 Apoando a explicación mediante o auxilio de medios audiovisuais.
- 3.2.4 Fomentando a participación dos visitantes durante as explicacións.
- 3.2.5 Resolvendo as dúbidas que se formulen ao longo da charla.
- 3.2.6 Repartindo obsequios de lembranza da visita, se procede.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Actualizar e adaptar a información do centro de visitas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Implantando un buzón de suxestións para os visitantes.
- 3.3.2 Considerando as suxestións para a realización de futuros cambios.
- 3.3.3 Modificando os contidos informativos en función das variacións que poida sufrir o espazo natural.
- 3.3.4 Ampliando os fondos bibliográficos e a videoteca.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- ☞ Vehículo todoterreo

FERRAMENTAS

- ✕ Libros
- ✕ Vídeos
- ✕ Folletos informativos
- ✕ Paneis
- ✕ Caixa de urxencias de primeiros auxilios
- ✕ Elementos de sinalización
- ✕ Material de oficina
- ✕ Lexislación sobre conservación de espazos naturais
- ✕ Emisora

6.2.4. RECONFIGURACIÓN DO DIRECTORIO OCUPACIONAL

O tratamento evolutivo das ocupacións no segundo nivel de investigación do estudo foi analizado partindo dun carácter individual para cada unha das ocupacións, é dicir, foron estudadas e desenvolvidas por separado. Unha vez conseguidas as competencias profesionais e o perfil profesional correspondente a cada unha delas, observouse que algunhas das unidades de competencia eran comúns por coincidir nas súas realizacións profesionais. En función de todo isto deduciuse que os coñecementos que o traballador ía necesitar para se converter nun traballador polivalente coincidían para algunhas das ocupacións, o que lles confería un carácter interdisciplinario na realización das súas tarefas, motivo polo que se estableceu, neste terceiro nivel, un tratamento de grupo que aglutinou aquelas ocupacións que así o requirían.

O directorio ocupacional, ao agruparse, quedou configurado da seguinte forma:

- 1.. CONDUCTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL
 - Conductor operador de colleitadora forestal
 - Conductor operador de autocargador e *skidder*
 - Conductor de vehículo motobomba
- 2.. XERENTE FORESTAL
 - Xerente de viveiro
 - Xerente de explotación forestal
 - Xerente de caza
- 3.. TRABALLADOR FORESTAL
 - Traballador forestal
 - Aplicador de praguicida
 - Peón de extinción de incendios
 - Peón de caza e pesca
 - Resineiro
- 4.. PRODUTOR-RECOLLEDOR DE PLANTAS AROMÁTICAS, MEDICINAIS, FROITOS, COGOMELOS E FUNGOS
 - Produtor de cogomelos e fungos
 - Recolledor de cogomelos e fungos
 - Recolledor de plantas medicinais e aromáticas
 - Recolledor de froitos
- 5.. VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS
 - Garda de campo de caza e/ou pesca
 - Vixilante de espazos naturais
- 6.. OPERADOR DE TRANSMISIÓN E VIXILANCIA
 - Emisorista
 - Vixilante en punto fixo
- 7.. APICULTOR
- 8.. CORTICEIRO
- 9.. VIVEIRISTA

■ 10.. MOTOSERRISTA

Dez foron pois as ocupacións que tratamos conxuntamente para ofertar unha formación polivalente a aquelas ocupacións que, ben polo seu carácter de temporalidade laboral ou ben pola natureza mesma da ocupación en si, presentan unhas necesidades de coñecementos profesionais comúns e/ou complementarios que é o obxectivo deste nivel para configurar a oferta formativa.

Os contidos seguintes refliten os coñecementos profesionais teóricos, prácticos e comportamentais que capacitan o traballador en cada unidade de competencia da que derivan, permitíndolle así o correcto desempeño das ocupacións consideradas no novo directorio.

■ .. 6.2.4.1. CONDUTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL

*> 6.2.4.1.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Condutor-operador de maquinaria forestal.
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro. Defensa contra incendios.

*> 6.2.4.1.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

Encargado de realizar os traballos de corta mecanizada da árbore e saca de madeira do monte, mediante o transporte suspendido, semisuspendido ou por arrastre, da madeira ata o cargadeiro; así como o amoreamento da madeira cortada no cargadeiro. Pode, así mesmo, realizar a condución dos vehículos motobomba do servizo de defensa contra incendios e efectuar as operacións de carga/descarga e manipulación da motobomba. Encárgase ademais de aplicar o plan de mantemento preventivo do vehículo e equipos auxiliares, reparando en caso necesario posibles disfuncións ou avarías simples.

*> 6.2.4.1.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- ... Capacidade para o manexo do vehículo motobomba.
- ... Capacidade para aplicar os coñecementos das características e técnicas de manexo de ferramentas e produtos para o seu traballo.
- ... Capacidade para aplicar ao desenvolvemento de todos os procesos e operacións do seu traballo as medidas vixentes de seguridade e hixiene no traballo, medio ambiente e calidade.
- ... Capacidade para interpretar correctamente as instrucións de traballo e aplicar as aos labores que debe realizar.
- ... Capacidade para detectar durante a realización dos procesos as posibles incorreccións e dispoñer da capacidade suficiente para resolvelas durante o desenvolvemento destes.
- ... Capacidade para aplicar o coñecemento do plan de incendios forestais do ámbito territorial no que opere.
- ... Capacidade para aplicar os coñecementos básicos da loita contra incendios e xerais dos medios que se empregan nesta.
- ... Aplicar o coñecemento dos equipos de radiotransmisión para o seu manexo.
- ... Interpretar os sinais manuais durante o manexo dos equipos motobomba.
- ... Capacidade visual e de memoria para identificar aqueles elementos mecánicos fundamentais e o estado que estes deben presentar para que o funcionamento da

- máquina sexa óptimo no desenvolvemento do traballo diario.
- ... Capacidade de razoamento dedutivo para prever as distintas configuracións operativas da máquina que as variacións nas condicións de traballo poden esixir.
 - ... Capacidade para actuar de maneira responsable na preparación da máquina para que esta desempeñe de forma segura o traballo.
 - ... Atención e dilixencia para revisar periodicamente e manter os niveis de fluídos e engraxamento xeral dentro dos indicados polo fabricante.
 - ... Seriedade e responsabilidade durante o manexo dos fluídos, combustibles e elementos de limpeza, para evitar calquera dano ambiental.
 - ... Serenidade, precaución e decisión durante o uso dos extintores contra incendios.
 - ... Responsabilidade e atención durante a colocación dos EPI para que se realice de xeito adecuado.
 - ... Habilidade manual para a aplicación de pequenas curas de emerxencia.
 - ... Capacidade visual e memoria visual para identificar as deficiencias que o útil de corte poida presentar.
 - ... Agudeza visual, capacidade espacial, cálculo de distancias relativas e tamaños co fin de determinar os elementos do terreo que poden supoñer algunha dificultade ou perigo para o desempeño do traballo.
 - ... Razoamento espacial e lóxico para interpretar os esquemas e instrucións dos manuais de funcionamento.
 - ... Memoria das operacións para elixir os controis adecuados para a marcha e operación da máquina.
 - ... Capacidade visual e memoria para identificar o significado dos distintos indicadores dos cadros de control.
 - ... Serenidade, precaución, xunto con capacidade de dedución lóxica para corrixir os parámetros de funcionamento da máquina cando algún indicador sinala valores de funcionamento fóra do rango estipulado.
 - ... Memoria e agudeza visual para identificar visualmente as distintas especies forestais.
 - ... Habilidade manual xunto con agudeza visual e cálculo de distancias e magnitudes para operar o brazo telescópico do cabezal de procesamento.
 - ... Memoria e capacidade de secuencialización de operacións para programar o módulo de control do cabezal procesador.
 - ... Razoamento lóxico e metódico para interpretar os datos de revisión do cabezal e corrixir aqueles que sexa posible mediante as funcións pertinentes do cabezal.
 - ... Razoamento lóxico e agudeza visual para identificar a zona máis idónea para a inmovilización da máquina.
 - ... Atención e responsabilidade para estabilizar adecuadamente a máquina.
 - ... Agudeza visual e capacidade de cálculo de alturas para determinar visualmente as árbores que entran dentro do rango de traballo da máquina.
 - ... Capacidade para secuencializar mentalmente as operacións co obxectivo de elixir a velocidade de procesamento máis idónea en función do tipo de árbore cortada.
 - ... Agudeza visual para determinar visualmente se o grao de calidade alcanzado coincide co esperado, corrixindo esta diferenza se existe.
 - ... Atención e habilidade manual para amorear de maneira segura e eficiente na plataforma de carga.
 - ... Habilidade manual e memoria visual para substituír os elementos do sistema hidráulico deteriorados.
 - ... Responsabilidade, capacidade visual e táctil, así como memoria para axustar as características dos distintos elementos ás condicións máis adecuadas para o seu uso.
 - ... Serenidade, decisión e prudencia á hora de controlar os lumes que se poidan producir tanto nas máquinas como nos recambios, accesorios e lubricantes necesarios para o seu funcionamento.

- ... Capacidade espacial e ordenamento mental lóxico para comprender os manuais de funcionamento e entretemento propios da máquina.
- ... Responsabilidade e habilidade manual para manexar con seguridade e precisión os mandos necesarios para o desprazamento e operación da máquina.
- ... Habilidade manual e capacidade para a secuencialización lóxica das operacións co obxectivo de dispoñer adecuadamente o guindastre na máquina en función de cada unha das operacións realizadas.
- ... Serenidade, habilidade manual e capacidade espacial e de medida das distancias para desprazar a máquina de maneira segura en condicións topográficas variables e difíciles, así como con distintos niveis de carga.
- ... Responsabilidade e ordenamento mental lóxico para emprazar a máquina de maneira estable e segura para a realización das operacións de carga ou enganche.
- ... Capacidade espacial e habilidade manual para estibar a carga de forma estable e co máximo aproveitamento de espazo.
- ... Memoria e capacidade espacial para realizar reparacións mecánicas básicas.
- ... Seriedade, decisión e habilidade manual para aplicar pequenas curas de emerxencia.

>. Organizativas

- ... Capacidade para desenvolver o traballo seguindo unha secuencia lóxica que permita os mellores rendementos.
- ... Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e comprobacións.
- ... Manter en bo estado e accesibles os elementos de protección para a realización das revisións.
- ... Ter sempre en bo estado os EPI.
- ... Dispoñer o combustible, aceites e graxas nun lugar que non permita as fugas destes ao medio e que non presente perigo de incendio.
- ... Habilitar tanto a zona como os recipientes para a recollida de fluídos e pezas extraídas.
- ... Dispoñer os extintores en lugar visible e accesible.
- ... Almacenar os elementos de corte de maneira que as súas partes perigosas queden protexidas contra o contacto accidental.
- ... Dispoñer sempre os manuais en lugares de fácil acceso e convenientemente protexidos contra a intemperie e outros axentes prexudiciais para eles.
- ... Sistematizar a inspección do terreo para evitar que queden zonas opacas a esta.
- ... Secuencializar ordenadamente os valores dos indicadores de control da máquina.
- ... Coordinar o seu traballo co resto de operarios e traballadores de a pé. Ordenar a colocación de troncos na plataforma para conseguir a mellor relación carga-volume e a posición máis estable.
- ... Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e comprobacións.
- ... Manter en bo estado e accesibles os elementos de protección para a realización das revisións.

>. Interaccións

- ... Capacidade de comunicación, coordinación, cooperación e traballo en grupo cos demais membros do servizo de defensa contra incendios, así como co seu superior.¹
- Relacionarse cos compañeiros de traballo.
- ... Tratar cos superiores inmediatos.
- ... Colaborar cos mecánicos.

>. Resposta a continxencias

- ... Actuar de forma serena e controlada ante continxencias derivadas da execución do seu traballo.

- ... Posuír unha capacidade de resposta rápida.
- ... Posuír bos reflexos.
- ... Reparar as pequenas avarías que aparecen durante o traballo.
- ... Apagar pequenos lumes.
- ... Buscar vías de acceso alternativo cando as principais resultan impracticables.
- ... Actuar de maneira rápida e precisa ante alarmas no cadro de control da máquina.
- ... Curar pequenas feridas.
- ... Liberar o guindastre se queda enganchado ou trabado.
- ... Mover a máquina se esta queda atascada nalgunha zona.
- ... Controlar as perdas de adherencia repentina.
- ... Contrarrestar os balanceos excesivos do guindastre.

•> **6.2.4.1.4. UNIDADES DE COMPETENCIA**

- . 1 ■ .. Conducir a máquina.
- . 2 ■ .. Realizar corta mecanizada.
- . 3 ■ .. Manexar o brazo telescópico.
- . 4 ■ .. Manexar o cabrestante e a pinza.
- . 5 ■ .. Manexar motobomba.
- . 6 ■ .. Transportar carga.
- . 7 ■ .. Realizar radiotransmisiones.
- . 8 ■ .. Aplicar o coidado e mantemento da máquina.

•> **6.2.4.1.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Conducir a máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ **1.1** Revisar a máquina antes da posta en marcha.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Comprobando que os *latiguillos* de conducción hidráulica non presentan fendas ou fugas que poidan representar un risco durante o uso da máquina, así como unha agresión para o medio dado o seu alto poder contaminante.
- 1.1.2 Comprobando que os pneumáticos non presentan ningunha picada e que a presión e estado son os adecuados, e valorando se é necesario polo terreo ou circunstancias meteorolóxicas adversas a utilización de cadeas ou algún outro elemento que aumente o seu agarre.
- 1.1.3 Asegurándose de que os elementos de iluminación están operativos e limpos.
- 1.1.4 Comprobando que os cristais están limpos e sen fendas que poidan dificultar a visión.
- 1.1.5 Despexando as zonas de acceso á cabina da máquina.
- 1.1.6 Pechando e asegurando as cubertas de protección do motor.
- 1.1.7 Observando se os niveis de fluídos e de combustible son os adecuados para o desenvolvemento do traballo e completando estes no caso de que non o sexan.
- 1.1.8 Evitando a caída de fluídos e combustibles ao chan durante o proceso de carga e recollendo todos aqueles trapos ou algodóns utilizados para a limpeza.
- 1.1.9 Comprobando a presenza, funcionalidade e accesibilidade dos extintores.
- 1.1.10 Asegurándose da presenza de caixa de urxencias de emerxencias na cabina.

- 1.1.11 Fixando as ferramentas e instrumentos que se transportan tanto dentro como fóra da cabina.
- 1.1.12 Colocando os EPI adecuados.
- 1.1.13 Inspeccionando previamente a área de traballo co fin de detectar posibles obstáculos ou perigos.
- 1.1.14 Asegurándose de que os manuais de operación e mantemento se encontran no interior da máquina.
- 1.1.15 Inspeccionando o remolque para comprobar que se encontra despegado e que a barras de limitación de altura de carga están colocadas e en bo estado, se procede.
- 1.1.16 Revisando o estado dos ganchos de fixación das moreas de arrastre, se procede.
- 1.1.17 Comprobando que as patas antienvorcadura se atopan perfectamente operativas, se procede.
- 1.1.18 Inspeccionando o estado da pa frontal e das súas unións co chasis, se procede.
- 1.1.19 Asegurándose de que o cabrestante frontal se atopa operativo, así como de que o seu cable presenta un bo estado de uso, se procede.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Desprazar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Comprobando que non se atopa ningunha persoa dentro do radio de acción da máquina.
- 1.2.2 Asegurándose de que tanto a transmisión como o freo se atopan en posición de estacionamento e os elementos móbiles en posición de repouso e sen presión ou enerxía acumulada.
- 1.2.3 Conectando o motor e comprobando que ningún dos pilotos de alerta do cadro está acendido.
- 1.2.4 Deixando que o motor acade a temperatura de traballo.
- 1.2.5 Comprobando que os datos de funcionamento indicados pola máquina se corresponden cos rexistrados na sesión de traballo anterior.
- 1.2.6 Conectando o sistema de iluminación se resulta necesario.
- 1.2.7 Adoptando unha posición de conducción ergonómica e segura.
- 1.2.8 Usando o cinto de seguridade.
- 1.2.9 Asegurándose de que o brazo telescópico do cabezal de corte está en posición baixa para evitar o impacto contra obstáculos en altura, se procede.
- 1.2.10 Pechando a porta e ventás.
- 1.2.11 Soltando os freos e facendo avanzar a máquina.
- 1.2.12 Evitando circular sobre árbores cortadas ou toradas.
- 1.2.13 Evitando as zonas con capacidade portante escasa, onde o paso da máquina crea fondas rodeiras e compactación no terreo.
- 1.2.14 Rodeando as zonas que se encontran repoboadas, con rexenerado ou que sufriran un incendio recentemente.
- 1.2.15 Evitando pendentes laterais excesivas e circulando seguindo a liña de máxima pendente.
- 1.2.16 Mantendo en todo momento unha velocidade moderada que permita o control da máquina.
- 1.2.17 Comprobando que os cables e os enganches se atopan convenientemente colocados na estrutura cando este viaxa baleiro, se procede.
- 1.2.18 Asegurándose de que o guindastre está adecuadamente inmovilizado antes de poñer a máquina en movemento, se procede.

- 1.2.19 Comprobando que as patas antienvorcadura se encontran completamente levantadas e aseguradas, se procede.
- 1.2.20 Se a pendente é moi forte, estender o guindastre en dirección costa arriba para incrementar a estabilidade, se procede.
- 1.2.21 Freando co motor nas pendentes fortes, movéndose en liña recta, usando marchas redutoras, bloqueos de diferencial e evitando ao máximo o uso do freo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Estacionar a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Elixindo un terreo o máis chan posible e con bo firme.
- 1.3.2 Afastando a máquina de zonas con perigo de desprendementos ou correntes de terra.
- 1.3.3 Colocando a máquina separada de cursos de auga tanto temporais como permanentes, así como desaugadoiros naturais, polas subas repentinas de nivel que estes poden sufrir.
- 1.3.4 Comprobando que o terreo presenta a estabilidade e compactación adecuada para soportar o peso da máquina.
- 1.3.5 Evitando estacionar a máquina en zonas con capacidade portante escasa, onde a estancia da máquina crearía fondas rodeiras e compactación no terreo.
- 1.3.6 Procurando que o remolque de transporte estea baleiro, se procede.
- 1.3.7 Cravando a pa dianteira no chan para que actúe como freo, se procede.
- 1.3.8 Colocando o guindastre no seu soporte de repouso, se procede.
- 1.3.10 Recollendo a espada de corte e situando as coitelas en posición segura, se procede.
- 1.3.11 Recollendo os parámetros de produción diarios almacenados pola máquina, se procede.
- 1.3.12 Recompilando os parámetros de funcionamento da máquina necesarios para o mantemento e detección de avarías, se procede.
- 1.3.13 Accionando o cabrestante para deixar recollido o cable de arrastre, se procede.
- 1.3.14 Baixando as patas antienvorcadura para aumentar a estabilidade da máquina, se procede.
- 1.3.15 Conectando o freo de estacionamento e deixando engrenada unha relación.
- 1.3.16 Apagando o motor e desconectando todos os sistemas eléctricos e de carga hidráulicos de dirección e izado do guindastre, se procede.
- 1.3.17 Calzando mediante un elemento construído para o efecto a máquina se a pendente é excesiva.
- 1.3.18 Pechando os compartimentos, as tapas de motor, así como a cabina de mando.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

-  Colleitora forestal.
-  Tractor autocargador.
-  Tractor arrastrador.

FERRAMENTAS

- ✂ Gato hidráulico.
- ✂ Bombas de recarga.
- ✂ Bomba de engraxamento.
- ✂ Máquina de lavado a presión.
- ✂ Compresor de aire.
- ✂ Manómetro.
- ✂ Ferramenta manual variada.

PRODUTOS

- 💧 Produtos deterxentes.
- 💧 Combustible.
- 💧 Lubricante.
- 💧 Valvulina.
- 💧 Graxa.
- 💧 Aceite.
- 💧 Anticonxelante.

✂ Machada.	💧 Auga destilada.
✂ Serra.	💧 Disolvente.
✂ EPI.	💧 Algodón mecánico.
✂ Cinto antivibración.	💧 Lámpadas varias.
✂ Calzos debidamente homologados.	💧 Ópticas.
✂ Caixa de emerxencia.	💧 Trapos varios.
✂ Cadeas para pneumáticos.	💧 Limpacristais.
	💧 Material para o rexistro de datos.
✂ Poleas.	💧 Pneumáticos.
✂ Enganches (<i>chokers</i>).	💧 <i>Latiguillos</i> hidráulicos.
	💧 Luvas de traballo.
	💧 Útil de corte.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Realizar corta mecanizada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 2.1 Cortar, derramar e descortizar a árbore.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Comprobando que a zona de corta está libre de obstáculos e persoas.
- 2.1.2 Situándose nunha posición que permita acadar a maior cantidade posible de árbores e dispoña dunha boa visibilidade arredor.
- 2.1.3 Colocando a máquina en liña de máxima pendente se resulta imposible situala nunha zona chan.
- 2.1.4 Activando o freo de estacionamento e estabilizando a máquina mediante as patas antipar.
- 2.1.5 Mantendo a porta e as ventás pechadas, evitando a entrada de obxectos.
- 2.1.6 Advertindo aos operarios de a pé o inicio das operacións, e comprobando que se atopan fóra da zona de acción da máquina.
- 2.1.7 Comprobando que nas inmediacións ou sobre a máquina non se encontran cables de tendido eléctrico ou torres eléctricas.
- 2.1.8 Elixindo como árbores aquelas que se encontran dentro da capacidade de traballo da máquina.
- 2.1.9 Aproximando o cabezal á parte máis baixa posible da árbore elixida e fixándoa a este.
- 2.1.10 Activando o sistema de corte do cabezal.
- 2.1.11 Dirixindo a caída da árbore cara a unha zona que permita a realización dos labores posteriores.
- 2.1.12 Evitando durante o proceso de corta causar danos á masa que non é obxecto de aproveitamento.
- 2.1.13 Colocando o fuste da árbore en posición horizontal para o seu posterior procesamento.
- 2.1.13 Elixindo a velocidade de xiro dos rodets de arrastre en función do grosor e densidade da ramaxe para evitar atascos.
- 2.1.14 Accionando os rodets de arrastre e activando as coitelas derramadoras.
- 2.1.15 Realizando varias pasadas do tronco sobre o cabezal, para eliminar todo resto de pólas.
- 2.1.16 Accionando as coitelas de descortizado e dando varias pasadas ao fuste sobre o cabezal.
- 2.1.17 Detectando e corrixindo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Recoñecer as principais especies de interese forestal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Coñecendo a influencia que a rexión climática presenta para a presenza dun tipo ou doutro de especies.
- 2.2.2 Coñecendo a influencia que a topografía e o chan presentan para as distintas especies.
- 2.2.3 Memorizando aquelas características anatómicas foliares, florais e froiteiras típicas de cada especie de interese para a explotación forestal.
- 2.2.4 Asociando a altura e o tipo de porte a unha especie.
- 2.2.5 Coñecendo as características anatómicas, florais e froiteiras de especies que estean asociadas ás de explotación pero que se atopen protexidas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Manexar o sistema de control electrónico do cabezal procesador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Coñecendo as funcións que pode realizar o control.
- 2.3.2 Sabendo navegar entre os menús do programa de control e accionar as combinacións de teclas axeitadas para activar as distintas opcións deste.
- 2.3.3 Programando a lonxitude á que debe realizarse o corte das toradas.
- 2.3.4 Fixando o diámetro mínimo de corte do extremo delgado do pé.
- 2.3.5 Consultando os rendementos de extracción en tempo real.
- 2.3.6 Extraendo inventarios do número e volume da madeira extraída segundo múltiples parámetros.
- 2.3.7 Gravando todos os datos de produción que resulten útiles.
- 2.3.8 Gravando configuracións de funcionamento para posteriores usos.
- 2.3.9 Borrando todos aqueles datos que xa foron almacenados noutros soportes ou que carecen xa de interese.
- 2.3.10 Eliminando as configuracións de funcionamento obsoletas.
- 2.3.11 Interpretando as mensaxes e datos que subministra o elemento de control.
- 2.3.12 Usando as funcións de revisión e reparación que ofrezca o controlador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Torar, despuntar e amorear na plataforma de carga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Coñecendo en todo momento as dimensións das toradas e diámetro mínimo en punta delgada das árbores que cómpre aproveitar.
- 2.4.2 Programando o ordenador da colleitadora para que efectúe os cortes baixo os parámetros esixidos.
- 2.4.2 Accionando o proceso de torado automático.
- 2.4.3 Vixiando que o proceso se leva a cabo cumprindo os parámetros esixidos.
- 2.4.4 Deixando a punta no chan e amoreando de maneira segura e eficiente na plataforma de carga as toradas acabadas de cortar.
- 2.4.5 Detectando e corrixindo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Colleitadora forestal.
- Camión de transporte.

FERRAMENTAS

- ✂ Gato hidráulico.
- ✂ Bombas de recarga.
- ✂ Bomba de engraxamento.

PRODUCTOS

- 💧 Produtos deterxentes.
- 💧 Combustible.
- 💧 Lubricante.

✕ Máquina de lavado a presión.	♦ Valvulina.
✕ Compresor de aire.	♦ Graxa.
✕ Manómetro.	♦ Aceite.
✕ Ferramenta manual variada.	♦ Anticonxelante.
✕ Machada.	♦ Auga destilada.
✕ Serra.	♦ Disolvente.
✕ EPI.	♦ Algodón mecánico.
✕ Cinto antivibración.	♦ Lámpadas varias.
✕ Calzos debidamente homologados.	♦ Ópticas.
✕ Caixa de emerxencia.	♦ Trapos varios.
	♦ Limpacristais.
	♦ Material para o rexistro de datos.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Manexar o brazo telescópico.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.1 Manexar o brazo telescópico para o aproveitamento e carga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Asegurándose de que nas inmediacións non se atopan obstáculos nin en altura nin a rentes de chan.
- 3.1.2 Coñecendo a carga máxima que pode alzar o brazo.
- 3.1.3 Sabendo a distancia máxima que pode separarse a carga da unión coa máquina sen facer que esta sufra forzas de torsión inadmisibles nin que a súa estabilidade se vexa comprometida.
- 3.1.4 Situándose no lugar que lle permita a accesibilidade a un maior número de pés co mínimo de movemento.
- 3.1.5 Aproximando o brazo ata a base da árbore para fixar o pé antes do corte.
- 3.1.6 Controlando a dirección e velocidade de caída da árbore.
- 3.1.7 Depositando os troncos no remolque de transporte de maneira segura e eficiente.
- 3.1.8 Evitando golpear ou rozar os troncos das árbores circundantes durante o proceso de desprazamento do brazo pola parcela.
- 3.1.9 Situando o brazo no seu lugar de repouso unha vez finalizado o traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.2 Coñecer a función e accionamento dos mandos do guindastre do autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Coñecendo os movementos que pode realizar o guindastre.
- 3.2.2 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.
- 3.2.3 Identificando as distintas partes do guindastre e a súa función dentro do proceso de movemento de cargas.
- 3.2.4 Coñecendo a relación entre desprazamento da panca e movemento do guindastre.
- 3.2.5 Coñecer a secuencia correcta de accionamento das pancas para cada un dos movementos que pode realizar o guindastre.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.3 Recoller e estibar a carga no autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Sabendo a lonxitude máxima de alcance do brazo e situándose nunha posición que permita extraer a máxima cantidade de madeira.

- 3.3.2 Asegurándose de que o brazo nas súas operacións non se atopará con obstáculos que dificulten ou impidan o seu traballo.
- 3.3.3 Dispoñendo sempre dunha visibilidade en todo o radio de acción do guindastre.
- 3.3.4 Asegurándose de que dentro do radio de acción da grúa non se atopa ningunha persoa ou que evoluciona outra máquina.
- 3.3.5 Baixando as patas antienvorcadura para estabilizar o autocargador.
- 3.3.6 Cargando o brazo sempre por debaixo do límite de seguridade.
- 3.3.7 Separando o brazo do autocargador sempre por debaixo do par de seguridade.
- 3.3.8 Identificando o grao de humidade que poden presentar a cortiza dos rolos e tendo en conta como isto pode afectar á calidade do agarre da pinza.
- 3.3.9 Posicionando a pinza sobre a carga e recollendo esta o máis centrada posible.
- 3.3.10 Evitando tomar unha cantidade de madeira que impida un peche efectivo da pinza.
- 3.3.11 Asentando os rolos de madeira tanto transversal como lonxitudinalmente para maximizar o volume cargado, depositándoos de tal maneira que queden perfectamente estibados.
- 3.3.12 Evitando durante o proceso de carga danar as árbores que se encontran arredor.
- 3.3.13 Facendo sempre que a carga quede depositada por debaixo dos límites impostos polas barras de carga laterais e posterior, así como pola reixa dianteira do remolque.
- 3.3.14 Facendo que a anchura da carga sexa sempre inferior á do remolque para evitar que este quede atascado en zonas estreitas recortando se fai falla a lonxitude sobranete.
- 3.3.15 Depositando o guindastre no seu soporte unha vez terminada a carga e antes de realizar o transporte desta.

>.. MEDIOS UTILIZADOS		
MAQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUTOS
 Tractor autocargador.	✕ Bomba de engraxamento. ✕ Compresor de aire. ✕ Manómetro. ✕ Ferramenta manual variada. ✕ Machada. ✕ Serra. ✕ EPI. ✕ Cinto antivibración. ✕ Caixa de urxencias de emerxencia. ✕ Cadeas para pneumáticos	◆ Combustible. ◆ Lubricante. ◆ Valvulina. ◆ Graxa. ◆ Aceite. ◆ Algodón mecánico. ◆ Lámpadas varias. ◆ Ópticas. ◆ Luvas de traballo. ◆ Latiguillos hidráulicos. ◆ Útil de corte. ◆ Pneumáticos.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Manexar o cabrestante e a pinza.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Coñecer a función e accionamento dos mandos do cabrestante do *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.

- 4.1.2 Identificando as distintas partes do cabrestante e a súa función dentro do proceso de arrastre de cargas.
- 4.1.3 Realizando a correcta instalación do cable, co fin de evitar atascos do cabrestante.
- 4.1.4 Coñecer as partes do enganche e como se debe utilizar para suxeitar as moreas de arrastre.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Coñecer a función e accionamento dos mandos da pinza do skidder.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Observando os mandos de accionamento e identificando a función de cada un deles.
- 4.2.2 Identificando as distintas partes da pinza e o cabrestante asociado, así como a súa función dentro do proceso de arrastre semisuspendido de cargas.
- 4.2.3 Realizando a correcta instalación do cable co fin de evitar atascos do cabrestante.
- 4.2.4 Coñecer as partes do enganche e como se debe utilizar para suxeitar as moreas de arrastre.
- 4.2.5 Accionando o control da pinza e comprobando que a súa apertura e peche se realiza libremente e sen esforzo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Tractor arrastrador.

FERRAMENTAS

✂ Bomba de engraxamento.
 ✂ Compresor de aire.
 ✂ Manómetro.
 ✂ Ferramenta manual variada.
 ✂ Machada.
 ✂ Serra.
 ✂ EPI.
 ✂ Cinto antivibración.
 ✂ Caixa de urxencias de emerxencia.
 ✂ Cables de arrastre.
 ✂ Poleas.
 ✂ Enganches (*chokers*).
 ✂ Cadeas para pneumáticos.

PRODUTOS

💧 Combustible.
 💧 Lubricante.
 💧 Valvulina.
 💧 Graxa.
 💧 Aceite.
 💧 Algodón mecánico.
 💧 Lámpadas varias.
 💧 Ópticas.
 💧 Luvas de traballo.
 💧 *Latiguillos* hidráulicos.
 💧 Útil de corte.
 💧 Pneumáticos.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Manexar motobomba.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.1 Encher a bomba de auga.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Instalando a motobomba próxima a algún río, encoro, depósito de auga, alxibe, pantaneta, caldeira, piscina, etc., de onde se tomará a auga.
- 5.1.2 Colocando na boca de entrada o mangote, provisto no seu extremo dunha alcachofa que evita a entrada de corpos estraños e o descebe da bomba, para a posterior aspiración da auga.
- 5.1.3 Comprobando que a altura de aspiración ou desnivel entre a bomba e a superficie da auga que se vai utilizar sexa menor de seis metros.
- 5.1.4 Accionando os mandos para que se produza a aspiración da auga.
- 5.1.5 Evitando a aspiración da bomba en baleiro.

- 5.1.6 Controlando, mentres se produce a aspiración, o nivel da auga do tanque, a temperatura da bomba, as revolucións desta e a presión de aspiración.
- 5.1.7 Accionando o mando para que finalice a aspiración, unha vez que o tanque da bomba acadou o nivel máximo de carga ou que se esgotara a auga da fonte de subministración.
- 5.1.8 Retirando o mangote da boca de aspiración e colocándoo no seu sitio na bomba.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.2 Tender mangueras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Elixindo o emprazamento máis adecuado para o vehículo co fin de reducir ao máximo a lonxitude de tendido e a diferenza de cota a salvar pola bomba.
- 5.2.2 Determinando a lonxitude máxima do tendido de manguera en función da diferenza de cotas, potencia de bomba, distancia que debe acadar o chorro, diámetro da manguera, caudal necesario, etc.
- 5.2.3 Tendendo o primeiro treito de manguera dende a debandoira do vehículo ata un lugar adecuado para o emprego da auga na correspondente fase de extinción: ataque directo ou indirecto, control ou extinción.
- 5.2.4 Efectuando de forma rápida e eficaz a unión da boca do primeiro treito de manguera na saída da bomba.
- 5.2.5 Seleccionando o diámetro de manguera que cómpre utilizar en función das instrucións para que os peóns leven a cabo o tendido.
- 5.2.6 Permanecendo, xunto aos mandos, atento a que finalicen os labores de tendido e ás ordes para proceder ao inicio da impulsión.
- 5.2.7 Abrindo ou pechando o paso da auga cando por medio do portófono o indica o capataz de cuadrilla.
- 5.2.8 Evitando durante a operación do tendido as rozaduras e arrastres que poidan deteriorar a manguera.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.3 Impulsar/lanzar auga da bomba sobre o combustible.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Instalando a motobomba nas proximidades do lume ou en zonas próximas, segundo instrucións do axente forestal, para proceder ao arrefriamento e illamento do combustible en ignición ou ben para diminuír a capacidade de arder do combustible.
- 5.3.2 Preparando os produtos retardantes para agregalos á auga, sempre segundo instrucións do axente forestal recibidas polo portófono, e así mellorar a eficacia da auga e lograr que o seu efecto sexa máis persistente.
- 5.3.3 Abrindo as chaves de saída de auga da motobomba, segundo indicacións do axente forestal, que están conectadas ás mangueras do tendido.
- 5.3.4 Realizando a mestura da auga con retardantes nas proporcións axeitadas, en función do tipo de vexetación, previamente ao lanzamento, se resulta necesario.
- 5.3.5 Accionando os mandos de posta en marcha da bomba cando o encargado da extinción así o indica para a impulsión de auga sobre o lume ou en zonas próximas, ben soa ou con produtos retardantes.
- 5.3.6 Vixiando a presión da bomba durante o lanzamento e controlando que supere a altura de impulsión, a perda de carga e a presión na lanza (como mínimo de 2 atmosferas).
- 5.3.7 Regulando a válvula de apertura da lanza.

- 5.3.8 Controlando, mentres se produce a impulsión, o nivel da auga do tanque, a temperatura da bomba e as revolucións desta.
- 5.3.9 Accionando os mandos para que finalice o lanzamento da auga, en caso de que se esgote a auga do tanque ou por orde do encargado.
- 5.3.10 Pechando as chaves de saída de auga do tanque da motobomba.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.4 Recoller mangueras.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Desconectando as distintas unións, derivacións e bifurcacións do tendido.
- 5.4.2 Gardando unións, derivacións e bifurcacións no seu sitio.
- 5.4.3 Enrolando os distintos treitos de manguera empregados poñendo sempre os dous extremos xuntos.
- 5.4.4 Enrolando o treito principal da manguera na debandoira do vehículo.
- 5.4.5 Colocando os rolos de manguera no vehículo.
- 5.4.6 Evitando sempre nestas manobras as posibles rozaduras e arrastres que poidan deteriorar as mangueras.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- 🚚 Camión.
- 🚚 Motobomba.

FERRAMENTAS

- ✂ Mangueras.
- ✂ Mangotes.
- ✂ Racores.
- ✂ Bifurcacións e derivacións.
- ✂ Lanza.
- ✂ Emisora móbil/portátil.
- ✂ Teléfono móbil.
- ✂ Equipos de protección individual.
- ✂ Lanterna.
- ✂ Asubío para sinais acústicos.
- ✂ Cantimplora.
- ✂ Caixa de urxencias.

PRODUTOS

- 💧 Auga.
- 💧 Retardantes.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Transportar carga.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.1 Desprazar a carga co autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.1.1 Coñecendo a posición do cargadeiro en relación coa zona de carga e escollendo a dirección que garde unha mellor relación distancia-dificultade orográfica.
- 6.1.2 Coñecendo as limitacións de carga do autocargador e introducindo sempre un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.
- 6.1.3 Coñecendo e respectando as limitacións dinámicas do autocargador, pendente máxima superable, pendente máxima lateral con carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.
- 6.1.4 Asegurándose de que o guindastre está adecuadamente inmovilizado antes de poñer a máquina en movemento.
- 6.1.5 Determinando se a capacidade portante do solo é suficiente para soportar o paso do autocargador, elixindo unha ruta alternativa se non é así.

- 6.1.6 Evitando o desprazamento da máquina sobre terreo con tendencia ás rodeiras así como en zonas que presenten vexetación nacente.
- 6.1.7 Colocando o cinto de seguridade.
- 6.1.8 Evitando o paso do remolque por zonas estreitas que poden danar a cortiza de árbores en pé.
- 6.1.9 Comprobando que o estado dos freos é o adecuado, introducir unha marcha reducida e bloquear os diferenciais antes de iniciar unha forte pendente.
- 6.1.10 Evitando nas pendentes laterais fortes os xiros cara á arriba.
- 6.1.11 Estendendo a grúa en dirección costa arriba se a pendente é moi forte.
- 6.1.12 Usando o freo motor nos descensos prolongados, aplicando unha lixeira aceleración se perde tracción e mantendo a dirección recta.
- 6.1.13 Reducindo ao máximo as paradas en pendente e, se isto non é posible, auxiliándose con canotos ou outros elementos para facilitar o arranque.
- 6.1.14 Vixiando en todo momento o estado do terreo cara ao que nos diriximos para evitar irregularidades ou obstáculos que estean pouco visibles.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.2 Arrastrar a carga co *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.2.1 Coñecendo a posición do cargadeiro en relación coa zona de carga e escollendo a dirección que garde unha mellor relación distancia-dificultade orográfica.
- 6.2.2 Coñecendo as limitacións de carga do *skidder* e arrastrando un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.
- 6.2.3 Coñecendo e respectando as limitacións dinámicas do *skidder*, pendente máxima superable con carga sen elevación da máquina, pendente máxima lateral con carga sen arrastre da máquina pola carga, ángulos máximos de ataque e saída, así como profundidade de vadeo máxima con carga.
- 6.2.4 Coñecendo sempre a posición do operario de enganche durante a fase de aproximación, carga e afastamento.
- 6.2.5 Enganchando a carga preferiblemente costa abaixo, posto que permite un mellor tensado do cable e un maior control do movemento dos troncos.
- 6.2.6 Acordando co operario de carga un conxunto de sinais que lle permitan ao condutor saber cando a carga está suxeita e pode empezar a ser arrastrada.
- 6.2.7 Evitando o paso por zonas de terreo brando nas cales o dano producido por arrastre e compactación é moi alto.
- 6.2.8 Determinando se a capacidade portante do solo é suficiente para soportar o paso do autocargador, elixindo unha ruta alternativa se non é así.
- 6.2.9 Evitando os arrastres de carga moi afastados do eixe do vehículo.
- 6.2.10 Usando en caso de necesidade o cabrestante en árbores secas, evitando o uso en árbores vivas debido ao enorme dano producido sobre estas.
- 6.2.11 Comprobando que o estado dos freos é o adecuado, introducir unha marcha reducida e bloquear os diferenciais antes de iniciar unha forte pendente.
- 6.2.12 Usando o freo motor nos descensos prolongados, aplicando unha lixeira aceleración se se perde tracción e mantendo a dirección recta.

- 6.2.13 Vixiando en todo momento o estado do terreo cara ao que nos diriximos para evitar irregularidades ou obstáculos que estean pouco visibles.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.3 Descargar e amorear en cargadeiro con autocargador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.3.1 Advertindo da nosa presenza ao resto de operarios e máquinas presentes no cargadeiro.
- 6.3.2 Emprazando o autocargador nunha zona que permita unha boa visibilidade en todo o radio de acción da máquina e que posibilite depositar de maneira estable e segura a maior cantidade de troncos.
- 6.3.3 Inmobilizando a máquina de maneira segura.
- 6.3.4 Buscando unha zona o máis chan posible e baixando as patas antien-vorcadura para estabilizala.
- 6.3.5 Retirando a madeira do remolque e colocándoa en moreas que non deben exceder en moito os dous metros de altura.
- 6.3.6 Distribuindo a madeira de forma uniforme por todo o parque, evitando o seu amontoamento en moreas que dificulten o tránsito e a carga.
- 6.3.7 Desprazando a velocidade moderada polo cargadeiro, tanto á entrada como á saída, o autocargador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.4 Depositar a madeira no cargadeiro con *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.4.1 Advertindo da nosa presenza ao resto de operarios e máquinas presentes no cargadeiro.
- 6.4.2 Buscando unha zona despexada para deixar a carga de madeira, de maneira que sexa facilmente accesible para os guindastres de carga e non interrompa a entrada doutras máquinas.
- 6.4.3 Inmobilizando a máquina de maneira segura.
- 6.4.4 Distribuindo a madeira de forma uniforme por todo o parque, evitando o se amontoamento en moreas que dificulten o tránsito e a carga.
- 6.4.5 Desprazando a velocidade moderada polo cargadeiro, tanto á entrada como á saída, o autocargador.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6.5 Sacar a madeira con colleitadora.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 6.5.1 Comprobando que a plataforma de carga se atopa ocupada na súa totalidade.
- 6.5.2 Asegurándose que a disposición da carga é segura para o transporte.
- 6.5.3 Advertindo da súa intención de desprazarse o resto de máquinas e operarios.
- 6.5.4 Soltando os sistema de estacionamento e levantando as patas de estabilización.
- 6.5.5 Desprazando a máquina a unha velocidade que permita o seu control, evitando as pendentes laterais, obstáculos e usando a liña de máxima pendente para desprazarse.
- 6.5.6 Circulando por aquelas zonas nas que se cause o menor dano posible tanto ao solo como ao voo.
- 6.5.7 Estabilizando e inmobilizando a máquina e depositando a madeira no cargadeiro ou no camión de transporte.
- 6.5.8 Detectando e corrixindo as incidencias habituais propias do uso da máquina.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Tractor autocargador. Tractor arrastrador. Colleitadora forestal.	✕ Bomba de engraxamento. ✕ Compresor de aire. ✕ Manómetro. ✕ Ferramenta manual variada. ✕ Machada. ✕ Serra. ✕ EPI. ✕ Cinto antivibración. ✕ Caixa de urxencias de emerxencia. ✕ Cables de arrastre. ✕ Poleas. ✕ Enganches (<i>chokers</i>). ✕ Cadeas para pneumáticos.	♦ Combustible. ♦ Lubricante. ♦ Valvulina. ♦ Graxa. ♦ Aceite. ♦ Algodón mecánico. ♦ Lámpadas varias. ♦ Ópticas. ♦ Luvas de traballo. ♦ <i>Latiguillos</i> hidráulicos. ♦ Útil de corte. ♦ Pneumáticos.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Realizar radiotransmisións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 7.1 Recibir mensaxes/ordres.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.1.1 Levando o mando de prendido/apagado á posición "ON".
- 7.1.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 7.1.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xirándoo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 7.1.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 7.1.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 7.1.6 Permanecendo atento ás mensaxes que recibe e intervindo unicamente cando sexa requirido directamente para iso.
- 7.1.7 Evitando a interrupción da mensaxe recibida e non falando ata despois de recibir a palabra cambio.
- 7.1.8 Buscando puntos altos e despexados para mellorar a calidade da recepción.
- 7.1.9 Identificando o transmisor.
- 7.1.10 Confirmando a recepción da mensaxe.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 7.2 Transmitir mensaxes/ordres.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 7.2.1 Levando o mando de prendido/apagado á posición "ON".
- 7.2.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 7.2.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xirándoo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 7.2.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 7.2.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 7.2.6 Repasando mentalmente e determinando o contido da mensaxe que cómpre enviar antes de premer o pulsador PTT para que a mensaxe sexa clara, concreta e curta.
- 7.2.7 Premendo o pulsador PTT.

- 7.2.8 Empregando un ton de voz normal, tranquilo e a unha velocidade que permita unha clara comprensión da mensaxe.
- 7.2.9 Colocando o micrófono preto da boca pero sen chegar a tocalo con ela para evitar que a voz se confunda con outros rúidos e para vocalizar adecuadamente.
- 7.2.10 Usando o protocolo de comunicación establecido e vocalizando correctamente para que a información transmitida sexa comprendida.
- 7.2.11 Mantendo a presión sobre o pulsador durante a emisión da mensaxe.
- 7.2.12 Evitando o inicio da transmisión dunha mensaxe mentres se está oíndo outra debido a que a transmisión é unívoca e alternativa.
- 7.2.13 Finalizando a mensaxe coas palabras "cambio e corto".
- 7.2.14 Soltando o pulsador ao terminar de transmitir a mensaxe, deixando o pulsador en situación receptora.
- 7.2.15 Buscando puntos altos para mellorar a calidade da transmisión.
- 7.2.16 Identificando o destinatario da mensaxe.
- 7.2.17 Realizando a identificación do transmisor.
- 7.2.18 Esperando a confirmación por parte do destinatario.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✂ Emisora móbil/portátil.
- ✂ Teléfono móbil.
- ✂ Equipos de protección individual.

PRODUCTOS

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

8 Aplicar o coidado e mantemento da máquina.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.1 Recoñecer os elementos mecánicos principais da máquina e realizar o mantemento básico.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.1.1 Identificando as distintas partes do motor e as funcións que realizan.
- 8.1.2 Aprendendo a relacionar os síntomas das avarías cos elementos implicados.
- 8.1.3 Parando o motor sempre antes de operacións de limpeza ou mantemento.
- 8.1.4 Afastándose sempre de cursos de auga, mananciais ou zonas de elevada permeabilidade para realizar os labores de limpeza e mantemento co fin de evitar a contaminación de acuíferos.
- 8.1.5 Usando sempre luvas para evitar o contacto da pel con aceites ou fluídos hidráulicos a presión que poderían ser perigosos.
- 8.1.6 Realizando os engraxamentos coa periodicidade e sobre os elementos que indica o fabricante.
- 8.1.7 Comprobando o estado dos distintos elementos filtrantes da máquina e substituíndoos se isto fora necesario.
- 8.1.8 Revisando e substituíndo aqueles elementos, tales como catalizadores, que aseguran unha redución no nivel de emisións gasosas contaminantes.
- 8.1.9 Mantendo os niveis de fluído nos niveis adecuados e substituíndo ou repoñendo cando sexa necesario, asegurándose previamente da ausencia de presión dentro do circuito.
- 8.1.10 Comprobando regularmente o sistema eléctrico e de iluminación.
- 8.1.11 Mantendo en bo estado o sistema de freos.
- 8.1.12 Conservando adecuadamente o sistema de dirección.

- 8.1.13 Recollendo sempre todos os fluídos e recambios extraídos das máquinas para evitar que poidan danar o medio natural.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.2 Realizar o mantemento do brazo telescópico e cabezal de procesamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.2.1 Comprobando que as distintas seccións do brazo telescópico estean perfectamente engraxadas.
- 8.2.2 Asegurándose de que os elementos de unión brazo telescópico-máquina se atopan firmes sen presenza de fendas ou corrosión.
- 8.2.3 Examinando o estado dos condutos de fluído hidráulico que alimentan o brazo telescópico
- 8.2.4 Extraendo o elemento de corte do cabezal comprobando a ausencia de fendas e se o seu grao de afiado é o adecuado, cambiándoo en caso contrario.
- 8.2.5 Mantendo o sistema de engraxamento do elemento de corte en bo estado.
- 8.2.6 Comprobando que a aliñación do equipo é a correcta, aliñándoo en caso contrario.
- 8.2.7 Vixiando que o desgaste dos rodets de arrastre impidan a correcta alimentación do cabezal.
- 8.2.8 Mantendo ben afiadas as coitelas de derramado e descortizado.
- 8.2.9 Asegurándose de que as garras de suxeición estean firmes e cunha alimentación hidráulica correcta.
- 8.2.10 Manipulando os elementos de corte con suma precaución e usando os elementos de protección adecuados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.3 Realizar o mantemento elementos de carga do *skidder*.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.3.1 Revisando o cable de tracción e substituíndoo se presenta máis dun 10% de rotura de fíos do cable nunha extensión equivalente a oito veces o diámetro do cable.
- 8.3.2 Comprobando que o cabrestante estea correctamente ancorado á carrocería e cun bo engraxamento.
- 8.3.3 Revisando periodicamente as poleas e sogueiras de estrangulación para detectar signos de desgaste ou deterioracións.
- 8.3.4 Comprobando que os elementos móbiles da pinza están en bo estado e que esta exerce a presión adecuada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.4 Realizar o mantemento do vehículo motobomba.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.4.1 Comprobando o estado das distintas unións (manguitos, racores...).
- 8.4.2 Comprobando que se encontran no vehículo todas as ferramentas necesarias para solucionar calquera eventualidade que se poida producir nos desprazamentos e nas cargas e descargas de auga.
- 8.4.3 Realizando a comprobación do funcionamento do indicador de temperatura da bomba.
- 8.4.4 Verificando o correcto funcionamento do indicador de nivel do tanque.
- 8.4.5 Efectuando a verificación do estado de estanquidade dos mandos de apertura ou peche de entrada e saídas da bomba.
- 8.4.6 Verificando que o contarrevolucións da bomba estea en perfecto estado de funcionamento.

- 8.4.7 Levando a cabo a comprobación do correcto estado do vacuómetro (indicador de baleiro).
- 8.4.8 Comprobando o funcionamento dos mandos de accionamento e control da bomba.
- 8.4.9 Verificando o estado de funcionamento das chaves e substituíndo os que sexa necesario.
- 8.4.10 Realizando a comprobación de que a bomba contén todos os elementos accesorios necesarios e en cantidades suficientes: mangotes, mangueras de distintos diámetros e lonxitudes, racores, bifurcacións e derivacións, lanzas.
- 8.4.11 Examinando o estado das mangueras e substituíndo as que se encontran deterioradas e en mal estado.
- 8.4.12 Revisando que as mangueras estean ben recollidas; de non ser así, procederase a estendelas e recollelas ben para evitar danos nelas e imprevistos no momento de utilízalas.
- 8.4.13 Realizando a comprobación do funcionamento do indicador de temperatura da bomba.
- 8.4.14 Verificando o correcto funcionamento do indicador de nivel do tanque.
- 8.4.15 Efectuando a verificación do estado de estanquidade dos mandos de apertura ou peche de entrada e saídas da bomba.
- 8.4.16 Verificando que o contarrevolucións da bomba estea en perfecto estado de funcionamento.
- 8.4.17 Levando a cabo a comprobación do correcto estado do vacuómetro (indicador de baleiro).
- 8.4.18 Comprobando o funcionamento dos mandos de accionamento e control da bomba.
- 8.4.19 Verificando o estado de funcionamento das chaves e substituíndo as que sexa necesario.
- 8.4.20 Realizando a comprobación de que a bomba contén todos os elementos accesorios necesarios e en cantidades suficientes: mangotes, mangueras de distintos diámetros e lonxitudes, racores, bifurcacións e derivacións, lanzas.
- 8.4.21 Examinando o estado das mangueras e substituíndo as que estean deterioradas e en mal estado.
- 8.4.22 Revisando que as mangueras estean ben recollidas; de non ser así, procederase a estendelas e recollelas ben para evitar danos nelas e imprevistos no momento de utilízalas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.5 Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.5.1 Revisando periodicamente que a antena estea correctamente instalada para evitar que se poida desconectar por vibracións ou movementos.
- 8.5.2 Comprobando que micrófono e altafalante funcionan perfectamente.
- 8.5.3 Realizando unha proba de emisión/recepción co equipo antes de empezar a operar.
- 8.5.4 Evitando salpicaduras e golpes sobre os equipos.
- 8.5.5 Inspeccionando os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.
- 8.5.6 Comprobando periodicamente que as baterías estean en plena carga, debéndose prever a súa posible substitución en función da duración do servizo que hai que prestar.

- 8.5.7 Asegurándose de que a batería estea completamente esgotada antes de proceder á súa carga.
- 8.5.8 Substituíndo as baterías esgotadas por outras cargadas.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 8.6 Manexar coidadosamente a máquina.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 8.6.1 Deixando sempre que o motor acade a temperatura de réxime antes de comezar o traballo.
- 8.6.2 Circulando a velocidades moderadas cando se despraza por zonas moi accidentadas.
- 8.6.3 Evitando na medida do posible os esforzos de torsión sobre o chasis e a transmisión.
- 8.6.4 Evitando procesar árbores que polas súas dimensións poden supoñer un esforzo excesivo tanto para as unións dos distintos elementos como para o motor e o brazo telescópico, así como para o cabezal de procesamento.
- 8.6.5 Reducindo ao máximo os balanceos do brazo telescópico, cando esta estea cargada, minimizando desta maneira os esforzos sobre o conxunto.
- 8.6.6 Deixando que o motor se manteña un momento a ralenti antes de apagar o motor.

>... MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- 🚚 Colleitadora forestal.
- 🚚 Tractor autocargador.
- 🚚 Skidder.
- 🚚 Camión motobomba.

FERRAMENTAS

- ✂ Gato hidráulico.
- ✂ Bombas de recarga.
- ✂ Bomba de engraxamento.
- ✂ Máquina de lavado a presión.
- ✂ Compresor de aire.
- ✂ Manómetro.
- ✂ Ferramenta manual variada.
- ✂ EPI.
- ✂ Calzos debidamente homologados.
- ✂ Caixa de urxencias de emerxencia.
- ✂ Mangueiras.
- ✂ Mangotes.
- ✂ Racores.
- ✂ Bifurcacións e derivacións.
- ✂ Lanza.
- ✂ Emisora móbil/portátil.
- ✂ Teléfono móbil.

PRODUTOS

- 💧 Produtos deterxentes.
- 💧 Combustible.
- 💧 Lubricante.
- 💧 Valvulina.
- 💧 Graxa.
- 💧 Aceite.
- 💧 Anticonxelante.
- 💧 Auga destilada.
- 💧 Disolvente.
- 💧 Algodón mecánico.
- 💧 Lámpadas varias.
- 💧 Ópticas.
- 💧 Trapos varios.
- 💧 Limpacristais.
- 💧 Material para o rexistro de datos.
- 💧 Líquido de freos.
- 💧 Anticonxelante.
- 💧 Pastillas de freo.
- 💧 Zapatas.
- 💧 Lámpadas.
- 💧 Filtros de aceite.
- 💧 Filtros de aire.
- 💧 Filtros de gasóleo.
- 💧 Pneumáticos.

■.. 6.2.4.2. XERENTE FORESTAL

*> 6.2.4.2.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Xerente forestal.
Sector		Forestal
Actividade		Aproveitamento madeireiro
		Caza
		Produción de planta

*> 6.2.4.2.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

É aquel traballador que posúe os coñecementos necesarios para desenvolver a súa actividade empresarial (tanto a nivel madeireiro como cinexético e de produción de planta); dirixe e organiza todos aqueles recursos que interveñen na mellora e mantemento da súa empresa controlando para iso o seu emprazamento e as instalacións que a configuran así como o aproveitamento, a comercialización e a produción.

*> 6.2.4.2.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- ... Responsabilidade e profesionalidade para levar a cabo cada unha das súas funcións técnicas.
- ... Respectuoso e tamén firme á hora de impoñer o cumprimento da normativa.
- ... Debe posuír dotes de mando para poder coordinar, programar e controlar as tarefas dos subordinados.
- ... Dedicación plena e atenta para poder exercer as súas funcións sen interferencias.
- ... Seriedade con respecto ao cumprimento da Lei de PRL e da normativa vixente en materia de calidade e medio ambiente.
- ... Desexo de conseguir unha formación permanente para poder exercer as tarefas encomendadas no futuro.
- ... Capacidade de observación para coñecer e distinguir as distintas especies obxecto de caza e os seus posibles depredadores.
- ... Sobriedade e coñecementos técnicos para aconsellar e asesorar sobre o uso das armas de lume.
- ... Profesionalidade e dominio das técnicas de rexistro básicas para desempeñar o seu labor no campo e na oficina.
- ... Responsabilidade para aconsellar vedas e outras medidas protectoras.
- ... Sentido protector con respecto ao medio ambiente en xeral.
- ... Obxectividade á hora de cuantificar os danos orixinados pola propia actividade.
- ... Atención ante os coñecementos básicos sobre silvicultura.
- ... Axilidade no manexo dos equipos informáticos.
- ... Profesionalidade ante a aplicación no proceso de calquera tipo de negociación.
- ... Control na elaboración de orzamentos cara á xestión administrativa.
- ... Efectividade para coñecer o proceso administrativo de poxa da madeira na explotación forestal.
- ... Responsabilidade ante a normativa vixente para regular os procesos de autorización de realización de cortas.
- ... Actualización e optimización de novidades e tendencias no aproveitamento forestal.
- ... Capacidade visual na cubicación de madeira dun terreo e a súa rendibilidade.
- ... Método e orde para a xestión comercial, administrativa e de recursos humanos.
- ... Adecuación ao funcionamento diario dun viveiro.
- ... Coñecer a idoneidade do papel de intermediario entre cultivadores e comerciantes ou público en xeral.

- ... Predisposición para asumir as innovacións.
- ... Concentración para levar a cabo as habilidades precisas no proceso de compravenda e das organizacións do sector.
- ... Interese polo coñecemento daquelas operacións tanto a nivel estacional como de mantemento dentro do viveiro.
- ... Precisión e estudo con respecto aos coñecementos do solo.
- ... Interese no coñecemento de especies forestais, enfermidades e pragas.
- ... Creatividade e estudo para fomentar ideas de deseño no viveiro.
- ... Rigoriedade para levar a cabo análises de custos.

>. Organizativas

- ... Dotes de mando e organizativas.
- ... Disponibilidade para a atención ao público.
- ... Concentración ante situacións propias do seu ámbito competencial.
- ... Planificación obxectiva e práctica da actividade encomendada.
- ... Coordinación adecuada e profesional cos traballadores.
- ... Responsabilidade para a supervisión da estratexia de xestión.
- ... Optimización de todos os recursos dispoñibles.
- ... Actualización e memorización da normativa a impoñer.
- ... Constancia nas actuacións e tarefas ordinarias.
- ... Capacidade de autonomía naquelas actividades que así o requiran.
- ... Atención na planificación e distribución de tarefas e programas de traballo.
- ... Seriedade e eficacia para a integración na cadea de traballo.
- ... Concentración para xestionar a parte económica da empresa e acceder a novas formas de comunicación e busca de información.
- ... Esfuerzo continuo para desenvolver habilidades de dirección e mercadeo.
- ... Constancia para a consecución de obxectivos.

>. Interaccións

- ... Afabilidade e certo grao de empatía no trato con clientes, público e provedores.
- ... Autocontrol para interrelacionar con propietarios, subordinados, usuarios.
- ... Habilidades e destrezas para desenvolver a comunicación e ofertar unha información adecuada e eficaz.
- ... Minuciosidade á hora de facilitar esa información.
- ... Capacidade de integración co persoal ao seu cargo.
- ... Claridade na exposición de limitacións, previsións, dúbidas...
- ... Sensibilidade para captar situacións que poidan entorpecer a actividade.
- ... Corrección no trato evitando "modos e maneiras" que resulten negativas.
- ... Dinamismo laboral e persoal para influír positivamente no devir diario das tarefas que se desenvolven no ámbito forestal.
- ... Apertura ao cambio.
- ... Atender aquelas normas comportamentais e de conduta adecuadas para calquera situación.
- ... Colaboración e eficacia para fomentar relacións.
- ... Fluidez para poder manter relacións empresariais internas e externas.
- ... Comprensión, diálogo e escoita.
- ... Aceptar diferentes puntos de vista, opinións e consellos.
- ... Tolerancia.
- ... Actitude dinámica e obxectiva.
- ... Cordialidade no mantemento das relacións laborais.
- ... Cooperación coas empresas relacionadas coa actividade desenvolvida no sector.

>. Resposta a continxencias

- ... Responsabilidade e capacidade de mando.
- ... Interpretación e resposta aos sinais do contorno.
- ... Serenidade e equilibrio para manter unha actitude controlada (autocontrol) ante feitos inesperados ou fóra de control e poder realizar a busca para ofrecer unha resposta rápida e o máis eficaz posible ante situacións imprevistas ou anómalas (toma de decisións).
- ... Flexibilidade na incorporación de todo tipo de propostas e innovacións.
- ... Desenvolver e atender a capacidade de improvisación e asimilación de situacións, feitos e/ou problemas varios.
- ... Paciencia e obxectividade para poder analizar unha situación determinada que requira máis traballo e unha contribución específica e adecuada encamiñada a resolver tamén conflitos existentes.
- ... Actitude neutral, cando así se requira, en conflitos.
- ... Capacidade de análise e de adaptación en xeral.
- ... Extraversión.

*> 6.2.4.2.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

- . 1 ■... Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.
- . 2 ■... Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.
- . 3 ■... Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro e a súa comercialización.
- . 4 ■... Valorar e controlar a instalación e as características do empraemento do viveiro.
- . 5 ■... Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e a cantidade de cazadores e o número de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.

*> 6.2.4.2.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Analizar e avaliar a viabilidade da empresa mediante estudos e previsións que garantan unha toma de decisións e un deseño adaptado ás necesidades empresariais.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Seleccionando as liñas produtivas en función do saber facer, experiencia, imperativos e tendencias do mercado.
- 1.1.2 Analizando a localización da empresa sobre a base de prezo do chan, área de influencia potencial, etc.
- 1.1.3 Seleccionando a situación física da empresa.
- 1.1.4 Identificando a forma de explotación e distribución adecuada: tipoloxía empresarial, forma xurídica e estrutura organizativa.
- 1.1.5 Dimensionando e caracterizando o equipo humano que require a empresa en función dos obxectivos e do deseño organizativo empresarial.
- 1.1.6 Identificando e valorando as instalacións e equipos requiridos.
- 1.1.7 Estimando os ingresos e gastos previstos.
- 1.1.8 Identificando o límite de rendibilidade e punto morto.
- 1.1.9 Valorando a dispoñibilidade de recursos financeiros e/ou as alternativas de obtención destes así como o seu custo.

- 1.1.10 Identificando a documentación e os trámites legais necesarios para o exercicio da actividade empresarial.
- 1.1.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.1.12 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Dirixir a orientación estratéxica da empresa para establecer políticas empresariais e garantir así o posicionamento no mercado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Determinando o posicionamento estratéxico desexado no mercado, axustando consecuentemente as características de calidade dos procesos e produtos, os prezos, a gama de produtos, a oferta, etc.
- 1.2.2 Realizando a análise dos posibles clientes, identificando as súas necesidades.
- 1.2.3 Valorando a adecuación das distintas características dos produtos a obter ao mercado seleccionado como obxectivo.
- 1.2.4 Realizando a análise da competencia e as características desta.
- 1.2.5 Identificando os puntos diferenciadores da competencia así como os puntos fortes e débiles.
- 1.2.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.2.7 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Establecer a previsión orzamentaria, segundo os obxectivos establecidos e a experiencia acumulada, para dispoñer dunha referencia e realizar así o seguimento da actividade.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Establecendo o obxectivo detallado de vendas do exercicio, segundo a evolución de exercicios anteriores, as expectativas existentes e a política xeral establecida para ese período.
- 1.3.2 Estimando os diferentes capítulos de custos de explotación.
- 1.3.3 Estimando os distintos pagos derivados dos custos de explotación e de investimentos ou outros gastos a realizar.
- 1.3.4 Contrastando cobros e pagos para estimar as necesidades financeiras previsibles e as posibles alternativas.
- 1.3.5 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.3.6 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Realizar o control e seguimento da evolución da actividade empresarial.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Analizando as vendas, comparándoas coas previsións e/ou os exercicios anteriores.
- 1.4.2 Controlando a evolución dos custos e analizando as marxes de distintos produtos/liñas de produción.
- 1.4.3 Analizando as desviacións e as súas causas.
- 1.4.4 Contrastando opinións e análise de posibles motivos.
- 1.4.5 Tomando as medidas correctoras oportunas.
- 1.4.6 Mantendo os contactos que sexan necesarios con asesores externos, segundo modelo de colaboración preestablecido.
- 1.4.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.4.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.5 Adecuala infraestrutura empresarial á produción e demanda comercial.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.5.1 Establecendo un plan de anotacións contables xeral e, se é posible, específico para cada fase do proceso na empresa.
- 1.5.2 Tendo en conta datas e calendarios tanto para pedidos como para documentos esixidos a nivel fiscal e pola lexislación vixente.
- 1.5.3 Planificando e priorizando necesidades financeiras.
- 1.5.4 Decidindo e xestionando a compra ou arrendamentos de servizos e o sistema de contratación.
- 1.5.5 Establecendo en función da instalación, da produción, das necesidades e dos rendementos a incorporación ou non de novas máquinas, equipos, técnicas e métodos de traballo.
- 1.5.6 Sopesando novos investimentos para rendibilizar e/ou ampliar nunha maior medida a empresa e o mercado ao que se dirixe.
- 1.5.7 Elaborando plans que partan de criterios técnicos e económicos para o caso de novos investimentos.
- 1.5.8 Realizando o inventario e o balance anual.
- 1.5.9 Acondicionando todo o proceso relacionado co transporte coa intención de axilizalo e, se é posible, buscar fórmulas para abaratalo.
- 1.5.10 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Ordenador.
- Fotocopiadora.

FERRAMENTAS

- ✕ Papel.
- ✕ Bolígrafo.
- ✕ Calculadora.
- ✕ Teléfono e fax.
- ✕ Impresos.
- ✕ Documentación.
- ✕ Regulamentación pertinente.
- ✕ Software específico.
- ✕ Material de oficina en xeral.
- ✕ Correo electrónico e Internet.
- ✕ Arquivo de provedores, clientes, condicións de venda, mercadotecnia...

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Dirixir a xestión do persoal da empresa, no marco das relacións laborais vixentes, de acordo coas necesidades previstas e a política de recursos humanos establecida.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Negociando e establecendo os salarios dos traballadores, segundo a normativa vixente e os acordos específicos establecidos con eles.
- 2.1.2 Vixiando para que se apliquen de forma correcta a normativa en vigor e os acordos adoptados no resto das condicións de traballo: vacacións, descansos, seguridade e hixiene, etc.
- 2.1.3 Avaliando os distintos postos de traballo e determinando a rotación e especialización que afecta a cada un deles.
- 2.1.4 Resolvendo a contratación de persoal en número e perfil profesional adecuado á necesidade existente.

- 2.1.5 Efectuando o proceso de selección correspondente en función das necesidades cualitativas e cuantitativas.
- 2.1.6 Dispoñendo as promocións e/ou sancións en función da avaliación do comportamento e resultados do persoal.
- 2.1.7 Decidindo e/ou propoñendo a realización de actividades formativas en temáticas e para os traballadores que considera adecuadas.
- 2.1.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Coordinar e supervisar o funcionamento do equipo humano.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Distribuíndo e coordinando o traballo dos traballadores segundo as necesidades previstas, transmitíndolles as correspondentes directrices de actuación.
- 2.2.2 Establecendo, segundo necesidades, as quendas e o programa de horarios.
- 2.2.3 Reorganizando as asignacións de tarefas para optimizar as intervencións, segundo os criterios de prioridade e urxencia, en caso de situacións imprevistas.
- 2.2.4 Efectuando o seguimento e control do comportamento do equipo, corrixiendo actitudes e prácticas inadecuadas, e transmitindo e estimulando as técnicas precisas e os comportamentos competitivos.
- 2.2.5 Vixiando o cumprimento dos horarios.
- 2.2.6 Cumprimentando e transmitindo puntualmente os documentos administrativos establecidos pola empresa para o control de asistencias, horas traballadas.
- 2.2.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.2.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Prever, realizar, controlar e supervisar as operacións de aprovisionamento de medios e materiais.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Valorando e seleccionando as subvencións e axudas das distintas Administracións públicas para conseguir aumentar a rendibilidade da explotación afrontando os procesos de modernización e compra de maquinaria nova.
- 2.3.2 Solicitando esas axudas e subvencións e entregando perfectamente cuberta a documentación requirida coa intención de entrar nos prazos correspondentes á presentación das solicitudes.
- 2.3.3 Verificando que as actividades realizadas cumpran as leis de prevención de riscos laborais, medio ambiente e calidade.
- 2.3.4 Previndo as necesidades con antelación suficiente co obxecto de dispoñer dos produtos, recambios e todo o necesario nas cantidades previstas para a súa utilización.
- 2.3.5 Recibindo, aceptando e a continuación preparando os pedidos, sempre contando coas posibilidades reais de servilos cunhas garantías de calidade e seriedade coa finalidade de que a empresa sexa un referente óptimo para os compradores.
- 2.3.6 Poñéndose en contacto cos técnicos das administracións públicas para a selección de especies ameazadas e a súa recuperación, así como para ver o disposto pola Administración en materia de desenvolvemento sostible.

- 2.3.7 Efectuando pedidos de materiais e comprobando que a mercadoría recibida se axusta ao solicitado co fin de adquirir os materiais e produtos necesarios para un correcto desenvolvemento de cada unha das fases de produción.
- 2.3.8 Consequindo información sobre prezos, mercados, provedores, vendedores e transportistas.
- 2.3.9 Asesorándose sobre técnicas de venda.
- 2.3.10 Xestionando a mercadotecnia e/ou publicidade que considere oportuna e beneficiosa en relación co custo máis adecuado.
- 2.3.11 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Planificar, levar a cabo e vixiar as operacións de comercialización dos produtos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Atendendo á capacidade produtiva da empresa e aos clientes reais e potenciais.
- 2.4.2 Seleccionando clientes e condicións de comercialización coa finalidade de pactar, axustar e formalizar o cobro, os descontos, os prazos de entrega e o transporte.
- 2.4.3 Establecendo relacións cos clientes: cooperativas, asociacións..., para a distribución ao mercado.
- 2.4.4 Consequindo as mellores e máis seguras canles e condicións de comercialización para aumentar a rendibilidade.
- 2.4.5 Avaliando aqueles aspectos externos e internos que repercuten sobre a actividade (DAFO).
- 2.4.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 2.4.7 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.4.8 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Introducir aquelas modificacións e actualizacións empresariais que o proceso produtivo demande.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Planificando reunións de consulta e seguimento cos traballadores.
- 2.5.2 Reuníndose cos traballadores.
- 2.5.3 Distribuindo tarefas e establecendo pautas de traballo.
- 2.5.4 Atendendo puntualmente os traballadores calquera tipo de consulta, reclamación ou aviso.
- 2.5.5 Recollendo novidades, cambios e tendencias na explotación forestal.
- 2.5.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos do proceso produtivo.
- 2.5.7 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.
- 2.5.8 Controlando información legal, administrativa e científica.
- 2.5.9 Recibindo asesoramento comercial, de procesos produtivos, etc.
- 2.5.10 Determinando as modificacións que cómpre introducir para favorecer un aproveitamento forestal sostible.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Velar polo bo estado de instalacións, equipos, maquinarias, útiles e todos aqueles instrumentos necesarios para unha correcta aplicación da actividade laboral.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Comprobando que se fagan revisións periódicas da maquinaria para saber en que estado se atopa e se proporciona un bo rendemento.
- 2.6.2 Verificando que os vehículos e maquinaria sexan suficientes e que aqueles que se utilicen en colaboración con outra empresa non supoñan ningún problema.
- 2.6.3 Controlando e supervisando en xeral ferramenta, útiles, materiais e aprovisionamentos.
- 2.6.4 Estudando como obter unha mellora, ou un maior nivel laboral, na distribución do cadro de persoal para poder modificar ou non o rendemento do traballo.
- 2.6.5 Seleccionando o persoal que máis se adapte ás esixencias do viveiro e que posúa as capacidades profesionais (aptitudes e actitudes) máis convenientes para a tarefa que se destine.
- 2.6.6 Determinando rotacións para que os traballadores teñan un coñecemento xeral de todas as tarefas.
- 2.6.7 Acomodando a tarefa a desenvolver ao profesional coa especialidade e experiencia que se adapte mellor.
- 2.6.8 Programando a actualización e reciclaxe profesional dos traballadores a nivel formativo para así poder facer fronte á implantación de técnicas novas.
- 2.6.9 Ofertando a posibilidade de asistencia a cursos formativos relacionados co seu traballo.
- 2.6.10 Controlando que os instrumentos e ferramentas de traballo, tanto do laboratorio como o equipo informático, sexan aptos e suficientes para atender as necesidades de traballo.
- 2.6.11 Comprobando que os sistemas de rega, luz, peche... funcionan sen problemas.
- 2.6.12 Verificando que cada área de traballo teña todo o necesario para actuar correctamente e co maior rendemento posible.
- 2.6.13 Atendendo peticións dos traballadores sobre materiais, cambios...
- 2.6.14 Revisando a mercadoría que se vende, a súa colocación, o estado de conservación, a limpeza da área de venda...
- 2.6.15 Comprobando o bo estado e posibilidades dun correcto funcionamento en todas as áreas en xeral (despachos, servizos...).
- 2.6.16 Comprometéndose a levar a cabo unha planificación das instalacións segundo sexa a súa natureza para organizar e poder facer un seguimento destas operando con maior ou menor eficacia.
- 2.6.17 Vixiando que a utilización de materias seleccionadas sexa de alta calidade e que o material vexetativo estea libre de pragas e enfermidades para poder ofertar calidade.
- 2.6.18 Facendo o seguimento do estado e utilización da calidade da terra, dos fertilizantes, etc.
- 2.6.19 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.6.20 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS**MÁQUINAS**

-  Ordenador.
-  Fotocopiadora.

FERRAMENTAS

- ✂ Papel.
- ✂ Bolígrafo.
- ✂ Calculadora.

- ✕ Teléfono e fax.
- ✕ Impresos.
- ✕ Documentación.
- ✕ Software específico.
- ✕ Regulamentación pertinente.
- ✕ Material de oficina en xeral.
- ✕ Correo electrónico e Internet.
- ✕ Arquivo de provedores, clientes, contratos, condicións de venda, mercadotecnia...

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.1 Estimar a rendibilidade do aproveitamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Visitando os terreos forestais para proceder a un recoñecemento visual da capacidade madeirable destes.
- 3.1.2 Cubicando, estimando os metros cúbicos, *in situ*, a madeira existente nun terreo.
- 3.1.3 Realizando a comprobación da calidade da madeira do terreo forestal que se está recoñecendo para a súa posible compra.
- 3.1.4 Realizando pequenos cortes nas árbores cunha machada pequena e así proceder ao marcado da madeira para a súa posible compra.
- 3.1.5 Tomando datos da madeira que se mira (situación, propietario, metros cúbicos, calidade, facilidade de saca, etc.) para posible compra e realizar o orzamento.
- 3.1.6 Comprobando previamente a densidade e o estado da rede viaria.
- 3.1.7 Identificando a orografía do terreo forestal susceptible de ser sometido a aproveitamento para determinar as dificultades que implicará a saca e os seus custos.
- 3.1.8 Determinando a distancia existente entre os puntos de saca e o cargadeiro así como a posible construción dun novo.
- 3.1.9 Calculando o custo da apertura de vías de saca.
- 3.1.10 Efectuando o cálculo da distancia dende o cargadeiro ata o cliente, para determinar posteriormente o cálculo do custo do transporte da madeira ao seu destinatario.
- 3.1.11 Estimando o estado climatolóxico durante o período de realización do aproveitamento para calculala duración e dificultade deste.
- 3.1.12 Realizando a determinación da maquinaria que será necesaria para efectuar o aproveitamento e do custo por hora do seu uso.
- 3.1.13 Comprobando o estado do sotobosque e a densidade arbórea no terreo forestal que hai que someter a aproveitamento para determinar o grao de dificultade da realización do aproveitamento e os custos que iso supón.
- 3.1.14 Determinando o tipo de aproveitamento que se levará a cabo (rareo, corta a eito, desmesta, corta de policía, etc.).
- 3.1.15 Tendo en conta a actual demanda e o volume circulante no mercado.
- 3.1.16 Comprobando o estado fitosanitario e o estado e calidade do fuste das árbores.
- 3.1.17 Verificando previamente o estado legal do monte, evitando así custos innecesarios por incumprimento legal.

- 3.1.18 Tendo en conta a existencia ou non de elementos etnográficos ou de interese no terreo.
- 3.1.19 Calculando os custos totais estimados do aproveitamento.
- 3.1.20 Realizando a estimación dos ingresos da venda.
- 3.1.21 Estimando a rendibilidade final do proceso de aproveitamento.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.2 Obter permisos de corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Determinando os impresos oficiais que compre cubrir en función da emprazamento do terreo forestal onde terá lugar a corta.
- 3.2.2 Recompilando os datos do terreo e do seu propietario que son necesarios para realizar a solicitude de permiso: situación, lindes, superficie, nome do propietario, titularidade ...
- 3.2.3 Cumprimentando os impresos oficiais necesarios.
- 3.2.4 Entregando os impresos oficiais totalmente cubertos na oficina forestal da zona.
- 3.2.5 Esperando a notificación oficial do permiso e evitando en todo momento as posibles sancións.
- 3.2.6 Cinguíndose ao aproveitamento para o que foi adquirida a madeira.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.3 Planificar e preparar o aproveitamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Determinando os recursos humanos e materiais necesarios para efectuar o aproveitamento.
- 3.3.2 Axustando as tarefas de aproveitamento aos requirimentos do cliente e ás características da madeira adquirida.
- 3.3.3 Asignando recursos humanos e materiais en función da súa dispoñibilidade.
- 3.3.4 Concretando as vías de saca que será necesario abrir para efectuar o aproveitamento, evitando danar a rede viaria e o contorno natural que non vai ser obxecto da corta.
- 3.3.5 Realizando a asignación de medios materiais e humanos necesarios para efectuar a apertura de vías de saca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.4 Organizar e supervisar as tarefas de corta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Reuníndose diariamente cos traballadores ou encargados destes, ao inicio da xornada e por equipos de traballo, para realizar a asignación de tarefas.
- 3.4.2 Indicándolles con claridade aos traballadores as directrices que cómpre seguir, por equipos de traballo.
- 3.4.3 Efectuando o control dos equipos de protección individual, así como verificando que os traballadores os utilizan, minimizando ao máximo os posibles riscos.
- 3.4.4 Supervisando e controlando a apertura de vías para a realización da saca.
- 3.4.5 Supervisando e controlando os procesos de corta, torado, derramado e descortizado, tanto manuais con motoserpa como mecanizados con procesadoras, para que estes se executen da forma máis segura e eficaz posible e respondendo ás demandas dos compradores.
- 3.4.6 Realizando a supervisión da carga de toradas e o transporte destas ao cargadeiro para proceder ao amoreamento.

- 3.4.7 Coordinando o transporte a clientes en función da cantidade de madeira amoreada.
- 3.4.8 Garantindo en todo momento que os procesos do aproveitamento non van xerar danos na rede viaria nin no contorno natural non obxecto de aproveitamento.
- 3.4.9 Verificando que todos os procesos do aproveitamento non xeran impactos no medio ambiente.
- 3.4.10 Coordinando as distintas actuacións dos empregados para garantir un óptimo rendemento do traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Comprobar as medidas e calidades de madeira cortada para que se axusten aos produtos solicitados polo cliente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Efectuando medicións do diámetro e lonxitude das pezas cortadas.
- 3.5.2 Avaliando a calidade das pezas cortadas.
- 3.5.3 Realizando a comprobación de que as medidas tomadas ás pezas se axustan ás medidas solicitadas polo cliente.
- 3.5.4 Dando ordes para axustar o proceso de corte en caso de que as medidas realizadas ás pezas cortadas non se axusten ao pedido.
- 3.5.5 Verificando novamente as medidas das pezas co metro antes de proceder ao seu envío ao cliente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.6 Organizar e supervisar as tarefas de aproveitamento de restos de saca.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.6.1 Dispoñendo e supervisando os procesos para a dispersión dos restos da saca ou a súa distribución en cordóns separados pola distancia preceptiva.
- 3.6.2 Organizando e vixiando a recollida da biomasa para o seu posterior transporte ao cargadeiro.
- 3.6.3 Controlando o estelado da biomasa así como o seu secado.
- 3.6.4 Realizando a verificación do proceso de peneirado e posterior densificado para proceder á venda dos produtos resultantes.
- 3.6.5 Supervisando as calidades e características dos produtos obtidos e o seu axuste ás necesidades do cliente.
- 3.6.6 Evitando producir danos no medio ambiente e na rede viaria.

> MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Coche.
- Ordenador.

FERRAMENTAS

- ✂ Papel.
- ✂ Bolígrafo.
- ✂ Calculadora.
- ✂ Teléfono e fax.
- ✂ Metro.
- ✂ Impresos.
- ✂ Documentación.
- ✂ EPI.
- ✂ Correo electrónico e internet.
- ✂ Software específico.
- ✂ Caixa de urxencias.
- ✂ Publicacións oficiais.
- ✂ Normativa vixente.
- ✂ Machada pequena.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4** Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro, así como planificar, dirixir e coordinar os procesos de produción de plantas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- **4.1** Analizar a viabilidade que proporciona a localización do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Elixindo en caso necesario o emprazamento adecuado.
- 4.1.2 Valorando as vantaxes ou inconvenientes do emprazamento do viveiro.
- 4.1.3 Recoñecendo as limitacións das condicións da localización.
- 4.1.4 Contemplando a análise do emprazamento e a súa relación coa oferta e demanda esperada.
- 4.1.5 Tendo en conta as condicións estacionais para o ciclo vexetativo das plantas.
- 4.1.6 Tendo en conta a clase de viveiro a rexentar e todos os tipos de condicionantes que repercutan sobre este.
- 4.1.7 Sopesando o custo de transporte das plantas: a distancia ás áreas de plantación e os medios de distribución e camiños de acceso á área de plantación.
- 4.1.8 Estimando a existencia doutros viveiros próximos.
- 4.1.9 Comprobando a proximidade da estrada para facilitar o acceso ao persoal, ao transporte en xeral e a proximidade a un centro poboado para facilitar o abastecemento en xeral.
- 4.1.10 Tendo en conta a distancia e as fontes de manancial de auga (ríos, canles de irrigación, mananciais, auga de subsolo, lagoas...).
- 4.1.11 Valorando a calidade que se pode ofertar en función de: a temperatura do lugar, as chuvias, a textura e tipo de chan, caudal de auga requirido e salinización, controlando á súa vez o pH.
- 4.1.12 Analizando a auga de rega para que os parámetros que miden a súa aptitude para o este estean nos niveis adecuados.
- 4.1.13 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións
- 4.1.14 Aplicando criterios de calidade.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- **4.2** Supervisar as instalacións do viveiro con respecto á produción de planta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Coñecendo e valorando a súa adaptabilidade a todas as tarefas en cada un dos procesos.
- 4.2.2 Propoñéndose unha remodelación ou modificación en caso necesario (ampliacións de almacén, distribución nova de seccións...).
- 4.2.3 Adaptando e/ou cambiando o deseño segundo as necesidades que vaian xurdindo no viveiro.
- 4.2.4 Procurando que a infraestrutura do viveiro se adecúe á produción e á demanda e sirva para unha multiplicación e coidado óptimo das plantas.
- 4.2.5 Vixiando que as instalacións cumpran cos criterios técnicos precisos e necesarios para a produción de plantas.
- 4.2.6 Optimizando en cada proceso o bo funcionamento da rega, as zonas de produción, as instalacións complementarias...
- 4.2.7 Supervisando e controlando os sistemas de rega da instalación e os elementos de protección para as plantas no viveiro.
- 4.2.8 Avaliando se existe a necesidade de realizar melloras ou remodelacións.
- 4.2.9 Informándose de programas actuais e innovacións para a mellora do viveiro.

- 4.2.10 Elixindo para aplicar aquelas técnicas e programas precisos que o modelo da instalación require.
- 4.2.11 Adaptando o aproveitamento do espazo para o aforro de auga por planta.
- 4.2.12 Verificando que o viveiro cumpra coas normas sanitarias requiridas para unha instalación deste tipo.
- 4.2.13 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 4.2.14 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.2.15 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Procurar que o viveiro cumpra dunha forma correcta co seu obxectivo principal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Supervisando a produción dende a fase de sementeira, conseguindo con isto que a planificación repercuta directamente nunha oferta adecuada e de calidade do produto co custo alcanzable e esperado.
- 4.3.2 Proporcionando, asegurando e controlando as mellores condicións de traballo e medios para que o desenvolvemento das tarefas sexa óptimo.
- 4.3.3 Consequindo que tras o coidado do solo, sementeira e repicado chéguese a obter plantas de calidade.
- 4.3.4 Planificando a produción coa elección de plantas atendendo aos beneficios (directos ou indirectos) e aos métodos alternativos da produción.
- 4.3.5 Consequindo unha coordinación e axilidade en todos os procesos (fase de sementeira, crecemento, endurecemento e despacho), actividades e tarefas propias da explotación coa finalidade de que a cadea de traballo e as seccións do viveiro estean organizadas sen interferir negativamente unhas con outras contando cos materiais e medios necesarios para tal fin.
- 4.3.6 En caso de contar o viveiro cun servizo de tenda, controlando as vendas, os produtos de venda e a contabilidade en xeral.
- 4.3.7 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 4.3.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.3.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Adaptar a instalación a unha estimación da oferta que o viveiro poida realizar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Producindo a cantidade de plantas adecuadas en tamaño, cantidade, especies e calidade.
- 4.4.2 Considerando o tipo de viveiro (familiar, comunal...), o tamaño e os recursos cos que conta.
- 4.4.3 Planificando a obtención das especies máis adecuadas á demanda actual e que mellor se adapten ao traballo e características da explotación.
- 4.4.4 Tendo en conta o período de permanencia da planta no viveiro e a optimización do espazo para diminuír custos de produción (consumo de auga, fertilizantes, produtos fitosanitarios, calefacción, emprego de espazo, xeración de residuos, gastos de conservación...).

- 4.4.5 Realizando ensaios (con especies novas ou descoñecidas que posibiliten o traballo sobre pedido) de aclimatación para obter producións que incorporar ao mercado en función de amplialo, aumentar beneficios e produción.
- 4.4.6 Elixindo fórmulas para reducir gastos da explotación, por exemplo, elixindo plantas que necesiten pouco tempo de permanencia no viveiro (con técnicas de microenxertos) evitando, desta forma, perdas por falta de saída de plantas (poucos compradores...).
- 4.4.7 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 4.4.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.4.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.5 Almacenar e catalogar os produtos e materiais do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Comprobando nas distintas áreas do viveiro que se atendan e cumpran coas leis de PRL, medio ambiente e calidade propias dunha explotación deste tipo no manexo de máquinas, produtos...
- 4.5.2 Establecer o almacenamento de produtos en función da normativa específica.
- 4.5.3 Vixiando a correcta almacenaxe dos produtos comprados e producidos así como tendo en conta as características tanto da almacenaxe como das plantas e o seu bo estado no almacén.
- 4.5.4 Facendo que a almacenaxe se axuste ao correcto concepto de manexo.
- 4.5.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 4.5.6 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.5.7 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.6 Elixir aqueles cultivos que mellor se adaptan ás características e situación do viveiro.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.6.1 Planificando, se é posible, o cultivo de distintas especies en viveiro baixo as mesmas condicións.
- 4.6.2 Controlando a toma de medidas morfolóxicas cuantitativas (altura, diámetro e pesos secos) e fisiolóxicas cualitativas (aspecto e desenvolvemento da planta, tipo e características do sistema radical) así como as medidas de desenvolvemento (potencial do crecemento radical) e de nutrientes (concentración e contido total de nitróxeno, fósforo e potasio e outros micronutrientes: ferro, magnesio...).
- 4.6.3 Elaborando unha base de datos sobre cultivo para coñecer o manexo de determinadas especies en viveiro.
- 4.6.4 Seleccionando tecnoloxías limpas para a produción, intentando evitar, na medida do posible, herbicidas, fitosanitarios nocivos ao medio ambiente...
- 4.6.5 Establecendo os parámetros da produción elixindo as técnicas a utilizar para a mellora da produción: fertilizantes, envases, substratos, manexo da auga... encamiñado todo isto para a obtención de plantas sas e perfectamente formadas.

- 4.6.6 Manexando os graos de dificultade que poden presentar na produción: pretratamentos longos na xerminación, coñecer o substrato, envase ou fertilización máis adecuados, simbiose entre raíces e fungos ou bacterias, o cal suporá un proceso de investigación constante no viveiro.
- 4.6.7 Supervisando as análises descritivas e exploratorias de todos os datos.
- 4.6.8 Elaborando e recompilando a información que se vai obtendo para ver os rangos de calidade e cantidade de nutrientes de cada unha das especies.
- 4.6.9 Reutilizando, na medida do posible, todo tipo de envases: macetas usadas, bandexas forestais reutilizables...
- 4.6.10 Atendendo a que a planta estea micorrizada correctamente para unha maior resistencia e capacidade de captación de augas e nutrientes.
- 4.6.11 Xestionando correctamente os residuos obtidos no proceso produtivo.
- 4.6.12 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.6.13 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Ordenador.
- Vehículo.
- Fotocopiadora.
- Cámara dixital.
- Estación climática.

FERRAMENTAS

- ✕ Arquivo de provedores.
- ✕ Arquivo de clientes, contratos...
- ✕ Equipos informáticos.
- ✕ Software específico.
- ✕ Regulamentos de lexislación.
- ✕ Teléfono e fax.
- ✕ Material de oficina.
- ✕ Impresos.
- ✕ Material de laboratorio.
- ✕ EPI.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 5 Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o número de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.1 Poñer en coñecemento dos potenciais usuarios as características do couto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Remitindo folletos (dípticos, trípticos...) a grupos de cazadores cos que previamente xa se mantivo relación ou a federacións ou asociacións vinculadas co mundo da caza.
- 5.1.2 Inserindo publicidade nas revistas especializadas ou en calquera dos medios de comunicación de masas.
- 5.1.3 Elaborando normas de réxime interior do couto para facilitarlle aos posibles usuarios.
- 5.1.4 Organizando visitas guiadas polos terreos do couto.
- 5.1.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.2 Informar os usuarios dos dereitos e deberes que lles afectan durante o desenvolvemento da actividade cinexética.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Levando a cabo reunións previas cos empregados do couto para poñer os ao corrente das normas e costumes que rexen no couto.
- 5.2.2 Mantendo unha reunión cos cazadores con acción de caza xa formalizada días antes de que se inicie a tempada hábil.
- 5.2.3 Especificándolles aos cazadores a/s especie/s que terán permitido abater e cobrar.
- 5.2.4 Determinando o número máximo de pezas a abater.
- 5.2.5 Establecendo -en función da especie que se vaia cazar- o número máximo de cans (caza á man) ou de grupos de cans a utilizar.
- 5.2.6 Precisando o modo de acceso dos cazadores á zona de caza elixida.
- 5.2.7 Detallándolles aos cazadores o medio de transporte que cómpre utilizar para recoller pezas que polo seu tamaño non poidan transportar eles mesmos.
- 5.2.8 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 5.2.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.3 Informar a gardería do couto das circunstancias que afectan aos cazadores con reserva.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Facilitándolle relación nominal de cada un dos cazadores con reserva.
- 5.3.2 Poñendo á súa disposición a tarxeta identificativa de cada un deles.
- 5.3.3 Indicándolle procedencia, costumes, lingua... de cada un deles ou do grupo.
- 5.3.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.4 Establecer os períodos para "media veda", "descastes"... e calquera outra modalidade de caza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Establecendo -segundo o plan técnico e a densidade de especies detectada antes do inicio de cada tempada- os días hábiles para levar a cabo a caza de especies migratorias (rolas, paspallás), isto é, a "media veda" de caza menor.
- 5.4.2 Solicitándolle á Administración competente -en función dos danos causados por especies do couto nos cultivos- períodos hábiles para abatemento dun número determinado de exemplares ("descastes" de caza maior ou menor).
- 5.4.3 Determinando os días hábiles para a actividade cinexética en calquera das súas modalidades: "á man", "ao axexo", "monterías"... e o número de participantes máis adecuado.
- 5.4.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.5 Xestionar a documentación persoal imprescindible para levar a cabo a actividade de caza no couto: licenzas, permisos, tarxetas de entrada...

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.5.1 Solicitando a cada cazador con reserva documentación persoal acreditativa para xestionar documentación esixida pola normativa vixente.

- 5.5.2 Expedindo as tarxetas nominais de autorización de caza pertinentes para poder acceder ao couto.
- 5.5.3 Xestionando os permisos e licenzas administrativas daqueles cazadores que non puideran xestionar os con anterioridade.
- 5.5.4 Verificando, coa axuda do garda, que a documentación esixida a cada cazador estea en regra.
- 5.5.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.6 Verificar que armas e municións que se van utilizar cumpran cos requisitos esixidos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.6.1 Facilitando, antes do inicio da xornada de caza, información concreta sobre as armas e o seu funcionamento e, tamén, sobre a munición que cómpre empregar.
- 5.6.2 Ordenando á gardería do couto que proceda a supervisar o estado de cada unha das armas a utilizar.
- 5.6.3 Comprobando, tamén coa axuda do garda, que a munición que se vai utilizar é a adecuada e non infrinxe a normativa.
- 5.6.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.7 Elaborar mostraxes rigorosas e rexistrar as pezas abatibles.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.7.1 Confeccionando métodos de mostraxe rigorosas que permitan establecer o número de pezas de cada unha das especies.
- 5.7.2 Elaborando rexistros adecuados que lle permitan á gardería de couto rexistrar o número de pezas observadas.
- 5.7.3 Confeccionando artefactos-trampa que axuden a cuantificar o observado con anterioridade.
- 5.7.4 Cuantificando -en colaboración co garda e o peón- o número de pezas abatidas en cada xornada de caza.
- 5.7.5 Rexistrando e arquivando a cuantificación levada a cabo anteriormente.
- 5.7.6 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.8 Realizar un inventario de depredadores e organizar un control selectivo destes para establecer o ratio adecuado entre cazador e pezas que permita un desenvolvemento sostible do couto a xestionar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.8.1 Cuantificando, a través da observación directa e das sucesivas mostraxes, o número de depredadores das especies cinexéticas que incidan negativamente nas poboacións do couto.
- 5.8.2 Solicitando, en caso de superpoboación de depredadores, permisos para proceder á redución do seu número.
- 5.8.3 Informando as autoridades administrativas do número de pezas eliminadas.
- 5.8.4 Cuantificando, unha vez levada a cabo a acción de redución de depredadores, o número dos existentes comprobando que o seu número non vai repercutir negativamente nas especies cinexéticas.
- 5.8.5 Analizando os datos arquivados sobre poboacións e, baseándose en experiencias anteriores, determinar o número de pezas de caza menor a abater.

- 5.8.6 Determinando, con igual criterio, o número de pezas de caza maior a abater.
- 5.8.7 Establecendo, en función da poboación de exemplares detectada, o número de cazadores por xornada que permita a actividade de caza sostible no couto.
- 5.8.8 Fixando, finalmente, o número máximo de pezas por cazador e xornada de caza.
- 5.8.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 5.9 Establecer áreas vedadas do couto e detectar circunstancias patóxicas que poidan perturbar o normal desenvolvemento do couto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.9.1 Seleccionando, en función dos elementos que determina a lexislación, aquelas áreas que van ser destinadas a "vedados" (refuxios de caza) durante un período establecido.
- 5.9.2 Creando "refuxios de recuperación" naquelas zonas do couto mingaadas pola acción de pragas ou de depredadores.
- 5.9.3 Determinando o terreo máis apropiado para establecer "refuxios de subministración" que lles sirvan de repoboadores ás zonas veciñas.
- 5.9.4 En caso de incendios ou catástrofes naturais, establecendo "refuxios obrigados" nos que se prohibirá taxativamente a actividade cinexética.
- 5.9.5 Solicitando axuda a profesionais da veterinaria e a bioloxía para controlar periodicamente as poboacións do couto.
- 5.9.6 Levando a cabo apresamentos aleatorios de elementos de cada unha das especies do couto para verificar o seu estado de saúde.
- 5.9.7 Ordenándolle controlar á Gardería, a través de métodos de observación directa, signos que evidencian problemas neste ámbito: excrementos, cadáveres, estado de tobas, aumento de parasitos...
- 5.9.8 Coa axuda de operarios, levando a cabo tarefas de asepsia no medio ambiente no que interactúan os animais enfermos.
- 5.9.9 Procedendo á vacinación de todos aqueles exemplares que procedan das granxas destinados a repoboacións.
- 5.9.10 Rexistrando minuciosamente cada un dos procesos executados ao respecto.
- 5.9.11 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.
- 5.9.12 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 5.9.13 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

- Vehículo todoterreo.

FERRAMENTAS

- ✳ Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro.
- ✳ GPS para localizar no terreo xestionado puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✳ Teléfono móbil e emisora de radiofrecuencia adecuada ao

- tamaño do coto para todo tipo de comunicación e localización.
- ✕ Ordenador e software específico, impresora.
- ✕ Correo electrónico, internet.
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual.
- ✕ Roupa de augas e material de neopreno.
- ✕ Material de oficina en xeral, arquivos...
- ✕ Revistas e folletos publicitarios.
- ✕ Caixa de urxencias.
- ✕ Permisos, licenzas.
- ✕ Cronogramas de vedas de caza.
- ✕ Prismáticos.

■.. 6.2.4.3. OPERADOR DE TRANSMISIÓN E VIXILANCIA

*> 6.2.4.3.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Operador de transmisión e vixilancia.
Sector		Forestal
Actividade		Defensa contra incendios.

*> 6.2.4.3.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

O seu traballo consiste en atender permanentemente a emisora, tanto na escoita como na transmisión de ordes e mensaxes; encargarse da realización da comunicación por emisora entre bases de medios aéreos e centros de coordinación con todo o dispositivo; rexistrar a información relevante recibida e emitida con indicación horaria; cubrir os partes correspondentes; transmitir as ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal; comunicar ao nivel superior a información pertinente. Tamén procede á vixilancia permanente, dende puntos fixos predeterminados, para realizar a detección de alarmas de incendios na zona coa maior celeridade posible; comunicando estas alarmas e toda a información sobre elas ao centro de coordinación do distrito forestal ou xefatura (segundo época de perigo) mediante a utilización dos equipos da rede de transmisións postos á súa disposición. Toma datos meteorolóxicos cos aparatos que ten na torre, rexístraos e comunícaos ao centro de coordinación.

*> 6.2.4.3.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- ... Capacidade para manexar equipos de radiotransmisión con eficacia e celeridade.
- ... Capacidade para o manexo básico do ordenador.
- ... Capacidade para traballar con mapas e instrumental variado co fin de localizar xeograficamente un lume.
- ... Capacidade para controlar a zona que cómpre vixiar: topografía, vexetación (combustibles) e infraestrutura viaria (accesos).
- ... Rigor na observación dos protocolos de comunicación establecidos.

- ... Capacidade para aplicar os coñecementos do comportamento do lume á predición do desenvolvemento do incendio.
- ... Coñecer a rede de transmisións.
- ... Coñecemento do plan de incendios forestais do ámbito territorial no que opere.
- ... Coñecemento cartográfico do distrito forestal no que realiza o seu traballo.
- ... Agudeza visual.
- ... Coñecemento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- ... Coñecemento dos organismos competentes na zona de traballo.

>. Organizativas

- ... Organización e planificación do traballo.
- ... Capacidade para organizar e estruturar a información que se transmitirá para que a mensaxe sexa curta, clara e concisa.
- ... Capacidade para canalizar e coordinar as funcións de extinción de incendios.
- ... Capacidade para estruturar e organizar a información recibida co fin de transmitila ao inmediato superior.
- ... Organizar mentalmente toda a información dunha alarma de incendio antes de proceder á comunicación da alarma, axilizando así o proceso e facendo máis comprensible a información.

>. Interaccións

- ... Aptitude de servizo, colaboración e traballo en equipo.
- ... Interacción positiva co seu superior.
- ... Capacidade de comunicación con outros membros do servizo de defensa contra incendios.
- ... Manter relacións internas e externas de forma fluída e adecuada.

>. Resposta a continxencias

- ... Capacidade para transmitir información de forma rápida, clara e precisa.
- ... Estar acostumado á soidade.
- ... Ter bos reflexos, sobre todo visuais.
- ... Capacidade para memorizar datos visuais en caso de que se produza unha alarma.
- ... Manter unha actitude de calma cando se transmite información urxente de situacións de alarma para evitar erros de transmisión.

> 6.2.4.3.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

- . 1 ■ .. Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.
- . 2 ■ .. Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.
- . 3 ■ .. Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.
- . 4 ■ .. Realizar o rexistro de datos.

> 6.2.4.3.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Revisando periodicamente que a antena estea correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.

- 1.1.2 Comprobando que tanto o micrófono como o altafalante funcionan perfectamente.
- 1.1.3 Realizando unha proba de emisión/recepción co equipo antes de comezar a operar.
- 1.1.4 Evitando salpicaduras e golpes sobre os equipos radiotransmisores.
- 1.1.5 Inspeccionando os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.
- 1.1.6 Comprobando periodicamente que as baterías dos equipos móbiles estean a plena carga, debéndose prever a súa posible substitución en función da duración do servizo que se debe prestar.
- 1.1.7 Asegurándose de que a batería dos equipos móbiles estea completamente esgotada antes de proceder á súa carga ou substitución para facela operativa.
- 1.1.8 Substituíndo as baterías esgotadas por outras cargadas.
- 1.1.9 Comprobando periodicamente que a fonte de alimentación estea correctamente conectada e funcione ben, para evitar calquera interrupción ao longo das recepcións e das transmisións.
- 1.1.10 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.1.11 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.1.12 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Manter os equipos ofimáticos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Asegurándose de que os equipos informáticos estean libres de virus.
- 1.2.2 Colocando o ordenador nunha zona con boa ventilación e sen humidades.
- 1.2.3 Mantendo os equipos de impresión cos niveis de tinta adecuados.
- 1.2.4 Asegurándose de que o fax sempre dispón de papel para imprimir as recepcións.
- 1.2.5 Evitando que os cables de comunicación e alimentación estean tirados polo chan e queden formando ángulos ou pisados.
- 1.2.6 Limpando a pantalla dos distintos equipos para poder recibir informacións de forma clara e cómoda.
- 1.2.7 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.2.8 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.2.9 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Realizar o mantemento da caseta ou torre.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Realizando a limpeza periódica do habitáculo para mantelo en perfecto estado de habitabilidade e en condicións hixiénicas.
- 1.3.2 Limpando o equipamento doméstico cada vez que sexa utilizado e garantindo que o seguinte compañeiro o atope en perfectas condicións de hixiene cando o necesite utilizar.
- 1.3.3 Evitando que todas as ferramentas e útiles de traballo estean desordenados para evitar perdas de tempo á hora de efectuar algunha tarefa.
- 1.3.4 Mantendo limpos os prismáticos para evitar a deterioración da visibilidade con estes.
- 1.3.5 Comprobando o funcionamento dos aparatos de medición de parámetros meteorolóxicos para garantir que os datos recollidos sexan fiables.
- 1.3.6 Comunicando a deterioración dalgún dos instrumentos/ferramentas para efectuar a súa substitución inmediata en caso de que non haxa accesorios na garita.

- 1.3.7 Efectuando o control e revisando o contido da caixa de urxencias.
- 1.3.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 1.3.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 1.3.10 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

MEDIOS UTILIZADOS		
	FERRAMENTAS	PRODUTOS
	✕ Torre ou caseta.	💧 Auga.
	✕ Prismáticos.	💧 Produtos de limpeza.
	✕ Compás.	
	✕ Caixa de urxencias.	
	✕ Instrumental doméstico.	
	✕ EPI.	
	✕ Alidada de pínulas.	
	✕ Cartografía da área.	
	✕ Emisora de radio (portátil, móbil e fixa) integrada na rede de comunicacións.	
	✕ Libro de rexistro de incidencias (libro diario).	
	✕ Telefonía móbil e fixa.	
	✕ Estación meteorolóxica.	
	✕ Portófono.	
	✕ Útiles de limpeza.	
	✕ Ordenador.	
	✕ Fax.	
	✕ Impresora.	
	✕ Fotocopiadora.	
	✕ Papel, bolígrafo.	
	✕ Mapa magnético.	
	✕ Tóner/cartuchos de impresora y de fax	
	✕ Listaxe telefónica	

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2** Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Vixiar permanentemente o espazo forestal e detectar incendios.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Observando continuamente ao longo do período de vixilancia fixado o perímetro de terreos forestais dende a torre de vixilancia para a detección de fumes.
- 2.1.2 Utilizando os prismáticos que permiten ampliar o campo de visualización e unha detección máis eficaz de fumes.
- 2.1.3 Realizando unha observación panorámica (xeral) dos terreos forestais para detectar o fume.
- 2.1.4 Levando a cabo unha observación sistemática (por sectores) mirando detidamente a zona por faixas.
- 2.1.5 Diferenciando as zonas agrícolas das forestais e a distancia entre elas.
- 2.1.6 Efectuando unha observación en zigzag, desde o punto máis afastado ao máis próximo, de todas as zonas e non deixando de revisar ningunha parte dos terreos.

- 2.1.7 Garantindo que o tempo transcorrido entre o inicio dun incendio e a súa detección sexa o menor posible.
- 2.1.8 Rexistrando mentalmente e con todo detalle toda a información que se deriva da observación do campo visual.
- 2.1.9 Discernindo da información visual que recibe o realmente importante do que non o é.
- 2.1.10 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.1.11 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Efectuar a localización do incendio.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Identificando elementos da paisaxe singulares que permitan localizar coa maior celeridade posible a alarma de lume.
- 2.2.2 Determinando a lugar onde se produciu o incendio ao posuír amplos e sobrados coñecementos da zona.
- 2.2.3 Utilizando o compás para determinar a dirección en graos do lugar onde se produciu a alarma de incendio.
- 2.2.4 Dirixindo visuais coa alidada de pínulas para establecer as coordenadas e localizar o lume.
- 2.2.5 Establecendo as vías de acceso ao lugar onde se produciu o incendio mediante a cartografía da zona e os coñecementos que desta debe posuír o traballador para facilitar e axilizar a mobilización dos efectivos de extinción ata o lugar.
- 2.2.6 Determinando as condicións topográficas (pendente, exposición e relevo) do lugar onde se produciu o incendio, mediante o coñecemento que posúe da zona e a cartografía da que dispón, para comunicar posteriormente esta información que facilitará e axilizará a aproximación dos equipos mobilizados para controlar e extinguir o lume.
- 2.2.7 Determinando os combustibles vexetais (plantas vivas e restos delas) afectados e as condicións que presentan (tamaño, distribución e contido en humidade) xa que son decisivos para determinar o comportamento do lume; para iso deberá ter un amplo coñecemento da zona.
- 2.2.8 Determinando os combustibles non vexetais (vertedoiros, edificacións, polígonos, almacéns, etc.) afectados xa que son decisivos para determinar o comportamento do lume; para iso deberá ter un amplo coñecemento da zona.
- 2.2.9 Determinando as condicións meteorolóxicas da zona (velocidade e dirección do vento, a temperatura e a humidade) nas que se produce a alarma xa que condicionan a evolución do incendio mediante a utilización dos instrumentos de medida de condicións meteorolóxicas.
- 2.2.10 Reducindo ao mínimo o tempo transcorrido entre a detección e a comunicación co centro operativo para que se inicie a mobilización de medios de extinción.
- 2.2.11 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 2.2.12 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>... MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Torre ou caseta.
- ✕ Prismáticos.
- ✕ Alidada de pínulas.
- ✕ Cartografía da área: topográfica, de vexetación e de

infraestruturas viarias.

✖ Compás.

✖ EPI.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Recibir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radio-transmisores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Levando o mando de prendido/apagado á posición "ON".
- 3.1.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 3.1.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xirándoo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 3.1.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.
- 3.1.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 3.1.6 Permanecendo atento ás mensaxes que recibe e intervindo unicamente cando sexa requirido directamente para iso.
- 3.1.7 Evitando a interrupción da mensaxe recibida e non falando ata despois de recibir a palabra cambio.
- 3.1.8 Buscando puntos altos e despexados para mellorar a calidade da recepción.
- 3.1.9 Identificando o transmisor para proceder despois ao rexistro das mensaxes recibidas.
- 3.1.10 Recibindo chamadas de alarma de incendio transmitidas polos efectivos de vixilancia do servizo de defensa contra incendios, por particulares, pola Garda Civil, etc.
- 3.1.11 Recibindo chamadas de alarma doutras incidencias como poden ser presenza de cables tirados no chan, árbores sobre vías de transporte, delitos medioambientais, etc. Para a súa posterior comunicación á entidade competente segundo o incidente.
- 3.1.12 Recibindo todos os datos posibles sobre o incendio para proceder á súa localización e cuantificación en primeira instancia.
- 3.1.13 Recibindo comunicacións dos efectivos mobilizados ao lugar da alarma.
- 3.1.14 Recibindo ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal.
- 3.1.15 Recibindo información meteorolóxica periódica dos puntos de vixilancia fixa e que quedará rexistrada para ser utilizada en caso de que se produza unha alarma de incendio.
- 3.1.16 Confirmando a recepción da mensaxe.
- 3.1.17 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.1.18 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Transmitir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radio-transmisores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Levando o mando de prendido/apagado á posición "ON".
- 3.2.2 Elixindo a canle na que se vai operar mediante o selector de canles.
- 3.2.3 Axustando o silenciador facéndoo xirar ata que se oían rúidos e nese punto xirándoo en sentido contrario ata que estes desaparezan.
- 3.2.4 Fixando o volume de audición que se desexa manter.

- 3.2.5 Mantendo a emisora e o teléfono abertos e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- 3.2.6 Repasando mentalmente e determinando o contido da mensaxe que cómpre enviar antes de premer o pulsador PTT para que a mensaxe sexa clara, concreta e curta.
- 3.2.7 Premendo o pulsador PTT.
- 3.2.8 Transmitíndolle no momento de detectarse o fume dun posible incendio, de forma rápida, clara e precisa, ao centro de operacións correspondente toda a información conseguida durante a detección (localización xeográfica do foco, combustibles afectados, accesos posibles ao lugar, dirección e velocidade do vento, comportamento do lume e calquera información complementaria) que é de grande importancia para a rápida extinción do incendio e o seu control.
- 3.2.9 Respondendo a todas as demandas de información que se realicen durante a fase de extinción do incendio e na vixilancia postincendio.
- 3.2.10 Informando periodicamente ao centro operativo nos tempos establecidos para o control do estado operativo do sistema de vixilancia.
- 3.2.11 Empregando un ton de voz normal, tranquilo e a unha velocidade que permita unha clara comprensión da mensaxe.
- 3.2.12 Colocando o micrófono preto da boca pero sen chegar a tocalo con ela para evitar que a voz se confunda con outros rúidos e para vocalizar adecuadamente.
- 3.2.13 Usando o protocolo de comunicación establecido e vocalizando correctamente para que a información transmitida sexa comprendida.
- 3.2.14 Mantendo a presión sobre o pulsador durante a emisión da mensaxe.
- 3.2.15 Evitando o inicio da transmisión dunha mensaxe mentres se está a oír outra debido a que a transmisión é unívoca e alternativa.
- 3.2.16 Finalizando a mensaxe coas palabras cambio e corto.
- 3.2.17 Soltando o pulsador ao terminar de transmitir a mensaxe, deixando o pulsador en situación receptora.
- 3.2.18 Buscando puntos altos para mellorar a calidade da transmisión.
- 3.2.19 Identificando previamente o/os destinatario/s da mensaxe para chamar a súa atención.
- 3.2.20 Realizando a identificación do transmisor.
- 3.2.21 Esperando a confirmación por parte do destinatario para proceder á transmisión da mensaxe.
- 3.2.22 Transmitindo aos membros do servizo de defensa contra incendios (axente forestal, cuadrilla, motobomba, bases aéreas...) os datos sobre o incendio para proceder á mobilización dos efectivos necesarios cara ao lugar do incendio e proceder á extinción deste.
- 3.2.23 Comunicando cos efectivos do servizo, segundo cuadrantes de traballo, para realizar o control de presenza no posto, demandar información, enviar reforzos, desvialos a outra zona, devolvéríllelos á base, etc.
- 3.2.24 Transmitindo datos do incidente ao centro de coordinación para que queden rexistrados os incidentes ocorridos no ámbito territorial do centro de coordinación.
- 3.2.25 Contactando coas entidades competentes para transmitir datos sobre o incendio ou sobre outros incidentes (existencia de tendido eléctrico polo chan, árbores sobre vías de transporte, delitos medioambientais, etc.).
- 3.2.26 Utilizando o teléfono móbil ou fixo e o fax en caso de saturación da rede de comunicación.

- 3.2.27 Transmitindo as instrucións/ordes da xefatura ou centro de coordinación do distrito forestal aos efectivos dependentes destes, segundo cuadrantes de traballo, de forma clara rápida e concisa para a coordinación das tarefas de extinción.
- 3.2.28 Comunicando ao nivel superior a información pertinente en canto a inicios e partes de incendio, así como tamén calquera outra información que xurda con motivo destes.
- 3.2.29 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.2.30 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Manexar os equipos ofimáticos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Elixindo o software máis adecuado para a introdución e/ou tratamento da información.
- 3.3.2 Manexando o teclado con destreza e precisión para introducir fielmente a información.
- 3.3.3 Imprimindo a documentación recuperada e/ou elaborada mediante a utilización eficiente dos equipos.
- 3.3.4 Utilizando con destreza e precisión os medios de teletransmisión-fax, télex, correo electrónico, etc., para o envío documental e/ou de informacións.
- 3.3.5 Manexando os medios de reprografía existentes de maneira eficiente.
- 3.3.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 3.3.7 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 3.3.8 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Emisora de radio (portátil, móbil e fixa) integrada na rede de comunicacións.
- ✕ Libro de rexistro de incidencias (libro diario).
- ✕ Telefonía móbil e fixa.
- ✕ Portófono.
- ✕ EPI.
- ✕ Ordenador.
- ✕ Fotocopiadora.
- ✕ Fax.
- ✕ Impresora.

CO✕

Cuadrantes de traballo.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4 Realizar o rexistro de datos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Rexistrar manualmente e en soporte informático datos de incidencias e meteorolóxicos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Recollendo por escrito no libro de incidencias toda a información conseguida das alarmas de incendio (localización xeográfica do foco, combustibles afectados, accesos posibles ao lugar, dirección e velocidade do vento, comportamento do lume e calquera outra información complementaria) con indicación de data e hora para poder proceder á localización e cuantificación deste.

- 4.1.2 Facendo constar por escrito no libro de incidencias/actas as mensaxes recibidas e emitidas/transmitidas con puntualización horaria, indicando o seu emisor e receptor.
- 4.1.3 Recollendo tamén por escrito e con indicación horaria todas aquelas incidencias que se poidan dar entre o efectivo ao longo do desenvolvemento da xornada laboral, tales como accidentes do servizo, problemas varios, ausencias, atrasos, etc.
- 4.1.4 Enchendo o parte de incendios e facendo constar nel, por escrito, toda a información que xurda da dinámica dun incendio, con indicación horaria dos efectivos mobilizados para o seu control e extinción.
- 4.1.5 Realizando o rexistro de datos coa maior claridade posible así como con concreción.
- 4.1.6 Reflectindo no parte de incendios coa maior claridade posible a hora destes, os medios humanos destinados á súa extinción e control e a superficie queimada.
- 4.1.7 Rexistrando periodicamente os datos meteorolóxicos, como a velocidade do vento, a súa dirección, a humidade relativa, o índice pluviométrico, a presión atmosférica, a temperatura, etc., que servirán para determinar o comportamento do lume en caso de alarma.
- 4.1.8 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.1.9 Realizando unha xestión correcta dos residuos xerados.
- 4.1.10 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Obter información meteorolóxica da zona.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Comprobando os lectores dos distintos aparatos de medición de parámetros meteorolóxicos ao incorporarse á quenda e sempre que se lle demande desde o centro de operacións.
- 4.2.2 Efectuando a lectura do anemómetro para saber a velocidade do vento.
- 4.2.3 Levando a cabo a lectura do higrómetro para saber a humidade relativa do aire.
- 4.2.4 Observando o cataventos para ter coñecemento da dirección do vento.
- 4.2.5 Realizando a observación do rexistro do pluviómetro para saber a cantidade de auga caída por unidade de superficie.
- 4.2.6 Efectuando comprobación do barómetro para rexistrar os valores de presión atmosférica.
- 4.2.7 Anotando todos os datos para levar a cabo posteriormente a transmisión destes ao centro de coordinación do distrito forestal.
- 4.2.8 Observando as temperaturas máxima e mínima rexistradas polo termómetro.
- 4.2.9 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.2.10 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Situar alarmas de incendios no mapa magnético.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Colocando manualmente no mapa magnético, segundo datos recibidos, imáns que permitirán ter unha imaxe visual do número de incendios e alarmas que están activos en todo momento.
- 4.3.2 Retirando os imáns indicativos de incendios e alarmas no momento en que estes estean controlados.

- 4.3.3 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Elaborar cuadrantes de quendas de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Introduciendo datos no ordenador das quendas de traballo dos efectivos do servizo (axentes forestais, cuadrillas, motobombas, etc.) para ter en todo momento información do persoal dispoñible e en que horario.
- 4.4.2 Indicando ao cadro de persoal o emprazamento do persoal para así ter información, en todo momento, da situación dos equipos de traballo do servizo e do traballo que se está realizando nun determinado momento.
- 4.4.3 Actualizando cuadrantes de traballo en caso de que se produza algunha incidencia.
- 4.4.4 Resituando e redistribuíndo o persoal do servizo en caso de que se produza unha alarma de incendio ou calquera outra incidencia que provoque cambios nos cuadrantes de traballo.
- 4.4.5 Poñendo o/os cuadrante/s de traballo á vista para que sexa de fácil consulta, colgándoo no taboleiro.
- 4.4.6 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.4.7 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.5 Actualizar guías telefónicas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Creando bases de datos no ordenador con información de todo o persoal propio do servizo e tamén do persoal de apoio (bases, hospitais, RENFE, compañías eléctricas, xulgados, Protección Civil, Garda Civil, etc.).
- 4.5.2 Actualizando constantemente a información das bases de datos para que a resposta ante incidencias sexa a máis áxil e eficaz posible.
- 4.5.3 Aplicando criterios de calidade na realización do seu traballo.
- 4.5.4 Utilizando adecuadamente os EPI indicados para o seu traballo.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

FERRAMENTAS

- ✕ Libro de rexistro de incidencias (libro diario).
- ✕ Estación meteorolóxica: termómetro, anemómetro, higrómetro, etc.
- ✕ Papel.
- ✕ Bolígrafo.
- ✕ EPI.
- ✕ Cartografía da zona.
- ✕ Telefonía móbil e fixa.
- ✕ Ordenador.
- ✕ Libro de actas.
- ✕ Fax.
- ✕ Fotocopiadora.

6.2.4.4. PRODUTOR-RECOLLEDOR DE PLANTAS AROMÁTICAS, MEDICINAIS, FROITOS, COGOMELOS E FUNGOS

*> 6.2.4.4.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Produtor - recolledor de plantas aromáticas, medicinais, froitos, cogomelos e fungos.
Sector		Forestal
Actividade		Recolledor de froitos. Recolledor produtor de cogomelos e fungos. Recolledor de plantas aromáticas e medicinais.

*> 6.2.4.4.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

Encargado de desenvolver e executar racionalmente o proceso de produción e recolección no monte das distintas especies e variedades de cogomelos e fungos comestibles, de froitos forestais e de plantas con fins medicinais e aromáticos, aplicando para isto as técnicas máis precisas no control fitosanitario, coidados culturais, recolección e comercialización dos produtos. así como as tarefas relacionadas coa súa selección, clasificación e conservación ata a expedición destas.

*> 6.2.4.4.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidades profesionais

>. Técnicas

- ... Agudeza visual e memoria para a identificación visual da idoneidade do material vexetal.
- ... Ser ordenado e metódico para a almacenaxe do material vexetal empregado.
- ... Agudeza e memoria visual do estado de tempero do terreo.
- ... Habilidade manual para realizar o proceso de labor-roza da plantación.
- ... Precaución e responsabilidade ao tratar os restos procedentes dos labores de mantemento.
- ... Memoria e agudeza visual para identificar visualmente o grao de vitalidade vexetativa da masa.
- ... Memoria e agudeza visual para identificar os ciclos vexetativos das especies de interese.
- ... Habilidade manual e ordenación lóxica de secuencias de traballo para o manexo das ferramentas de extracción do fungo.
- ... Habilidade manual paciencia e atención durante a extracción de cogomelos e fungos segundo a especie.
- ... Agudeza visual para identificar os estados de estrés hídrico da planta e coñecer os medios adecuados para palialos.
- ... Habilidade manual e ordenación lóxica de secuencias de traballo para a utilización das ferramentas de poda así como as técnicas máis adecuadas a cada situación.
- ... Concentración, habilidade manual para realizar unha extracción do fungo limpa e precisa.
- ... Memoria e actitude precavida para adaptar as condicións de almacenamento ás necesidades de cada especie.
- ... Agudeza visual e memoria concentrada para identificar visualmente os defectos que poidan presentar os produtos e clasificalos en función deles por calidades.
- ... Agudeza visual, memoria e concentración para determinar o estado de salubridade do fungo.
- ... Responsabilidade, concentración e atención para realizar un envasado preciso e seguro dos produtos.
- ... Responsabilidade e habilidade manual para aplicar tratamentos curativos vexetais cando os coidados culturais xeren danos.
- ... Memoria, precaución e habilidade manual para coñecer os produtos fertilizantes, a súa preparación, uso e precaucións.

- ... Agudeza e memoria visual para o coñecemento de especies.
- ... Responsabilidade e secuencialización mental lóxica para realizar as operacións seguindo criterios ergonómicos e de seguridade.
- ... Memoria asociativa na aplicación dos distintos métodos de extracción de cogomelos e fungos segundo a especie.
- ... Axilidade mental na selección dos coñecementos por especies.
- ... Habilidade no manexo e adestramento dos animais trufeiros.
- ... Psicomotricidade, flexibilidade e resistencia física.
- ... Responsabilidade á hora de realizar as operacións adecuadas coas ferramentas da ocupación.
- ... Habilidade para manipular as plantas aromáticas de forma correcta, favorecendo sempre a súa conservación co maior contido de substancias e principios medicinais e aromáticos.
- ... Capacidade para realizar os traballos de recolección coidando a zona de traballo.
- ... Responsabilidade medioambiental no desempeño das tarefas.
- ... Habilidade no emprego dos equipos de protección en cada un dos labores desenvolto.
- ... Perseveranza no cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- ... Coidado ao manipular os froitos de forma correcta, favorecendo sempre a súa conservación.
- ... Capacidade para realizar os traballos de recolección mantendo a conservación da zona de traballo.
- ... Habilidade para realizar as tarefas de forma correcta dende o punto de vista medioambiental.
- ... Responsabilidade para usar os equipos de protección individual de forma correcta.
- ... Cumprir e facer cumprir a normativa en prevención de riscos laborais.

>. Organizativas

- ... Manter en bo estado os útiles de extracción e recolección.
- ... Dispoñer de todas aquelas ferramentas necesarias para as inspeccións e comprobacións.
- ... Ter sempre en bo estado os EPI.
- ... Almacenar os elementos de corte de maneira que as súas partes perigosas queden protexidas contra o contacto accidental.
- ... Coordinar o seu traballo co resto traballadores.
- ... Manter en bo estado os útiles de extracción.
- ... Manter adecuadamente as cestas ou recipientes de recolección.
- ... Coidar o estado dos animais trufeiros.
- ... Supervisar a detección de trufas con animais para evitar perdas de produción.
- ... Realizar as tarefas seguindo as especificacións de recolección e manexo estipuladas.
- ... Seguir as especificacións de recolección e manexo establecidas.
- ... Actuar sempre de forma que se obteña a máxima eficacia no traballo e calidade nos produtos.

>. Interaccións

- ... Relacionarse cos subordinados.
- ... Relacionarse cos provedores.
- ... Tratar cos distribuidores e clientes.
- ... Relacionarse coa Administración.
- ... Pertencer a asociacións de produtores.
- ... Manter un grao de harmonía co animal trufeiro.
- ... Manter unha relación cordial co resto de buscadores de cogomelos e fungos.
- ... Coordinación cos compañeiros.

>. Resposta a continxencias

- ... Reparar as ferramentas de uso para o traballo.
- ... Curar pequenas feridas.
- ... Ter paciencia dada a laboriosidade desta tarefa.
- ... Posuír certa agudeza visual na localización do fungo.
- ... Ter paciencia dada a laboriosidade desta tarefa.
- ... Percorrer o monte con delicadeza para non pisar ou danar os cogomelos.
- ... Manter a calma ante imprevistos e situacións de perigo no desenvolvemento da actividade.
- ... Gardar e facer gardar a calma ante imprevistos.
- ... Cumprir as normas ou protocolos específicos previamente planificados para continxencias no lugar específico de traballo.

•> 6.2.4.4.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 ... Coñecer o material vexetal da plantación.
- 2 ... Identificar especies e zonas de recollida.
- 3 ... Realizar os traballos de recolección.
- 4 ... Coñecer e manter a plantación.
- 5 ... Conservar e almacenar os produtos recollidos.

•> 6.2.4.4.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**>. UNIDADE DE COMPETENCIA****1 Coñecer o material vexetal da plantación.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL****■ 1.1 Elixir a especie idónea.****>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN**

- 1.1.1 Asegurándose de que as características edafoclimáticas da zona de plantación se adaptan á especie forestal asociada ao fungo obxecto de cultivo.
- 1.1.2 Excluindo a presenza de focos de contaminación e vertidos próximos que poidan contaminar o réxime freático da plantación.
- 1.1.3 Extraendo da zona de plantación as especies de fungo competidoras.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL**■ 1.2 Recibir o material vexetal.****>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN**

- 1.2.1 Comprobando que a parte aérea non supera o dobre da lonxitude do cepellón.
- 1.2.2 Asegurándose de que o diámetro do colo debe ter de 2 a 3 mm. Para plantas de 1 ou 2 anos.
- 1.2.3 Eliminando aquelas plantas cunha raíz pivotante que non se atope ben repicada, sen bucles ou ángulos inferiores a 110 °, e con abundancia de raíces tróficas.
- 1.2.4 Determinando a ausencia de raíces secundarias ascendentes.
- 1.2.5 Esixindo que a parte aérea e radicular se atope ausente de podre-mias e desecacións.
- 1.2.6 Inspeccionando o colo da raíz para comprobar que sufriu un período de endurecemento e, polo tanto, está lignificado.
- 1.2.7 Comprobando que o grao de micorrización das raíces co fungo des-exado é alto e que a presenza doutro tipo de micorrizacións non des-exadas é moi reducido.
- 1.2.8 Desbotando aqueles lotes de plantas que presentan un grao de idoneidade inferior ao 95%

- 1.2.9 Recollendo todo o material de refugallo producido durante a fase de recepción.
- 1.2.10 Triturando ou queimando todos aqueles pés que presenten defectos, enfermidades ou presenza de micorrizas contaminantes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Almacenar o material vexetal.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Evitando a desecación da raíz comprobando a integridade do envoltorio de plástico que envolve o cepellón, restituíndoo se fose necesario.
- 1.3.2 Colocando os pés de modo que as raíces queden estendidas e non se produzan torceduras nos colos.
- 1.3.3 Procurando que o período de almacenamento sexa o menor posible.
- 1.3.4 Elixindo un emprazamento adecuado para o aviveiramento das plantas se o período de almacenamento é moi prolongado.
- 1.3.5 Dispoñendo as raíces das plantas nun recipiente con auga para evitar a súa desecación.
- 1.3.6 Escollendo para a plantación en primeiro lugar aquelas que teñan chegado antes ao monte.
- 1.3.7 Desbotando aquelas plantas que presenten o máis mínimo defecto morfolóxico ou funcional que dificulte o seu éxito vexetativo.
- 1.3.8 Restaurando o estado orixinal da zona usada para o aviveiramento temporal do material vexetal.
- 1.3.9 Utilizando en todo momento aqueles elementos que permitan un desempeño seguro da ocupación.

MEDIOS UTILIZADOS		
MAQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Vehículo de transporte.	✕ Claves de identificación de cogomelos e fungos.	♦ Fertilizantes.
 Tractor.	✕ Claves de identificación de especies arbóreas.	♦ Combustible.
 Trituradora de restos.	✕ Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos.	♦ Lubricante.
 Apeiros de labor.	✕ Ferramenta de limpeza de roza.	♦ Elementos de corte.
 Cámara para o almacenamento do fungo.	✕ EPI.	♦ Substancias para o tratamento de feridas.
 Máquina de envasado.	✕ Elementos.	♦ Filme plástico transparente .
	✕ Instalación para rega.	♦ Barquetas de cortiza illante.
	✕ Elementos auxiliares de rega.	
	✕ Instrumentos de poda.	
	✕ Cestas para a recollida do fungo.	
	✕ Elementos para a limpeza do fungo.	

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Identificar especies e zonas de recollida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.1 Elixir a época de recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Sabendo o ciclo de vida das especies a recolleitar.
- 2.1.2 Coñecendo o período óptimo para a súa recolección.
- 2.1.3 Adaptándose aos aspectos específicos da zona xeográfica de traballo.

- 2.1.4 Identificando zonas óptimas para o desenvolvemento das especies.
- 2.1.5 Recoñecendo o lugar e inspeccionando as posibles zonas produtoras.
- 2.1.6 Realizando un calendario e rutas de recolección.
- 2.1.7 Coñecendo o tipo de masa vexetal en que se desenvolven as especies vexetais de interese.
- 2.1.8 Recoñecendo e evitando zonas contaminadas ou próximas a zonas industriais.
- 2.1.9 Establecendo un plan de recolección de forma precisa.
- 2.1.10 Cumprindo en todo momento coa normativa de coidado medioambiental.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.2 Identificar cogomelos, fungos, plantas e froitos que se van recolleitar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Coñecendo as características da especie.
- 2.2.2 Establecendo a relación entre cada especie e elementos topográficos, climáticos ou edáficos específicos desta.
- 2.2.3 Coñecendo as principais características de diferenciación das especies de interese.
- 2.2.4 Manexando con soltura as claves de identificación de especies de interese.
- 2.2.5 Recoñecendo a pé de monte as especies a recoller.
- 2.2.6 Aproximando a idade do exemplar, sobre o terreo para evitar a recollida de exemplares maduros ou moi novos.
- 2.2.7 TRUFA
Adestrando un exemplar porcino femia novo de 4 ou 5 meses ou un canino dende cachorro.
- 2.2.8 TRUFA
Paseándoo polo monte nunha posible zona produtora para a detección olfactiva do fungo.
- 2.2.9 TRUFA
Evitando que o animal inxira as trufas que acaba de detectar mediante algunha lambonada ou por medio dalgún elemento na boca que lle impida comelas.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.3 Asociar zonas produtivas a especies de interese.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Coñecendo os principais ecosistemas forestais.
- 2.3.2 Coñecendo as formacións boscosas de desenvolvemento.
- 2.3.3 Coñecendo en que tipo de masa se desenvolve cada especie.
- 2.3.4 Identificando no monte os distintos tipos de masas forestais.
- 2.3.5 Recoñecendo sobre o terreo posibles zonas produtoras.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Elixir a zona de recollida.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Evitando a recollida en zonas contaminadas.
- 2.4.2 Evitando a recollida nas proximidades de áreas industriais.
- 2.4.3 Evitando a recollida nos bordos de camiños asfaltados e estradas.
- 2.4.4 Comprobando que a zona escollida non soportou xa o paso doutro recolledor, e eliminándoa do proceso de recolección se é así.
- 2.4.5 Escollendo zonas de produción perfectamente establecidas e desenvolvidas, deixando para posteriores recoleccións as zonas máis inmaturas.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Vehículo de transporte.	✕ Claves de identificación de cogomelos e fungos comestibles. ✕ Claves de identificación de cogomelos e fungos comestibles. ✕ Porco trufeito. ✕ Can trufeito.	🍖 Alimento canino. 🍖 Alimento porcino.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Realizar os traballos de recolección.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.1 Coñecer o equipo de traballo e a súa utilización.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Recoñecendo cada ferramenta e a súa función.
- 3.1.2 Colocando o equipo de traballo e de protección de forma correcta.
- 3.1.3 Identificando a ferramenta necesaria para cada tarefa.
- 3.1.4 Coñecendo a forma correcta de manexo das ferramentas e útiles.
- 3.1.5 Identificando os perigos e posibles lesións que poden producir ao empregarlos de forma inadecuada.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.2 Elixir as condicións climatolóxicas e a época adecuada.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Coñecendo o ciclo de desenvolvemento da especie que se vai recolleitar.
- 3.2.2 Sabendo as necesidades climatolóxicas para a óptima calidade da recolección.
- 3.2.3 Adaptándose aos estados particulares de climatoloxía da zona.
- 3.2.4 Seguindo o plan de recolección anteriormente elaborado.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.3 Seleccionar os individuos produtores de froitos.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Coñecendo as características da especie.
- 3.3.2 Sabendo as características que indican o estado de maduración.
- 3.3.3 Verificación que non presenten patoloxías ou deterioracións.
- 3.3.4 Evitando aqueles que presenten pragas, demasiada idade ou falta de aproveitamento comercial.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 3.4 Realizar a recolección.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 FUNGOS
Identificándoos no chan, entre a vexetación.
- 3.4.2 FUNGOS
Pisando suavemente nos arredores, por se hai máis, xa que adoitan medrar en grupos,
- 3.4.3 FUNGOS
Evitando remover o chan que os rodea, xa que se producirían danos no micelio do fungos.
- 3.4.4 FUNGOS
Agachándose coidando a postura das costas e, mediante o utensilio de corte, aplicando na base do talo do cogomelo, unha sección de forma que quede un pequeno toco, do que pode volver abrollar o fungo.

- 3.4.5 FUNGOS
Limpendo cuidadosamente a terra, area ou outros restos adheridos ao cogomelo mediante un pincel ou brocha pequena.
- 3.4.6 FUNGOS
Colocando o cogomelo boca abaixo para evitar que se manchen as lamelas do sombreiro ou paraugas.
- 3.4.7 FUNGOS Depositando o fungo ou o cogomelo extraído nunha cesta de madeira ou vimbio.
- 3.4.8 FUNGOS
Evitando danar os cogomelos que non se coñecen ou non se van recoller.
- 3.4.9 TRUFA
Desenterrando o fungo por medio do porco ou do can trufeito, escavando co fociño.
- 3.4.10 TRUFA
Cubriendo o oco do chan con terróns de terra.
- 3.4.11 TRUFA
Extraendo a trufa, evitando que o animal a coma.
- 3.4.12 Colocando e usando os EPI de forma correcta
- 3.4.13 Identificando as ferramentas necesarias para a recolección.
- 3.4.14 Manexando a maquinaria de forma correcta e segura.
- 3.4.15 FROITOS
Realizando unha primeira limpeza do froito recolleitado.
- 3.4.16 FROITOS
Recollendo os froitos de forma ordenada, nun lugar onde se realice o seu posterior transporte.
- 3.4.17 FROITOS
Realizando unha selección *a priori* dos froitos que non presenten as condicións óptimas de recolección
- 3.4.18 FROITOS e PLANTAS
Identificando na especie a parte obxecto de recolección.
- 3.4.19 FROITOS e PLANTAS
Suxeitando de forma segura e aplicando un corte limpo á planta no caso de que sexan pólas.
- 3.4.20 FROITOS e PLANTAS
Verificando que a recolección non dane nin mate a planta.
- 3.4.21 FROITOS e PLANTAS
Evitando plantas enfermas ou demasiado vellas como para conter elementos beneficiosos.
- 3.4.22 FROITOS e PLANTAS
Coidando de non danar plantas sas.
- 3.4.23 FROITOS e PLANTAS
Realizando as tarefas cumprindo a normativa de PRL e coidado medioambiental.
- 3.4.24 FROITOS e PLANTAS
Extraendo a planta por completo, se é o caso, para obter as raíces e rizomas.
- 3.4.25 FROITOS e PLANTAS
Recollendo a parte adecuada da cortiza, se é o caso.
- 3.4.26 FROITOS e PLANTAS
Deixando os pés con cortes limpos, en caso de recolección de talos.

- 3.4.27 FROITOS e PLANTAS
Recollendo as follas, se é o caso, en perfectas condicións e sen insectos ou ovos que estean pegados a elas.
- 3.4.28 FROITOS e PLANTAS
Elixindo as flores segundo o caso no período óptimo de fecundación.
- 3.4.29 FROITOS e PLANTAS
Cumprindo as funcións na época adecuada e coas condicións climáticas favorables.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Manter as ferramentas e animais de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Limpando despois de cada uso o utensilio de corte.
- 3.5.2 Afiando despois de cada uso a ferramenta de corte.
- 3.5.3 Substituíndo a ferramenta de corte, en caso de estar defectuosa.
- 3.5.4 Realizando estas operacións atendendo a criterios de seguridade.
- 3.5.5 Proporcionándolles os coidados necesarios ao porco ou ao can trufeiro para mantelos nun estado óptimo para a busca da trufa.
- 3.5.6 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Vehículo de transporte.	✕ Tesoiras de poda.	💧 Combustible.
 Tractor.	✕ EPI.	💧 Lubricante.
 Trituradora de restos.	✕ Coitelo.	💧 Alimento porcino.
 Apeiros de labor.	✕ Navalla.	💧 Alimento canino.
	✕ Tesoiras.	
	✕ Cesto de vimbios.	
	✕ Porco trufeiro.	
	✕ Can trufeiro.	
	✕ Cesto de madeira.	
	✕ Pincel ou brocha pequena.	
	✕ Porco trufeiro.	
	✕ Can trufeiro.	
	✕ Lima.	
	✕ Claves de identificación de plantas medicinais e aromáticas.	
	✕ Mapas da zona.	
	✕ Fouciños pequenos.	
	✕ Angazo.	
	✕ Pértegas.	
	✕ Espátula.	
	✕ Gubia.	
	✕ Sacos.	

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Controlar e manter a plantación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Realizar o labor.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Determinando a época máis apropiada para a realización de labores.
- 4.1.2 Comprobando sobre o terreo o grao de invasión do material herbáceo da plantación co fin de elixir a intensidade do labor.

- 4.1.3 Coñecendo a profundidade máxima á que se poden realizar os desherbados e introducindo o apeiro de labor á fondura axeitada.
- 4.1.4 Evitando pasar o apeiro preto dos pés para non danalos.
- 4.1.5 Evitando durante o proceso de desherbado realizar unha excesiva inversión de horizontes.
- 4.1.6 Realizando unha recollida, un amoreamento e unha trituración de restos tras o procedemento de desherbado.
- 4.1.7 Seguindo en todo momento as normas de seguridade aplicables ao desempeño da realización
- 4.1.8 Usando en todo momento o EPI
- 4.1.9 Evitando durante o proceso de desherbado realizar unha excesiva inversión de horizontes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 4.2 Fertilizar e abonar a plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Observando o grao de vitalidade e crecemento das plantas.
- 4.2.2 Coñecendo a composición orgánico-mineral da estación.
- 4.2.3 Coñecendo as necesidades nutritivas propias de cada especie.
- 4.2.4 Escollendo o método de aplicación máis adecuado.
- 4.2.5 Realizándoo na época máis propicia para o desenvolvemento vexetativo e á vez que non se interfira en procesos de frutificación ou polinización.
- 4.2.6 Aplicando a concentración máis adecuada.
- 4.2.7 Manipulando os produtos de forma segura e adecuada para a aplicación.
- 4.2.8 Determinando se na zona de aplicación se pode producir contaminación de acuíferos ou da flora e fauna circundante.
- 4.2.9 Retirando da zona todo os residuos producidos durante o proceso de aplicación de fertilizantes

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 4.3 Regar a plantación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Realizando unha atenta inspección visual do estado hídrico do vexetal.
- 4.3.2 Escollendo a hora do día máis adecuada para conseguir que os estomas vexetais se atopen máis receptivos á absorción de líquido.
- 4.3.3 Coñecendo o grao de drenaxe do terreo para evitar, no caso de que este sexa escaso, que tras a rega o pé quede asolagado, impedindo deste xeito a respiración radicular.
- 4.3.4 Dosificando a duración e espazo dos regos para evitar a aparición de podremias e fungos indesexados no vexetal.
- 4.3.5 Asegurándose de que a auga utilizada se atopa libre de substancias fitocidas a calquera outro produto nocivo para a planta.
- 4.3.6 Regulando a presión de rega sobre o pé para evitar a excesiva remoción de terra que podería producir problemas de desarraigo e perdas de nutrientes organominerais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 4.4 Podar.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 4.4.2 Seleccionando os pés de poda.
- 4.4.3 Aplicando a intensidade de poda adecuada en función da especie e idade desta.
- 4.4.4 Mantendo as ferramentas de corte perfectamente afiadas para evitar que durante o corte se realicen esgazaduras no tronco.

- 4.4.5 Elixindo a ferramenta adecuada en función das características dos pés que hai que poder.
- 4.4.6 Realizando un corte limpo a rentes do tronco, evitando deixar tocos e feridas.
- 4.4.7 Aplicando substancias cicatrizantes se se produciu unha ferida para evitar a entrada de patóxenos.
- 4.4.8 Xestionando adecuadamente os restos de poda.

MEDIOS UTILIZADOS		
MÁQUINAS	FERRAMENTAS	PRODUCTOS
 Vehículo de transporte.	✂ Claves de identificación de cogomelos e fungos.	💧 Fertilizantes.
 Tractor.	✂ Claves de identificación de especies arbóreas.	💧 Combustible.
 Trituradora de restos.	✂ Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos.	💧 Lubricantes.
 Apeiros de labor.	✂ Ferramenta de limpeza de roza	💧 Elementos de corte.
 Cámara de almacenamento.	✂ EPI.	💧 Substancias para o tratamento de feridas.
 Máquina de envasado.	✂ Elementos.	💧 Filme plástico transparente.
	✂ Instalación para rega.	💧 Barquetas de cortiza illante.
	✂ Elementos auxiliares de rega.	
	✂ Instrumentos de poda.	
	✂ Cestas para a recollida do fungo.	
	✂ Elementos para a limpeza do fungo.	

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Conservar e almacenar os produtos recollidos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.1 Realizar a separación en especies e tamaños.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.1.1 Colocando correctamente o EPI.
- 5.1.2 Revisando as cestas procedentes da recollida.
- 5.1.3 Separando os cogomelos e os fungos por especies, tamaños e calidades.
- 5.1.4 Desbotando os exemplares non válidos ou de aspecto dubidoso.
- 5.1.5 Baleirando o contido das cestas en diferentes recipientes por tamaños e especies para a súa venda.
- 5.1.6 Xestionando correctamente os residuos derivados da realización destas operacións.
- 5.1.7 Separando os froitos polas súas características (calibres, calidades...).
- 5.1.8 Separando exemplares dubidosos ou non validos para a súa explotación.
- 5.1.9 Recollendo e eliminando os residuos derivados das operacións de clasificación.
- 5.1.10 Cumprindo a normativa de coidado medioambiental e prevención de riscos laborais.
- 5.1.11 Eliminando exemplares danados ou en mal estado.
- 5.1.12 Almacenando a recolección de forma definitiva atendendo a calidades de maduración, calibres e aspecto.
- 5.1.13 Cumprindo a normativa aplicable (manipulación de alimentos)

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.2 Realizar as tarefas de conservación.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.2.1 Mantendo, se é necesario, a recolección nun ambiente refrixerado, evitando a súa podremia e deterioración.

- 5.2.2 Eliminando os exemplares danados ou en mal estado antes da venda periodicamente.
- 5.2.3 Xestionando os residuos producidos da realización desta actividade.
- 5.2.4 Colocando a recolección en recipientes adecuados para a súa conservación.
- 5.2.5 Planificando o número as tarefas segundo o volume de recolección.
- 5.2.6 Cubrindo as notas de produto, indicando as características do produto, data de recolección, lugar, etc.
- 5.2.7 Coñecendo os tempos de conservación dos mesmos.
- 5.2.8 Cumprindo a normativa de manipulación de alimentos.
- 5.2.9 Verificando periodicamente as calidades e estado de conservación destes.
- 5.2.10 Cumprindo sempre a normativa de calidade e prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.3 Secar a planta.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.3.1 Coñecendo as calidades da planta e a relación de humidade que deben ter.
- 5.3.2 Sabendo os tempos en que debe realizarse o secado sen perder propiedades a recolección.
- 5.3.3 Tendo preparado os medios, o local e o almacén para levar a cabo o proceso.
- 5.3.4 Mantendo afastadas plantas entre si, cando presentan incompatibilidades.
- 5.3.5 Lavando, cando sexa necesario, a recolección e realizando un secado inmediato posterior.
- 5.3.6 Cortando as raíces unha vez limpas en tamaños adecuados que faciliten o seu secado.
- 5.3.7 Realizando isto coas ferramentas adecuadas.
- 5.3.8 Cumprindo coa normativa vixente de coidado medioambiental e prevención de riscos laborais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 5.4 Preparar e enviar a produción.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 5.4.1 Baleirando o contido das cestas en diferentes recipientes por tamaños e calidades para a súa venda.
- 5.4.2 Mantendo os cogomelos refrixerados evitando a súa podremia e deterioración.
- 5.4.3 Eliminando periodicamente os exemplares danados ou en mal estado antes da venda.
- 5.4.4 Determinando se o estado do fungo se atopa co grao de humidade adecuado para a súa embalaxe.
- 5.4.5 Colocando os cogomelos e fungos en embalaxes que permitan a súa transpiración e os illen da humidade para evitar oxidacións e podremias.
- 5.4.6 Xestionando os residuos producidos na realización desta actividade.

>.. MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Tractor.
- Vehículo de transporte.
- Cámara frigorífica.
- Máquina de envasado.

FERRAMENTAS

- ✂ EPI.
- ✂ Peneiras.
- ✂ Peites.
- ✂ Claves de identificación de

PRODUTOS

- ◆ Material de escritorio funxible.
- ◆ Teas (gasas).
- ◆ Combustible.

Apeiros de labor.

plantas medicinais e aromáticas.	♦ Lubricantes.
✕ Mapas da zona.	♦ Fertilizantes.
✕ Tesoiras.	♦ Elementos de corte.
✕ Fouciños pequenos.	♦ Substancias para o tratamento de feridas.
✕ Angazo.	♦ Filme plástico transparente.
✕ Pértegas.	♦ Barquetas de cortiza illante.
✕ Coitelo.	
✕ Navalla.	
✕ Espátula.	
✕ Gubia.	
✕ Cestos.	
✕ Sacos.	
✕ Claves de identificación de cogomelos e fungos.	
✕ Claves de identificación de especies arbóreas.	
✕ Ferramentas de extracción de cogomelos e fungos.	
✕ Ferramenta de limpeza de roza.	
✕ EPI.	
✕ Elementos.	
✕ Instalación para rega.	
✕ Elementos auxiliares de rega.	
✕ Instrumentos de poda.	
✕ Cestas para a recollida do fungo.	
✕ Elementos para a limpeza do fungo.	

■.. 6.2.4.5. TRABALLADOR FORESTAL

•> 6.2.4.5.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Traballador forestal
Sector		Forestal
Actividade		Silvicultura, Silvipascicultura, Defensa contra incendios, Caza, Pesca e Aproveitamento de resina.

•> 6.2.4.5.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

Efectúa todas as operacións relacionadas coa xestión sostible do monte nos apartados de creación e conservación das masas forestais, mantemento de infraestruturas, mantemento silvipascícola e aproveitamento de biomasa a través do coñecemento de técnicas, normas e do uso dos instrumentos asociados á realización dos traballos. Detecta as pragas e protexe o arboredo, evitando os danos que estas producen, usando a maquinaria para a aplicación, coidándose ademais dos riscos derivados da utilización de praguicidas e evitando a presenza de residuos no medio ambiente, ademais de transportar, almacenar, mesturar e distribuír os produtos fitosanitarios. Realiza as tarefas de sangrado de coníferas, así como as de preparación de parcelas onde este se realice. Desempeña todas aquelas tarefas que derivan na sufocación e extinción dun incendio forestal, incluíndo os distintos métodos que hai, o manexo dos equipos e ferramentas e o mantemento da base de traballo. É o encargado de desenvolver aqueles labores que lle encomenden, tanto de limpeza como de transporte, mantemento e conservación, que se xeran no funcionamento dun

couto, manexando algún coñecemento práctico especial, e tamén realiza todas aquelas tarefas de apoio que lle encarguen dentro do seu ámbito de actuación e que requiran esforzo físico, utilizando para iso os medios materiais necesarios para levarlas a cabo.

•> **6.2.4.5.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS**

Capacidade profesional

>. Técnicas

- ... Habilidade manual na aplicación das técnicas de manexo de todas as ferramentas que interveñen nas diversas operacións que compoñen o seu traballo.
- ... Habilidades que atinxen á manipulación, transporte e coidado de animais.
- ... Habilidades que atinxen á manipulación, transporte e aplicación de produtos químicos fitosanitarios ou doutras naturezaas.
- ... Responsabilidade á hora de almacenar e manipular os produtos químicos de forma correcta.
- ... Capacidade de relación de que utensilio e/ ou produto se relaciona con cada operación para a súa correcta utilización.
- ... Atención para a detección durante a execución dos procesos dos posibles erros que se poden producir e posuír a capacidade para corríxilos no seu desenvolvemento.
- ... Seriedade e boa disposición para a realización de todas as súas funcións en concordancia coa normativa actual de prevención de riscos laborais e os estándares actuais de calidade e medio ambiente que imperan nas empresas.
- ... Manter un alto grao de atención e concentración no manexo das ferramentas e maquinaria lixeira empregada no desenvolvemento do seu traballo.
- ... Minuciosidade para elaborar inventarios e levar a cabo observacións directas no campo.
- ... Capacidade visual adecuada para observar as condicións en que traballa e detectar anomalías no couto.
- ... Capacidade auditiva aguda.
- ... Disponibilidade horaria.
- ... Interese por coñecer o contexto dos labores que realiza.
- ... Interese por adquirir coñecementos básicos de todo o que atinxe ao desenvolvemento das súas tarefas.
- ... Habilidade no emprego no uso dos equipos de protección de forma adecuada para cada un dos labores desenvolvidas.

>. Organizativas

- ... Capacidade de executar as súas tarefas secuencialmente na orde debida, utilizando o criterio da eficiencia.
- ... Capacidade de interpretación correcta das instrucións recibidas e realizalas na orde adecuada, dado que o nivel de perigosidade derivado da execución do seu traballo supón evitar situacións de risco moi graves.
- ... Potencialidade de adquirir certo grao de autonomía no desenvolvemento da súa tarefa.
- ... Interese por integrarse no organigrama empresarial.
- ... Axilidade no desempeño das tarefas.
- ... Amabilidade na atención ao público.
- ... Autocontrol para calquera tipo de relación laboral (co superior e usuarios).
- ... Optimización de todos os recursos dispoñibles.
- ... Memorización das ordes recibidas.
- ... Constancia nas actuacións e tarefas ordinarias.
- ... Actualización ante novos métodos e técnicas así como ante novos cambios legislativos.

>. Interaccións

- ... Capacidade de comunicarse e traballar en equipo co resto dos seus compañeiros de cuadrilla baixo a supervisión do seu capataz, coordinador.
- ... Capacidade para recibir e executar ordes e suxestións ditadas polos seus superiores.
- ... Mínimo repertorio de habilidades sociais que lle permitan interactuar con todas as persoas coas que se debe relacionar no seu ambiente laboral.
- ... Capacidade de "poñerse no lugar dos demais" para coñecer as inquietudes de superiores e compañeiros.

>. Resposta a continxencias

- ... Capacidade de responder rapidamente ante situacións inesperadas no transcurso do seu traballo.
- ... Capacidade para manter equilibrio e serenidade en momentos de tensión ou perigo.
- ... Bos reflexos.
- ... Manter unha boa forma física no desenvolvemento duro dos seus labores habituais.
- ... Posuír un nivel de resistencia e de forza física elevados para executar as súas tarefas habitualmente.
- ... Autocontrol eficaz, que lle permita reaccionar adecuadamente en actividades complexas.
- ... Determinación para levar a cabo accións arriscadas.

•> 6.2.4.5.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 ■ .. Preparar o terreo para a reforestación, realizar a plantación ou a sementeira e participar en transplantes de exemplares sensibles ou de alto valor ecolóxico-paisaxístico.
- 2 ■ .. Aplicar coidados culturais á masa forestal.
- 3 ■ .. Facer medicións da masa arbórea.
- 4 ■ .. Colaborar nas operacións de aproveitamento.
- 5 ■ .. Realizar labores de mantemento dos sistemas silvipastorais.
- 6 ■ .. Conservar as infraestruturas creadas no monte.
- 7 ■ .. Atacar o lume directa e indirectamente e manexar e manter as mangueiras.
- 8 ■ .. Actuar nunha brigada helitransportada e conducir o vehículo de transporte do retén.
- 9 ■ .. Realizar os labores de mantemento, conservación e mellora do couto de caza e /ou pesca.
- 10 ■ ..Auxiliar o garda do couto na execución das súas funcións e colaborar cos cazadores e pescadores no exercicio das distintas modalidades de caza e /ou pesca.
- 11 ■ ..Preparar as parcelas e realizar os labores de resinación.
- 12 ■ ..Preservar o estado correcto dos seus instrumentos de traballo.

•> 6.2.4.5.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL**>. UNIDADE DE COMPETENCIA****1 Preparar o terreo para a reforestación e realizar a plantación ou a sementeira.****>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL****■ 1.1 Rozar manualmente.****>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN**

- 1.1.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 1.1.2 Apertando o botón de arranque da motorrozadora.
- 1.1.3 Efectuando un xiro de cintura mentres se suxeita cunha man o cordón de arranque, procédese a tirar con enerxía e premer o gatillo do acelerador.

- 1.1.4 Situando a coitela na base do arbusto ou da matogueira que se vai limpar, vaise xirando a máquina realizando rotacións de cintura.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Reunir e amorear os restos de roza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Colocando correctamente o EPI.
- 1.2.2 Asegurando que na zona de recollida non se está levando a cabo outra operación que poida ser interferida ou poida implicar algún perigo.
- 1.2.3 Elixindo unha zona centrada con respecto aos restos espaxados.
- 11.5.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 11.6 Realizar a pica.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 11.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 11.6.2 Utilizando a aixola, navalla ou gancho para levantar a capa da cara.
- 11.6.3 Verificando que a ferida queda limpa e favorece o abrolle de resina.
- 11.6.4 Limpando a ferida de calquera obxecto que poida entorpecer o abrolle da resina.
- 11.6.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos desta operación.

- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 11.7 Aplicar ácido sulfúrico rebaixado ou pasta para facilitar o sangrado.
- >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
- 11.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 11.7.2 Untando a cantidade necesaria e suficiente do estimulador de sangrado.
 - 11.7.3 Verificando que se aplicou na zona correcta.
 - 11.7.4 Comprobando que non teña ningún obxecto estraño que evite o contacto coa cara núa da árbore.
 - 11.7.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos desta operación.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 11.8 Fixar a grampa ou media lúa.
- >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
- 11.8.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 11.8.2 Elixindo un lugar firme para cravala.
 - 11.8.3 Comprobando o ángulo que necesita a resina para caer.
 - 11.8.4 Fixando a grampa mediante un cravo.
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 11.9 Colocar o bote de resina.
- >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
- 11.9.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 11.9.2 Situando o bote nunha posición de equilibrio para evitar basculados ou caídas.
 - 11.9.3 Verificando que o goteo da grampa ou media lúa caia dentro do bote de resina.
 - 11.9.4 Comprobando que non se atopen obxectos estraños dentro do bote.
 - 11.9.5 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos desta operación
-
- >.. REALIZACIÓN PROFESIONAL
- 11.10 Remasar (recollida da trementina).
- >... CRITERIOS DE EXECUCIÓN
- 11.10.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
 - 11.10.2 Esperando o tempo fixado para realizar a recolección da resina (un mes).
 - 11.10.3 Recollendo as latas e vertendo o seu contido nas latas ou contedores maiores.
 - 11.10.4 Desprazando o carrito ata unha posición intermedia entre as árbores en proceso de sangrado.
 - 11.10.5 Utilizando a paleta ou coitelo para raspar as paredes do bote e axudar así a extraer toda a trementina pegada.
 - 11.10.6 Se é necesario, realizando un segundo picado na árbore para facilitar a resinación.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

🔧 Rozadora.

FERRAMENTAS

✂️ Aixadas.
 ✂️ Folla de lata.
 ✂️ Media lúa.
 ✂️ Grampa.
 ✂️ Aixola.
 ✂️ Navalla.
 ✂️ Carreto.
 ✂️ EPI.
 ✂️ Serras.

PRODUTOS

💧 Lubricantes.
 💧 Gasolina.
 💧 Pasta de sangrado.
 💧 Auga destilada.
 💧 Ácido sulfúrico.

✖ Limas.
✖ Barrasco.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

12 Coñecer o manexo e preservar o correcto estado da maquinaria e dos seus instrumentos de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.1 Coñecer as ferramentas manuais, a vestimenta e a maquinaria lixeira usada na realización de todos os seus labores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.1.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 12.1.2 Identificando visualmente cada un dos instrumentos de traballo.
- 12.1.3 Relacionando cada utensilio coa función que realiza e nas ferramentas de extinción asociar ao compoñente do triángulo do lume sobre o que actúa.
- 12.1.4 Recoñecendo cada peza do vestiario da indumentaria de traballo

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.2 Manexar as ferramentas e a maquinaria lixeira.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.2.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 12.2.2 Situándose nunha posición segura durante o uso e con respecto ao avance do lume nas tarefas de extinción.
- 12.2.3 Identificando unha posible vía de escape en caso de perigo.
- 12.2.4 Coñecendo a técnica de uso de cada unha delas.
- 12.2.5 Utilizándoas para a función para a que están deseñadas.
- 12.2.6 Realizando un manexo seguro delas.
- 12.2.7 Coñecendo o funcionamento dunha embarcación lixeira.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.3 Limpar as ferramentas e a vestimenta e mantelas organizadas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.3.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.3.2 Retirando os residuos despois da súa utilización, mediante o lavado ou a aplicación dun tratamento químico.
- 12.3.3 Secando e situando cada ferramenta no seu lugar asignado ordenadamente.
- 12.3.4 Lavando periodicamente a indumentaria de traballo.
- 12.3.5 Destinando un lugar para a colocación dos traxes de traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.4 Conservar as ferramentas manuais de traballo.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.4.1 Colocando correctamente o equipo de protección individual.
- 12.4.2 Realizando unha revisión despois de cada uso.
- 12.4.4 Substituíndo os mangos danados ou defectuosos.
- 12.4.5 Fixando os mangos que se moven.
- 12.4.6 Evitando a caída, o golpeo... que producen deterioracións nas ferramentas.
- 12.4.7 Revisando os fíos, que non teñan fendas ou melas.
- 12.4.8 Fixando o instrumento a afiar a un soporte para evitar o movemento.
- 12.4.9 Coñecendo o tipo de lima adecuado á superficie de limado.
- 12.4.10 Pasando a lima contra a folla de corte da ferramenta.
- 12.4.11 Aplicando anticorrosivos.

- 12.4.12 Colocando protectores de fío.
- 12.4.13 Pintando a sección metálica de cor vermella e vernizando os hastiles para que se distingan e evitar accidentes.
- 12.4.14 Evitando deixar as ferramentas fóra do seu sitio, tiradas, para que non se pisen, deteriorenen e así impedir accidentes.
- 12.4.15 Almacenando, ordenadamente e mediante unha clasificación, as ferramentas para evitar curvaturas dos mangos...
- 12.4.16 Xestionando correctamente os residuos derivados destas actividades.
- 12.4.17 Realizando todas as operacións cos niveis de seguridade e calidade adecuados.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.5 Coñecer o funcionamento do motor da motorrozadora, da motoaburadora e da motoserpa.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.5.1 Coñecendo os principios de funcionamento do motor de dous tempos.
- 12.5.2 Sabendo identificar cada parte do motor.
- 12.5.3 Sabendo a función ou utilidade de cada parte do motor.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.6 Limpar o carburador.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.6.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.6.2 Separándoo do conxunto do motor.
- 12.6.3 Levantando a tapa do filtro do aire e apartándoo para limpar o de residuos.
- 12.6.5 Desmontando o chicle e eliminándolle os residuos.
- 12.6.6 Limpando o corpo do carburador.
- 12.6.7 Xestionando adecuadamente os residuos obtidos da realización destas operacións.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.7 Manter correctamente as buxías.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.7.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.7.2 Extraendo o capucho da buxía e desenroscándoa da culata.
- 12.7.3 Observando a distancia entre os electrodos e limpándoos mediante unha lixa fina, se é necesario.
- 12.7.4 Repoñendo a buxía se está en mal estado.
- 12.7.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.8 Identificar e substituír o embrague.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.8.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.8.2 Conservando adecuadamente a caixa de redución.
- 12.8.3 Identificando fallos e procedendo ao seu cambio.
- 12.8.4 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.9 Substituír e afiar a barrena.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.9.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.9.2 Observando o estado da barrena.
- 12.9.3 Utilizando o dispositivo adecuado á folla de corte e procedendo ao seu afiado.

- 12.9.4 Repoñendo a barrena se está en mal estado.
- 12.9.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.10 Manter correctamente os elementos de seguridade da motorrozadora, da motoaburadora e da motoserpa.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.10.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.10.2 Comprobando que a tapa protectora da coitela está perfectamente instalada na motorrozadora.
- 12.10.3 Observando que a carcasa protectora da coitela está asegurada firmemente e é a adecuada a ese disco na rozadora.
- 12.10.4 Realizando unha inspección visual das correas de suxeición.
- 12.10.5 Comprobando a resistencia das correas por medio da aplicación de tiróns destas.
- 12.10.6 Accionando o freo da cadea e comprobando a súa detención inmediata na motoserpa.
- 12.10.7 Comprobando o estado dos dentes da cadea da motoserpa.
- 12.10.8 Observando que a asa está firmemente suxeita ao corpo da motoserpa.
- 12.10.9 Comprobando as asas de suxeición da motoaburadora.
- 12.10.10 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.11 Afiar as coitelas de corte da motorrozadora.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.11.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.11.2 Desmontando a coitela.
- 12.11.3 Elixindo en función do material do fio a lima adecuada.
- 12.11.4 Fixando a coitela a un soporte de afiado para evitar desprazamentos.
- 12.11.5 Pasando a lima contra a coitela.
- 12.11.6 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.12 Axustar e realizar coidados aos elementos de corte da motoserpa.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.12.1 NO MONTE
Afiando os dentes de corte seguindo o ángulo do mesmo dente, suxeitando a espada a un cabaleta.
- 12.12.2 Evitando deixar calquera tipo de residuo ou resto derivado desta operación no terreo.
- 12.12.3 MANTEMENTO PERIÓDICO
Separando a carcasa dos parafusos de suxeición da espada.
- 12.12.4 Desmontando a espada do corpo da motoserpa e, á súa vez, desmontando a cadea da espada.
- 12.12.5 Limpando a ranura da espada, os trades do aceite e os orificios de montaxe.
- 12.12.6 Comprobando o estado dos dentes da cadea e afiándoos se é necesario.
- 12.12.7 Colocando a cadea na espada e fixando a espada á motoserpa.
- 12.12.8 Levando ao seu sitio a carcasa de protección dos parafusos de suxeición da espada.
- 12.12.9 Axustando mediante o parafuso correspondente a tensión da cadea segundo as especificacións do fabricante.

- 12.12.10 Executando unha comprobación de funcionamento.
- 12.12.11 Revisando a correcta lubricación da cadea, dirixíndoa coa espada sobre unha superficie despexada e clara e observando se perde aceite.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 12.13 Operar con combustibles e aceites.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 12.13.1 Colocando o operario o EPI correctamente.
- 12.13.2 Coñecendo as proporcións da mestura de aceite e gasolina do motor.
- 12.13.3 Mesturando de acordo coas porcentaxes establecidas polos fabricantes.
- 12.13.4 Lubricando periodicamente os elementos sometidos a frición.
- 12.13.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos da realización desta operación.

MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

 Afiadora.

FERRAMENTAS

✂ EPI.
✂ Ferramenta universal.
✂ Limas.
✂ Puntas.
✂ Parafusos.
✂ Bolígrafo e caderno de notas.
✂ Galga.
✂ Metro.
✂ Lapis de carpinteiro.
✂ Caixa de urxencias.

PRODUTOS

⬮ Carburantes.
⬮ Lubricantes.
⬮ Auga.
⬮ Anticorrosivos.
⬮ Pintura.
⬮ Produtos químicos de limpeza.
⬮ Recambios de motosierra e motorrozadora.
⬮ Mangos de recambio.
⬮ Ácido limpacarburadores.
⬮ Buxías.

■.. 6.2.4.6. VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS

•> 6.2.4.6.1. TÁBOA OCUPACIÓN

Ocupación		Vixilante de recursos naturais
Sector		Forestal
Actividade		Caza e pesca fluvial
		Conservación de espazos naturais.

•> 6.2.4.6.2. DESCRICIÓN COMPETENCIA XERAL

Competencia Xeral

É aquel traballador que se ocupa da vixilancia e do coidado da flora e fauna aplicando para isto a lexislación medioambiental para a protección dos recursos do medio natural. Tamén actúa de educador medioambiental dentro do espazo natural e colabora á súa vez nas esixencias e características propias do aproveitamento tanto cinxético como piscícola contemplado no plan técnico correspondente.

•> 6.2.4.6.3. DESCRICIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Capacidade profesional

>. Técnicas

- ... Responsabilidade e profesionalidade para abarcar o coñecemento das circunstancias relacionadas coa actividade que cómpre desenvolver: xurídicas (delitos, faltas, denuncias); de xestión directa (vixilancia, protección...).
- ... Atención para dominar o cumprimento da normativa interna do couto.
- ... Preocupación para poder executar correctamente actividades relacionadas directamente coas tarefas que cómpre desenvolver en materia de xestión medioambiental e a normativa de caza e pesca do seu ámbito competencial.

- ... Interese na observación de actividades e situación do couto para saber se se come-ten infraccións.
- ... Seriedade con respecto ao cumprimento da Lei de PRL, calidade e medio ambiente.
- ... Profesionalidade, memoria e agudeza visual para identificar enfermidades de animais ou detectar pragas.
- ... Precisión e observación atenta para dominar as distintas especies obxecto de caza e pesca e a normativa que as regula.
- ... Concentración para diferenciar as distintas zonas de seguridade e o uso de armas.
- ... Interese e responsabilidade para executar ou vixiar a sinalización do couto, matrículas e rexistros.
- ... Estudo pormenorizado sobre a identificación de terreos cinexéticos e/ou piscícolas de réxime especial.
- ... Responsabilidade para aconsellar vedas e outras medidas protectoras.
- ... Capacidade de interese pola protección das parcelas de cultivo.
- ... Obxectividade no coñecemento dos danos orixinados pola caza e polos cazadores así como polos pescadores.
- ... Posuír unha psicomotricidade apta que lle permita o control para o normal desenvolvemento das súas actividades.
- ... Agudeza mínima visual e auditiva coa finalidade de percibir circunstancias significativas que se produzan durante o desenvolvemento da súa actividade cotiá.
- ... Fluidez verbal e trato amable.
- ... Carácter extravertido para poder aplicar os coñecementos de atención ao público que debe posuír.
- ... Capacidade de razoamento espacial para a Interpretación de mapas.
- ... Capacidade de cálculo para o uso e conversión de escalas.
- ... Orientación espacial no uso de aparatos de posicionamento.
- ... Habilidade manual e agudeza visual para o uso de aparatos de medición.
- ... Capacidade de razoamento espacial para a translación de puntos do terreo ao plano e viceversa.
- ... Serenidade, decisión e precaución durante as manobras básicas de primeiros auxilios.
- ... Agudeza visual e memoria para identificar animais e plantas perigosas.
- ... Seguridade e serenidade á hora de aplicar técnicas básicas de protección civil.
- ... Habilidade manual, responsabilidade e serenidade na condución de vehículos todo terreo.
- ... Memoria e agudeza visual para o coñecemento de elementos botánicos.
- ... Capacidade de observación detida, agudeza visual e memoria para o coñecemento do efecto dos danos abióticos.
- ... Memoria e razoamento lóxico para a aplicación de coñecementos zoolóxicos.
- ... Agudeza visual e concentración para a observación do comportamento animal.
- ... Seguridade, habilidade manual e razoamento para aplicar coñecementos básicos en veterinaria.
- ... Habilidade e paciencia no proceso de nutrición animal.
- ... Agudeza visual, capacidade de observación para a interpretación da meteoroloxía e climatoloxía local.
- ... Seguridade e eficiencia nas transmisións por radio.
- ... Responsabilidade, seguridade e responsabilidade na aplicación da técnica de loita contra o lume.
- ... Capacidade de observación e interpretación de indicios que permiten deducir o comportamento máis previsible do lume.
- ... Agudeza visual e capacidade de observación para a identificación efluentes líquidos perigosos.

>. Organizativas

- ... Coordinación para as tarefas de vixilancia e protección.
- ... Disponibilidade para a atención ao público.
- ... Concentración ante situacións propias do seu ámbito competencial.
- ... Planificación obxectiva e práctica da actividade encomendada.
- ... Autocontrol para calquera tipo de relación laboral (co superior e usuarios).
- ... Optimización de todos os recursos dispoñibles.
- ... Memorización das ordes recibidas.
- ... Constancia nas actuacións e tarefas ordinarias.
- ... Desenvolver capacidade de autonomía na medida que o traballo o permita.
- ... Actualización ante novos métodos e técnicas así como ante novos regulamentos de caza e/ou pesca.
- ... Coñecemento básico de técnicas de observación para verificar o traballo.
- ... Organizar equipos de busca e rescate.
- ... Dispoñer dunha base de datos xeorreferenciada de todos os elementos de interese comprendidos dentro do parque.
- ... Determinar os períodos óptimos de limpeza das áreas recreativas e baleirado de contedores.
- ... Dispoñer en número suficiente e en perfecto estado de uso as caixas de urxencia e os elementos de primeiros auxilios.
- ... Manter todo o instrumental e aparatos varios perfectamente almacenados e listos para o seu uso.
- ... Manter a información botánica e zoolóxica de interese perfectamente clasificada e accesible.
- ... Levar fichas que recollan as incidencias animais e vexetais.
- ... Levar un inventario zoológico e botánico convenientemente actualizado.
- ... Inventariar todos aqueles focos de vertidos incontrolados co fin de exercer un maior control sobre eles.
- ... Manter un rexistro de datos meteorolóxicos para poder estimar riscos de incendios e poder actuar en consecuencia.
- ... Distribuír nas casetas ou aulas da natureza a información medioambiental de forma secuencial e ordenada para acadar o pleno coñecemento das peculiaridades do espazo.
- ... Organizar a información radiada de forma clara, ordenada, precisa e concreta.

>. Interaccións

- ... Afabilidade e certo grao de empatía no trato cos socios e/ou visitantes.
- ... Habilidades para desenvolver a comunicación no trato cos usuarios e ofertar unha información adecuada e eficaz.
- ... Minuciosidade para estar atento aos danos orixinados pola caza e polos cazadores así como polos pescadores.
- ... Claridade na exposición de limitacións, previsións, dúbidas...
- ... Sensibilidade para captar situacións que poidan entorpecer a actividade propia.
- ... Corrección no trato evitando modos e maneiras que resulten negativas.
- ... Dinamismo laboral e persoal para influír positivamente no devir diario das tarefas que se desenvolven no couto.
- ... Relacionarse cos organismos públicos.
- ... Colaborar cos medios de extinción de incendios.
- ... Cooperar cos servizos policiais de protección da natureza.
- ... Tratar con quen habita dentro do espazo natural e aqueles que viven nos seus límites.
- ... Colaborar con zoológos e botánicos no coidado do espazo.

>. Resposta a continxencias

- ... Sentido da orientación para percorrer terreos e treitos de río que polas súas circunstancias orográficas poidan facilitar perdas inoportunas de usuarios.
- ... Seriedade e profesionalidade para facer fronte a problemas que poidan xurdir cos cazadores e/ou pescadores .
- ... Claridade na imposición de limitacións do seu ámbito competencial.
- ... Disponibilidade e dilixencia para resolver problemas puntuais e non previstos.
- ... Rapidez de reflexos para actuar de forma áxil e, á vez, satisfactoria ante situacións imprevistas.
- ... Actuar con confianza e precisión fronte a incendios forestais.
- ... Serenidade e atención fronte a enfermidades ou pragas, tanto nos vexetais coma nos animais.
- ... Actuar con dilixencia e eficacia ante posibles accidentes de visitantes.
- ... Seguridade e profesionalidade nos conflitos cos habitantes do espazo.
- ... Responsabilidade e concentración fronte a catástrofes naturais así como ante furtivos ou espoliadores do patrimonio natural ou etnográfico.

•> 6.2.4.6.4. UNIDADES DE COMPETENCIA

- 1 ... Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.
- 2 ... Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.
- 3 ... Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos valores e singularidades ambientais destes.
- 4 ... Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexéticos e/ou de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

•> 6.2.4.6.5. DESENVOLVEMENTO DO PERFIL PROFESIONAL

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.1 Coñecer a flora, a fauna e os elementos presentes no medio, o seu ciclo vital, función, interacción e as súas patoloxías, todo isto dentro do seu campo de acción.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.1.1 Recoñecendo visualmente sobre o terreo as distintas especies botánicas.
- 1.1.2 Observando e identificando, en función do aspecto que presenta o dano sufrido, que tipo de patóxeno; fungo ou insecto o produciu.
- 1.1.3 Coñecendo o tratamento máis axeitado a cada tipo de patóxeno e grao de dano producido.
- 1.1.4 Sabendo cal é a función ecolóxica das distintas especies e cales son as condicións óptimas para un adecuado desenvolvemento.
- 1.1.5 Observando directamente calquera tipo de anomalía ou alteración que se produza para poder intervir o antes posible.
- 1.1.6 Coñecendo e identificando as relacións interespecíficas que lle permitan identificar o grao de evolución dun ecosistema.
- 1.1.7 Sabendo cal é o ciclo vital de cada un dos patóxenos, cal é o momento en que a especie é preferiblemente atacada e como se pode prever este ataque.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.2 Percorrer con periodicidade preestablecida o espazo natural para verificar o seu estado xeral.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.2.1 Conservando un estado físico adecuado para realizar tarefas que requiran algún tipo de esforzo.
- 1.2.2 Utilizando os prismáticos para poder observar aqueles puntos da superficie ao seu cargo con difícil acceso.
- 1.2.3 Estando debidamente uniformado e identificado para ser recoñecido sen problemas.
- 1.2.4 Desprazándose (a pé ou en vehículo) polo terreo para inspeccionar e comprobar o terreo tanto de día como de noite.
- 1.2.5 Usando a cartografía necesaria, GPS...
- 1.2.6 Coidando o uso de aparatos de medición e posicionamento.
- 1.2.7 Observando calquera tipo de anomalía.
- 1.2.8 Controlando as sinalizacións especiais.
- 1.2.9 Identificando o estado natural da zona asociándolle plantas e animais que lle corresponde.
- 1.2.10 Controlando as perturbacións actuais e futuras e como poden afectar estas ao desenvolvemento xeral do espazo natural.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.3 Observar todas aquelas circunstancias que poidan entorpecer ou favorecer as condicións óptimas para un desenvolvemento sostible do espazo vixiado.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.3.1 Rexistrando cales son os danos patolóxicos detectados na zona e cales son as especies vexetais atacadas así como a intensidade e extensión do ataque.
- 1.3.2 Tomando mostras dos danos producidos nos individuos enfermos.
- 1.3.3 Inventariando a composición florística e faunística da zona, sinalando nesta as especies que se atopan rexistradas como sensibles ou escasas.
- 1.3.4 Identificando o grao de evolución do ecosistema.
- 1.3.5 Recoñecendo visualmente sobre o terreo polas súas pegadas ou polo seu aspecto as distintas especies animais.
- 1.3.6 Sabendo, a partir do ciclo vital de cada un dos patóxenos, cales son as condicións e a época en que as especies son máis susceptible de sufrir as patoloxías e como se poden previr.
- 1.3.7 Aprendendo cales son as épocas de cría, o índice de natalidade e o tamaño óptimo da poboación en función da especie e superficie ocupada por esta co fin de determinar a vitalidade da poboación.
- 1.3.8 Sabendo cal é a función ecolóxica das distintas especies e cales son as condicións óptimas para un adecuado desenvolvemento.
- 1.3.9 Coñecendo o grao de interacción interespecífica e cal é a porcentaxe adecuada de depredador-presa.
- 1.3.10 Capturando e transportando animais feridos.
- 1.3.11 Coñecendo vida e costume das especies que residan na propiedade para poder así recoñecer carencias e posibles déficits.
- 1.3.12 Rexistrando cales son as patoloxías e feridas detectadas na zona e cales son as especies animais afectadas, así como a intensidade e extensión dos danos.
- 1.3.13 Informando sobre a conveniencia da aplicación de campañas de vacinación ou saneamento.

- 1.3.14 Levando un rexistro exhaustivo do número de individuos pertencentes ás especies máis sensibles co fin de poder actuar rapidamente se este número se achega a valores considerados críticos.
- 1.3.15 Evitando a acción dos furtivos por medio da vixilancia así como retirando as trampas ou venenos que detecte dentro do espazo natural.
- 1.3.16 Seguindo as pautas terapéuticas do veterinario e controlando a evolución sanitaria do animal.
- 1.3.17 Vixiando os límites do espazo para evitar danos da poboación animal en sementados e cultivos próximos a este.
- 1.3.18 Recoñecendo e recollendo calquera obxecto, artefacto... que poida danar ou prexudicar o estado do couto e da poboación de especies que o configura.
- 1.3.19 Comprobando o estado de limpeza do terreo forestal e dos elementos vexetais e faunísticos que o poboa.
- 1.3.20 Comprobando a ausencia de vertidos ou residuos incontrolados dentro da zona.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.4 Usar e interpretar as ferramentas cartográficas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.4.1 Compreendendo o significado das escalas e realizando conversións entre escalas distintas.
- 1.4.2 Sabendo o que representan as curvas de nivel nun plano topográfico.
- 1.4.3 Coñecendo o significado dos signos convencionais máis usuais.
- 1.4.4 Calculando distancias e pendentes do terreo usando mapas.
- 1.4.5 Identificando os accidentes topográficos do terreo no plano.
- 1.4.6 Determinando puntos sobre o terreo e trasladándoos ao plano e viceversa.
- 1.4.7 Usando aparatos de orientación.
- 1.4.8 Coñecendo e corrixindo a declinación magnética.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 1.5 Seguir de cerca os traballos e/ou melloras que se leven a cabo co permiso correspondente.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 1.5.1 Coñecendo e detectando accións sancionables.
- 1.5.2 Observando os traballos e as obras que se fagan co permiso correspondente dentro da zona de caza acoutada, as marxes do río, das ribeiras dos lagos...
- 1.5.3 Elaborando informes sobre o impacto das obras e o estado destas.
- 1.5.4 Informando sobre a súa repercusión nas instalacións.
- 1.5.5 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das operacións que se leven a cabo.
- 1.5.6 Aplicando os criterios de calidade que se deben cumprir na realización dos traballos que se leven a cabo.
- 1.5.7 Seguindo de preto os labores de conservación e mantemento.
- 1.5.8 Vixiando que se respecten as sinalizacións.
- 1.5.9 Controlando os pasos que hai que dar en cada unha das tarefas de mellora.
- 1.5.10 Comprobando que a perda de especies non se deba a causas non naturais e, se fora así, investigándoas.
- 1.5.11 Detendo a execución de calquera das obras ou outros traballos que non presentan a debida autorización
- 1.5.12 Impedindo o espolio dos elementos xeolóxicos ou etnográficos presentes.

MEDIOS UTILIZADOS**MAQUINAS**
 Vehículo todoterreo.
FERRAMENTAS

- ✕ Escalímetro.
- ✕ Mapas topográficos.
- ✕ Clisímetro.
- ✕ Compás.
- ✕ Curvímetro.
- ✕ Altimetro.
- ✕ Podómetro.
- ✕ Caixa de urxencias de primeiros auxilios.
- ✕ Elementos de sinalización.
- ✕ Equipo para toma de mostras.
- ✕ Microscopio.
- ✕ Material de oficina.
- ✕ Gaiola para a captura de animais.
- ✕ Elementos de suxeición de animais.
- ✕ Material para a cura de animais.
- ✕ Prismáticos.
- ✕ Emisora.
- ✕ Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro.
- ✕ GPS para localizar no terreo xestionado puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✕ Teléfono móbil e emisora de radio con frecuencia adecuada ao tamaño do couto para todo tipo de comunicación e localización.
- ✕ Ordenador e software específico.
- ✕ Correo electrónico, internet.
- ✕ Impresora...
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual.
- ✕ Roupas de augas e material de neopreno.
- ✕ Material de oficina en xeral.
- ✕ Arquivos.
- ✕ Regulamento da Federación Española de caza.
- ✕ Listaxe de federacións.
- ✕ Lei de caza.
- ✕ Libros de actas.
- ✕ Albarás para pedidos e compras.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 2.1 Controlar as especies.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.1.1 Coordinando soltas e repoboacións de determinadas especies.
- 2.1.2 Colaborando coa administración pública en soltas e repoboacións.
- 2.1.3 Controlando o aumento desproporcionado de depredadores que poidan afectar ás especies protexidas no coto.
- 2.1.4 Inspeccionando e rexistrando especies protexidas para determinar as previsións desexadas.
- 2.1.5 Xestionando de forma adecuada a granxa cinexética, se a houbera, coa finalidade de ter animais para repoboar zonas ermas ou de escasa poboación.
- 2.1.6 Controlando que se leve a cabo ou facéndoo el mesmo as tarefas de recuento e inventariado de especies.
- 2.1.7 Chamando e colaborando co veterinario para a vacinación ou para calquera problema ou consulta relacionada cos animais.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 2.2 Recoñecer, rexistrar e informar, redactar informes da intensidade e extensión dos danos observados.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.2.1 Determinando o grao dos danos observados.
- 2.2.2 Usando as ferramentas, aparatos ou cartografía necesaria para a consecución de datos precisos.
- 2.2.3 Tomando sobre o terreo todos os datos que permitan realizar unha exposición detallada da situación.
- 2.2.4 Cubrindo os formularios deseñados para o efecto.
- 2.2.5 Conservando arquivados cada un dos informes redactados.
- 2.2.6 Dirixíndoa á persoa ou organismo pertinente.
- 2.2.7 Expoñéndoo con claridade e precisión se o requirise.
- 2.2.8 Impedindo a acampada en lugares prohibidos.
- 2.2.9 Identificando a lei que corresponde a cada situación concreta.
- 2.2.10 Sabendo cal é a regulamentación aplicable ao espazo natural.
- 2.2.11 Poñendo en coñecemento dos superiores o espolio cometido.
- 2.2.12 Actuando contra as fontes emisoras de ruído.
- 2.2.13 Elaborando informes sobre as necesidades do estado do terreo e das especies que o poboan.
- 2.2.14 Realizando un rexistro gráfico específico do espazo natural con representación do medio físico, climático e biolóxico.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

■ 2.3 Valorar a vixilancia para prever labores de conservación e mantemento.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.3.1 Asegurándose que os carteis e indicadores colocados no espazo se integran perfectamente nel.
- 2.3.2 Controlando que se leven a cabo as tarefas de recuento e inventariado tanto de especies como de todos os elementos que compoñen o territorio protexido.
- 2.3.3 Estando debidamente informado e identificado así como informando dos dereitos e obrigacións do usuario.

- 2.3.4 Controlando todo o que teña relación co establecemento da actividade (método, especies, número...).
- 2.3.5 Vixiando que as sinalizacións existan e sexan correctas.
- 2.3.6 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.
- 2.3.7 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 2.3.8 Controlando o bo estado das zonas sementadas e a súa delimitación así como as ribeiras dos coutos de pesca.
- 2.3.9 Deseñando e/ou reparando comedeiros, bebedeiros... nas granxas.
- 2.3.10 Marcando e coordinando a vacinación.
- 2.3.11 Interesándose en repoñer cercados ou calquera outro elemento importante nas instalacións.
- 2.3.12 Supervisando periodicamente os refuxios para atender neles as demandas dos socios-usuarios.
- 2.3.13 Observando os posibles inconvenientes que poidan producir as árbores caídas tras situacións climatolóxicas adversas.
- 2.3.14 Coordinando a suplementación alimenticia precisa para algunhas especies ante situacións adversas en épocas de estío ou invernaís extremas.
- 2.3.15 Atendendo, se fora preciso, animais feridos.
- 2.3.16 Colaborando no mantemento dos niveis dos distintos ecosistemas do río.
- 2.3.17 Controlando o estado da auga do río: pH, dureza, temperatura, vertidos...

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.4 Comprobar que calquera tipo de alteración foi debida a causas naturais e en caso contrario investigalas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.4.1 Realizando traballos auxiliares de vixilancia sobre agresións medioambientais: incendios, cortas, vertidos....
- 2.4.2 Comprobando se as causas que alteran a poboación de especies son debidas a depredadores, furtivos...
- 2.4.3 Comparando os datos que se posúen cos observados.
- 2.4.4 Comprobando que os abatementos de pezas non se deban a causas non naturais e, se os hai, investigándoos.
- 2.4.5 Observando, sobre todo nas augas fluviais, que vertidos ou outras actuacións ilegais poidan incidir no normal desenvolvemento das actividades que se realizan.
- 2.4.6 Verificando que non se leven a cabo actividades que poidan producir incendios ou outras calamidades evitables.
- 2.4.7 Comprobando o acceso a toda persoa allea ao couto e verificando os permisos pertinentes.
- 2.4.8 Inspeccionando que non se cace ou pesque fóra de época.
- 2.4.9 Facendo cumprir normas internas aos socios que incorran nelas.
- 2.4.10 Denunciando ante gardas forestais, a Garda Civil ou as autoridades administrativas as infraccións para que estes tomen as medidas oportunas: retiren a licenza, retiren as armas, sancionen economicamente...

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.5 Denunciar as infraccións que se cometan dentro da área vixiada.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.5.1 Informando ao infractor sobre a prohibición que pesa sobre a acción ou accións realizadas.

- 2.5.2 Aplicando a sanción adecuada en función da importancia da infracción cometida.
- 2.5.3 Coñecer a regulamentación do espazo natural protexido.
- 2.5.4 Interpretando correctamente o sentido da normativa.
- 2.5.5 Identificando a situación concreta como infracción.
- 2.5.6 Presentando a denuncia ante o organismo que corresponda e realizándoa en forma e tempo adecuado.
- 2.5.7 Asegurándose de que a acción ou actividade causante da denuncia cesou.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 2.6 Colaborar na determinación e avaliación de poboacións e as súas características.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 2.6.1 Tendo en conta as características do espazo á hora de valorar e determinar poboacións.
- 2.6.2 Colaborando na realización de enquisas a pé da zona en cuestión.
- 2.6.3 Realizando a ollada ou reconto de especies.
- 2.6.4 Participando na realización de inventarios piscícolas, cinexéticos e vexetais por medio de mostraxes.
- 2.6.5 Axudando a medir, pesar e marcar as especies.
- 2.6.6 Colaborando na determinación da cantidade, idade e índice de pezas.
- 2.6.7 Cuantificando poboacións e características así como crecemento, mortalidade, idade e seguimento.
- 2.6.8 Xestionando correctamente os residuos obtidos na realización das súas operacións.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

- Vehículo todoterreo.

FERRAMENTAS

- ✕ Escalímetro.
- ✕ Mapas topográficos.
- ✕ Clisímetro.
- ✕ Compás.
- ✕ Curvímetro.
- ✕ Altimetro.
- ✕ Podómetro.
- ✕ Caixa de urxencias de primeiros auxilios.
- ✕ Elementos de sinalización.
- ✕ Equipo para toma de mostrax.
- ✕ Microscopio.
- ✕ Material de oficina.
- ✕ Gaiola para a captura de animais.
- ✕ Elementos de suxeición de animais.
- ✕ Material para a cura de animais.
- ✕ Prismáticos.
- ✕ Emisora.
- ✕ Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro.
- ✕ GPS para localizar no terreo

- xestionado puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✕ Teléfono móbil e emisora de radio con frecuencia adecuada ao tamaño do couto para todo tipo de comunicación e localización.
 - ✕ Ordenador e software específico.
 - ✕ Correo electrónico, internet.
 - ✕ Impresora
 - ✕ Cámara dixital e material audiovisual.
 - ✕ Roupa de augas e material de neopreno.
 - ✕ Material de oficina en xeral.
 - ✕ Arquivos.
 - ✕ Regulamento da Federación Española de caza.
 - ✕ Listaxe de federacións.
 - ✕ Lei de caza e Lei de pesca fluvial.
 - ✕ Libros de actas.
 - ✕ Albarás para pedidos e compras.

>. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3** Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos valores e singularidades ambientais destes.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.1 Coñecer e detectar accións sancionables.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.1.1 Coñecendo a normativa vixente para poder detectar alteracións e infraccións.
- 3.1.2 Aplicando a profesionalidade para localizar calquera infracción por leve que esta sexa.
- 3.1.3 Modificando calquera comportamento dubidoso.
- 3.1.4 Controlando o medio.
- 3.1.5 Valorando todas e cada unha das accións realizadas no espazo natural.
- 3.1.6 Coñecendo a lei e o regulamento aplicable ao espazo natural.
- 3.1.7 Evitando a alteración ou destrución de zonas de especial importancia para os animais, como son as de reprodución, invernada e alimentación.
- 3.1.8 Asegurándose de que carteis e indicadores estean visibles e informen adecuadamente.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.2 Aplicar procedementos sancionadores.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.2.1 Corrixindo accións.
- 3.2.2 Chamando a atención.
- 3.2.3 Freando o furtivismo.
- 3.2.4 Comprobando o acceso ao espazo e verificando os permisos pertinentes.
- 3.2.5 Realizando denuncias.

- 3.2.6 Relacionando a infracción coa sanción pertinente.
- 3.2.7 Proporcionándolle toda a información ao infractor sobre a participación da acción.
- 3.2.8 Redactando informes.
- 3.2.9 Tomando sobre o terreo todos os datos para detallar a exposición da situación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.3 Organizar a información do centro de visitas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.3.1 Dispoñendo a información dunha maneira clara e atractiva, mediante o uso de debuxos, esquemas, fotos e texto.
- 3.3.2 Colocando a información ordenada en lugares visibles e con boa iluminación.
- 3.3.3 Distribuíndo a información dos paneis de forma que amose claramente os distintos hábitats, cos seus animais e plantas características, así como as interrelacións que se establecen dentro do conxunto.
- 3.3.4 Representando a información en distintos idiomas.
- 3.3.5 Facilitando os accesos a persoas de mobilidade reducida.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.4 Dar charlas informativas sobre as características do espazo natural.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.4.1 Determinando os coñecementos e expectativas do grupo de oíntes e adaptándose a eles.
- 3.4.2 Procurando que a narración estea estruturada de maneira que a mesma resulte amena á vez que precisa e clara.
- 3.4.3 Apoiando a explicación mediante o auxilio de medios audiovisuais.
- 3.4.4 Fomentando a participación dos visitantes durante as explicacións.
- 3.4.5 Resolvendo as dúbidas que se formulen ao longo da charla.
- 3.4.6 Repartindo obsequios de lembranza da visita, se procede.
- 3.4.7 Dominando nocións básicas de ecoloxía.
- 3.4.8 Sabendo cales son as series de vexetación.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 3.5 Actualizar e adaptar a información do centro de visitas.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 3.5.1 Implantando un caixa de correos de suxestións para os visitantes.
- 3.5.2 Considerando as suxestións para a realización de futuros cambios.
- 3.5.3 Modificando os contidos informativos en función das variacións que poida sufrir o espazo natural.
- 3.5.4 Ampliando os fondos bibliográficos e a videoteca.

MEDIOS UTILIZADOS

MÁQUINAS

 Vehículo todoterreo.

FERRAMENTAS

- ✂ Libros.
- ✂ Vídeos.
- ✂ Folletos informativos.
- ✂ Paneis.
- ✂ Caixa de urxencias de primeiros auxilios.
- ✂ Elementos de sinalización.
- ✂ Material de oficina.
- ✂ Lexislación sobre conservación de espazos naturais.
- ✂ GPS para localizar no terreo

xestionado puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...

- ✕ Teléfono móbil.
- ✕ Ordenador e software específico.
- ✕ Correo electrónico, internet.
- ✕ Impresora...
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual.
- ✕ Material de oficina en xeral.
- ✕ Arquivos.
- ✕ Libros de visitas.
- ✕ Albarás para pedidos e compras.

>.. UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4** Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexéticos e de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.1 Coñecer as actividades, as características, os métodos e a lexislación dos terreos acoutados.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.1.1 Coñecendo o funcionamento dun couto de caza e pesca.
- 4.1.2 Controlando a poboación venatoria e piscícola dos coutos e aquelas especies do mundo vexetal que favorezan o ecosistema desexado.
- 4.1.3 Dominando o coñecemento da lexislación pertinente: Lei de caza e pesca fluvial, leis autonómicas, regulamento....
- 4.1.4 Distinguindo entre os distintos tipos de zonas acoutadas.
- 4.1.5 Discernindo os métodos de caza e pesca permitidos.
- 4.1.6 Coidando as prohibicións e limitacións cinexéticas.
- 4.1.7 Controlando as épocas de veda e medidas protectoras.
- 4.1.8 Tendo unha visión xeral do plan técnico.
- 4.1.9 Coñecendo con exactitude a zona acoutada e o seu campo de acción sempre en función do aproveitamento, o control e a xestión sinalados no plan técnico.
- 4.1.10 Seguindo as necesidades para o aproveitamento sostible do terreo acoutado.
- 4.1.11 Coñecendo os períodos hábiles e as artes de pesca.
- 4.1.12 Dominando o obxecto e as especies de pesca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.2 Colaborar en tarefas complementarias e/ou de mellora.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.2.1 Respectando en todo momento o modo de aproveitamento sostible.
- 4.2.2 Vixiando o terreo.
- 4.2.3 Controlando vida e costumes das especies que poboan a propiedade para poder así recoñecer as carencias que lles afectan.
- 4.2.4 Intervindo ante continxencias varias.
- 4.2.5 Vixiando os límites do couto (de caza fundamentalmente) para evitar danos da poboación animal do couto en sementados e cultivos próximos a este e informando.
- 4.2.6 Preocupándose de vixiar o estado das granxas e viveiros de cría para conseguir o seu mellor rendemento coa finalidade de obter especies para repoboar.

- 4.2.7 Estando atento a que se respecte en todo momento: cando e que se pode pescar, en que treitos está permitido facelo e onde non, e como se pode pescar.
- 4.2.8 Colocando correctamente os EPI indicados para o seu traballo na colaboración daquelas actividades onde sexan necesarios.
- 4.2.9 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.
- 4.2.10 Recoñecendo e recollendo calquera obxecto, artefacto... que poida danar ou prexudicar o estado do couto e da poboación de especies que o configura.
- 4.2.11 Informando sobre os refuxios, accesos, casetas...
- 4.2.12 Comprobando o estado de limpeza do terreo forestal e os elementos vexetais que o poboan.
- 4.2.13 Observando os traballos e as obras que se fagan co permiso correspondente dentro da zona de caza acoutada, as marxes do río, das ribeiras dos lagos...
- 4.2.14 Axudando a solicitar permisos para cazar.
- 4.2.15 Obtendo da Administración as distintas licenzas administrativas para caza intensiva, períodos de "descaste", caza controlada, caza selectiva...
- 4.2.16 Repoñendo calquera material que faga falla no couto.
- 4.2.17 Conducindo o todoterreo e tamén aquela maquinaria pesada propiedade do couto.
- 4.2.18 Coordinando e deseñando tarefas de sinalización.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.3 Atender a cazadores e pescadores nas súas xornadas de caza/pesca.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.3.1 Vixiando que as sinalizacións de acoutado existan e sexan correctas.
- 4.3.2 Coñecendo as actividades que se poden levar a cabo segundo a época do ano coa intención de protexer o predio de malos hábitos.
- 4.3.3 Controlando as zonas destinadas para adestramento de cans sabendo o número que poden levar e os días e datas que están autorizados.
- 4.3.4 Repartindo postos nas monterías e asignando cazadores a cada posto.
- 4.3.5 Levando a cabo un control exhaustivo do número de pezas que capturen determinado polo propio couto, tendo en conta a normativa aplicable.
- 4.3.6 Facendo acto de presenza continuada en cada unha das xornadas hábiles de caza ou pesca.
- 4.3.7 Controlando o tamaño das pezas pescadas.
- 4.3.8 Informando e supervisando sobre os métodos que se utilicen para pescar e/ou cazar, sobre todo sobre as técnicas non permitidas.
- 4.3.9 Trasladando e recollendo os cazadores ou pescadores en coche ata a zona de caza ou pesca.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.4 Planificar o traballo e as tarefas dos peóns do couto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.4.1 Coordinando, atendendo e realizando o seguimento das tarefas que lle ordena ao peón/s.
- 4.4.2 Requirindo ao peón para que cada período de tempo determinado efectúe un informe nominal das ferramentas e maquinarias baixo o seu control.

- 4.4.3 Solicitando do peón informes de substitución de material en malas condicións.
- 4.4.4 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.
- 4.4.5 Solicitando do peón un inventario de ferramentas e maquinaria do couto.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.5 Determinar o proceso de conservación do material, maquinaria e inmobles do couto.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.5.1 Supervisando o proceso de mantemento periódico dos utensilios de mantemento do couto.
- 4.5.2 Esixindo informes verbais periódicos sobre a actividade desenvolta.
- 4.5.3 Fomentando hábitos de conservación adecuados por parte do peón.
- 4.5.4 Observando que se utilicen medidas de seguridade que impidan lesións por parte do subordinado.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.6 Favorecer unha interacción adecuada por parte dos subordinados cara aos socios e usuarios dos coutos de pesca e caza.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.6.1 Desenvolvendo no peón de habilidades de relación.
- 4.6.2 Favorecendo hábitos de cortesía.
- 4.6.3 Formando aos subordinados en aspectos mínimos de lexislación e normativa aplicable.
- 4.6.4 Potenciando nos peóns actitudes de colaboración cos demais traballadores do couto e cos usuarios.
- 4.6.5 Aplicando criterios de calidade na realización das tarefas que engloban o seu traballo.

>.. REALIZACIÓN PROFESIONAL

- 4.7 Auxiliar á autoridade medioambiental na conservación de ecosistemas e especies de flora e fauna silvestres.

>... CRITERIOS DE EXECUCIÓN

- 4.7.1 Comprobando que os abatementos de pezas non se deban a causas non naturais e, se os hai, investigándoos.
- 4.7.2 Observando, sobre todo nas augas fluviais, que vertidos ou outras actuacións ilegais poidan incidir no normal desenvolvemento das actividades que se realizan.
- 4.7.3 Verificando que non se leven a cabo actividades que poidan producir incendios ou outras calamidades evitables.
- 4.7.4 Comprobando o acceso a toda persoa allea ao couto e verificando os permisos pertinentes.
- 4.7.5 Inspeccionando que non se cace ou pesque fóra de época.
- 4.7.6 Facendo cumprir normas internas aos socios que incorran nelas.
- 4.7.7 Denunciando ante gardas forestais, a Garda Civil ou as autoridades administrativas as infraccións para que estes tomen as medidas oportunas: retiren a licenza, retiren as armas, sancionen economicamente...

MEDIOS UTILIZADOS

MAQUINAS

- Vehículo todoterreo.

FERRAMENTAS

- ✳ Caixa de urxencias de primeiros auxilios.
- ✳ Elementos de sinalización.

- ✕ Equipo para toma de mostrás.
- ✕ Microscopio.
- ✕ Material de oficina.
- ✕ Gaiola para a captura de animais.
- ✕ Elementos de suxeición de animais.
- ✕ Prismáticos.
- ✕ Emisora.
- ✕ Cuestionarios para estudo de poboacións; modelos escritos de mostraxes e previsións de futuro.
- ✕ GPS para localizar no terreo xestionado puntos concretos e trazar percorridos, itinerarios...
- ✕ Teléfono móbil e emisora de radio frecuencia adecuada ao tamaño do coto para todo tipo de comunicación e localización.
- ✕ Ordenador e software específico.
- ✕ Correo electrónico, internet.
- ✕ Impresora.
- ✕ Cámara dixital e material audiovisual.
- ✕ Roupa de augas e material de neopreno.
- ✕ Material de oficina en xeral.
- ✕ Arquivos.
- ✕ Regulamento da Federación Española de caza.
- ✕ Listaxe de federacións.
- ✕ Lei de caza e Lei de pesca fluvial.
- ✕ Libros de actas.
- ✕ Albarás para pedidos e compras.